

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 81

Sesión plenaria
10 de febreiro de 2026

Presidencia de Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Elección da valedora do pobo, por proposta da Comisión de Peticións (doc. núm. 40907, 12/PVAL-000001)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 322, do 27.01.2026

Punto 2. Texto lexislativo

Toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, sobre o dereito ao coñecemento e á contemplación permanente da multifacética obra de Castelao polo pobo galego (doc. núm. 21978, 12/PPLI-000002)

Publicación do coñecemento das sinaturas e admisión a trámite, BOPG nº 295f1, do 3.12.2025

Publicación da corrección de erros, BOPG nº 296f1, do 04.12.2025

Punto 3. Comparecencia

48912 (12/CPP-000086)

Do conselleiro de Sanidade, por petición propia, para dar conta das medidas de reforzo para a atención primaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 328f1, do 05.02.2026

Punto 4. Mocións

4.1 48521 (12/MOC-000101)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla

Sobre os compromisos orzamentarios do Goberno galego co desenvolvemento do servizo de axuda no fogar (SAF) e coa implantación do novo protocolo de prevención da violencia nos domicilios onde se presta (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 36818, publicada no BOPG núm. 272f2, do 22 de outubro de 2025, e debatida na sesión plenaria do 27 de xaneiro de 2026)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 328f1, do 05.02.2026



4.2 48822 (12/MOC-000102)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as medidas postas en marcha polo Sergas no marco do Plan Galego de Saúde invernall 2025-2026 (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm 43054, publicada no BOPG núm. 310f1, do 9 de xaneiro de 2026, e debatida na sesión plenaria do 27 de xaneiro de 2026) Publicación da iniciativa, BOPG nº 328f1, do 05.02.2026

4.3 48830 (12/MOC-000103)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Iglesias Rey, Patricia**

Sobre as características do modelo de financiamento autonómico que propón a Xunta de Galicia para a nosa comunidade logo dunha eventual aceptación da quitación de débeda pública que ofrece o Goberno central (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 35295, publicada no BOPG núm. 265f2, do 8 de outubro de 2025, e debatida na sesión plenaria do 27 de xaneiro de 2026)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 328f1, do 05.02.2026

Punto 5. Proposicións non de lei**5.1 26985 (12/PNP-002171)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha co obxectivo de promover a agricultura e gandaría rexenerativa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211f1, do 18.06.2025

5.2 34797 (12/PNP-002566)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Lorenzo Gómez, Rubén e nove deputados/as máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que non presente recurso contra determinados preceptos da Lei galega de medidas fiscais e administrativas de 2024 relativos á repotenciación de parques eólicos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 263f1, do 01.10.2025

5.3 37785 (12/PNP-002767)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Arias Rodríguez, Raquel e oito deputados/as máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa aplicación e a dotación orzamentaria da Lei ELA

Publicación da iniciativa, BOPG nº 279f1, do 05.11.2025



5.4 43881 (12/PNP-003015)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que realice unha avaliación urxente da dotación actual de profesorado de Pedagogía Terapéutica (PT), Audición e Linguaxe (AL) e coidadores e coidadoras nos centros educativos públicos galegos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 315f1, do 16.01.2026

5.5 44584 (12/PNP-003033)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Suárez Fernández, Iago e Fernández Alfonso, Ramón Tomás**

Sobre a planificación que debe desenvolver a Xunta de Galicia antes da fin do actual período de sesións destinada a combater a emigración xuvenil

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319f1, do 22.01.2026

5.6 44839 (12/PNP-003043)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Taibo Corsanego, Iria e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago**

Sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa ocupación de Gaza por parte do Estado de Israel e a situación das ONGD que operan en Palestina

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319f1, do 22.01.2026

Punto 6. Interpelacións**6.1 955 (12/INT-000032)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e catro deputados/as máis**

Sobre a actualización da lexislación galega en materia de inclusión social

Publicación da iniciativa, BOPG nº 12f1, do 17.04.2024

6.2 45418 (12/INT-001522)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis**

Sobre a política de normalización lingüística da Xunta de Galicia e os resultados do programa 151A, de fomento da lingua galega, desde 2009

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319f2, do 22.01.2026

6.3 45956 (12/INT-001544)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena**

Sobre a planificación dos vindeiros dez anos que leva a cabo a Xunta de Galicia en materia de coidados e servizos sociais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 323f1, do 29.01.2026



Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

7.1 49027 (12/POPX-000069)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a efectividade da resposta que a Xunta de Galicia lles está a dar ás necesidades das cidadás e dos cidadáns galegos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 328f1, do 05.02.2026

7.2 49028 (12/POPX-000070)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre os efectos da modificación por parte do Goberno galego das normas de aplicación do canon eólico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 328f1, do 05.02.2026

Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1 46435 (12/POP-006560)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e dez deputados/as máis

Sobre a posta en marcha da oficina xudicial nos tribunais de instancia dos sete grandes partidos xudiciais de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 323f3, do 29.01.2026

8.2 47678 (12/PUP-000184)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as máis

Sobre a información que ten a Xunta de Galicia respecto das razóns técnicas e operativas que motivaron a limitación de velocidade no tramo ferroviario Ourense-Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 323f4, do 29.01.2026

8.3 44461 (12/POP-006242)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as máis

Sobre a información da que dispón o Goberno galego respecto dos sesenta e dous proxectos presentados ao Plan social polo clima (FSC)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 315f2, do 16.01.2026



8.4 46094 (12/POP-006524)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e dous deputados/as máis**

Sobre o nivel das contías orzamentarias destinadas nos últimos anos ás infraestruturas dos centros educativos públicos do concello de Zas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 323f3, do 29.01.2026

8.5 47260 (12/POP-006660)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Arias Rodríguez, Raquel e oito deputados/as máis**

Sobre o recente acordo da Xunta de Galicia coa Fegamp para incrementar a achega autonómica que financia os servizos municipais de axuda no fogar (SAF)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 323f4, do 29.01.2026

8.6 48976 (12/PUP-000186)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara**

Sobre as actuacións concretas de restauración mineira levadas a cabo pola Xunta de Galicia na mina de Monte Neme desde o anterior incidente de hai doce anos ata o 23 de maio de 2025

Publicación da iniciativa, BOPG nº 328f1, do 05.02.2026

8.7 48996 (12/PUP-000187)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Insua Lema, Óscar**

Sobre o nivel de responsabilidade que asume a Xunta de Galicia no episodio acontecido nunha balsa da antiga explotación mineira de Monte Neme, en Carballo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 328f1, do 05.02.2026

8.8 45843 (12/POP-006505)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Méndez López, Lara e dous deputados/as máis**

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a posibilidade de retomar o proxecto inicial da vía de alta capacidade Costa Norte en Viveiro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319f4, do 22.01.2026

8.9 43883 (12/POP-006038)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Fernández, Secundino e catro deputados/as máis**

Sobre os cesamentos que tiveron lugar en decembro de 2025 na Consellería do Medio Rural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 315f1, do 16.01.2026



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O presidente comunica a ausencia da deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta e dos deputados Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Argimiro Marnotes Fernández. Así mesmo, informa da ausencia da deputada Alexandra Fernández Gómez, quen delega o voto na súa portavoz, a deputada Ana Belén Pontón Mondelo. (Páx. 12.)

Elección da valedora do pobo, por proposta da Comisión de Peticións. (Punto primeiro da orde do día.)

O presidente explica o procedemento para a elección da valedora do pobo, por proposta da Comisión de Peticións, e anuncia que a votación será por chamamento. (Páx. 12.)

Logo de que os servizos da Cámara repartan as papeletas, o presidente rógalle ao secretario da Mesa (Julio García Comesaña) que comece o chamamento das deputadas e dos deputados, así como dos membros do Goberno e da Mesa, que depositan o seu voto na urna. (Páx. 12.)

Rematada a votación, procédese ao escrutinio e o señor presidente anuncia o resultado.

O resultado da votación é o seguinte: votos a favor de María Dolores Fernández Galiño, 61; votos en branco, 6. (Páx. 13.)

O presidente comunica que, ao se acadar a maioría de tres quintos, queda proclamada valedora do pobo María Dolores Fernández Galiño. (Páx. 13.)

Toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, sobre o dereito ao coñecemento e á contemplación permanente da multifacética obra de Castelao polo pobo galego. (Punto segundo da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: representante da Comisión Promotora (María Pilar García Negro). (Páx. 13.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixaren posicións: (O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 16.), Silvia Longueira Castro (S) (Páx. 16.), Ana Belén Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 19.) e Carmen María Pomar Tojo (P) (Páx. 21.)

Rolda de réplica: representante da Comisión Promotora (María Pilar García Negro). (Páx. 24.)

Votación do texto lexislativo

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, sobre o dereito ao coñecemento e á contemplación permanente da multifacética obra de Castelao polo pobo galego: rexeitada por 34 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 27.)



Comparecencia do conselleiro de Sanidade, por petición propia, para dar conta das medidas de reforzo para a atención primaria. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño).* (Páx. 27.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Armando Ojea Bouzo (M)* (Páx. 33.), *María Elena Espinosa Mangana (S)* (Páx. 36.), *María Montserrat Prado Cores (BNG)* (Páx. 39.) e *María Encarnación Amigo Díaz (P)* (Páx. 42.)

Réplica do Goberno: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño).* (Páx. 45.)

O presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 50.) Nesta rolda interveñen o deputado *Armando Ojea Bouzo (M)* (Páx. 50.); as deputadas *María Elena Espinosa Mangana (S)* (Páx. 51.), *María Montserrat Prado Cores (BNG)* (Páx. 53.) e *María Encarnación Amigo Díaz (P)* (Páx. 55.), e o conselleiro de Sanidade *(Antonio Gómez Caamaño)* (Páx. 57.).

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, sobre os compromisos orzamentarios do Goberno galego co desenvolvemento do servizo de axuda no fogar (SAF) e coa implantación do novo protocolo de prevención da violencia nos domicilios onde se presta. (Punto cuarto da orde do día.)

O presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 60.)

Intervención do grupo autor da moción: *Olalla Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 61.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Silvia Longueira Castro (S).* (Páx. 64.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Armando Ojea Bouzo (M)* (Páx. 66.) e *Raquel Arias Rodríguez (P)* (Páx. 68.).

A deputada Olalla Rodil Fernández (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 70.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada María Montserrat Prado Cores, sobre as medidas postas en marcha polo Sergas no marco do Plan galego de saúde invernol 2025-2026. (Punto cuarto da orde do día.)

A presidenta (María Elena Candia López) comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 72.)

Intervención do grupo autor da moción: *María Montserrat Prado Cores (BNG).* (Páx. 72.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *María Elena Espinosa Mangana (S).* (Páx. 75.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *(O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 76.) e *María Encarnación Amigo Díaz (P)* (Páx. 77.).

A deputada María Montserrat Prado Cores (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 79.)

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e seis minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.



Moción do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Iglesias Rey, sobre as características do modelo de financiamento autonómico que propón a Xunta de Galicia para a nosa Comunidade logo dunha eventual aceptación da quitación de débeda pública que ofrece o Goberno central. (Punto cuarto da orde do día.)

A presidenta (María Elena Candia López) comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 81.)

Intervención do grupo autor da moción: Patricia Iglesias Rey (S). (Páx. 81.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Noa Olalla Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 84.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: (O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 86.) e Cristina Sanz Arias (P) (Páx. 86.).

A deputada Patricia Iglesias Rey (S.) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 89.)

O deputado José Alberto Pazos Couñago (P) pide a palabra por alusións ao amparo do artigo 76 do Regulamento. (Páx. 91.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, sobre os compromisos orzamentarios do Goberno galego co desenvolvemento do servizo de axuda no fogar (SAF) e coa implantación do novo protocolo de prevención da violencia nos domicilios onde se presta: rexeitada por 24 votos a favor, 35 votos en contra e 8 abstencións. (Páx. 92.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada María Montserrat Prado Cores, sobre as medidas postas en marcha polo Sergas no marco do Plan Galego de Saúde invernol 2025-2026: rexeitada por 33 votos a favor, 35 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 93.)

A deputada Cristina Sanz Arias (P) pide a palabra para solicitar a votación separada por puntos. (Páx. 93.)

Votación do punto 4 da Moción do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Iglesias Rey, sobre as características do modelo de financiamento autonómico que propón a Xunta de Galicia para a nosa comunidade logo dunha eventual aceptación da quitación de débeda pública que ofrece o Goberno central: aprobado por 68 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención. (Páx. 93.)

Votación da Moción do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Iglesias Rey, sobre as características do modelo de financiamento autonómico que propón a Xunta de Galicia para a nosa comunidade logo dunha eventual aceptación da quitación de débeda pública que ofrece o Goberno central, agás o punto 4: rexeitada por 8 votos a favor, 35 votos en contra e 25 abstencións. (Páx. 94.)



Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa das deputadas Lara Méndez López e María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha co obxectivo de promover a agricultura e gandaría rexenerativa. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 94.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Lara Méndez López (S).* (Páx. 95.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sonia Vidal Lamas (BNG).* (Páx. 97.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Miguel Ángel Viso Diéguez (P).* (Páx. 100.)

A deputada Lara Méndez López (S) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 102.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Rubén Lorenzo Gómez e nove deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que non presente recurso contra determinados preceptos da Lei galega de medidas fiscais e administrativas de 2024 relativos á repotenciación de parques eólicos. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 104.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *José Alberto Pazos Couñago (P).* (Páx. 106.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Patricia Iglesias Rey (S).* (Páx. 108.) e *José Manuel Golpe Acuña (BNG)* (Páx. 111.).

O deputado José Alberto Pazos Couñago (P) intervén para se posicionar a respecto das emendas. (Páx. 114.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Raquel Arias Rodríguez e oito deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa aplicación e a dotación orzamentaria da Lei ELA. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 116.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Raquel Rodríguez Arias (P).* (Páx. 117.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Silvia Longueira Castro (S).* (Páx. 119.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Iria Carreira Pazos (BNG).* (Páx. 121.)

A deputada Raquel Rodríguez Arias (P) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 123.)



Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa do deputado Aitor Bouza Manso e da deputada Silvia Longueira Castro, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que realice unha avaliación urxente da dotación actual de profesorado de Pedagogía Terapéutica (PT) e Audición e Linguaxe (AL) e dos coidadores e coidadoras nos centros educativos públicos. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Aitor Bouza Manso (S)*. (Páx. 124.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *María Cristina Fernández Davila (BNG)* (Páx. 127.) e *Raúl Santamaría González (P)* (Páx. 129.).

Nova intervención do deputado Aitor Bouza Manso (S). (Páx. 131.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa dos deputados Iago Suárez Fernández e Ramón Tomás Fernández Alfonzo, sobre a planificación que debe desenvolver a Xunta de Galicia antes da fin do actual período de sesións destinada a combater a emigración xuvenil. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Iago Suárez Fernández (BNG)*. (Páx. 133.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Silvia Longueira Castro (S)* (Páx. 136.) e *Nicole Grueira Fernández (P)* (Páx. 138.).

Nova intervención do deputado Iago Suárez Fernández (BNG). (Páx. 141.)

Suspéndese a sesión ás sete e cincuenta e sete minutos do serán.



O PRESIDENTE: Bo día.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura. Xustifican inasistencia ou delegan o voto, neste caso, don Roberto Rodríguez, don Gonzalo Trenor e don Argimiro Marnotes, e tamén delega o voto dona Alexandra Fernández Gómez, que o fai a través da súa portavoz, dona Ana Pontón Mondelo.

E, sen máis, comezamos co punto primeiro da orde do día.

Elección da valedora do pobo, por proposta da Comisión de Peticións

O PRESIDENTE: Neste sentido, quero comentar que, iniciado o procedemento para a elección da valedora e aprobado pola Comisión de Peticións na sesión do día 23 de xaneiro de 2026, a proposta da candidatura para o cargo de valedora do pobo de dona María Dolores Fernández Galiño foi aprobada nesa comisión. Polo tanto, procede agora a súa elección no plenario. Fárase de acordo coa votación e resultará elixida se obtén 3/5; é dicir, 45 votos sobre a proposta. A expresión do voto efectuarase do seguinte xeito: votos a favor, introducindo a papeleta que contén o nome da candidata; votos en branco, introducindo a papeleta na que non consta ningún nome. Todos os demais consideraríanse votos nulos.

Polo tanto, comezamos xa a votación da candidata proposta pola Comisión de Peticións.

Non sei se repartiron xa todas as papeletas. Imos esperar a que as repartan. *(Pausa.)*

Comezamos. Que o secretario proceda ao chamamento dos deputados e das deputadas.

(O secretario, Julio García Comesaña, comeza o chamamento.) (Pausa.)

O PRESIDENTE: Espera, aínda non lles repartiron as papeletas. *(Pausa.)*

¿Estamos?

O SECRETARIO (Julio García Comesaña): Espere, presidente. *(Pausa.)* Continuemos.

(O secretario, Julio García Comesaña, fai o chamamento, por orde alfabética, dos deputados e das deputadas, que depositan o seu voto na urna; a seguir, fano os deputados membros do Goberno e, finalmente, os membros da Mesa.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Creo que votaron todos.

E tamén creo que me esquecín antes de xustificar unha inasistencia, que é a da señora Rodríguez Dacosta. Teño un comunicado, e esquecinme antes de dicilo. Por tanto, xustifica esa inasistencia.



Imos comprobar.

(Procédese ao escrutinio.) (Pausa.)

O resultado da votación é o seguinte: votos a favor, 61; votos en branco, 9.

Polo tanto, con este resultado, queda designada valedora do pobo dona María Dolores Fernández Galiño.

Noraboa a dona María Dolores Fernández Galiño, que nos acompaña na tribuna. *(Aplausos.)*

Continuamos, polo tanto, coa orde do día. O punto segundo da orde do día é o texto lexislativo.

Toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, sobre o dereito ao coñecemento e á contemplación permanente da multifacética obra de Castelao polo pobo galego

O PRESIDENTE: Para a presentación da proposición de lei, a persoa designada pola comisión promotora é a señora dona María Pilar García Negro, para o cal lle prego que se acerque ata o estrado, que a acompaña a vicepresidenta primeira, e así comezariamos o debate. O turno dela é un turno inicial de quince minutos.

(A vicepresidenta primeira, Elena Candia López, acompaña a María Pilar García Negro ata o estrado.)

Bo día. Cando queira, señora García Negro.

A REPRESENTANTE DA COMISIÓN PROMOTORA DA INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR (María Pilar García Negro): Obrigada, presidente.

Presidente do Parlamento, deputadas e deputados, membros presentes do Goberno galego —ía dicir, mais coido que non vexo a ninguén— e público convidado.

Máis unha vez, volve Castelao a esta Cámara lexislativa. Estivo presente en 1986, cando se conmemorou o centenario do seu nacemento e o Goberno do Estado e a Xunta daquela celebraron, cunha magna exposición, esta efeméride. No mesmo ano, a Universidade de Santiago de Compostela organizou un congreso que deu cabida a unha ampla representación do pensamento científico e da investigación sobre o noso ilustre compatriota. No maxistral discurso que inaugurou este congreso, o profesor, historiador e escritor Ricardo Carballo Calero —cuxa biblioteca e legado custodia este Parlamento— definiu Castelao como un auténtico valedor do pobo, antes de que esta institución existise. Despois de analizar o xenio de Castelao nas artes plásticas e na literatura, o ilustre profesor —daquela un dos poucos con vida dos que o trataron e amaron— encarecía como, sen a personalidade de Castelao, mal se podería entender a significación da Galiza contemporánea. En 1999, a Asociación Sociopedagóxica Galega e mais a Universidade da Coruña organizan o primeiro congreso dedicado a conmemorar o 50 aniversario do falecemento de Castelao. Xa no ano 2000 a Xunta, así como outras institucións —como o Concello de Pontevedra, por exemplo—, realizaron tamén senllos congresos a el dedicados; quen lles fala tivo a honrosa oportunidade de participar en todos eles co relatorio correspondente. Xa en



1999, esta Cámara aprobou, por unanimidade, a declaración como ben de interese cultural da obra e legado de Castelao, aínda que a incoación do oportuno expediente demorou até o ano 2011. En 2015 unha iniciativa lexislativa popular, avalada por máis de 11.000 sinaturas, foi defendida no mesmo sentido tamén neste Parlamento.

Señorías, desculpen este esquemático repaso histórico, que —estou certa— todas e todos vostedes terán presente. É soamente o prólogo para lembrar que Castelao, a sombra de Castelao, estivo presente nesta Cámara de representantes do pobo galego desde moito antes. Tal é así que se pode afirmar, sen dúbida ningunha, que este Parlamento existe, e a mesma Xunta existe, grazas a Castelao rescatar *in extremis* o Estatuto galego plebiscitado o 28 de xuño de 1936 e levalo a trámite á sesión de Cortes da República celebrada no mosteiro de Monserrat o 1º de febreiro de 1938.

Castelao conseguiu que aquel Estatuto cobrase natureza parlamentaria e proseguise a súa tramitación. Este foi o aval esencial para que no inicio do actual réxime político a Galiza puidese reivindicar a súa condición histórica de nacionalidade recoñecida e iniciar así o proceso de institucionalización autonómica, que perdura até os nosos días. Castelao é, pois, o autor intelectual e político desta institucionalidade galega.

Señorías, ¿por que presentamos esta ILP sobre o dereito ao coñecemento e á contemplación permanente da multifacética obra de Castelao polo pobo galego? Teño por certo que todas e todos vostedes a leron con toda a atención. Verían que non se trata de contrariar as múltiples iniciativas que coñeceu o ano 2025, declarado oficialmente Ano Castelao, co gallo do 75 aniversario da súa morte. Antes ben, esta iniciativa trata de proseguir o camiño iniciado, dotando dunha maior socialización o uso de todos os dispositivos públicos que o Goberno galego pode e debe usar.

Temos, as galegas e os galegos de hoxe, deputadas e deputados, un grave déficit de coñecemento e aprecio da nosa historia. Realmente, durante séculos o maior dereito que se nos concedeu foi o dereito a ignorármonos. A frase non é miña, claro está; é de Vicente Risco, pertence a un seu libro fundamental: *El problema político de Galicia*, publicado en Madrid en 1930. Esta ILP, avalada por 19.047 sinaturas, quere conxurar este mal fado, isto é, usar de todos os recursos e competencias da Xunta para que a grandeza de Castelao poida ser coñecida, contemplada, lida e apreciada na súa relevancia histórica. Demandamos que esta aplicación complementa e reforce a levada a termo por fundacións, editoras, asociacións culturais, axentes, en fin, públicos e privados, en conxunción de intereses e afáns. De Castelao se trata, Castelao debe ser o elo de unión.

Esta iniciativa lexislativa popular, señorías, cumpre todos os requisitos legais estipulados no regulamento correspondente. A porción do pobo galego que a avala supera con moito o número de apoios exixido. Pero hai algo máis importante aínda: ela —esta ILP— afíliase a un dos principios reitores deste Parlamento, adoito reiterado como necesario: a precisa colaboración institución parlamentaria-sociedade, relación horizontal dunha e doutra, osmose entre ambas.

As entidades galegas de ampla, amplísima participación social e cívica que promoven e apoian esta ILP —da que teño a honra de ser aquí e agora a súa portavoz— pensan que



Castelao non ten, non debe ter data de caducidade; isto é, non debe ser só unha nomenclatura de prestixio utilizada en rituais ou efemérides puntuais. O gran valedor do pobo que Castelao foi; o artista aclamado e amado por tantas xentes traballadoras do seu tempo, mesmo analfabetas; o construtor perseverante do Partido Galeguista; o deputado que levou a súa voz clara e valente ás Cortes da República; o ministro representante da Galiza nun dos gobernos da República no exilio; o galego que non puido volver pisar fisicamente a súa terra por mor da guerra española, mais que teimou en ser e estar sempre en Galiza, ou que, aínda nas condicións máis dificultosas ou extremas, continuou erguendo a bandeira da Galiza, o seu dereito a unha existencia digna, a súa condición de pobo merecente de autogoberno; o que nos deixou un monumento do pensamento e da historia galega como *Sempre en Galiza*; o artista que elaborou miles de pezas nos máis variados formatos artísticos; o escritor de mérito que innovou a prosa narrativa galega. Todo isto, señoras deputadas, señores deputados, merece ser coñecido, contemplado, explicado e valorado debidamente e da forma máis socializada posíbel.

¿A que nos referimos? A que Castelao merece un espazo expositivo monográfico amplo, con representación en antoloxía significativa de toda a súa obra, que abranxe décadas de contexto histórico. A que esta obra se dote dun discurso museístico, informativo e documentado acorde coa súa relevancia. Ninguén discutiría —se me permiten os exemplos— a existencia do Museo Sorolla ou do Museo Lázaro Galdiano, en Madrid; ou da Casa-Museo Unamuno, en Salamanca, onde, por certo, se gardan exemplares lidos e moi anotados da obra de Castelao —ambos coincidiron nas Cortes da República—; ou da Casa-Museo Menéndez Pelayo, en Santander. ¿Como é que os galegos non podemos contar coa posibilidade de coñecermos de forma ampla, documentada e veraz historicamente a maior personalidade que nos deu o século XX? Isto requer, para os efectos prácticos, esta posibilidade de contemplación non só in situ no centro, no museo correspondente, senón a través dunha dixitalización de calidade que permita acceder a toda a súa obra artística.

Precisamos que os nosos estudantes dispoñan do coñecemento adecuado, en todas as etapas educativas, da fecundidade e da función esencial galega da obra de Castelao. Requirimos que a radio e a televisión galegas contribúan con programacións ad hoc a unha difusión constante da súa obra gráfica, literaria e política. Solicitamos a maior colaboración da Xunta con todas aquelas asociacións culturais e pedagóxicas, coas fundacións, cos propietarios privados da obra de Castelao e, por suposto, cos concellos e deputacións provinciais para, ao unísono, levar a cabo este cometido. Así mesmo, solicitamos un contacto continuo cos centros galegos da emigración para cederen pezas tan significativas como *A derradeira lección do mestre* e outros elementos de valor documental, sen que isto vaia en mingua do recoñecemento do valor de conservación de traballos tan valiosos no exilio de Castelao.

Todo isto, señorías, non é utopía. «Utopía» —como sabemos— significa, etimoloxicamente, «o que non ten lugar». Mais todo o que acabamos de denunciar pode e debe ter un lugar na Galiza actual, cos instrumentos e competencias exclusivas en cultura de que dispón a Xunta.

Esta casa, o Parlamento, acaba de declarar o ano 2026 Ano Otero Pedrayo, en recordación do cincuenta aniversario da súa morte, en abril de 1976. Sabía ben este xigante da



literatura e da ciencia que foi Otero do valor inconmensurable da obra e da significación perenne do seu grande amigo e correlixionario Castelao, como sabía outro gran Ramón, Cabanillas, cando escribiu en 1950 á morte de Castelao: «¿De que morte morreu a nosa prenda? / Atravesoume o peito / un dor punxente e esguío de saíeta / e díxenlle a verdade, crú, tinguindo / cunha pinga de sangue cada verba: / ¡Morreu do mal dos bos e xenerosos! / ¡Morreu de amor á terra!».

Señorías, a década entre 1880 e 1890 ben podemos cualificala como unha década prodixiosa na historia da Galiza. Nela naceron, en 1881, Antón Vilar Ponte; en 1884, Vicente Risco e Florentino Cuevillas; en 1886, Castelao; en 1888, Ramón Otero Pedrayo, e, en 1890, Ramón Vilar Ponte. Todos eles, universitarios; todos eles, individuos cultivados e previstos para seren funcionarios ao servizo da ocultación e do menosprezo da Galiza. Mais contrariaron este seu destino previsto, non quixeron ser capataces, senón servidores do pobo ao que se sentiron unidos por sensibilidade, por conciencia galega herdada do século XIX, por compromiso patriótico e político.

Vostedes, representantes do pobo galego, son os seus descendentes e han de escoller entre un ou outro rol. Eu pídolles, en nome da comisión promotora desta iniciativa lexislativa popular, que eleven o prestixio deste Parlamento admitindo a trámite esta iniciativa, que celebra nin máis nin menos que a quen o fixo posible. Será un triunfo non de ningún grupo en particular, porque todos intervirán na elaboración definitiva da Lei, senón da nosa dignidade de galegas e galegos en exercicio.

Moitas grazas pola súa atención. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Rolda dos grupos parlamentarios, por un tempo de dez minutos.

Grupo Parlamentario Mixto. (*O deputado Armando Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.*) Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Longueira.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Con permiso, eu quixera comezar agradecendo á profesora Pilar García Negro o traballo e a implicación á hora de formar parte da plataforma que xera esta ILP. É unha das especialistas máis versada na obra de Castelao e sempre disposta a amosar ese retrato da Galicia que poderíamos ser. E tamén quero agradecer á profesora María Antonia Pérez Rodríguez, amiga, que tan ben mediou para coñecer a obra de Luís Seoane, coa que tiveron a sorte de traballar nos proxectos máis completos sobre os episodios da nosa historia e que hoxe avala co seu coñecemento esta plataforma.



Comezo dicindo que o perigo da historia é, na maior parte das veces, que existe a través de feitos relevantes, de fitos que veñen enfeitados de épica e singularidade. Parece como se, ás veces, entre o descubrimento de América e o da penicilina, non houbera outras circunstancias que conformaron o noso pasado e, mesmo, o noso presente; como se o único coñecemento estivese recollido nas enciclopedias.

En Galicia, curiosamente, unha cultura con historia de trazo fino, estamos faltos de contar a historia en todas as vertentes, tanto os termos xerais como os entresixos da nosa historia. Se eliximos ao chou, calquera que pase pola rúa sabe máis ou menos quen foron os Reis Católicos, pero dubidaría moitísimo queoubesen algo sobre os Irmandiños. E, aínda máis, a nosa historia está fundamentada tanto no que somos no territorio como no que construímos de nós mesmos fóra del, desde os dous millóns que marcharon entre o século XIX e 1960 aos máis de 500.000 que hoxe en día resisten fóra de Galicia. E, ¿cal é a realidade? Que hoxe nin sequera temos un traballo que recolla ese volume da Galicia exterior, a non ser o Arquivo da Emigración do Consello da Cultura Galega.

Sabemos por nós mesmos que é o que nos caracteriza, pero non somos quen de institucionalizar unha traxectoria colectiva que definiu comunidades, afectou familias e condicionou decenios de vida social e económica como é a emigración.

E aí, nesa marea da nosa silenciosa vida convulsa, está Castelao, o persoeiro que o mesmo serve para unha festa patronal, para nomear as medallas que significan non sabemos moi ben o que, ou para celebrar un ano no que arde o noso peito con *Sempre en Galiza*; cando, en realidade, Castelao foi, por poñer, o delegado do Goberno da República no exilio en Arxentina. Representou oficialmente a República en actos públicos, políticos e institucionais; mantivo relacións cos gobernos, partidos e colectividades do exilio, e actuou como voz política da Galicia republicana no exterior. É certo que foi o artista que, coa imaxe do seu cadro *A derradeira lección do mestre*, cubriu os muros da Universidade de Barcelona na Guerra Civil; o que ilustrou tres álbums de guerra, e o que recolleu o noso micromundo en *Cousas da vida*, un retrato cruel, lúcido e profundamente humano da vida cotiá en Galicia.

Pero —coincidencia—, sabendo eses inconvenientes, a política dos anos urxentes converteuno, dun lado e doutro, nun fito, nun personaxe épico do que o máis que se di, en termos xerais, é, dun lado, eses oxímoros recollidos en *Cousas da vida* e, do outro, que é o representante dunha arcadía épica que nunca fomos. E sería un gran beneficio para Galicia, para a microhistoria e a historia da enciclopedia galega, que aprendésemos a través de Castelao unha medida aproximada do que somos. Mirar o pequeno para entender o grande, escoitar as marxes para comprender o centro, facer política desde a xente e non sobre a xente.

Porque a microhistoria, a que defenden historiadores como Carlos Ginzburg, céntrase nas contradicións dos sistemas normativos, amosa a fragmentación e a pluralidade das perspectivas que hai dentro mesmo do que parece uniforme, e desvela que as grandes estruturas non son monolíticas, senón compostas por múltiples prácticas e voces locais.

Castelao é a Galicia contada desde abaixo. No seu traballo en todas as disciplinas fixo algo radicalmente moderno: puxo no centro da historia galega as persoas que nunca estaban no



centro. Isto é exactamente o que despois a historiografía chamaría microhistoria. Non escribiu a historia dos poderosos, non fala dos vencedores nin dos grandes nomes nin das elites; fala de labregos e mariñeiros, mulleres que agardan, nenos descalzos, vellos esquecidos, emigrantes en voltas: a vida cotiá que el coñeceu, o xesto pequeno e a dor silenciosa. Porque o detalle aparentemente menor é o que revela a verdade dun sistema enteiro.

Castelao non é folclore. Un debuxo dun cego ou dun neno famento explica mellor a Galicia que coñeceu que calquera discurso oficial. Desmontou as grandes categorías abstractas para presentar a realidade das persoas; Castelao fai exactamente iso con Galicia. España non é unha abstracción; é unha experiencia concreta. O Estado non é unha idea; é o que chega tarde, mal ou nunca. A patria non é retórica; é a xente que sofre e resiste.

Castelao constrúe a Galicia real: non idealizada, non folclórica, non romántica; é unha Galicia vivida. Levando aínda máis lonxe esa idea: sen esa xente común, non hai Galicia posible. Dignifica o que parecía irrelevante e, ao facelo, convérteo en política. Castelao non busca épica; busca a verdade. Non hai heroísmo grandilocuente; hai inxustiza, hai humor amargo, hai dor contida, hai ironía. Constrúe unha memoria moral; non unha historia triunfal. E iso é profundamente moderno, profundamente democrático e profundamente galego.

E, ¿por que Castelao segue sendo imprescindible hoxe? Porque, nun tempo de discursos baleiros, identidades simplificadas e relatos oficiais que borran as persoas, Castelao lémbra-nos que un país se constrúe desde a vida cotiá; non desde os despachos. E iso conecta directamente coa microhistoria. Mirar o pequeno para entender o grande, escoitar as marxes para comprender o centro e facer política desde a xente; non sobre a xente. Castelao fixo por Galicia o que a microhistoria fixo pola historiografía: devolveulle a palabra aos que nunca a tiveron; contou Galicia non desde o poder, senón desde a vida. E, por iso, segue sendo incómodo, necesario e profundamente actual.

Con esta argumentación, o que propoñemos desde o Partido Socialista é que, de se acadar a resolución desta ILP, deamos as mesmas bases para divulgar Castelao desde esa perspectiva da historiografía moderna, porque son tempos perigosos nos que fai falta que estean aqueles que entenderon o escenario, para poder divulgar o coñecemento.

Comecei agradecendo o traballo de dúas mulleres; unha delas, experta na obra de Castelao en toda a súa dimensión, e a outra, unha investigadora que busca no fundamental para explicar o primeiro plano. E quero terminar traendo aquí o traballo dun artista que esta fin de semana nos situou xeopoliticamente no mundo a través dunha arma de entretemento. Estou a falar de Bad Bunny, ese artista portorriqueño que aproveitou trece minutos diante de cen millóns de persoas para ser o que dan en chamar o novo Gramsci da contemporaneidade. Esa situación —situado na esfera de Gramsci— fíxome pensar nesa similitude que ten Castelao co pensador marxista. O poder non se sostén só coa forza, senón facendo que a súa visión do mundo pareza natural, e é o que el chamou a hexemonía cultural: cando o que manda consegue que a desigualdade pareza normal, que a lingua propia pareza secundaria e que a pobreza pareza inevitable. Castelao fai exactamente iso en Galicia: combate a idea de que Galicia é atrasada por natureza, desmonta a normalización da emigración e denuncia a resignación como trampa política. Onde Gramsci teoriza, Castelao amosa; onde Gramsci escribe conceptos, Castelao debuxa vidas.



Fagamos posible que isto aconteza, non só pola figura do noso ilustre, que ben o merece, senón por nós mesmos, se é que aínda é posible. Atopemos os nosos trece minutos diante do mundo sendo nós mesmos.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Imos saudar os alumnos —o primeiro grupo— do centro María Casares, de Oleiros, que hoxe visitan o Parlamento. Benvidos ao Parlamento, e tamén a todas as persoas que nos acompañan na tribuna do público.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Pontón.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día a todos e a todas.

Quero, en primeiro lugar, enviarlle un saúdo fraterno de benvida a este Parlamento ás persoas que nos acompañan de Oleiros e, moi especialmente, ás persoas e entidades que promoveron esta iniciativa lexislativa popular para a divulgación e o coñecemento da obra de Castelao. Quero darvos as grazas polo voso traballo e polo voso compromiso. Permítanme ademais que lle agradeza moi especialmente a María do Pilar García Negro, exdeputada do BNG neste Parlamento e unha das grandes estudosas, coñecedoras e divulgadoras da obra de Castelao, pola defensa que acaba de facer desta iniciativa. Creo que esa intervención é a mellor mostra de que era a mellor persoa para expresar con rigor, con intelixencia e con paixón o significado de Castelao como unha persoa referencial da nosa nación. (Aplausos.)

Como moi ben expresou aquí quen a defendeu, esta iniciativa lexislativa popular ten un obxectivo moi claro e que, ademais, debería de ser un obxectivo compartido: garantir o dereito ao coñecemento e á contemplación da obra de Castelao. E a pregunta que nos temos que facer é: se Castelao é de todos e de todas, ¿quen pode estar en contra de que se coñeza e se divulgue a súa obra?, ¿quen pode estar en contra de que teñamos todos os medios e os recursos necesarios e mesmo de que garantamos por lei ese coñecemento e esa divulgación dunha figura tan relevante para Galiza como Castelao? Só se me ocorre unha razón para que neste Parlamento, por segunda vez —porque a anterior foi en 2015—, se vete por parte do Partido Popular esta iniciativa lexislativa. Esa razón só pode ser o intento de silenciar a Castelao, que, por certo, é o que levan facendo o franquismo e a dereita desde aquela nefasta consigna da Dirección General de Prensa de xaneiro de 1950, onde se dicía literalmente: «*Habiendo fallecido en Buenos Aires el político republicano y separatista gallego Alfonso Rodríguez Castelao, se advierte lo siguiente: la noticia de su muerte se dará en páginas interiores y a una columna. Caso de insertar fotografía, esta no deberá ser de ningún acto político. Se elogiará únicamente del fallecido sus características de humorista, literato y caricaturista. Se podrá destacar su personalidad política, siempre y cuando se mencione que aquella fue errada y que se espera de la misericordia de Dios el perdón de sus pecados. De su actividad literaria y artística, no se hará mención alguna del libro Siempre en Galiza ni de los álbumes de dibujos de la Guerra Civil*». A conclusión é moi clara:



levan 75 anos intentando silenciar a Castelao, pero non o conseguiron porque os seus ideais e as súas razóns seguen latexando no corazón e na cabeza de miles de galegos e de galegas. *(Aplausos.)*

Hai, polo tanto, moitas razóns para apoiar esta iniciativa lexislativa popular. A primeira e a máis obvia é o propio obxecto da Lei: garantir a difusión e o coñecemento da obra de Castelao. A segunda razón debería de ser unha razón tamén de coherencia cos acordos unánimes aprobados neste propio Parlamento ao longo destes 25 anos.

Ao primeiro deles xa se fixo referencia aquí. Foi no ano 1999, precisamente por instancia de quen hoxe defende esta ILP, e establecíase un mandato moi claro ao Goberno galego para declarar BIC a obra de Castelao e garantir a difusión e a exposición da súa obra. Houbo que agardar ata o ano 2007, cun goberno do BNG na Xunta, para que se iniciase a declaración como BIC da casa familiar de Castelao en Rianxo —por certo, aínda hoxe sen abrir ao público— e para que se levase a cabo unha cuestión importante para logo poder declarar BIC a súa obra, como foi o Catálogo universal de Castelao. Este catálogo rematouse no ano 2010, conta cunhas 4.000 fichas e aínda non é de acceso público; é dicir, quince anos despois de rematarse, o Catálogo universal de Castelao segue secuestrado pola Xunta do PP.

O seguinte acordo unánime tivo lugar no ano 2010, tamén neste Parlamento, nun sentido moi similar. Pedíase naquel momento declarar BIC a obra de Castelao a partir desa catalogación universal realizada, programar unha grande exposición que amosase o conxunto da súa obra, mostrar toda a integridade dos seus fondos, promover o coñecemento da súa obra ou garantir precisamente o acceso á catalogación da obra de Castelao ao conxunto da cidadanía. O certo é que, transcorridos dezaseis anos, a maior parte deses acordos seguen sen cumprirse. É certo que no ano 2011 se logrou que se declarase BIC a obra de Castelao, aínda que dunha maneira singular, porque se fixo con carácter inmaterial. En todo caso, nesa declaración BIC tamén se dicía que había que promover a conservación, investigación e difusión; cuestións que, evidentemente, aínda hoxe seguen pendentes.

Se tivesen o máis mínimo de coherencia, votarían a favor da admisión desta iniciativa lexislativa popular, e eu pídolle ao Partido Popular que rectifique o veto de 2016 e que vote a favor da toma en consideración desta iniciativa. De non facelo, o que nos demostrarán unha vez máis é que, para a dereita, Castelao é unha figura incómoda. É incómodo porque Castelao era un nacionalista dos pés á cabeza, e iso non poderán ocultalo nunca; é incómodo porque Castelao foi un republicano indomable, e iso tampouco poderán silencialo, e é incómodo porque Castelao foi un internacionalista e pacifista de principio a fin, e a súa voz e a súa pluma estarían hoxe en defensa de todos os pobos do mundo que resisten o imperialismo, desde Palestina a Cuba. *(Aplausos.)*

Tras décadas de intentar censuralo, prohibilo e silencialo, é certo que a dereita logo optou por unha fórmula máis sibilina de manipulación: intentar convertelo nun mito, nun símbolo, nunha especie de estandarte neutro desprovisto de ideoloxía. E, por se houbese algunha dúbida de que esa é a intención do Partido Popular, puidemos comprobalo neste ano 2025, onde vimos o desleixo da Xunta con esa celebración e coa súa figura. Foi un ano no que, ademais, o Partido Popular xa nos deixou moi claras cales eran as súas intencións, porque em-



pezamos o Ano Castelao co Partido Popular vetando que este Parlamento o recoñecese como o que foi: o primeiro presidente de Galiza. E, tamén, o PP —niso son coherentes— rematou o ano como o empezou, e falounos dun Castelao fóra de ideoloxías. Eu (*Risos.*) teño que recoñecerlles que o día que escoitei esas declaracións pensei que efectivamente Castelao era un visionario, porque el mesmo lles respondeu a esas afirmacións no ano 1944, cando afirmou: «Ao veren que as miñas razóns avalan a conciencia galega, daquela, exáltase a miña personalidade artística, exaxerándoa, co piadoso fin de desvalorizar a miña ideoloxía política». Unha ideoloxía que ademais deixou plasmada nese manifesto da asemblea das Irmandades da Fala celebrada en Lugo en 1918; un manifesto asinado do seu puño e letra que recollía con total rotundidade: «Tendo Galiza todas as características esenciais de nacionalidade, nós nomeámonos, de hoxe para sempre, nacionalistas galegos».

Como escribiu Eduardo Galeano, «non hai historia muda. Por moito que a queimen, por moito que a rompan, por moito que a mintan, a historia humana négase a calar a boca». Por moito que o mintan, Castelao tamén se nega a calar a boca. E temos que dicir, con toda claridade e rotundidade, que pretender convertelo nunha figura desprovista de ideoloxía e de compromiso político, mesmo intentar utilizalo como ariete para atacar os ideais que el defendeu, non só constitúe unha fraude histórica, senón que é unha falta de respecto e unha aldraxe a Castelao e a toda a súa xeración, que pagou un prezo moi alto, mesmo coa súa vida, por defender a democracia, as liberdades e o dereito dunha Galiza a ser libre do seu destino. E iso, desde o BNG, non llelo imos permitir. (*Aplausos.*)

Remato, presidente. Supoño que escoitaremos hoxe iso de que Castelao é de todos e todas. E nós dicimos que si, que Castelao é de todos e todas as que levan Galiza na cabeza e no corazón; que Castelao é de todos e todas, menos dos fascistas e dos seus herdeiros; que Castelao é de todos e todas, menos dos que atacan o que el máis amou e defendeu, que é Galiza, a súa lingua e a súa xente, e que Castelao é de todos e de todas menos dos que deturpan as súas ideas e o seu legado político.

Señorías, podemos hoxe demostrar que, efectivamente, Castelao é de todos e de todas apoiando unha ILP que só pretende que a súa memoria e o seu exemplo sexan coñecidos polo pobo que tanto amou e polo que sempre loitou. Sempre Castelao. Sempre en Galiza. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, Señora Pomar.

CARMEN MARÍA POMAR TOJO: Moitas grazas, presidente.

Antes que nada, quero pedir desculpas pola miña voz, froito destes tempos chuviosos que temos.

Benvida a rapazada de Oleiros.

Moi bo día, señorías.



Moi bo día, profesora García Negro. Sexan benvidos vostede e os demais membros da comisión promotora desta iniciativa lexislativa popular...

Hei de recoñecer que, para unha parlamentaria muller e que recala na política dende o mundo académico, co firme convencemento de que a política é un dos mellores modos de exercer o servizo público, de rachar teitos de cristal e de pór en valor os ideais nos unha que sempre creu, é toda unha honra que sexa precisamente vostede, señora García Negro, a que presenta hoxe aquí esta iniciativa popular; e que o faga neste estrado, altofalante daquelas mulleres que alá polo ano 1995 viaxaron a Beijing para participar —e, o máis importante, facelo activamente— na Conferencia Mundial sobre as Mulleres, e facelo dende Galicia, por Galicia e para Galicia. Unha conferencia que marcou a Axenda global da igualdade e que abriu as portas ás xeracións posteriores. Agradecidas, pois, ás que subiron naquel voo para levar —e, sobre todo, para traer— aires novos no eido da igualdade. É innegable que o Parlamento de Galicia foi, é e será sempre a súa casa, a de todas.

Permítanme que pase agora a facer unha breve análise da escrita que antecede a esta douta e impecable disertación. Teñen que recoñecer vostedes que posiblemente o propio Castelao non sería quen de referir xuízos de valor tan duros como os que se recollen na exposición de motivos da súa iniciativa. Pois de todas e todos é coñecida a súa teima de xuntar esforzos, de buscar acordos e de aplacar iras baleiras. Lembran aquilo dos patriotas Faraldo e Brañas camiñando con Murguía, Vicetto, López Ferreiro, Pondal... Xuízos que levan a desmerecer todo o que se fixo nas últimas décadas a prol do desagravio perante os feitos naqueles anos máis crueis e lacerantes nos que lles tocou vivir a Castelao e aos seus insignes coetáneos, mais, sobre todo, nos que lles tocou pensar e sentir. Aínda engado: custa entender a dilapidación en forma de sentenzas verbais desta escrita, xustamente cando acabamos de rematar o ano Castelao, ano no que se reforzou —merecente e de recibo— a homenaxe á súa memoria no 75 aniversario do seu pasamento e fíxose a través de máis de oitenta accións de recoñecemento. Así se reflicte no informe que se avaliou o pasado día 27 de xaneiro no Consello da Xunta de Galicia. Un informe no que se dá conta das distintas iniciativas desenvolvidas no ano que rematou, destinadas a recoñecer o legado intelectual, artístico, político e social de Castelao, unindo nesta homenaxe as diversas institucións e a poboación en xeral ao redor da súa figura. Mención especial, agradecida e agarimosa, á Fundación Castelao e ao seu presidente, Miguel Anxo Seixas. Forxa, testemuña e apoio sempre.

Lembremos, así mesmo, que este pasado ano 2025 será xa para sempre o ano no que viu a luz a Fundación Panteón, tralo xermolo que fecundou, precisamente nesta casa da palabra, grazas a un acordo unánime de todos os grupos parlamentarios tralo rexistro que se fixo —tamén por parte de todos eles— dunha proposición de lei que foi votada en sesión plenaria específica do Parlamento de Galicia celebrada o 28 de xullo do 2023, polo procedemento de lectura única. Nesta lei, xa Lei 5/2023, do 4 de agosto, o Parlamento de Galicia distingue o Panteón como un elemento singular da nosa identidade e procede a sentar os principios que regularán a súa xestión, o seu uso e a súa conservación. E, como versa nos anais deste Parlamento, o Panteón de galegas e galegos ilustres, símbolo de identidade do pobo galego e da súa continuidade histórica, é o espazo físico destinado a honrar e perpetuar a memoria das persoas que teñan contribuído significativamente á afirmación da identidade



de Galicia, ao coñecemento desa identidade e á súa defensa, así como ao desenvolvemento do progreso do pobo galego, en particular, e da humanidade en xeral.

Prosigo na miña análise. Señorías, Castelao non dá nome a unhas medallas. Quedarse na literalidade leva sempre a siloxismos perigosos. Chegar a conclusións tan fragmentadas e nesgadas non reflicte a realidade. ¿Que dirán, pois, todas e todos os que tiveron a gran honra de recibila? ¿Acaso o que lle confire a súa valía é o nome ou é o que ese nome representa? Falan asemade de catalogar a obra, como se ningunha dela estivese catalogada—; de facer exposicións da mesma, coma se non estivese exposta en ningures; e de aproximar Castelao ás persoas, como se non acabásemos de pechar unha exitosa exposición na Cidade da Cultura con máis de 40.000 visitantes, en cuxa inauguración —por certo— non estiveron os representantes do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. E acabamos de estrear nos cinemas de toda Galicia e na televisión pública un filme que ten xa 18 nominacións aos Mestre Mateo, sendo a produción máis votada polos académicos.

Plantexan que se adquira o cadro *A derradeira lección do mestre* para que permaneza nalgún espazo fixo. Miren, señorías, teño que dicir que eu tiven a grandísima fortuna de formar parte do Goberno galego cando chegou a Galicia, a esta Galicia, *A derradeira lección do mestre* —obra que, por certo, coñecía do meu paso como alumna polo Instituto Rosalía de Castro, alá pola última metade dos anos 80; grazas aos mestres, precisamente aos meus, aos que me achegaron a Castelao xa daquela—. Pois ben, lembrarei aquel recibimento no álbum de imaxes asociadas á dita etapa da miña vida. Curioso, ¿verdade?, que fose un Goberno Popular o que conseguise a chegada a salvo deste cadro, que transcende o pictórico e incluso o histórico, converténdose nun símbolo emocional da memoria. (*Aplausos.*) Como Popular é tamén o Goberno da Deputación de Pontevedra, que será quen de traer esta obra por segunda vez a esta Galicia, ao museo que leva o nome da cidade; museo que, por certo, acolle con delicado coidado e atención moita da obra de Castelao, algo que debemos en grande medida a don José Filgueira Valverde, que apostou sempre incondicionalmente por ter a obra de Castelao en Pontevedra. O que non entendemos é se queren que se saque a obra que xa está no Museo de Pontevedra e que se traslade a outro lugar. Aínda máis, a cuestión chegaría a plantexarnos se a diáspora non é Galicia, se Bos Aires non é a quinta provincia, como o propio Castelao dicía e sentía no seu ideal. Habería que coñecer se o Centro de Galicia estaría interesado en vender esta obra, símbolo máximo da galegitude, pois, se non fose así, ¿serían vostedes partidarios de expropiala? En canto á obra publicada, preguntámonos tamén se plantexan mercarlle os dereitos de autor á editorial *Galaxia* ou tamén expropialos.

Coa venia da comisión promotora, permítanme que me dirixa agora ás súas señorías do Bloque Nacionalista Galego, en xeral, e á súa portavoz en particular. ¿Non lles semella cando menos tamén curioso escoitar todo o que se escoitou por parte do BNG, cando foron quen de querer apropiarse do ano Castelao, desbotando precisamente un acordo para facer unha declaración institucional conxunta neste Parlamento? Miren, señorías, xa llelo temos dito noutras ocasións: vostedes non queren enxalzar a Castelao; queren politizalo contra o Partido Popular de Galicia. Nós quixemos e queremos formar parte da homenaxe colectiva que lle debemos como pobo; vostedes poñen sempre por riba a confrontación.



Por certo, vostedes sempre utilizan a simboloxía e o legado para o seu propio interese proselitista. Por iso no debate do estado da Autonomía do mes de abril presentaron unha proposta de resolución que buscaba non realzar a figura de Castelao, mais levar ao sistema educativo a «loita polos dereitos nacionais da Galiza». Xa sabemos como adoitan algún dos seus levar a Castelao ás aulas: medio nu, saíndo do armario e cunha estrela vermella tatuada. (Aplausos.)

Por certo, non sabemos se entre os temas que a señora Pontón conversou coa señora Fernández de Kirchner estivo a expropiación da obra de Castelao en Arxentina. Sabemos que a expresidenta arxentina coñece moitas e variadas estratexias de dubidosa reputación.

Miren, señorías, Castelao non pode ser só dos que pensan que Galicia é unha nación soberana e independente. Castelao non cabe nas estreiteces; merece amplitude de miras, respecto colectivo e consenso, fronte á liorta constante que pretenden vostedes. Castelao, non o esquezan, acadou o máis difícil: a unión da diáspora. Deixen de fragmentar Galicia.

Remato xa, presidente, e fágoo —con permiso— apelando a unha reflexión final: ¿coidan as súas señorías e as persoas asinantes da comisión promotora que Castelao, a súa figura, a súa obra e o seu pensamento son susceptibles de reducirse a un marco normativo? A ben seguro que dende a idea de Castelao, patrimonio e sentimento común, este Ano Castelao ha de converterse nun punto de partida para continuar polo camiño da reflexión pausada, o recoñecemento sen paliativos e o enxalzamento de quen foi e será sempre un símbolo indiscutible da nosa identidade.

O Grupo Popular vén demostrando claridade no posicionamento, apoiando a declaración institucional, primeiro, e participando activamente nos actos convocados, despois. Decía don Antonio Fraguas —eu non nacín na modernidade líquida, señora Longueira—, a quen tiveren a sorte de coñecer cando ocupou a cadeira do seu mestre Castelao na Real Academia Galega: «Pasará o tempo, moito tempo, e na casiña máis apartada non se esquecerán as *Cousas da vida por Castelao* e prós os artistas e pra todol-os espíritos de fina sensibilidade, Castelao será sempre a luz acesa nos infindos hourizontes. O seu nome vai no encanto das paisaxes da terra e das preocupacións humáns. Cerne de vellas carballeiras, arume de flores nas leiras do val e da montaña, canto de paxariños, estrondo das olas na costa e latexar das escumas brancas da praia, vento que canta nos piñeiros: toda a esencia de Galicia, eso é Castelao». Por iso sobrepasa, señorías, calquera regulación medida, prefixada e calculada contida nunha norma.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica da persoa designada pola comisión promotora desta iniciativa, señora García Negro.

A REPRESENTANTE DA COMISIÓN PROMOTORA (María Pilar García Negro): Obrigada, presidente.



Quero agradecer, en primeiro lugar, as intervencións das portavoces dos tres grupos parlamentares que así o fixeron. Naturalmente estimo en todo o que vale a posición expresada pola portavoz do Grupo Socialista e mais pola portavoz do Bloque Nacionalista Galego. Coido que hai unha base común en que concordamos a comisión promotora, as miles de persoas asinantes desta iniciativa lexislativa popular e eu, como a súa portavoz hoxe: unha base común de acordo en que a cultura galega merece ser unha cultura adulta e moderna. Porque estamos a falar dun clásico contemporáneo como é Castelao, que nos continúa interpelando e, cando falamos de cultura adulta e moderna, referímonos a aquela que se estima a si mesma, que coñece a súa propia historia e, naturalmente, que utiliza todos os medios adecuados ao século XX e non ao século XIII, por exemplo, para poder transmitir a información, o coñecemento e o particular contido que dá sentido e que dá significación a un símbolo.

Naturalmente, agradezo tamén a intervención e a mención da importancia da presenza feminina nesta Cámara, ou noutros lugares de ámbito público, que fixo a portavoz do Partido Popular, a señora Pomar. Mais permítame que aclare algo fundamental: eu non estou aquí para representarme a min mesma, en absoluto. Eu represento un conxunto de entidades de amplísima representación social. Vou citar a Federación de Asociacións Culturais Galiza Cultura e a plataforma cívica cidadá Vía Galega, acompañadas de non menos dunha decena de asociacións, ou dunha central sindical, a CIG, ou de asociacións particulares de escritores, por exemplo.

Ben. Entón, descúlpenme as portavoces do Grupo Socialista e do Bloque Nacionalista Galego se non me estendo, unha vez expresado o agradecemento, no comentario que as súas intervencións, perfectamente preparadas e coa mellor disposición, teñen, porque debo concentrarme, neste tempo pequeno, en responder á portavoz do grupo maioritario, á señora Pomar.

Dáse a circunstancia de que as tres portavoces intervenientes —por esta orde de intervencións: a señora Longueira, a señora Pontón e a señora Pomar— teñen apelidos galegos, galeguísimos. ¿Verdade, estamos de acordo? ¿Como é que non sabemos e que non se propaga que en 1924 —xa que se falou da importancia, señora Pomar, da presenza feminina—, en plena Ditadura de Primo de Rivera, Castelao publica no *Diario Galicia* do 24 de maio unha viñeta con este texto a cargo dunha muller popular: «O meu home vai fóra e eu non terei voto, pero seguirei pagando todol-os trabucos»? ¡É unha denuncia directa do limitadísimo dereito de voto concedido pola Ditadura primoriveirista ás mulleres solteiras e ás viúvas —non ás casadas—! Isto supoño que nos interesará ás mulleres galegas. Supoño que teremos dereito tamén a coñecer *in integrum* toda a obra de Castelao desde os inicios en Rianxo até o seu falecemento forzoso no desterro —como el o chamaba—, no exilio, en Buenos Aires. Entón, teño que interrogarme, señora Pomar. Por certo, aplicou un automatismo que non ten sentido, porque esta iniciativa non é do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego; é unha iniciativa lexislativa popular, feita coa mellor intención, coa mellor vontade e que, convertida en lei, podería moi ben ser modificada e mesmo aqueloutrada polo grupo maioritario presente na ponencia; de maneira que revela unha falta de vontade que entendo que é absolutamente lamentábel, señora Pomar, absolutamente deplorábel.



Lévame isto a preguntar non só a vostede, non só ao Goberno, absolutamente ausente... ¡Trátase de Castelao, fíxense ben, non falabamos aquí de Xan das Bólas! ¡É Castelao! ¿Que máis ten? Non hai ninguén aquí presente, e esa é a súa responsabilidade. Ben, isto lévame a preguntar a este Goberno ausente e a todas e a todos vostedes pola política cultural que defenden. ¿Cal é? ¿Que política cultural é a que queren practicar? ¿A de «Un canto a Galicia, hey», por exemplo? Esa é unha posibilidade, ¿verdade? ¿A de negar que Galiza teña presenza como membro asociado na UNESCO, porque xa estamos representados por España? Pois vounos informar —ou, mellor dito, voules refrescar a memoria—: a Sociedade Estatal de Conmemoracións Culturais, que hoxe se chama Acción Cultural Española, dedicouse, co noso diñeiro —tamén diñeiro de galegas e galegos—, a celebrar o quinto centenario da morte de Isabel a Católica. ¡Hai que ter humor! En fin, así o fixeron. O primeiro centenario da morte de Isabel II; o centenario —naturalmente— do *Quijote*; o quíñentos aniversario da Concordia de Villafáfila; o oitavo centenario do *Mío Cid*; o cincuenta do falecemento de Ortega y Gasset; o cento vinte e cinco do nacemento de Picasso... ¿Seguimos, señora Pomar?

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

A REPRESENTANTE DA COMISIÓN PROMOTORA (María Pilar García Negro): Remato, señor presidente. Desculpe.

¿U-la Galiza? ¿Onde estamos representados? ¿Onde hai, para isto que estamos pagando, unha representación?

Remato —e que non me esqueza—. Señor presidente, un minuto, nada máis. Miren, recoméndolles que, para as próximas medallas Castelao —ou a quen quixeren—, reediten este libriño que amoso, que está editado en 1999. (*A representante da comisión promotora, María Pilar García Negro, amosa un libro.*) Titúlase *Alfonso Rodríguez Castelao. Pequena escolma*. O único verdadeiro é o adxectivo; é pequena, efectivamente. É tan pequena que inclúe dous relatos de *Retrincos*, seis de *Cousas*, *Alba de gloria* e unhas *Cousas da vida*. De *Sempre en Galiza*, absolutamente cero; do álbum *Nós*, cero; doutra moita obra de Castelao, cero. ¿Imaxinan unha antoloxía hoxe, por mínima que sexa, de Cervantes que non inclúa unha liña do *Quijote*? ¿Pero a que estamos, efectivamente, xogando?

O PRESIDENTE: Grazas, señora García Negro.

A REPRESENTANTE DA COMISIÓN PROMOTORA (María Pilar García Negro): Conclúo, señor presidente.

Castelao foi, efectivamente, nacionalista e autodeterminista. Vostedes son autonomistas; usen da súa autonomía, non a convertan en autoanemia.

Moitas grazas. (*Aplausos prolongados.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Pois, rematado o debate, procedemos á votación.



Pechen as portas, por favor.

Votamos.

Votación da proposición de lei

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, sobre o dereito ao coñecemento e a contemplación permanente da multifacética obra de Castelao polo pobo galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración desta proposición de lei.

O PRESIDENTE: Continuamos coa orde do día. Neste caso, xa sería a comparecencia.

Permítanme que antes saúde agora os alumnos do segundo grupo do centro María Casares, de Oleiros, que tamén visitan hoxe o parlamento. Benvidos ao parlamento.

Continuamos coa comparecencia.

Comparecencia do conselleiro de Sanidade, por petición propia, para dar conta das medidas de reforzo para a atención primaria

O PRESIDENTE: Para iso ten a palabra o conselleiro de Sanidade, don Antonio Gómez Caamaño. Cando queira.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Grazas, señor presidente.

Un saúdo aos alumnos.

Señorías, comparezo hoxe ante esta Cámara coa responsabilidade que supón abordar unha cuestión central para o presente e o futuro do noso sistema sanitario público: a situación da atención primaria en Galicia. Fágoo desde o rigor técnico que merece un debate destas características, pero tamén desde a convicción política de que estamos ante un piar esencial do estado de benestar, un ámbito que require estabilidade, planificación, responsabilidade institucional e, sobre todo, altura de miras. A sanidade pública non é un campo para a frivolidade nin para o oportunismo; é un espazo que debe ser tratado con máis sentido de país que sentido de partido.

Cómpre situar o debate no seu contexto real, porque para gobernar e para facer oposición debemos ter presente o escenario no que nos movemos. Como xa sinaléi en reiteradas ocasións, a atención primaria atravesará unha situación difícil en toda España —non só en Galicia— e esa situación está a impactar nos tempos de acceso e na percepción que teñen os pacientes da sanidade pública. Señorías, estamos ante un problema estrutural derivado do déficit de especialistas en Medicina Familiar e Comunitaria e en Pediatría de atención primaria que afecta todas as comunidades, independentemente do partido que se atope no go-



berno. Este feito é obxectivo, é contrastable e é coñecido por todos, aínda que algúns prefiran obviar e confundir intencionadamente a orixe do problema, os responsables directos e as medidas necesarias para afrontalo. Porque a quen lle corresponde poñer solucións é ao Goberno central. Xa en 2018 existía un informe que advertía claramente das consecuencias do envellecemento das plantillas médicas e o elevado número de xubilacións previstas en atención primaria.

Ante este diagnóstico, as comunidades e o Ministerio de Sanidade acordaron impulsar unha serie de medidas prioritarias para corrixir as carencias que se ían producir no sistema sanitario. Porén, esas medidas quedaron en papel mollado coa chegada de Pedro Sánchez ao Goberno. A partir dese momento, e ata o día de hoxe, desapareceu a coordinación real, faltou liderado político e produciuse un evidente deixamento de funcións por parte do Ministerio de Sanidade. Desde 2018 ata hoxe pasaron seis ministros de sanidade, cinco socialistas e un de Sumar, con visos de pasar á historia como a persoa que máis conflitos xerou na profesión médica en España. Nestes case oito anos houbo moito ruído mediático, moitos anuncios e moitas declaracións de intencións, pero nin unha soa medida estrutural de calado que aborde o problema de fondo: a falta de especialistas en atención primaria.

O resultado desta inacción é que os servizos autonómicos de saúde quedamos sos, cunha escasa marxe de actuación e coa responsabilidade exclusiva de garantir a asistencia sanitaria á cidadanía. Non é razoable nin lexítimo que, ante un problema que afecta todo o país, o Goberno da Nación se poña de perfil. Non é normal que o ministerio que ten as competencias en planificación e coordinación ignore os chamamentos reiterados das comunidades autónomas. E non é aceptable que as autonomías teñamos que competir entre nós polos médicos dispoñibles. *(Aplausos.)*

Fronte a esta situación, desde a Xunta de Galicia levamos anos actuando, aínda que vostedes sigan instalados na técnica da negación. Miren, a atención primaria é a porta de entrada da cidadanía ao sistema; é o nivel asistencial máis próximo ás persoas e ao territorio; e é o que garante a continuidade asistencial, a equidade e a cohesión social. Por iso, entendemos que o papel do Goberno da Xunta debe ser blindala, fortalecela e dotala dos recursos necesarios; para iso, necesitamos profesionais e boas condicións laborais. Sabémolo ben; levamos anos traballando con feitos contrastables.

Porque é moi sinxelo acusar de inacción cando non se teñen responsabilidades de goberno, pero tamén creo que é de xustiza recoñecer o traballo feito. Nestes últimos anos, desde a Xunta de Galicia fomos quen de converter Galicia na primeira comunidade en ofrecer prazas fixas a través dun concurso de méritos, sen oposición. Grazas a esa medida extraordinaria, ofertáronse 178 postos para médicos de familia e 60 para pediatras de primaria. Ofertamos tamén contratos de tres anos de duración a todo o persoal MIR. Así, Galicia logrou reter o último ano o 97,5 por cento dos residentes de medicina de familia. Tamén demandamos activamente a creación da especialidade de Urxencias e Emerxencias; algo que, tras moito loitar, logramos. Esta reivindicación non foi só pola importancia dunha formación específica para estes profesionais, senón tamén porque a especialidade de Familia era a vía de acceso para os servizos de Urxencias, reducindo así a ocupación das prazas de atención primaria. En Galicia, comezarán a formarse os seis primeiros especialistas en Medicina de Urxencias



e Emerxencias; este é un paso importante, pero claramente insuficiente para atender as necesidades actuais.

Galicia tamén realizou un esforzo continuado por incrementar a súa capacidade formativa en Medicina Familiar e Comunitaria. Pasamos das 125 prazas MIR que había no ano 2009 ata as 207 da convocatoria actual, ofertando o cen por cento das prazas acreditadas polo Ministerio de Sanidade. É dicir, estamos a formar o máximo número de especialistas que nos permiten os criterios de acreditación vixentes. Durante anos vimos incrementando os recursos destinados á formación, acadando a cifra histórica de 94,2 millóns de euros neste ano, un 11,5 por cento máis que no ano 2025. Ofertamos 1.653 prazas de todas as categorías de Atención Primaria desde o ano 2020; máis de 1.650 prazas que veñen reforzar a atención primaria, o seu carácter multidisciplinario e a atención comunitaria.

Grazas a medidas coma estas, a Atención Primaria galega presenta hoxe o maior índice de estabilidade laboral do Sergas. (*Aplausos.*) A eventualidade no persoal médico sitúase por debaixo do 8 por cento e redúcese ata o 0,7 por cento no caso de Pediatría. Estes datos demostran que a política de recursos humanos deste Goberno está orientada á estabilidade e á calidade asistencial porque este Goberno pensa nos seus profesionais, pero, sobre todo, nos pacientes.

Introducimos melloras nas condicións de traballo e retributivas. No ano 2022, melloramos as condicións para os postos considerados de difícil cobertura; melloramos as condicións das intersubstitucións e da prolongación de xornada; e habilitamos tamén un sistema para a repartición de pacientes no caso de vacante do médico habitual. No ano 2023, actualizamos as retribucións das gardas, incluíndo os MIR; implantamos un complemento de turnicidade na atención primaria para as quendas de tarde e para as deslizantes; tamén establecemos os días 24 e 31 de decembro como días de especial significación para efectos retributivos para o persoal de atención primaria; e tamén introducimos outras medidas, con repercusión directa na asistencia que se presta aos pacientes na atención primaria. Puxemos en marcha os equipos de soporte de atención domiciliaria, os ESAD; son 35 equipos, con setenta profesionais, que reforzan a atención en zonas rurais e illadas, actuando, de maneira proactiva, e complementando o labor dos centros de saúde. Desde o ano 2023, realizaron máis de cento noventa e seis mil consultas en toda Galicia. Dotamos os centros de saúde de novas categorías de profesionais: introducimos 45 nutricionistas no Servizo de Atención Primaria; uns profesionais que están consolidando o seu labor e están traballando de maneira conxunta coas consultas externas hospitalarias de Endocrinoloxía e Nutrición. Neste mes, estamos a poñer en marcha a Rede de psicoloxía clínica en atención primaria, coa contratación de 21 novos psicólogos clínicos, que se sumarán aos 7 xa existentes; unha rede que mellorará a abordaxe dos trastornos mentais comúns e a accesibilidade aos recursos específicos para o tratamento dos problemas da saúde mental, á vez que desenvolverán accións preventivas e de promoción no eido da saúde mental.

Señorías, todo este esforzo organizativo e humano vai acompañado, ademais, dun investimento sostido en infraestruturas. Desde o ano 2009, a Xunta conseguiu 52 novos centros de saúde en toda a comunidade, por un importe superior aos 140 millóns de euros. A maiores, reformamos os centros de saúde que o precisaban, realizando intervencións por valor de



19,2 millóns en 27 centros. Tamén financiamos a reforma de 59 centros de titularidade municipal, con 2,18 millóns de investimento. É dicir, en dezaseis anos, a Xunta dedicou máis de 162 millóns en construír e en reformar 138 centros de saúde en todo o territorio. De xeito paralelo, dotamos os centros de saúde de novo equipamento de alta tecnoloxía que supera os 56 millóns de euros investidos entre os anos 2021 e 2025.

O compromiso da Xunta con este nivel asistencial reflíctese tamén, de maneira clara, nos orzamentos, nos cales, ano tras ano, se van recollendo incrementos e novos créditos que reforzan a atención primaria. Sen ir máis lonxe, neste ano destinamos á atención primaria (*O conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, amosa un gráfico.*) 1.747 millóns de euros, o que representa o 81,57 por cento do orzamento dedicado á sanidade pública, é dicir, a cifra máis alta da historia da nosa comunidade. Trátase dun incremento do 4,75 por cento respecto do exercicio anterior, sendo un 21,6 por cento máis do orzamento que se dedicaba en 2009 á atención primaria.

Señorías, a realidade é que levamos anos incrementando os recursos, mellorando os equipamentos, contratando máis persoal e formando máis profesionais. (*Aplausos.*) Tomamos todas as medidas que as nosas competencias nos permiten, (*Aplausos.*) pois é a nosa responsabilidade reforzar a sanidade pública galega, mellorar a asistencia que lles damos aos pacientes e tamén garantir a cobertura en todo o territorio. Insisto, non sería responsable ocultar a realidade á cal nos enfrontamos: un déficit de médicos de familia e de pediatras de atención primaria. Este é un sistema en que, ademais, a demanda non para de medrar, como consecuencia do aumento da carteira de servizos e do aumento da idade da poboación, cada vez con máis patoloxías crónicas e tamén con máis necesidades de coidados.

Neste contexto, enmárcanse as medidas que presentamos, desde a Consellería, dirixidas a reforzar a atención primaria, co fin de negociar as coas forzas sindicais; unhas propostas que tiñan como orixe a previsión de xubilacións que temos para os vindeiros anos, que deixarán 140 vacantes, xa no ano 2026, e ata 244, en 2029. Esta situación non é unha hipótese teórica, senón unha proxección baseada en datos reais e contrastados. Preocúpanos, e moito, porque detrás de cada cifra hai centros de saúde, hai profesionais e tamén hai cidadáns que precisan de atención sanitaria. Máis alá dos esforzos mantidos no tempo, precisamos dunha reordenación estrutural dos recursos humanos. O Ministerio de Sanidade comprometeuse a establecer uns criterios xerais, pero Galicia non pode quedar parada. Temos a obriga de anticiparnos para manter a asistencia sanitaria nos centros de saúde e nos puntos de atención continuada.

Neste contexto, o pasado 17 de outubro a Consellería de Sanidade propuxo, na Mesa Sectorial, iniciar unha negociación de medidas destinadas a garantir a asistencia sanitaria en atención primaria; era un conxunto de propostas excepcionais e transitorias, abertas ao diálogo, cuxo fin último era asegurar a cobertura asistencial nun contexto —insisto— de déficit de profesionais. Con todo, estas medidas levantaron o receo de varios sindicatos que responderon cunha convocatoria de folga preventiva. Ante esta situación, ¿que fixo o Goberno da Xunta? Puxémonos a negociar porque entendemos que unha folga sanitaria non é nunca unha boa nova, veña de quen veña e vaia contra o goberno que vaia, xa que, quen pagan as consecuencias son os pacientes, os profesionais e o propio sistema sanitario público. (*Aplausos.*)



As negociacións levadas a cabo acabaron cun acordo de desconvocatoria asinado por tres das catro forzas representadas na Mesa Sectorial de Sanidade. Este conta con medidas que estamos desenvolvendo agora nese marco e que pasan por melloras laborais e retributivas e por cambios organizativos, co obxectivo último de fortalecer e de mellorar a asistencia que se presta nos centros de saúde. Como este Goberno cumpre, en xaneiro puxemos en marcha parte das melloras acordadas cos sindicatos: melloramos as condicións económicas do persoal enfermeiro dos PAC, co incremento das retribucións da xornada complementaria; e acordamos que, para o persoal médico dos PAC, a noite do venres para o sábado teña o mesmo tratamento retributivo que a do sábado; do mesmo xeito, incrementamos o complemento de produtividade variable. O acordo incrementa nun 2,5 por cento e ten efectos retroactivos desde o ano 2025. Este complemento levaba moitos anos conxelado. Ademais, para o futuro, e xa desde este ano, incrementarase co aumento xeral das retribucións que establezan as leis de orzamentos. Compensamos tamén os festivos que coincidan en sábado. Desde este ano, aplicaremos ao persoal de atención primaria e tamén hospitalaria, que teña un réxime de xornada semanal de 35 horas os mesmos días de compensación por festividades que coincidan en sábado que se establezan para o persoal da Administración xeral da Comunidade Autónoma.

Señorías, quedan medidas acordadas pendentes de pór en marcha. Estamos avaliando a súa implementación, cun horizonte temporal establecido e cuns obxectivos claros, pero non estamos parados, seguimos traballando. A semana pasada asinamos os acordos de xestión do Servizo Galego de Saúde para este ano; uns acordos cos cales tratamos de reforzar a continuidade asistencial a través dunha coordinación, cada vez máis real e eficaz, entre a atención primaria, a atención hospitalaria e a atención comunitaria, sempre pensando no beneficio do paciente. Tamén nos permitirán potenciar o labor investigador no ámbito da atención comunitaria.

Nese acordo de xestión, fixamos tamén o obxectivo de que, cando menos, o noventa por cento das citas para consultas de Medicina de Familia, Pediatría ou Enfermería se atendan nun tempo inferior a catro días. Estamos traballando intensamente. Esta mesma mañá celébrase unha Mesa Sectorial de Sanidade na cal se informará de como vai o acordo de reversión progresiva da categoría acordada de facultativo especialista de Atención Primaria. Na data de 23 de outubro, había 238 prazas desta categoría FEAP; a comezos de febreiro, xa logramos converter en «médico de familia» 74 desas prazas FEAP. O noso compromiso é que, conforme queden vacantes, ilas reconvertendo na categoría de médico de familia, que é a categoría que queremos fortalecer.

Levamos tamén á Mesa a proposta de voluntariedade para cubrir as gardas, de forma incentivada, nos puntos de atención continuada; reforzaremos tamén a atención primaria a través da Enfermería Especializada, cun concurso específico en Enfermería Familiar e Comunitaria, que deberá rematar este ano; tamén plantexaremos na Mesa Sectorial uns incrementos retributivos na xornada complementaria do persoal de Urgencias Hospitalarias, que tamén será aplicable ao persoal dos PAC. Para todos eles, a noite do venres terá a consideración de prefestivo.

Ademais destas medidas acordadas e da súa aplicación inmediata, temos o deber de acometer unha reforma en profundidade da Atención Primaria; unha reforma que actualice o modelo



de Atención Primaria para adaptalo ás necesidades actuais de asistencia, tendo en conta tanto os pacientes como os profesionais. Comprometémonos cos sindicatos a presentalo nun prazo de seis meses; niso estamos. Hoxe, informaremos os sindicatos da creación de dous grupos de traballo para impulsar a reforma da Atención Primaria: un grupo de traballo de recursos humanos centrado na ordenación do persoal e no seu réxime retributivo, por unha banda; e, por outra banda, un grupo de traballo no ámbito asistencial. Este traballará para adaptar os tempos e o número das consultas dos médicos ás necesidades dunha asistencia máis humanizada e de calidade; tamén abordará programas de prolongacións e de inter-substitucións e traballará na aprobación de creación de prazas de técnico de saúde e de matronas. Estamos tamén convencidos de que a mellora da Atención Primaria pasa, ademais, por reforzar o papel do xefe de servizo dos centros de saúde e por reforzar a propia estrutura de xestión da Primaria nas áreas sanitarias.

Señorías, desde este Goberno seguiremos facendo o que sempre fixemos: traballar pola sanidade pública e cumprir o acordado cos sindicatos. Negociaremos todas as medidas ata onde sexa preciso para garantir a asistencia sanitaria ante —insisto— o déficit acusado de profesionais para mellorar a atención aos pacientes. Nós afrontamos unha folga a nivel galego que conseguimos parar, pero isto só foi posible actuando con responsabilidade e xenerosidade e acordando solucións acordes coas demandas laborais dos profesionais, encamiñadas a garantir a mellor asistencia a todas as galegas e os galegos. Non fixemos nada extraordinario; fixemos o noso traballo consonte a responsabilidade e o papel que temos como responsables políticos. Neste sentido, teño que dicir que as reclamacións que os profesionais fan a nivel estatal son totalmente lexítimas e respectables, pero a ministra debe ser quen de actuar con responsabilidade e de atallar o problema. Non podemos seguir un día máis co Sistema Nacional de Saúde en pé de guerra por culpa do Goberno de España.

Antes de concluír esta intervención, permítanme engadir algunhas reflexións que considero necesarias para comprender, en toda a súa dimensión, o reto que afrontamos como Sistema sanitario público. Falar de atención primaria non é só falar de números, de prazas ou de orzamentos, senón que é falar dun modelo de atención á sociedade, dunha concepción da sanidade e, en última instancia, dun contrato social entre a Administración pública e a cidadanía. A atención primaria é o espazo onde se constrúe a confianza do cidadán no sistema sanitario e onde se resolve a maior parte dos problemas de saúde, onde se realiza a prevención, o seguimento de enfermidades crónicas e o acompañamento ao longo de toda a vida. Por iso, calquera decisión que afecte este nivel asistencial se debe adoptar con prudencia, con base técnica e pensando sempre no interese xeral.

Este Goberno é plenamente consciente do esforzo que están a realizar os profesionais de atención primaria galega. Sabemos que traballan nun contexto complexo marcado pola presión asistencial, pola dispersión territorial e polo impacto das xubilacións. Por iso este Goberno entende que coidar da atención primaria implica tamén coidar dos seus profesionais, recoñecer o seu traballo, escoitar as súas demandas e crear condicións que lles permitan desenvolver a súa actividade con dignidade e con calidade.

Nese sentido quero subliñar que o diálogo non é unha declaración retórica, senón unha práctica real. A Consellería de Sanidade e o conselleiro de Sanidade mantivo e manterá abertas



todas as canles de interlocución cos representantes dos traballadores, cos colexios profesionais e coas sociedades científicas. Estamos convencidos de que só, desde a corresponsabilidade e o entendemento mutuo, se poden construír solucións duradeiras. Tamén é importante apelar á responsabilidade colectiva. Todos os actores implicados debemos actuar con sensatez. A Administración ten a obriga de garantir a asistencia sanitaria. Os representantes dos profesionais teñen o dereito e o deber de defender as condicións laborais e as forzas políticas temos a responsabilidade de non converter este desafío nun campo de confrontación partidista.

Seguiremos reclamando ao Goberno central que asuma as súas competencias e que lidere unha resposta coordinada a un problema que non entende de fronteiras autonómicas; e seguiremos actuando, dentro do marco das nosas competencias, para que ningún galego e ningunha galega quede sen atención sanitaria, porque esa é, en definitiva, a nosa razón de ser como Goberno: garantir dereitos, protexer as persoas e fortalecer os servizos públicos.

A atención primaria é e seguirá sendo unha prioridade estratéxica da Xunta, e así o demostramos cos feitos, cos recursos e coa vontade política.

Moitas grazas pola vosa atención. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Rolda dos distintos grupos parlamentarios.

En primeiro lugar, o representante do Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

ARMANDO OJEA BOUZO: Grazas, presidencia.

Bos días, señorías.

Xa é un lugar común dicir que a atención primaria é a porta de entrada da cidadanía cara á sanidade. Acerca da súa importancia obvia —estimo eu— non vou incidir, porque é, de sobra, coñecida; unha opinión que compartimos.

Sinxelamente vou lembrar as deficiencias neste servizo tan importante, recoñecidas practicamente por todo o mundo e a necesidade de ir, progresivamente, resolvéndoas, ¿non?

A falta de persoal é un problema fundamental no cal hai responsabilidades por parte do Goberno do Estado —é verdade—; igual que o Goberno do Estado ten que escoitar eses profesionais que están protestando pola forma en que se está abordando o tema do Convenio marco, pero ímonos centrar no que son as competencias da Xunta de Galicia.

Os profesionais de atención primaria levan moito tempo dicindo que están sobrecargados de traballo, o cal incide tanto na súa propia saúde —tanto na propia saúde dos profesionais sanitarios— como na saúde dos pacientes, porque se o médico non se atopa nas súas perfectas condicións físicas e psíquicas, loxicamente, a súa calidade como médico, contra a súa vontade,



está, na práctica, reducíndose; entón é fundamental, desde logo, incrementar o persoal para que haxa máis médicos que poidan atender máis pacientes, pero tamén dotalos de mellores recursos. Por exemplo, algo que —teño entendido— sempre están pedindo os profesionais da atención primaria é desburocratizar moitos dos procesos que poderían ser —á parte de simplificar as aplicacións do software e todo iso— delegados noutro tipo de funcionarios, que non teñen porque ter, necesariamente, unha formación médica. Esa é unha cuestión fundamental. Todos se queixan de que perden moito tempo —que podían estar utilizando en atender os pacientes— en cuestións burocráticas que podían ser delegadas. É unha cuestión fundamental. Niso —xa digo— inflúe tanto a simplificación da burocracia como o incremento de medios e de software tecnolóxicos, que tamén poderían ser simplificados.

Outro problema fundamental con que se atopa a cidadanía cando precisa do Servizo de Atención Primaria é o dos tempos de espera. Loxicamente está relacionado coa falta de persoal, pero tamén hai que escoitar os profesionais que din que se pode mellorar a xestión das citas médicas, ¿non? As distintas plataformas de sanitarios que se manifestan neste sentido propoñen algunhas solucións que deberían ser escoitadas.

E está, non soamente o problema da propia atención médica, senón o estado das infraestruturas, ¿non? Os que imos habitualmente á Comisión de Sanidade escoitamos permanentemente queixas procedentes de todos os lugares de Galicia, acerca do estado dos propios centros: de que se hai humidades; de que se falta determinado servizo de calefacción; de que se a accesibilidade non é boa... É dicir, cunhas circunstancias de infraestruturas deficientes, loxicamente, os profesionais tampouco poden facer ben o seu traballo. E aquí vou particularizar nun caso concreto, xa que o tratamos recentemente na Comisión de Sanidade, que é o caso de Leiro; un concello da provincia de Ourense en que o centro de saúde a pesar de estar fisicamente xusto en fronte do Concello e a pesar de ser o alcalde un profesional da sanidade —e de ter certo peso político no seu partido—, leva tempo sen solventarse un problema moi concreto, que é o da cobertura dunha praza de enfermería, debido —polo visto— a un problema de infraestrutura, xa que falta un lugar físico onde ese potencial profesional poida facer o seu traballo. Loxicamente, non é de recibo que isto siga sendo así moito tempo e non é máis que un exemplo concreto dos moitos que tratamos habitualmente na Comisión 5ª, de Sanidade, que proceden —como dixen— de todas as partes de Galicia, aínda que agora mesmo particularízase neste para ilustrar a cuestión.

E incluso a propia ubicación dos centros, sobre todo nas zonas rurais de maior dispersión, como na provincia de Ourense, ás veces, non é a mellor posible. Agora está traballando —polo visto— o Goberno galego nun novo deseño de planta comarcal... ¡Bueno!, non sei se isto chegará a un porto, máis ou menos... pero, ao mellor, polo menos..., no que se refire á ubicación dos centros sanitarios, ás veces, pois si que habería que escoitar os propios pacientes, que se ven obrigados, ás veces, a facer desprazamentos e, ás veces, incluso un pouco absurdos. E todo iso tamén redunda no incremento das deficiencias dos servizos, ¿non? Non soamente o propio estado das infraestruturas, senón que a propia ubicación debería ser reconsiderada, ¿non?

Piden tamén os profesionais servizos de teleconsulta, que podían, ás veces, facilitar este tema dos desprazamentos, sobre todo en persoas que teñan algún tipo de falta de mobilidade funcional...



E un problema que está de máxima actualidade porque, precisamente, se está tramitando unha lei ao respecto —falamos de que as deficiencias de xestión recaen finalmente nos profesionais, pola súa sobrecarga de traballo, e nos pacientes, pola súa falta de atención na medida desexable—... un caso gravísimo, que é que —digamos— o paciente que se ve mal atendido, ou que se percibe vilipendiado polo servizo, carga todas as culpas contra o profesional e chega ao extremo, moitas veces —demasiadas veces—, da agresión física ou da agresión verbal, ou doutros tipos de agresión. O outro día, un profesional sanitario contábame que tivera que lidar, precisamente, cunha persoa, e víase nunha situación na que se viu en certas dificultades para xestionar. É dicir, que iso é unha cuestión que coñecemos todos os días e debe ser moi preocupante, cando no propio Parlamento estamos agora precisamente falando acerca dunha lei que regule un pouco todo iso. Esas agresións non nacen por xeración espontánea; entendo que nacen porque os pacientes que se ven nalgún momento —pois iso— desatendidos, ou tal, chegan a unha situación emocional en que cargan contra o inocente —matan o mensaxeiro, por utilizar unha expresión tradicional—, cargan as culpas sobre o profesional, que xa bastante fai o que pode e traballa, moitas veces, nunhas condicións laboralmente pouco dignas, por iso falou o conselleiro de que se están mellorando —a ver se é verdade—, que está acordando cos sindicatos novas condicións laborais, a ver se os profesionais se ven atendidos. Especialmente en determinadas especialidades, como na Pediatría, estamos sempre falando da falta de especialidades. Moi interesante —que tamén levamos abordado— é a cuestión das especializacións en Enfermería, en vez de Enfermería xenérica, pois ir progresivamente creando profesionais e servizos especializados. Falabamos recentemente da Enfermería de Urgencia.

Todos estes malestares materialízanse en forma de protestas cidadás, en forma de folgas, en forma de manifestacións que deben ser escoitadas. Moitas veces minimízanse ou fálase de que están politizadas... Eu penso que hai que escoitar, hai que escoitar as plataformas que se manifestan, as moitísimas protestas cidadás en diferentes centros de saúde de toda Galicia e que se seguen manifestando para pedir, ás veces, un profesional, ás veces, un arranxo dunha infraestrutura etcétera, etcétera. A Consellería debe ser sensible a todas esas protestas cidadás que se dan con moitísima frecuencia en todos os puntos do país, e debe escoitar as peticións concretas, porque unha cousa é organizar desde os despachos sen o *feedback* da cidadanía e outra cousa é ir in situ falar coa xente cando está protestando en fronte dun centro de saúde porque pide un pediatra, porque di que non se cobren as vacacións dun médico etcétera.

E volvo repetir que o sentir co Servizo de Atención Primaria é unha cuestión na cal non hai debate político acerca da súa necesidade e da súa mellora; e no que si que pode haber certo debate político é acerca das necesidades orzamentarias. Todos os profesionais coinciden en que a Xunta de Galicia debe incrementar o orzamento neste servizo, retrotraendo doutras moitas partidas —que posiblemente non sexan tan necesarias, eu xa levo dado algunha idea— ou xestionando fondos comunitarios, ou doutro tipo, que poidan axudar nesta cuestión.

E unha cuestión moi importante tamén é a da formación permanente dos profesionais sanitarios, porque sabemos que, á parte de que se innova nesta materia —loxicamente, é nunha das que máis se innova—, iso redunda tamén na calidade asistencial do paciente, na



propia redución das listas de espera, ao mellor, porque o profesional ten maior facilidade para diagnosticar etcétera, etcétera.

E nada máis.

Quero agradecer a presenza do conselleiro e as súas intervencións.

Grazas.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Na quenda do Grupo Parlamentario Socialista, a señora Espinosa.

MARÍA ELENA ESPINOSA MANGANA: Bos días, presidenta.

Bos días, conselleiro.

Bos días a todas e a todos.

Señor conselleiro, se non fose polo tema tan serio que hoxe tratamos e se non fose pola gravidade que atravesa a atención primaria, case darían ganas de comezar cantando aquela canción de Natalia Oreiro, que parte da súa letra di: *«Hay que tener valor, hay que ter coraje, sonríele al dolor y no tengas temor, que la vida es un viaje»*. (Aplausos.) (Murmurios.)

Efectivamente, señor conselleiro, efectivamente, hai que ter valor para comparecer hoxe aquí —que di que vén falar de medidas de reforzo da atención primaria—, cando non trouxo nin a mínima explicación rigorosa sobre a fonda problemática que vive a atención primaria. Hai que ter valor porque o único que fixo vostede aquí foi botar balóns fóra e culpar o Goberno de España, como sempre fai. Hai que ter valor para non dicir a verdade do que está sucedendo coa nosa atención primaria. Señor conselleiro, hai que ter coraxe para vir repetir un discurso que escoitamos día tras día neste Parlamento por parte súa e por parte dos membros do Partido Popular.

Pero é que iso non é o que di a cidadanía. A cidadanía pregúntanos por que seguimos igual en atención primaria, por que non mellora a situación, e pregúntanos incluso ao noso grupo que que facemos aquí neste Parlamento. E nós respondémoslle que facemos todo o que está nas nosas mans, pero sempre chocamos cun muro de formigón, que é a inacción do Goberno da Xunta de Galicia e do Partido Popular.

E tamén ten moita coraxe, señor conselleiro —dígollo de verdade— para vir vender o que efectivamente fixeron, un acordo —nós felicitámoslos no seu día— cos sindicatos, e para volver faltar á verdade con respecto aos acordos que están sucedendo co Goberno de España.

Porque mire —despois xa vou entrar no que vostede dixo—, voulle facer un pouco de teórica, porque un verdadeiro reforzo da atención primaria debería implicar un plan integral, e un plan integral con accións concretas ou estratexias claras —como lle queira chamar— para



fortalecer os centros de saúde e mellorar a súa accesibilidade. E na práctica, e en termos moi sinxelos, debía empezar por falar —e despois xa volvo aquí— de contratar máis médicos e máis persoal sanitario —non falou nin unha palabra diso—; ou ampliar horarios dos centros de saúde, non explotando a xente, por suposto, non cargando máis as culpas encima dos profesionais da sanidade, senón metendo máis xente pero ampliando horarios —non falou para nada diso—; mellorar infraestruturas e equipamentos —diso si que fixo un relatorio ou polo menos dixo as cifras do que levamos investindo—; reducir o que pode ser os tempos de acceder á atención primaria.

Hoxe aquí falou de que estaban intentando para casos graves chegar aos catro días. Eu agora pregúntolle —ben, chamoulle doutra forma exactamente—: ¿por que non aceptaron a nosa iniciativa lexislativa cando trouxemos aquí o das 48 horas? (*Aplausos.*) ¿Por que non o fixeron? Ou ¿por que non foron capaces nin de presentar unha emenda para que transaccionáramos e puidéramos chegar a un acordo e estar hoxe próximos a esas 48 horas? (*Aplausos.*) ¿Por que non o fixeron? Porque non lles interesaba nin o pensan facer.

Tamén nese plan debería falar de programas de prevención e atención comunitaria. Pero diso si que é certo que vostede compareceu outra vez aquí, e diso facemos un apartado e deixámolo aí. ¿De aumentar o financiamento? Tampouco falou. ¿De aumentar o apoio organizativo? Tampouco falou diso, señor conselleiro.

Pero mire, vou entrar un pouquiño a contestarlle temas dos que vostede falou.

Falaba do déficit de especialistas. Estamos fartos, moi fartos, de oír sempre o mesmo e de oír as súas mentiras. Porque lle vou dar datos exactos do mes de agosto do ano 2025. Dos 286 novos adxuntos, 116 son profesionais da Medicina Familiar; 99 están contratados —ou sexa, polo medio do camiño perdemos 17 persoas, que se foron supostamente á privada, pero, ben, xa non imos entrar niso; non son datos públicos, jeh! —; 3 son FEAP; 47, médicos de familia; 5, especialistas de PAC; 41, facultativos de urxencias; e 2, médicos de hospitalización a domicilio, e 1, do 061. É dicir, que do centenar de médicos que teoricamente quixeron vir para a pública no mes de agosto só a metade deses iniciaron a súa traxectoria profesional nun centro de saúde. ¿De quen é a culpa iso? Da Xunta de Galicia, que é a que ten as responsabilidades. (*Aplausos.*) Agora si, a partir de agora algo se lle vai acoutar, porque, efectivamente, 41 foron facultativos de urxencias e eses facultativos agora xa teñen a súa especialidade.

Pero tamén me fai moita graza que diga e presuma de que pediron moitas veces esa especialidade urxente. ¿Quéreme dicir, señor conselleiro, que fixeron vostedes mentres gobernaron? Porque lle recordo que esa especialidade foi aprobada polo Real decreto 610/2024, que foi aprobado polo Goberno socialista e non polo Partido Popular, que tivo moito tempo de facelo. Porque lle recordo que isto foi unha proposición non de lei aprobada no Congreso dos Deputados e consensuada, cando gobernaba Zapatero, entre o Partido Socialista e o Partido Popular, pero chegaron vostedes ao Goberno e esquecéronse de todo.

Tamén lle quero dicir —e vólvolle recordar mil e unha veces—: prazas de formación sanitaria especializada no ano 2017 e 2018, 8.043; ano 2024 e 2025, 11.943, un 48 por cento máis



das que se ofertaban no ano 2018. ¿Quen fixo isto? O Partido Socialista e o Goberno de Pedro Sánchez. ¿Prazas de MIR? Máis do mesmo, e non vou repetir as cifras, que as dixeran tantísimas veces.

Pero mire, eu preguntolle unha cousa, para que me conteste na súa réplica: realmente, ¿vostede estaba falando da súa consellaría? Eu creo que non, porque as comunidades autónomas teñen competencias exclusivas en política sanitaria, señor conselleiro. ¿Pero é consciente do que dixó hoxe aquí? ¿Quen contrata? A Xunta de Galicia. ¿Quen diseña o sistema de primaria? A Xunta de Galicia ou as comunidades autónomas —dáme igual, neste caso diríxome á Xunta—. ¿Quen decide os plans funcionais, señor conselleiro? Eu preguntolle. A ver se de verdade algún día fai unha comparecencia neste Parlamento para falar das súas competencias, das súas responsabilidades.

E dígolle algo máis: Galicia ten todas as prazas que necesita, ¡pida máis!, ¡pida máis!, pero o que pasa é que non queren recoñecer —á parte do que dixeran aquí, que son datos exactos, do mes de agosto do ano 2025— que, se algún médico falta, é como consecuencia das rebaixas na época de Mariano Rajoy.

Por iso lle digo que hoxe falou vostede de todo menos do que debía. E eu si que lle vou preguntar sobre algún tema que ao mellor si que reforza a atención primaria, e espero que me responda na súa segunda quenda.

Gustárame que me falase de que está pasando coa Estratexia galega de saúde comunitaria en atención primaria, do ano 2023 ao 2027. Porque, dende logo, creo que nós apoiamos esta estratexia, pero a percepción que temos é que non se abordan os problemas estruturais, que non hai investimento suficiente, que hai mobilización e malestar por parte dos médicos, etc., etc.

Pero tamén lle pediría que me falase de como está funcionando a farmacia clínica integrada, que descendera un pouco máis e que falara do servizo especializado de atención domiciliaria, onde hai sindicatos de enfermería que denuncian a falta de información detallada sobre a composición, a dotación e o funcionamento destes equipos, advertíndolle ademais á Xunta de Galicia que carece de concreción operativa e de planificación integral.

E podería seguir con moitas máis cousas, que creo que, si, son pequenas iniciativas que vostedes intentaron pór en marcha, que nós apoiamos, que nos parecen boas ideas, pero que, en definitiva, quedaron en simples anuncios, non foron nunca propostas de gran calado nin axudaron precisamente a aumentar ese fortalecemento da atención primaria.

Pero, como teño que ir rematando, quero insistir en que recorde, cando suba vostede aquí facer a réplica, que as competencias exclusivas en política sanitaria son súas. Quen contrata, quen diseña e quen fai todo é a Xunta de Galicia.

E, por favor, ninguén o cre xa, ninguén o cre, e, sobre todo, non o cre a xente que necesita ir a un médico e que ten que acudir a urxencias porque no seu centro de saúde non o atenden.



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar, señora Espinosa.

MARÍA ELENA ESPINOSA MANGANA: Remato, señora presidenta.

Tampouco o cren aqueles que poden e teñen que pagar un seguro privado ou teñen que acudir á privada. E esa si que é a súa responsabilidade: estar acabando cun gran ben que si que tiñamos, co piar da nosa sanidade; están acabando vostedes con ela, por desidia ou por política —non o sei—, pero acabarán coa primaria, e iso irá sobre as súas costas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: Grazas, presidenta.

Moi bo día.

Vaime permitir, señor conselleiro, que teña o atrevemento de empezar citando Horacio, que no seu refrán «o parto dos montes» dixo aquilo de «pariron os montes e naceu un ridículo rato». E na súa comparecencia de hoxe pois é moi acaído isto: pariron os montes e naceu un ridículo rato.

Ben, señor conselleiro, ¿de verdade que vostede vén hoxe aquí, co título de Plan de mellora da atención primaria, non poñendo absolutamente ningunha medida encima da mesa? Efectivamente, podemos concordar con vostede en que aquí hai un problema estrutural. O que vostede esquece moi a miúdo é que vostede é o conselleiro de Sanidade e ten competencias plenas en materia de sanidade. E vostede sistematicamente, ao igual co resto do Partido Popular, vén permanentemente a esta tribuna devaluar a escasa capacidade de autogoberno que temos en Galiza. *(Aplausos.)* Continuamente, continuamente. Nin sequera ese escaso autogoberno lles vale. *(Aplausos.)* Porque vostedes veñen aquí continuamente dicir que todo o ten que solucionar Madrid, que todo o ten que solucionar o Goberno do Estado. E, claro, ¿quen ten que poñer solucións?

E vostede fixo aquí unha análise que a min me pareceu moi acaída. Dixo que non sei durante cantos anos pasaron non sei cantos ministros de Sanidade, que en Galiza pouco nos importa. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Seis? Paréceme moi ben. Porque as competencias están aquí en Galicia e as competencias que ten o Estado en materia de sanidade son lexislación básica.

E, claro, vostede esqueceuse de dicir que desde que o Partido Popular volveu ao Goberno da Xunta, no ano 2009, pasaron cinco conselleiros, cinco; ningún problema, ningunha medida estrutural; cinco conselleiros, que tamén é un número pouco desdeñable —cinco, dous presentes neste hemiciclo—, e ningunha medida estrutural, absolutamente ningunha medida estrutural.

¿Que anunciou vostede hoxe aquí? Que todos os problemas son de que non hai médicos, que o problema é que non había especialidade de urxencias e entón que todos os que se forman



en medicina de familia van para urxencias. E, entón, ¿por que un goberno que ten competencias non ten programado, planificado, cantos profesionais facían falta para atención primaria e para urxencias? ¿Por que non o planificaron? ¿Por que só planificaban para a atención primaria, non tendo en conta que unha parte deles ían ir para urxencias? Porque non quixeron.

E, ademais, señor conselleiro, vostede sabe que a urxencias pode ir calquera especialidade, calquera, pode ir calquera; poden ir de medicina interna, poden ir de anestesia, pode ir calquera..., de traumatoloxía; hai de todo na porta de urxencias, pode ir calquera. En todo caso, se non planificaron as necesidades para urxencias e atención primaria, a responsabilidade é absolutamente do Partido Popular.

Outra das cousas que dixo é que a estabilidade de médicos en atención primaria é do 8 por cento. Vostede retorce a realidade. Parece que o 92 por cento están fixos. Vostede mete como estabilidade persoal que está contratado ou que está nunha vacante, para intentar confundir e dicir que a maioría están fixos. Cando é mentira, cando a media de profesionais de medicina en Galiza é do 48 por cento, e, por certo, os de enfermería superan o 50 por cento. Desmíntao vostede, presente os datos; teñan a valentía e presenten os datos, que non sexa cuestión de fe. Presenten os datos.

Presentaron vostedes aquí que aos traballadores dos PAC lles van recoñecer pagarlles os festivos. E falou de complementos conxelados. ¡Home!, vostedes conxelaron acordos asinados no ano 2007; no 2010 conxelaron todos os dereitos dos traballadores, (*Aplausos.*) e vostede vén aquí no 2026 presumir de dereitos conxelados. ¡*Hace falta valor!*!, coincido coa señora Espinosa, ¡*hace falta valor!* Conxelaron no 2010 e no 2026 vén presumir de que llelos van recoñecer.

E hai unha cousa á que de verdade no BNG non damos crédito, e é que vostedes trouxeron aquí unha lei que presentaron como pioneira; dicían que se eramos os únicos do Estado, que outros llela estaban copiando, que ía solucionar todos os males e que era un concurso de méritos para estabilizar o persoal. A nós parécenos ben estabilizar o persoal, pero non nos pareceu ben que estabilizasen o persoal con peores condicións que as que tiñan en atención primaria, por iso votamos en contra. Á parte de que a memoria económica dicía que nin un euro máis, co cal non contemplaba aumento de persoal. Deostaron esa posición por activa e por pasiva, e ségueno facendo. Recomendolle á señora Amigo —supoño que será ela a que veña aquí posicionarse— que borre do seu argumentario esta cuestión porque era «*tan buena, tan buena*» esta lei que resulta que agora están rectificando. ¿Que acordaron cos sindicatos para que todas esas prazas por concurso teñan que reconvertelas en prazas de médicos de familia como as que había e, polo tanto, botar abaixo esa lei? Era *tan bueno, tan bueno...*; ou sexa, danlle a razón ao BNG, que dixo que iso non ía solucionar ningún problema, e vostedes agora están rectificando. De feito, dixo que, de 238 prazas que se adxudicaran por este método, 74 xa estaban reconvertidas. É dicir, estanse desmentindo, do cal nos alegramos, porque vostedes só acertan cando rectifican; só acertan cando rectifican e cando son conscientes de que estaban metendo a pata.

E logo, señor conselleiro, volve facer falta valor. Ese rato que pariron os montes a min, dende logo, déixame sen palabras, porque resulta que vostede hoxe di que acaba de anunciar na



Mesa sectorial que se está celebrando a creación de dous grupos de traballo, un para analizar a situación do persoal e outro para a situación asistencial, para analizar a prolongación e a intersubstitución —ou sexa, que o mesmo persoal faga máis traballo—, porque seguen agochando o sector das palabras, e prolongación e intersubstitución o que significan é que cos mesmos profesionais vostedes pretenden cubrir todos os cupos ausentes de profesional e, ademais, a creación de técnicos de saúde.

¿Que significa ser técnico de saúde? Dígoo porque igual era bo que o explicase. ¿Que significa ser técnico de saúde? Son profesionais licenciados en Medicina, sen especialidade de Medicina de Familia. Polo tanto, como no Estado español e en Galiza, para exercer como especialista, fai falta ter a especialidade, vostedes están contratándoos fóra, nunha situación de excepcionalidade, porque, se esa é unha situación de excepcionalidade, vostedes teñen que recoñecer que as súas políticas soamente dan como resultado unha situación permanente de excepcionalidade na atención primaria. (*Aplausos.*)

Mire, a situación de excepcionalidade é tal que os MIR que remataron en 2025 a formación de Medicina Familiar e Comunitaria —voulles dar os datos— en Ourense foron 12. ¿Sabe cantos quedaron?, ¿cantos aceptaron un contrato en atención primaria? Un. Na Coruña, de 22, só aceptaron 8; en Pontevedra, de 11, 6; en Lugo, de 16, 7; e, en Santiago, de 30, 9. Faltan outras áreas das que non damos conseguido os datos, pero só nestas, de 91 profesionais que se formaron en Medicina Familiar e Comunitaria e que podían estar traballando nos centros de saúde, 60 non aceptan un contrato para o que se formaron e, polo tanto, non quedan en atención primaria, co necesario que é. ¿E por que cre vostede que non quedan en atención primaria, señor conselleiro? Porque van para urxencias. E, ¿por que será? ¿Será que en urxencias lles ofrecen unhas condicións e unha estabilidade que, non sendo boas —porque os médicos de urxencias están manifestándose e reclamando máis medios—, non teñen nin comparación co drama que ven cando se forman en atención primaria? ¡Sesenta, señor conselleiro!, ¡sesenta marcharon despavoridos! Isto é consecuencia de que o Partido Popular ten un menosprezo permanente pola atención primaria; é inconmensurable.

E unha proba son estes técnicos de saúde. Os médicos de Medicina Familiar e Comunitaria son especialistas, e resulta que vostedes contratan para exercer en atención primaria —si, si, logo poderíamos traer aquí exemplos de xente que non fai de técnico; cobren cupos, están cubrindo cupos baleiros— médicos sen especialidade porque lles parece que en atención primaria poden traballar. E ¿por que non fan isto mesmo en hospitalaria? ¿Por que non contratan un profesional para exercer de traumatólogo sen a especialidade? ¡Non! ¿Por que non contratan unha persoa sen especialidade para exercer de cardiólogo? ¡Non!, non o fan, señor conselleiro, non o fan; fano en atención primaria porque vostedes consideran que a atención primaria é unha cousa de andar por casa, (*Aplausos.*) é unha cousa de chegar alí e de atender doentes coma se se estivese colocando ladrillos ou apertando tornillos, sen a mínima estabilidade, sen tempo para atendelos e pensando que pode facer ese traballo unha persoa sen especialidade. Iso é o que está facendo o Partido Popular: facer un demérito total da atención primaria, facendo que cada vez a xente, os galegos e galegas, teñan menos crédito na atención primaria e haxa unha deterioración da consideración.

Efectivamente, iso é así, e por iso o pasado 1 de febreiro, señor conselleiro, o Obradoiro se encheu de galegos e galegas nunha mostra de dignidade fronte á indignidade...



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señora Prado.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: ...nunha mostra dun goberno que ten como traballo fundamental roubarlles un dereito a unha atención sanitaria digna e de calidade, nunha mostra de dignidade dun pobo fronte ás políticas indignas do Goberno do Partido Popular, que día tras día está roubando o dereito a unha atención sanitaria de calidade e en tempo.

E non crea vostede que isto que vou facer hoxe aquí chamándolle Plan de ordenación ou Plan de mellora de atención primaria é algo digno de presentar con tal nome.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Amigo.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: Moitas grazas, presidenta.

Bos días a todos, señorías.

En primeiro lugar, quero agradecerlle ao conselleiro a claridade, o rigor e a exhaustividade dos datos e das liñas de traballo que acaba de trasladar hoxe nesta Cámara.

Unha comparecencia completa, sustentada en feitos contrastables e cunha visión de país sobre a atención primaria é de agradecer nestes tempos de tanto bulo e no contexto que estamos vivindo. Tamén lle digo, señor conselleiro, con total franqueza, que non debemos de esperar recoñecemento por parte dos grupos da oposición, que levan tempo instalados na negación sistemática de todo o que se fai desde os gobernos do Partido Popular de Galicia —xa o viu—. A oposición demostra unha vez máis que ten máis interese no desgaste político que na análise honesta da realidade. E iso reflíctese non só no seu discurso parlamentario, senón tamén nas súas actitudes noutros ámbitos, que todos coñecemos. E, fronte a ese ruído, eu quedo co esencial, cun goberno que traballa, que dá datos, que negocia e que toma decisións pensando nos profesionais e, sobre todo, nos pacientes. E iso, señor conselleiro, é o que importa.

Un debate desta importancia merece rigor, porque estamos falando dun dos piares fundamentais do estado do benestar: o sistema sanitario, a atención primaria; un nivel asistencial esencial, próximo á cidadanía, que require planificación, responsabilidade institucional e sentido do país. Estamos falando do eixe vertebrador do noso sistema sanitario. A oposición confúndese. A sanidade pública non é un espazo para o oportunismo nin para o ruído partidista. A sanidade pública exige altura de miras, especialmente en contextos complexos como os que estamos a vivir. (*Aplausos.*) E para iso, señorías, cómpre situar o debate no seu contexto real.

Todos somos coñecedores de que a atención primaria atravesará unha situación difícil en toda España, non só en Galicia. Estamos ante un problema estrutural, derivado dun déficit grave



de médicos de familia e de pediatras. Isto é coñecido, advertido e documentado desde hai anos e é algo que a oposición sabe pero que oculta.

Señora Espinosa, *¡hace falta valor! Yo me voy a Radio futura*. Fala vostede e afonda na problemática, pero vostede sabe cal é o problema, sábeo. Fala de coraxe, e a señora Prado tamén está aí. Mire, xa comentou o señor conselleiro que no 2018 existían informes que alertaban dese envellecemento das plantillas, das xubilacións masivas que se ían producir. Non foi algo inesperado nin foi algo sobrevido. E ¿que aconteceu desde entón? Que ao chegar o señor Pedro Sánchez á Moncloa agochou ese informe a durmir o sono dos xustos, elaborado no Consello Interterritorial de abril, sendo ministra Dolores Montserrat —aí está o informe—. E, lonxe de liderar unha resposta coordinada, desapareceu da planificación real do sistema. En seis anos pasaron seis ministros de Sanidade. Nós aquí levamos desde o 2009, señora Prado. Do 2009 ao 2026 aínda hai dezasete anos, e estamos cinco contra seis. En todos estes anos, aquí houbo cinco ministros e nos seis anos do señor Pedro Sánchez, seis.

Mire, moito anuncio é o que fan vostedes, moita pose, pero non hai nin unha soa medida estrutural, de calado, para atallar o problema de fondo. E, mal que lles pese, nós imos seguir recordándoo cantas veces sexa necesario. É o Ministerio quen ten as competencias en planificación, en materia de formación MIR. En vez de facilitar que as comunidades autónomas poidamos formar médicos, ¿que fai? Limitase a poñerse de perfil, deixando as comunidades autónomas soas e obrigándoas a competir polos poucos profesionais que hai dispoñibles na sanidade deste país. E isto non é gobernar. Iso, señorías, é deixar caer o sistema nacional de saúde.

E, ¿que fixo Galicia? Galicia, fronte a esta inacción, actuou, e fíxoo de maneira sostida, seria e responsable. E mentres outros negan o problema ou miran cara a outro lado, desde a Xunta lévase anos tomando medidas, dentro do marco das súas competencias, sempre co mesmo obxectivo: garantir a asistencia sanitaria á cidadanía.

Mire, señora Prado, Galicia fai e fixo todo aquilo que o seu autogoberno, dentro das súas competencias, pode facer. Fixemos esa lei para cubrir as prazas de difícil cobertura. Non re-torza a realidade, señora Prado, porque vostede é especialista en facelo; é especialista.

Si, fala das pancartas, de toda esa xente que vai... Vostede e vostedes, os do Bloque Nacionalista Galego e a CIG, son especialistas niso, en levar a xente dun lado para outro, si.

Mire, fomos a primeira comunidade en ofrecer prazas fixas mediante concurso de méritos, ofertando 178 postos de Medicina de Familia e 60 de Pediatría. Tería vostede que preguntarlles que opinan a eses pobos que hoxe teñen médico de familia e pediatra grazas a esta lei. E, ¿que fixeron vostedes? Votar en contra, o que fan sempre.

Mire, señora Espinosa..., falou vostede de Zapatero. *¡Tiene valor!* Mire, ¿sabe o mérito que ten Zapatero? No ano 2010, foi o único que lles baixou o soldo a todos os funcionarios. ¡Vaia! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) No ano 2011, eliminou o cheque bebé e conxelou as pensións. (*Aplausos.*) Señora Espinosa, ¡por dios!, iso é o señor Zapatero. (*Murmurios*)



Fala vostede de que algúns dos médicos que terminan a especialidade neste país van á privada. Afortunadamente non estamos en Cuba, non estamos en Irán; é un país democrático onde unha parte minoritaria dos médicos que acaban a súa formación, como vivimos en democracia, vai á privada. ¡Están vostedes como para falar de privada! No Bipartito, señorías: *(A deputada María Encarnación Amigo Díaz amosa un documento.)* Acordo básico pola saúde na Área Sanitaria de Vigo ¿Quen blindou a privada en Vigo? ¡Vamos! Mire, *hace falta valor*, é verdade que *hace falta valor*.

Mire, o Goberno galego trata ben os seus profesionais, ofrece contratos de tres anos a todos os MIR que rematan a súa formación e logra reter o 97,5 por cento dos residentes no último ano. Falouse moito diso. Mire, Galicia incrementou ao máximo a súa capacidade formativa, *(A deputada María Encarnación Amigo Díaz amosa un gráfico.)* oferta o 100 por cento das prazas. *(Murmurios.)* Todas as prazas que nos permiten formar en Madrid ofértanse, ¡todas!

Señorías, miren, falaron de cifras: 116 médicos de familia remataron no ano 2025; 99 quedaron en Galicia e uns cuantos marcharon, porque, mire, aquí vén xente de Madrid, de Extremadura, de Andalucía..., e moita de esa xente, cando remata, pois, mire, quere volver ao lugar de onde é, e nós non llo podemos... ¡E falan vostedes de Medicina de Urxencias! Pero, ¿por que se vai a xente a urxencias? Porque aínda non temos, aínda non podemos formar... Mire, Galicia liderou que a especialidade de Medicina de Urxencias fose unha realidade. Levamos desde o ano 2022 esperando. Finalmente... *(A deputada María Elena Espinosa Mangana pronuncia palabras que non se perciben.)* O Ministerio, señora Espinosa, que acabo de dicir que é o que ten as competencias para decidilo, o Ministerio... *(A deputada María Elena Espinosa Mangana pronuncia palabras que non se perciben.)* Pero, mire, nós ofertamos sete prazas para formar médicos de familia este ano, unha por área sanitaria. Só nos deixan formar seis o Ministerio; ¡podíanos deixar formar sete!

Miren, señorías, Galicia inviste máis que nunca en formación, 94,2 millóns de euros; ofértanse máis de 1.650 prazas en atención primaria desde 2020; grazas ás políticas do Partido Popular, Galicia ten o maior índice de estabilidade laboral do Sergas e melloráronse as condicións laborais e retributivas. Hoxe o conselleiro falou do modelo asistencial: desa posta en marcha dos equipos de soporte domiciliario, dese orzamento de 1.747 millóns de euros para a atención primaria —un 31,57 por cento máis—. E, cando xurdiron conflitos, que os hai, o Goberno do Partido Popular non botou gasolina, non; o Goberno do Partido Popular negociou, falou cos sindicatos e acadou un acordo maioritario que permitiu desconvocar esa folga, porque, dende o Goberno Rueda, se xestiona, conscientes da realidade. Saben que veñen xubilacións, que hai tensión asistencial e que non hai médicos dispoñibles, e por iso non ocultan a realidade.

Pero, señorías, volvo dicirllas: o Goberno central, o señor Sánchez —que contou co apoio da señora Pontón para a investidura— non axuda, e é o único responsable deste déficit de médicos que hoxe sofre o país. Hai que dicilo alto e claro: ¿quen marca o número de MIR que podemos formar cada ano? O Ministerio. ¿Quen paga os MIR? As comunidades autónomas. ¿Que fai Galicia? Formar o 100 por cento das prazas acreditadas. ¡Vostedes me dirán por que non nos deixan formar máis médicos de familia e máis pediatras! Esa resposta si que non a temos. O que si sabemos é que, cada ano, cando hai ese concurso



MIR e a xente quere formarse, quedan fóra milleiros de licenciados en medicina que poderían formarse pero aos que non se lles dá esa posibilidade de facelo. Esta é a realidade, e imos repetilo aquí cantas veces faga falta, porque, señorías, se ese documento que se firmou en abril do 2018 se fixese efectivo hoxe, xa teríamos dúas promocións de médicos —do 2018 ao 2022, e do 2022...—, porque, ¿canto tarda un médico de familia en formarse? ¿Catro anos? Pois miren vostedes cantos médicos quedaron sen formar polo camiño. Nós, desde logo, imos seguir reclamando ao Ministerio que exerza as súas competencias e que lidere dunha vez unha resposta estatal, que deixe de mirar para outro lado mentres o sistema entra en conflito.

E está visto que os grupos da oposición nesta Cámara son incapaces de situarse do lado dos profesionais e de rexeitar o actual deseño do Estatuto marco, por exemplo, que o Ministerio pretende impoñer e que vai en contra da vontade dos médicos.

E remato xa, conselleiro, agradecéndolle o traballo que fan no día a día para xestionar a sanidade da comunidade. É unha sanidade punteira, non sen problemas, retos e ámbitos para seguir mellorando, pero que vostedes, señor conselleiro, teñen perfectamente diagnosticados, e fan todo o que está dentro das súas competencias —como quedou claro— para solventalos. Do que non podemos sorprendernos é de que a oposición sexa...

O PRESIDENTE: Grazas.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: ...incapaz de recoñecer ese traballo —remato xa—. Cando non hai proxecto nin propostas, só queda a negación permanente e o ruído, mesmo cando o que está en xogo é a sanidade pública.

O PRESIDENTE: Grazas.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Visitan hoxe o Parlamento alumnos da Universidade Tsinghua, que é a primeira universidade de China e a décima no *ranking* de Shanghai. Varios deles saben galego, ou sexa, que non é unha cousa menor. Benvidos ao Parlamento.

Continuamos agora. É o turno de réplica do conselleiro de Sanidade.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Grazas, presidente.

Saúdos aos estudantes da universidade chinesa.

Señor Ojea, moitas grazas polos seus comentarios; algúns deles compártoos plenamente.

Fala de diminuír a burocracia, e niso estamos. Está dixitalizándose todo o que é o sistema da historia clínica electrónica, coa intención, precisamente, de desburocratizar ao máximo a actividade dos profesionais sanitarios, tanto de atención primaria como de atención hospitalaria.



Falou dos tempos de espera, da regulación das citas. Estamos de acordo, temos que mellorar o que é a regulación destas citas, e para iso está o grupo de traballo que tampouco lle gusta á señora Prado. De todas maneiras, teño o dato fresco: en tempos de espera, a Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras é a que ten os mellores tempos de espera na atención primaria de Galicia. O 91 por cento dos cupos teñen unha cita en catro días, o cal está bastante ben.

En canto ás infraestruturas, estamos traballando moito niso, pero tamén hai que lembrar unha cousa: parte do mantemento das infraestruturas non é responsabilidade nosa; é responsabilidade dalgún municipio.

Respecto á teleconsulta, por suposto; temos xa moito traballo feito na área sanitaria de Lugo, e o obxectivo é empezar a estender toda esta consulta a continuación á área de Ourense.

E sobre as agresións aos profesionais sanitarios, por iso interviñemos facendo esa modificación da Lei de saúde de Galicia. O que non comparto é xustificar unha agresión sanitaria por motivo dun enfado. Iso non o podo compartir, (*Aplausos.*) e creo que a maioría dos profesionais sanitarios tampouco o comparte.

En calquera caso, eu vin a esta Cámara coa maior disposición para dar conta das medidas de reforzamento da atención primaria que xa puxemos en marcha, dalgunhas que estamos activando e doutras que adoptaremos nos vindeiros meses. O meu obxectivo é informalos, intentar crear un debate o máis obxectivo posible e escoitar tamén os argumentos que vostedes tiñan que propoñer. Despois de escoitar algunhas intervencións dalgún grupo parlamentario da oposición, debo lamentar que hoxe, unha vez máis, quede demostrado que boa parte de vostedes non queren nin escoitar, nin debater, nin moito menos achegar solucións. Vostedes veñen aquí co catecismo aprendido e cunha decisión tomada de antemán: criticar todo, negar todo e opoñerse a todo, independentemente do que diga o conselleiro de Sanidade nesta tribuna. Iso, señorías, non é facer oposición responsable; iso é facer política de trincheira coa sanidade. Iso é substituír o rigor polo ruído, o dato pola consigna e a responsabilidade pola demagogia.

Resulta francamente decepcionante comprobar como, tras unha exposición longa e fundada sobre a situación real da atención primaria, sobre o contexto estatal do déficit de profesionais, sobre as previsións de xubilacións e sobre as limitacións competenciais das comunidades autónomas —que as temos—, a resposta sexa ignorar deliberadamente todo o explicado como se nada disto existise, como se os datos non contasen, como se mellorar a sanidade pública fose berrar máis alto que os demais ou saír coa pancarta á rúa. Non é serio negar a realidade por sistema. Non é serio facer crer á cidadanía que existen solucións máxicas cando saben perfectamente que non é así. Iso non é defender a sanidade pública; iso é utilizala con fins partidistas.

Falan vostedes de recortes, falan vostedes de abandono e, mesmo, de desmantelamento de atención primaria. Esas afirmacións son falsas e profundamente irresponsables. Son falsas porque os datos dos orzamentos de persoal e de investimento as desmenten con contundencia, e son irresponsables porque xeran unha alarma social innecesaria e deterioran a confianza da cidadanía no sistema sanitario; unha cidadanía que non lles importa.



Resumo da reunión entre representantes das asembleas das áreas e o sindicato CIG-Saúde. Leo literalmente: «*El objetivo fundamental de la huelga que puede ser convocada en febrero consiste en paralizar la atención primaria sin demora, aprovechando la temporada de epidemia de gripes y virus respiratorios, así como el colapso de los servicios de urgencias hospitalarias*». ¿Onde están os pacientes aquí, señora Prado?, (Aplausos.) ¿onde están? Non os vexo por ningún lado. ¿Cren vostedes realmente que é unha actitude responsable cos galegos chamar a mobilizacións que colapsen o sistema sanitario público cando está máis tensionado? ¿Esa é a súa política? Mentres este goberno incrementa recursos, mellora condicións laborais, estabiliza persoal e propón medidas para garantir a asistencia, outros limítanse a falar de recortes e a dicir que todo está absolutamente mal.

E non acepto tampouco que digan vostedes cousas que non son verdade, porque non é posible falar de recortes cando desde o ano 2009 incrementamos en máis dun 50 por cento o orzamento que destinamos á sanidade pública. Non é admisible que vostedes falen de recortes cando neste ano os orzamentos que dedicamos á sanidade pública son os máis altos da historia, 5.671 millóns, supoñendo o 40 por cento das contas da Xunta. E non é admisible que vostedes falen de recortes en atención primaria, cando estamos a dedicar a este nivel asistencial 1.747 millóns de euros, a cifra máis alta da historia e que representa máis dun 31 por cento do orzamento de sanidade. A porcentaxe de gasto en atención primaria é dun 31,57 por cento. Se descontamos a farmacia, que é o que tanto lles gusta a vostedes, atopámonos na mesma proporción que a etapa do Bipartito, un 14,7 por cento.

Tampouco lles tolero que falen vostedes de privatización. Miren, vostedes no ano 2009 incrementaron un 48 por cento a partida destinada a concertos coa sanidade privada, ata superar o 6 por cento do gasto real. ¿Sabe cal é a cifra este ano? Un 4,7 por cento. Cando compramos medicación para pacientes con cancro, ¿estamos privatizando a sanidade? Cando compramos TAC ou resonancias de alta resolución, ¿estamos realmente privatizando a sanidade? Cando a prestación sanitaria na prisión da Lama, dependente do Ministerio do Interior, está subcontratada a unha empresa privada, ¿estase privatizando a sanidade? A vostedes dáselles moi ben criticar, pero cando chega o momento de explicar que farían no noso lugar o silencio é atronador. Nin unha soa proposta concreta, nin unha alternativa viable, nin unha idea que resista o máis mínimo contraste coa realidade.

Falan aquí de prazas de MIR. Parece que non o ten claro. Unha cousa son as prazas acreditadas, responsabilidade das comunidades autónomas, pero quen acredita é o Ministerio de Sanidade. As prazas convocadas ou ofertadas son responsabilidade do Ministerio de Sanidade; o financiamento é competencia das comunidades autónomas. As comunidades autónomas son as que acreditan e financian; polo tanto, son os responsables do aumento do número de prazas MIR dos últimos anos; ¡déixese de historias do Ministerio de Sanidade!

En canto á retención de profesionais que se van a privada..., xa se dixo aquí. ¡E que máis dál, se o problema non é ese. Tamén poden irse a Almería; algúns son de alí, non sei se o sabe.

Non teñen proxecto realmente para a sanidade pública. Teñen mentiras, pancartas e slogans, pero non teñen realmente un modelo, porque facer política sanitaria require coñecer o sistema, asumir límites e tomar decisións. Incluso, o seu permanente «non» xógalles malas



pasadas. Sen ir máis lonxe, unha das medidas máis criticadas nesta Cámara foi o establecemento do concurso de méritos para a cobertura de prazas en primaria. ¿Que fixo o PSOE?, ¿que fixo o BNG? Votar en contra e críticoalo. Pero, miren, dúas comunidades acaban de adoptar esta mesma medida: Castela-A Mancha, gobernada polo PSOE, e Castela e León, onde o PSOE votou a favor dunha lei que incluso levaba a firma de Vox. Xustiza poética.

Pero, ¿non se dan conta de que ata para criticar hai que ser un pouco intelixente? Nós traemos propostas concretas e reais que buscan manter os servizos e melloralos para que os galegos e galegas desfruten dunha sanidade pública de calidade. Vostedes carecen de propostas serias e realistas. ¿Acórdanse deste documento?: (*O conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, amosa un documento.*) «*Propuestas de transformación de la atención primaria en Galicia*». É o informe técnico aprobado por vostedes no ano 2009; exactamente, en febreiro.

En relación cos PAC: «*Los PAC en Galicia prestan una atención de escasa eficiencia, son poco resolutivos y provocan una elevada ocupación de profesionales y un escenario —entre paréntesis— de escasez de los mismos. Se hace necesario realizar una reforma en profundidad que produzca una reducción del actual número de puntos de atención continuada, un menor consumo de profesionales y una mejora de la calidad asistencial*».

Imos á pediatría: «*En pediatría, la situación de falta de pediatras resulta más evidente, y la posibilidad de mantener funcionando un sistema en el que todos los niños de cero a quince años puedan acceder directamente al pediatra, con ratios de 800 niños por pediatra, es actualmente inviable. De esta forma, la solución factible pasaría por el hecho de que una parte de la población pediátrica, definida en función de la disponibilidad de pediatras, no tenga acceso directo al pediatra, sino que la primera atención se realice por su médico de familia o enfermera*». ¡Por dios! (*Aplausos.*)

Falan de que calquera especialidade pode traballar nun servizo de urxencias. Pois non, ¡non! Rehabilitación non traballa en urxencias, fisioterapia non traballa, anatomía patolóxica non traballa en urxencias. Podería seguir, pero non teño tempo. (*Murmurios.*)

Claro, di vostede que só acertamos cando rectificamos. Bueno, é mellor rectificar e acertar que non acertar nunca, porque vostedes nunca rectifican. (*Aplausos.*)

¿Técnicos de saúde? Señora Prado, os técnicos de saúde son para tarefas puramente administrativas, e xa están nos hospitais. Non sei se o sabe, porque vexo que non coñece moi ben o sistema sanitario público galego. Están para realizar tarefas administrativas e para facer o que dixo o señor Ojea: desburocratizar.

E, bueno, xa non imos falar da densidade de conselleiros *versus* ministros por unidade de tempo. (*Risos.*) Eu creo que xa o aclarou a compañeira.

Moi ben, bueno, imos ás mentiras. Tamén se falou aquí de que non temos diálogo, de que non falamos. Iso non é verdade. A Consellería de Sanidade leva meses dialogando cos sindicatos, cos colexios e coas sociedades científicas. Eu persoalmente teño falado con máis de cen médicos de atención primaria de diferentes cores políticas —con máis de cen— na Consellería, no despacho. Así que falar si que falamos. ¿Que pasa? Que recoñecer as cousas obri-



garíalles a cambiar o discurso. E hai quen non está disposto a facelo porque prefire seguir instalado no «non» permanente, no conflito e na descualificación constante.

Na miña primeira intervención, facía un relatorio das principais medidas adoptadas para reforzar a atención primaria. Seguimos traballando. Así o demostra ese acordo de xestión do Servizo Galego de Saúde, con medidas claras para mellorar a atención aos pacientes que acoden aos centros de saúde. Así o demostramos —aínda que non lles guste— con asuntos que levamos hoxe á Mesa Sectorial de Sanidade: reversión progresiva das prazas da categoría de facultativo especialista; proposta de voluntariedade para as coberturas das gardas nos PAC, concurso específico en enfermaría familiar e comunitaria, incrementos retributivos na xornada complementaria do persoal de urxencias hospitalarias. E, por suposto, estamos demostrando, co noso traballo, o prestixio e o esforzo da atención primaria.

Creamos dous grupos de traballo —tampouco entendo porque non lle gusta—: un para recursos humanos e outro para o ámbito asistencial, que é o que se ten que facer realmente no que vai ser a futura estrutura funcional da atención primaria na nosa comunidade autónoma. E tamén estamos comprometidos co reforzamento do papel do xefe de servizos dos centros de saúde, co liderado clínico; e tamén co reforzamento da propia estrutura da atención primaria nas áreas sanitarias, nas xerencias das áreas sanitarias, sabendo que o fin último destas medidas é optimizar a asistencia nos centros de saúde e garantir un modelo de atención de calidade para pacientes e profesionais.

Estamos tratando —insisto— de fortalecer a sanidade pública con diálogo, con negociación e con propostas. Fronte a un Goberno central e unha ministra de sanidade que non escoita, vostedes non alzan a voz. En Galicia, perdéronse pola folga médica contra o Estatuto marco máis de 90.000 cirurxías, probas diagnósticas e consultas. Parece que a vostedes isto non lles preocupa, aplican o xogo de «canto peor, mellor».

Pregúntome como pretenden vostedes que os galegos lles dean a súa confianza cando critican, sen que lles trema a voz, o que é un dos patrimonios máis prezados que teñen os galegos, que é a nosa sanidade pública. O que outros de fóra envexan, vostedes non saben apreciarlo; o que outras comunidades admiran, vostedes desprézano. Falo de comunidades como A Rioxa ou Aragón, gobernadas polo Partido Popular, pero tamén doutras comunidades como o País Vasco e Cataluña —a conselleira de Saúde de Cataluña estivo a semana pasada aquí—. Saben recoñecer os logros e méritos da sanidade pública galega, teñen interese en coñecelos e mesmo buscan fórmulas para replicalos no seu sistema de saúde.

¿Que lle gustou á conselleira de Saúde de Cataluña? Pois un dos calendarios vacinais máis completos do mundo; o cribado neonatal máis completo de España; a historia clínica electrónica; as medidas que estamos tomando para a mellora e modernización da incapacidade temporal; as normativas pioneiras, como a Lei de protección dos menores e prevención das condutas adictivas ou a modificación da Lei de saúde; o proxecto Xenoma Galicia; o Centro de Fabricación de Terapias Avanzadas; o Centro de Protonterapia de Galicia, e as listas de espera tamén —si, tamén—: somos a cuarta comunidade con menos espera para unha cirurxía, e a cuarta comunidade con menos pacientes que agardan máis de seis meses por unha cirurxía. As de Cataluña están moito peor —non sei se o saben, xa llelo digo eu—. Ade-



mais, tamén está o esforzo que facemos en cirurxías de prioridade 1, que superaron as 27.500 en 2025. Lamento que a súa miopía lles impida ver e recoñecer os logros e avances da sanidade galega.

Eu convídoos a que, se de verdade queren ser útiles aos galegos e queren realmente contribuír a mellorar a sanidade e a atención primaria en particular, muden a actitude, abandonen o discurso aprendido, deixen de ignorar a realidade e recoñezan as fortalezas e potencialidades da sanidade pública galega.

Nós seguiremos facendo o que nos corresponde: xestionar e gobernar.

Moitas grazas pola vosa atención. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Visítannos agora alumnos de 4º da ESO e de 1º de bacharelato do centro Poeta Díaz Castro, de Guitiriz. Benvidos ao Parlamento e tamén os seus profesores e acompañantes.

Rolda especial de aclaracións.

Grupo Parlamentario Mixto. Señor Ojea.

ARMANDO OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Efectivamente, unha aclaración. Eu non lembro dicir que xustificaba as agresións aos sanitarios, e, se así se me entendeu, aclaro o tema. Eu o que pretendín dicir é que, cando o sistema presenta esa serie de deficiencias, que, ao final, ten que resolver o profesional sanitario sobrecargado de traballo e nunhas condicións laborais non de todo dignas, isto redunda nunha peor calidade da asistencia ao paciente, e o paciente moitas veces perde o control emocional. Pero ese é un dato empírico, non é que o estea xustificando. Perde o seu autocontrol pola situación na que se encontra, proxecta a súa frustración no sanitario, e pode chegar a agredilo; pero, desde logo, non é xustificable en ningún caso. Entón, aproveito a rolda de aclaracións para aclaralo.

Loxicamente, á parte da xestión puntual dun protocolo ou dunha lei que permita xestionar esas problemáticas situacións, o que hai é que atacar a raíz do problema. Se a sanidade estivese ben xestionada, se o servizo fose impoluto e totalmente satisfactorio para o paciente —salvando casos excepcionalismos, ao mellor, de perda de equilibrio psíquico—, o normal sería que non se desen eses casos. Entón, á parte de promover unha lei que permita establecer uns protocolos e uns mecanismos de defensa e de xestión desas actuacións por parte dos sanitarios, o ideal sería que non se chegasen a dar nunca precisamente porque a xestión sanitaria fose óptima e o servizo ao paciente fose óptimo, de forma que nunca ningún paciente chegase a esa situación de desequilibrio emocional, na que, por un impulso instintivo, o seu cerebro —a parte racional da corteza cerebral— deixase de ter o control e pasase o control ao bulbo raquídeo, ao cerebro reptiliano —como din vostedes—.



Nada máis. Grazas.

Soamente era esa aclaración.

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista. Señora Espinosa.

MARÍA ELENA ESPINOSA MANGANA: Dirixíndome tanto ao señor conselleiro como ao Grupo Popular, e, en concreto, á señora Amigo, quero dicirlles que o noso grupo non fai unha negación sistemática da sanidade, ¡non é certo! Vostede sábeo e vostede compareceu aquí. Falamos, por exemplo, de saúde pública, falamos de cribados e falamos de vacinacións, e non negamos a maior. ¡Cando as cousas se fan mínima, mínima, minimamente ben, recoñecémolo!

Pero estamos falando de atención primaria. A atención primaria está mal e vostedes, a Xunta de Galicia, fan as cousas rematadamente mal. *(Aplausos.)* Polo tanto, non me pida que lle dea xabón cando non son capaces de cumprir. *(Aplausos.)* E dixémolo moitas veces —e díxeno na miña intervención primeira—, porque vostedes teñen as competencias, teñen absolutamente todas... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, voulles aclarar o dos médicos, porque, como non o queren entender, vóullelo aclarar. Vostedes teñen absolutamente todas as competencias, pero, con todo o respecto e con todo o cariño, ¡en atención primaria son uns incompetentes! Esa é a triste realidade.

E, agora, imos co tema dos médicos de novo, porque non hai forma humana. Dáme igual os ministros que pasasen polo Goberno de España; o que lle digo é que dende o ano 2018 se incrementaron as prazas de formación un 48 por cento, ¿si ou non? Entón, ¿quen as tiña baixas?, ¿quen gobernaba antes do ano 2018? Gobernaba o Partido Popular.

Pero descendo a Galicia e a algún dato concreto —non me deu tempo a buscar máis—. No ano 2009, había 125 prazas; en agosto do 2025 —cando eu falei deses datos—, había 286 prazas. É subida, ¿si ou non? Por favor, recoñezan tamén a realidade. Pero é que hai algo máis, e, posiblemente, a señora Amigo non me entendeu. Eu cando falei desa diferenza que había entre os 116 e os 99, dixen que supuxen que irían para a privada, pero dáme igual, non quedaron; o que me preocupa é que non quedaron no sistema público, iso é o que me preocupa. Pero se eu son responsable e estou no caso do conselleiro, cando se me vai o 15 por cento, o primeiro que fago é facer unha análise de por que se van, e, cando só o 50 por cento me queda en atención primaria, fago tamén unha análise de por que se van.

Porque, mire, señor conselleiro, voullo aclarar definitivamente e espero que sexa a última vez que teño que falar disto. Galicia ten habilitadas polo Estado todas as prazas que solicita dende hai anos. ¡Dígame cando solicitou a Xunta algunha praza e non lla concederon! Dígame, por favor, ¡dígame unha! *(Aplausos.)* Non ten máis porque non as solicita. Pero, agora, ¿quérreme contestar na súa resposta por que non o fan?, ¿por que non solicitan máis? ¿Analizan vostedes eses datos que lles dixen eu?, ¿analizan por que a xente se vai a urxencias? Non piden máis prazas porque as políticas da Xunta son cutres e son miserables; por iso non as piden.



Eu pídolles que melloren, que invistan, que avancen, que avancemos xuntos na sanidade e na atención primaria. Porque, para que lle quede claro a todo o mundo, as comunidades autónomas propoñen o número de persoas que queren para a formación. É certo que non o poden decidir unilateralmente, que o teñen que propor, pero contésteme: ¿cantas prazas lles rexeitaron desde que vostedes as pediron?

Pero voulles dar outra pista máis —eu non goberno, non debería dicir isto; pero vóullela dar, xa que vostedes non o fan—: ¿por que non analizan as condicións que teñen dos titores? ¿Ou é que ao mellor non teñen titores suficientes para formar a xente, e aí está? Pero, ben, non me queda moito máis tempo. Si que quero, antes de rematar, dicir dúas cousas.

Primeiro: falei de Zapatero referíndome ao tema de emerxencias, e si quero deixar moi claro neste Parlamento que Zapatero viviu unha das maiores crises económicas que vivimos neste país. E, grazas ás súas medidas (*Murmurios.*) —si, señores do Partido Popular—, protexeuse as persoas, sostívose o emprego e reforzouse o estado de benestar. Gustaríame saber o que sucedería se gobernase daquela o Partido Popular.

E mire, señor conselleiro, (*Aplausos.*) vostede dixo que viñamos aquí cun discurso escrito. Eu non, dígolle que non viña cun discurso escrito, o que viña co seu catecismo escrito era vostede, porque non me respondeu nin a primeira das cousas que lle plantexei, que si estaban vinculadas cun reforzamento da atención primaria. Aínda ten a oportunidade, porque eu non a vou ter.

Nós si escoitamos, e gústanos escoitar as boas noticias, ao mellor a vostedes gústalles máis o lodo, pero olvídense, a nós non; e, sobre todo, se estamos falando de sanidade.

E remato xa co Estatuto marco. O Goberno de España gobernou e firmou cos sindicatos maioritarios deste país. A min gustaríame que tamén leran o que están demandando determinadas asociacións médicas, que nós, por suposto, respectamos, pero o que están reclamando son competencias das comunidades autónomas e non do Goberno de España.

E hai outro tema, que tamén é de ampliación —e remato xa, presidente—, que tamén ten que ver co reforzo da atención primaria e sobre o que non dixo nin unha palabra. Hai uns días o presidente da Xunta falounos das novas prazas de psicoloxía clínica, que si, iso é un reforzo da atención primaria, pero ¿seguimos con débeda das 14 que prometeron no ano 2025, ou dentro destas 21 están as 14 do ano 2025? É unha pregunta moi fácil, que, se quere, me pode contestar.

E, por favor, tamén me gustaría que responda polo menos a unha das preguntas que lle preguntei, porque vostede si sabe quen lle poida informar e polo menos respecte a oposición, porque as miñas preguntas si que ían cara ao reforzo da atención primaria e en ningún momento a unha crítica, porque si as apoiamos no seu momento.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.



Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: Grazas, presidente.

O Partido Popular, como magníficos expoñentes da ultradereita máis ultra —dá igual a realidade, os documentos, os datos— segue co seu argumentario, con aquilo de que a realidade non lle estropee o titular, (*Aplausos.*) que a realidade non lle estropee o titular.

E, mire, eu xa hai moito que dixen aquí neste Parlamento que «dato mata relato», agora xa é *vox populi*. «Dato mata relato», señoras e señores do Partido Popular, señor conselleiro do Partido Popular. E primeiro dato, que vostedes venderon por terra, mar e aire: as prazas estas de difícil cobertura, por concurso, como a solución. E están rectificando; ese é o dato que mata o seu relato. Segundo dato: vostede acaba de dicir que na mesa sectorial acaban de anunciar a constitución de dous grupos de traballo para ver que facer en atención primaria, cando no 2019 o Partido Popular se comprometeu, a cambio de desconvocar unha folga, a elaborar un plan de mellora de atención primaria. Constituíronse non sei cantos grupos de traballo, máis de 200 profesionais traballando neses grupos de traballo. Está a diagnose, está o que facer, e vostedes téñeno metido nun caixón; e hoxe vén aquí anunciar que crea dous grupos de traballo. O dato mata o relato, e o relato é que vostedes non queren facer nada, só veñen aquí anunciar anuncios en diferido que logo non concretan absolutamente en nada; unha auténtica burla aos profesionais e aos traballadores.

O dato é que no ano 2011 elaboraron un plan de ordenación de recursos humanos, no 2011, publicado no 2012, é dicir, hai catorce anos, que dicía que finalizaría a súa vixencia o 31 de decembro do ano 2013; é dicir, está fóra de vixencia un plan de ordenación de recursos humanos hai trece anos. Ese plan de ordenación de recursos humanos, dígoos porque vostedes fan aquí referencia continuamente a que hai un acordo non sei que do ano 2018, do ano 2013, publicado no *DOG*, co cal é lei, e que di que, «dos datos anteriormente expostos, dedúcese un significado envellecemento en termos globais do persoal do Servizo Galego de Saúde, máis acusado no colectivo de persoal licenciado sanitario. A media de idade deste persoal é superior en tres anos á do persoal sanitario, situándose a maioría destes profesionais, o 53,43 por cento, nunha franxa de idade superior aos 50 anos». ¿Que fixo o Partido Popular para garantir a remuda xeracional e, polo tanto, a asistencia sanitaria? Absolutamente nada, trece anos despois. (*Aplausos.*) «Dato mata relato».

Vostedes seguen insistindo en que non lles permiten formar máis profesionais. E a pregunta, que eu tamén tiña para facerlle, é: ¿cantas das prazas que lle solicitan ao Ministerio que cumpren os requisitos son denegadas? Xa llo preguntei máis veces, e nunca contesta, porque sabe que non lle denegan ningunha. «Dato mata relato».

Ningún anuncio para a saúde mental, señor conselleiro, ningún anuncio. O único anuncio contemplado nos orzamentos é que van ter 21 psicólogos en atención primaria. ¿Sabe canto toca por centro de saúde, señor conselleiro? Toca a 1 psicólogo por cada 20 centros de saúde, co cal, ¿cal é o plan para a atención primaria en saúde mental? Un anuncio de hai un ano dun plan de saúde mental do que aínda non sabemos absolutamente nada.



Datos, señores e señoras do Partido Popular, non por casualidade, senón polas medidas tomadas polo Partido Popular. Entre o ano 2009 e 2026 deixaron de investir en atención primaria 1.700 millóns de euros; só con que mantivesen o orzamento do ano 2009, 1.700 millóns de euros. Iso ten consecuencias, e a consecuencia é que Galiza é, pola cola, a segunda do Estado que menos inviste en atención primaria, un 2 por cento menos, só está por detrás Madrid.

Datos do Ministerio: Galiza está por debaixo da media do Estado en especialistas en Medicina Familiar e Comunitaria. A atención primaria conta co menor número de prazas de persoal médico dos últimos quince anos. A media de espera para ser atendidos —barómetro sanitario— por un médico de familia é de oito días e en moitos centros dúas-tres semanas e un mes. O 20 por cento dos doentes que necesitan unha consulta en atención primaria afirma que non a conseguiron, o 38 por cento di que por tal motivo acudiron a urxencias. Hai un aumento continuado das persoas que acoden á sanidade privada; hai un aumento do 166 por cento en contratación de seguros privados. Entre tanto isto acontece, o Partido Popular drena máis e máis recursos cara á sanidade privada. No orzamento deste ano, 2026, 340 millóns, que logo sempre aumentan, mentres lle quitan recursos á sanidade pública.

E por iso, diante desta situación, o Partido Popular e a Xunta de Galicia ten competencias, e, polo tanto, nós emprazámolos desde aquí, primeiro, a que dunha vez por todas, xa non en diferido, presente un plan de ordenación de recursos de atención primaria, que saibamos cal é a situación, cantos profesionais, en que condicións, cantos doentes atenden, cantas horas; ter información, señor conselleiro.

Imos logo traer unha moción pedindo información, e o Partido Popular vai votar en contra nin sequera de ter información de cal é a situación. Esa é a constante e o compromiso do Partido Popular.

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: Que acepten a realidade, que incorporen especialidades imprescindibles en atención primaria. Non temos médicos; temos fisioterapeutas, temos psicólogos, temos logopedas, temos terapeutas ocupacionais; contraten todos eses profesionais para equipos multidisciplinares, coiden o persoal, en vez de expulsalo sistematicamente. O 65 por cento dos profesionais que remataron a formación MIR no ano 2025 non quixeron traballar en atención primaria; o 65 por cento. É un auténtico drama, consecuencia das condicións laborais a que os ten sometidos o Partido Popular. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: E deixen de desprestixiar a atención primaria, que é o auténtico eixo vertebrador, que atende entre o 80 por cento e o 90 por cento dos procesos de saúde dos galegos e das galegas. Deixen de desprestixiala, empezando por que non haxa persoas sen especialidade atendendo en atención primaria, e vostede sabe que é certo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Popular, señora Amigo.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: Moitas grazas, presidente.

Bos días de novo, señorías.

Imos ser claros, contemos a verdade aos galegos. O principal problema do noso sistema sanitario hoxe en Galicia, e no conxunto do Estado, mire, xa non é a xestión autonómica, nin de orzamentos, nin de modelo. O principal problema que temos hoxe é a falta de médicos, fundamentalmente en medicina de familia e en pediatría; ese é o noso problema. E ese déficit ten responsables claros e perfectamente identificables, e non me vou cansar de repetilo.

Dende o ano 2018, o Goberno central, que é o único que ten competencias para planificar os recursos humanos do Sistema nacional de saúde, foi incapaz de adoptar ningunha medida eficaz para corrixir esa situación, que xa se sabía que ía chegar. Señorías, ¿que pedimos nós? ¿Que pediron todas as comunidades autónomas deste país, de distintas cores políticas, non soamente as do Partido Popular? Que se flexibilizasen os requisitos para poder formar máis médicos.

Galicia hoxe conta con máis de 400 centros de saúde; neses centros de saúde, se o Goberno central nos fixese caso e flexibilizase os requisitos para poder formar médicos, formariamos máis médicos, porque formamos o cen por cento dos médicos que nos permiten, o cen por cento. (*Murmurios.*) Si, o cen por cento, si, o cen por cento, señorías, e dende hai anos ademais. E ¿por que van a urxencias os médicos de familia? Un médico ao que lle gusta a especialidade de urxencias a única posibilidade que ten a día de hoxe para ir ás urxencias é facer médico de familia ou facer medicina interna —tamén é verdade—, pero moitos deles decántanse pola medicina de familia e, unha vez que rematan, van a urxencias.

E aquí falábase de que nos dan o cen por cento. Non, mire, señora Espinosa, non vou entrar en máis datos, pero díxenllo na miña primeira intervención: este ano, no que por sorte imos poder formar os primeiros médicos de urxencias, unha reivindicación que naceu desde aquí, pola que nós pelexamos, pedimos 7 prazas, señora Espinosa; déronnos 6; podíamos formar 7, 1 en cada área sanitaria, só nos deron 6. Pregúntelle vostede ao señor Sánchez a ver que pasou.

E fala vostede de Zapatero. Ten valor, ¡eh!, señora Espinosa. (*Aplausos.*) Baixada de soldo aos funcionarios, conxelou no 2010 a todos os funcionarios, está aí a hemeroteca. Conxelou as pensións. A crise, a crise. (*Murmurios.*) A crise foi a que tivo que resolver despois Rajoy, a crise que nos deixou, que non nos rescataron porque veu un goberno serio e responsable. ¡Home!, iso está nas hemerotecas.

Mire, e fálase..., a ver, nestes anos é verdade que, claro, seis ministros en seis anos e algúns meses, estivo desde a señora Moltó ata a señora Mónica García, ningún deles foi capaz de resolver. E comparan aquí con que nos dezasete anos houbese cinco conselleiros. Señora



Prado, cada un deses cinco conselleiros que pasaron polo goberno do PP deixaron a súa pegada, fixéronse cousas, (*Murmurios.*) oxalá o Goberno central fixese o mesmo, porque todos deixaron a súa pegada.

Mire, e hai unha responsabilidade, ademais, estrutural que temos desa falta de médicos á que se está sumando hoxe un conflito laboral de enorme gravidade: esa folga de médicos a nivel estatal, cunha ministra incapaz de negociar —unha ministra que é médico, ademais— e de liderar (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —médico, eu creo no neutro—; incapaz incluso de defender os dereitos dos seus propios compañeiros de profesión, jeh!, mire. E o Partido Socialista galego, fiel ao seu amado líder, o señor Sánchez, e a esa ministra, a esa ministra de Sumar. (*Murmurios.*) E vólvolle dicir: *hace falta valor*, señora Espinosa, (*Aplausos.*) porque ten mérito, jeh!, porque é incomprendible que non sexa capaz de negociar e de defender os seus compañeiros de profesión; unha ministra que ata antonte marchaba coa pancarta diante do Ministerio e que hoxe garda silencio. (*Murmurios.*) ¡E xa está ben!

E o BNG tamén volve quedar ao descuberto. A súa central sindical, a CIG, desmárcase, por primeira vez na historia, dunha folga médica, xusto cando a mobilización é contra o Goberno de Pedro Sánchez. Eu non sei o que lle pasa ao BNG cando se trata de defender os dereitos dos médicos e as reivindicacións. Cando esta folga é contra o señor Sánchez, caladiños, caladiños, e calan tamén cando, como xa se lle dixo aquí, o sindicato CIG Saúde, vencellado ao BNG, deixa por escrito —que llo dixo o conselleiro— que o seu obxectivo é paralizar a atención primaria sen demora, aproveitando a tempada de gripe e o colapso das urxencias hospitalarias. Iso, señorías, non é defender a sanidade pública. É xogar coa saúde e coa vida das persoas, tensionando deliberadamente o sistema. E esa estratexia é tremendamente irresponsable.

Estamos falando dunha oposición que presume de rigor pero que lanza acusacións falsas en sede parlamentaria, como aconteceu coas graves afirmacións que escoitamos aquí no anterior pleno sobre o persoal de dietética do CHUAC, desmentidas publicamente por un sindicato independente, o CSIF, que tivo que saír a defender a profesionalidade dos traballadores fronte a unha manipulación inadmisíble. Aquí está (*A deputada María Encarnación Amigo Díaz amosa un documento.*) o comunicado.

Esa é a súa forma de facer política sanitaria, sen contrastar, sen datos e sen respecto. Son puro bulo, señorías, e, por riba, nin se ruborizan. Á oposición écheselle a boca falando da privada, esquecendo deliberadamente que foron eles —xa llo dixen—...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: ...antes os que blindaron ese concerto en Povisa.

Iso é a súa coherencia, como votar en contra da Lei de prevención de condutas adictivas de menores, sen recoñecer os bos resultados do sistema público galego.

Vostedes no pleno pasado viñan aquí e pedían exemplos. Vostedes, mire, sempre traen exemplos que fan mal da sanidade. Mire, eu tráíolles aquí o exemplo dunha señora que



vive aquí en Galicia, que a súa nai ten un cancro de mama, ¡eh!, e que di a señora: «*Su hermana pequeña reside en Galicia. La experiencia suya no tiene nada que ver con la mía. En el HULA (Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo) la paciente citada realiza la mamografía y tiene una ecografía y sale con la cita de la misma para el año próximo*». (A deputada María Encarnación Amigo Díaz amosa un documento.) «El CHUAC ya es el cuarto hospital de España en volumen de...

O PRESIDENTE: Grazas.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ:...transplantes».

O PRESIDENTE: Grazas.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: Remato xa.

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: «*El Sergas recurrirá a la IA para analizar imágenes en la detección de cáncer de mama*». Estes exemplos non os trae a oposición.

Afortunadamente nós aquí temos un Goberno galego que traballa, que sostén o sistema e que segue garantindo...

O PRESIDENTE: Grazas.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: ...a atención sanitaria.

Todo o demais, señorías, é pura demagogia.

O PRESIDENTE: Grazas.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Peche, conselleiro de Sanidade.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Grazas, presidente.

Imos ver, señor Ojea. Quedou claro o tema das agresións, ¿non?

Imos ver, señora Espinosa, ¿quen define o número de prazas convocadas no MIR? ¿A Xunta de Galicia? ¿O Ministerio de Sanidade? Pregunto... (A deputada María Elena Espinosa Mangana pronuncia palabras que non se perciben.) Non, non. Pregunto: ¿quen o define? ¿Quién lo define? O Ministerio de Sanidade. ¿Quién define el número de plazas acreditadas? ¿Quién define el número de plazas acreditadas? O Ministerio de Sanidade. (A deputada María Elena Espinosa Mangana pronuncia palabras que non se perciben.) Non, non. ¿Quién define los criterios de acreditación de las plazas MIR? ¿Quién decide los criterios de acreditación de las plazas MIR? O Ministerio de Sanidade. ¿Quién define la metodología del sistema MIR?, (A deputada María Elena Espinosa Mangana



pronuncia palabras que non se perciben.) ¿quién lo define?, ¿quién lo define?, ¿quién lo define? O Ministerio de Sanidade. (*Aplausos.*) Non. E agora imos co racional.

Desde aquí pediuse en moitas, moitas ocasións, jeh!, os cambios de acreditación para as prazas de Medicina Familiar e Comunitaria, (*Murmurios.*) moitas veces, moitas veces, porque eses criterios de acreditación son un pouco, ben, antigos —por dicilo dalgunha maneira—. Tan antigos que, por exemplo, o CIS, o Centro Integral de Saúde de Lugo, con moitísimos profesionais de altísima capacitación, non puideron formar residentes ao principio, por un tempo, desde que se abriu, así que...

Metodoloxía. ¿Cantas prazas de médico de familia se deixaron de cubrir porque o Ministerio de Sanidade non quixo cambiar o método de elección desas prazas? Centos, centos de prazas. Acreditación e metodoloxía é o que define o acceso realmente á formación sanitaria especializada en España. E pregunta cantas veces non se acreditaron ou non sei que... Mire, aquí acábano de falar. Solicitáronse 7 prazas para urxencias e emerxencias, pero a realidade é que querían pedir o dobre. Ao final chegouse a un acordo co Ministerio de Sanidade para 1 por área sanitaria. Pois non, aínda máis, quitáronnos 1, jeh! E todas esas prazas que quedaron sen acreditar, porque nos dixeron que non, ¿esas non contan?, ¿esas non contan? E iso é así.

Psicólogos clínicos. Actualmente hai contratados 28 psicólogos clínicos no Servizo Galego de Saúde. Había 7, e 21 que se contrataron nas últimas semanas, jeh!, esa cifra, ¿non? Falan de psicólogos como se falasen de calquera cousa. Imos ver, que quede claro tamén, porque o oio sempre neste Parlamento. Imos ver: un psicólogo, un psicólogo a secas non pode exercer na sanidade pública galega, fai falta unha especialidade. Eu non podo coller un psicólogo e poñelo nun centro de saúde. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, non, é que é así. Non podo, non, non, non existe a categoría, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) non, non, non, é obrigatorio ter a especialidade, é obrigatorio ter un proceso de formación sanitaria especializada. Non, non, é que parece que...

Fala vostede dos técnicos de saúde, que xa lle expliquei que son para tarefas administrativas, e que non sei e non sei canto. Pero ¿para iso é o mesmo?, ¿é o mesmo? (*A deputada María Montserrat Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.*) ¿Que diferenza hai entre...? Claro, as normas son as normas, iso hai que telo en conta, de maneira que...

E, despois, *el dato mata relato*. Imos ver: 1.700.000 euros de recorte. ¡É que nin sequera se miran as cifras! ¿Saben onde están eses 1.700.000 euros de recorte? Aforro, aforro en medicamentos, por utilización de xenéricos. Si, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡ah! porque non o sabe. (*Murmurios.*) Si, si, vexa as contas, é clarísimo. É aforro, non recorte, (*Aplausos.*) a ver se lle queda claro.

Despois, *dato mata relato*, e vénme aquí co barómetro sanitario. ¿Sabe como se fai o barómetro sanitario? ¿Non? Voullo explicar eu: con enquisas, entrevistas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Bah!, claro, é un acto moi, moi, moi obxectivo, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) é moi obxectivo, moi obxectivo, moi obxectivo, moi obxectivo. Ben, *dato mata relato*, si.



Imos ver, se realmente lles interesa o sistema sanitario, non estarían cada sesión facendo un uso partidista da sanidade, como fan sempre, non. Tomarían máis en serio o seu labor de oposición e, en vez de estar sempre detrás da pancarta contra a Xunta, poñeríanse do lado de Galicia para pedir ao Goberno central, ao Goberno de Pedro Sánchez medidas efectivas para parar a folga de médicos contra o Estatuto marco; ou, en vez de inventar recortes —que non existen—, poñeríanse á disposición para sumar e traballar xuntos para afrontar os retos que temos por diante e para mellorar a atención aos pacientes, as condicións dos profesionais e o prestixio da sanidade pública galega, unha sanidade pública galega que, grazas ao esforzo diario do persoal do Servizo Galego de Saúde, está á vangarda en moitas cousas.

Miren, o obxecto da miña comparecencia hoxe aquí non é outro que tratar de expoñer e explicar as medidas que xa activamos dende a Xunta, as que estamos a poñer en marcha e as que temos previsto a curto e medio prazo: blindar a atención primaria, fortalecela e dotala dos recursos necesarios para garantir a mellor asistencia e a mellor atención aos cidadáns. Pero todas as medidas que adoptemos témolas que tomar tendo en conta catro factores fundamentais que condicionan a asistencia sanitaria.

Por unha banda, maior demanda en relación con que a poboación ten maior esperanza de vida, o que leva asociado máis patoloxías crónicas e necesidades de coidados, pero tamén o incremento da carteira de servizos que ofrece o Servizo Galego de Saúde.

Por outro lado, o cambio de mentalidade dos novos profesionais, que teñen outras necesidades e inquiredanzas, ás que necesitamos dar resposta, por exemplo, potenciando a investigación ou favorecendo a conciliación.

Outro condicionante: a falta de profesionais en determinadas especialidades, sobre todo en atención primaria. Non hai médicos de familia nin pediatras para contratar.

E o cuarto condicionante son as folgas médicas contra o Estatuto marco do Goberno central, que implican a suspensión de miles de consultas en atención primaria e que loxicamente impactan no tempo de acceso e condicionan a asistencia aos pacientes. Só as últimas folgas supuxeron a obrigação de suspender máis de 36.300 consultas en primaria.

Fronte a esta situación, ¿cal é a súa actitude? O de sempre: o «non». O «non» porque non, o «non» porque non. Fronte a isto, estamos nós, a Xunta de Galicia, ¿non? Chegamos a un acordo, jeh!, que permitiu a desconvocatoria da folga en primaria, que xa deu os seus froitos e que seguimos desenvolvendo para fortalecer e mellorar a asistencia que se presta nos centros de saúde; por certo, o sindicato nacionalista decidiu quedar fóra do acordo —eles sabrán—. Seguimos negociando na Mesa Sectorial de Sanidade —fíxose hoxe—. Por suposto estamos a traballar na reforma e actualización do modelo de atención primaria, ese plan de recursos *tarará* que dicía vostede; dous grupos de traballo: recursos humanos e ámbito asistencial; hai que ter todo feito nun prazo de seis meses, antes do verán falamos; está facéndose cos sindicatos, con toda a xente, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), está facéndose con toda a xente; xa sei que non lles gusta a vostedes, porque vostedes non están, porque non queren estar en nada, pero ben.



É a vontade política mellorar e reforzar a primaria, e tamén estamos a levar á práctica isto a través dos acordos de xestión do Servizo Galego de Saúde de 2026, fixando obxectivos no tempo de acceso ás consultas de medicina de familia, pediatría e enfermería; potenciando a investigación; fomentando a conciliación e tamén estimulando a integración asistencial entre a atención primaria, atención hospitalaria e atención comunitaria.

Fronte ao alarmismo, as algaradas e as pancartas, esta é a nosa maneira de optimizar a atención primaria e engrandecer a sanidade pública. Coido que os galegos saben diferenciar perfectamente e elixir, por tanto, en consecuencia.

Moitas grazas pola vosa atención. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Continuamos co punto cuarto da orde do día, que son as mocións. Neste caso, é unha moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, sobre os compromisos orzamentarios do Goberno galego co desenvolvemento do servizo de axuda no fogar (SAF) e coa implantación do novo protocolo de prevención da violencia nos domicilios onde se presta

O PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da súa deputada Silvia Longueira Castro, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Financiar na súa totalidade o Servizo de Axuda ao Fogar (SAF), xa que, de acordo co artigo 27.23 do Estatuto de autonomía, a asistencia social é unha competencia exclusiva da Xunta de Galicia. A Lei 13/2008 atribúe aos concellos a xestión do servizo, pero non o seu financiamento, polo que o Goberno galego lles está a impor unha competencia impropia sen recursos para atendela. Esta situación está expresamente prohibida cando compromete a facenda municipal, tal e como establece o artigo 7.4 da Lei de bases do réxime local.

2. Presentar un informe no que se detalle con claridade que parte das cantidades que a Xunta achega actualmente ao SAF —e das achegas acordadas para o futuro coa Fegamp— procede de recursos propios, e que parte corresponde aos fondos que lle transfira Estado para dependencia.»)

O PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra a señora Rodil.



OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Hoxe, efectivamente, desde o BNG traemos esta moción co obxectivo de rescatar o servizo de axuda no fogar da quebra na que se atopa, a través dunha dotación orzamentaria que se achegue ao custo real da prestación do servizo, e, sobre todo, co obxectivo de blindar no presente e tamén, sobre todo, no futuro o servizo de axuda no fogar a través do cumprimento, da exixencia do cumprimento das súas obrigas por parte das dúas administracións responsables do seu financiamento, tal e como di a Lei de promoción da autonomía persoal do sistema da dependencia, de 2006, que son, como saben, ao 50 por cento, a Xunta e o Estado.

E facémolo porque o pacto que asinaron o Partido Popular e o Partido Socialista entre a Xunta e a Fegamp sitúa a achega do Goberno galego e do Goberno do Estado, das dúas administracións en conxunto, en 18 euros a hora en 2028. Falamos sempre desa contía máxima en 2028, 18 euros a hora, 16 euros xa este ano 2026, cando o custo medio real de prestación do servizo de axuda no fogar en Galiza está en 24 euros. Un acordo, un modelo de financiamento do SAF para os próximos anos que desde o BNG rexeitamos desde o primeiro momento porque é —como xa dixemos na interpelación— absolutamente insuficiente, non cobre o custo real da prestación do servizo, que —insisto— é a día de hoxe, en termo medio, 24 euros a hora, e tampouco resolve os problemas que arrastra con carácter estrutural desde hai anos o propio servizo de axuda no fogar, un servizo de atención a máis de 23.000 persoas dependentes en Galiza, que está colapsado, con listas de agarda inadmisibles provocadas, entre outras cuestións, por incrementos de intensidades horarias por parte do Goberno español de maneira unilateral nos últimos anos, sen o acompañamento dos recursos económicos necesarios.

Tal é así que entre 2022 e 2025 —só aténdonos aos datos oficiais que están publicados na web do Imserso— hai 4.080 persoas en Galiza que teñen dereito recoñecido por lei a contar con horas do servizo de axuda no fogar, pero que non están accedendo a elas porque simplemente o servizo é incapaz de incorporar novas persoas usuarias. Como dicíamos na interpelación, todas as cidades —por coller de referencia as sete grandes cidades galegas, só as sete cidades galegas— teñen hoxe máis persoas agardando para acceder ao SAF que usuarias que realmente estean sendo atendidas neste servizo. A proposta de financiamento asinada —xa digo, 16 pírricos euros hoxe, cando a media de custo da hora está en 24; 18 euros en 2028— só vai afondar máis na quebra deste servizo e está moi lonxe de permitir que se poidan garantir os dereitos que teñen as galegas e os galegos no día de hoxe.

Este non é un acordo —dixémolo desde o BNG desde o primeiro momento—; é unha chantaxe, é unha imposición, que o único que vai traer é unha maior asfixia económica aos propios concellos, incrementando as listaxes de agarda e tamén a precariedade que soportan as traballadoras.

Por iso, desde o BNG seguimos defendendo, primeiro, que se cumpra a lei e que calquera incremento que se aplique se axuste ao custo real do servizo. E, insisto, 18 euros dentro de dous anos non se achega nin sequera de lonxe ao que custa de media prestar o SAF hoxe —hoxe, non dentro de dous anos—, agora, en Galiza.



O financiamento entre a Xunta e o Estado —porque eses 18 euros en 2028 son as contías, as achegas orzamentarias das dúas administracións responsables de soste o servizo— non chega nin sequera a cubrir o que custa prestalo, pero tampouco atende as diferenzas que existen en todo o territorio galego á hora de prestar un servizo, que non é igual en días ordinarios, en días laborables, que en días festivos, nin é igual en concellos rurais cunha dispersión poboacional e avellentamento da poboación moito maior que, por exemplo, o que atopamos nas cidades. E, por suposto, esa chantaxe, esa proposta de financiamento que se formulou, tampouco ten en conta a situación en que se atopan xa —como dicía— a maior parte dos concellos galegos, nos que se están dando altas por baixas. Basicamente, tes que esperar a que faleza unha persoa usuaria para que poida acceder unha nova persoa usuaria ao servizo de axuda no fogar.

Como tamén sinalabamos xa na propia interpelación hai quince días, tampouco este financiamento novo, eses 18 euros á hora en 2028, vai permitir acabar coa precariedade laboral que soportan as traballadoras. E lanzabamos unha pregunta: vindo como veu o conselleiro de Emprego responder unha interpelación en materia de dependencia, formulabámoslle á Xunta de Galiza esa pregunta: ¿como se van garantir as medidas tan necesarias, por exemplo, de seguridade das traballadoras do servizo de axuda no fogar con este infrafinanciamento? ¿Quen vai pagar as medidas excepcionais ou complementarias que teñan que artellarse para garantir que as traballadoras do SAF poidan ir aos domicilios das 23.000 persoas que están no día de hoxe atendidas no SAF con condicións de seguridade? Nas propostas que formula a Xunta de Galiza —porque poñer encima do papel é moi fácil, pero, logo, garantir que o que se pon no papel se cumpra xa é cousa ben distinta— fálase, por exemplo, de que vaian dúas traballadoras, dúas auxiliares do servizo de axuda no fogar, a domicilios onde haxa situacións de conflitividade. Eu pregúntome: ¿quen vai pagar ese segundo salario cando agora mesmo nin sequera se poden garantir unhas condicións laborais minimamente dignas para esas traballadoras do SAF, indo unha por casa na inmensa maior parte dos casos?

É evidente —nós tiñámolo claro desde o BNG, e así o dixemos desde o primeiro momento— que ao Goberno do Partido Popular na Xunta non lle preocupaba nin o máis mínimo a situación que viven as traballadoras do servizo de axuda no fogar. E a mellor proba foi que en ningunha das reunións que mantiveron no seo da Fegamp cos concellos e cos representantes do Colexio de Traballo Social estivo nin unha soa persoa da Consellería de Política Social con capacidade de decisión política. Foi Inspección de Servizos Sociais, que, en todo caso, ao único que se remitía era a ter que contrastar con alguén na Consellería para poder tomar decisións.

Pero, peor aínda —porque eu creo que as cousas hai que sinalas tamén no seu contexto—, hai anos que desde o BNG —diciámolo tamén na interpelación—, desde o 2020 e o 2021, levabamos pedindo medidas de seguridade laboral, de seguridade nos domicilios para as traballadoras no fogar, e o Partido Popular votaba en contra, por suposto, a todas elas. Pero é que xa o Consello Galego de Relacións Laborais hai anos emitiu un informe no que sinalaba que a única medida que existía de prevención de riscos laborais dentro dos domicilios onde se presta o servizo de axuda no fogar era ese informe social, que —joh!, casualidade— o Partido Popular suprimiu da lexislación vixente nas últimas reformas que introduciu na Lei de servizos sociais de Galiza a través desa porta de atrás, dese subterfuxio, que é a Lei de



acompañamento. É dicir, que, lonxe de protexer máis as traballadoras auxiliares do servizo de axuda no fogar, o que fixo o Partido Popular coas súas reformas lexislativas foi suprimir a única medida que existía de prevención de riscos laborais, con ese informe social que deixou de ser preceptivo.

Hoxe, señorías, desde o BNG, o que traemos con esta moción son tres propostas claras, factibles e, sobre todo, tres propostas necesarias —xa digo— para garantir un financiamento suficiente do SAF no inmediato e, sobre todo, para blindar a prestación deste servizo tan necesario para atender as persoas dependentes nos seus domicilios no futuro. En primeiro lugar, propomos o mesmo que levamos defendendo por activa e por pasiva nesta Cámara desde o ano 2024: que se ascenda, que se incremente a 17 euros a hora, con carácter retroactivo, xa con cargo ao 1 de xaneiro de 2025, o financiamento do servizo de axuda no fogar, alcanzando os 20 euros a hora en 2027, pero sempre co obxectivo posto en que o Estado e a Xunta cumpran o que a lei lles obriga a cumprir, que é o financiamento a partes iguais do servizo de axuda no fogar.

En segundo lugar, instamos a Xunta a presentar un recurso xudicial para reclamarlle ao Goberno do Estado o que lle debe a este país, ese 50 por cento no financiamento do servizo de axuda no fogar e a metade de todo o financiamento do sistema da dependencia, xunto coa débeda histórica adquirida con este país desde o ano 2006, onde teñen responsabilidades tamén ao 50 por cento o Goberno do Partido Popular con Mariano Rajoy e os sucesivos gobernos do Partido Socialista. E facémolo porque cremos que á Xunta de Galiza, ao Goberno do Partido Popular —ao que lle faltou tempo para presentar recursos de inconstitucionalidade para impedir que nenos e nenas migrantes puidesen ser acollidos en Galiza e puidésemos garantirlles entre todas e todos benestar cando fuxían das guerras, da fame ou da morte—, tan áxiles que estiveron para negar dereitos, sobraralles tempo agora —cremos desde o BNG— para garantir os dereitos das persoas maiores e das dependentes galegas; o mínimo será que, se tanto ruído se fai aquí con esa débeda, se reclame nos xulgados o que lle corresponde por dereito a este país.

E, por último, en terceiro lugar, este é un debate que vai máis alá do financiamento do propio servizo; ten a ver cos dereitos sociais, co benestar da xente deste país. Hai que falar de como debe estar...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señora Rodil.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: ...—remato, presidenta— deseñado, xestionado e estruturado o servizo de axuda no fogar para responder á realidade actual e ás necesidades futuras. Impulsemos, polo tanto, alí onde se prevé na Lei de servizos sociais, que é o Consello Galego de Benestar, un grupo de traballo específico que aborde a necesaria reforma deste servizo co obxectivo de blindalo, de adaptalo ás necesidades presentes e futuras da sociedade galega, sobre todo para que garanta que as persoas dependentes que teñen dereito a el poidan acceder de maneira efectiva a ese servizo.

Máis nada. *(Aplausos.)*



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Hai unha emenda.

Quenda do Grupo Parlamentario Socialista.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidenta.

Bo día de novo.

Desde o Partido Socialista estimamos con agrado varias cuestións que non son menores: a primeira é que unha lei promovida por un goberno socialista no ano 2006, como a Lei de dependencia, ocupe a axenda política dos que nunca a plantexaron nin como posible nin dos que nunca estimaron que fose prioritaria. Para non facernos trampas ao solitario, creo que todos somos conscientes —aqueles que levamos un tempo xa en política— de que os servizos sociais non son un nicho de votos para os partidos, se acaso sérvenlles aquí para un debate a soflama solta. Pero o real é que nos concellos aínda están á espera e, se non chega a ser polo Partido Socialista, non habería nin oficinas municipais de atención á dependencia, nin equipos de inclusión financiados polos propios concellos, nin construción paulatina do terceiro sector, nin plans de erradicación do chabolismo...; e así poderíamos seguir ata chegar á erradicación da pobreza. *(Aplausos.)*

Segundo. Parabéns para os que hoxe teñen interiorizado que a Lei de dependencia é un pilar do estado de benestar. A pesar dos pesares, aínda que a convertesen nunha lei cortocircuitada por ideas felices, a realidade é que os dereitos que recolle a lei aínda perviven como ítems maltratados e amosan que hai camiño por reconstruír e tamén por avanzar. Pero iso hai que facelo atendendo á lei, feito que a chegada do Partido Popular hai dezaseis anos ao Goberno da Xunta desestimou telo en conta. ¿E cales son os motivos de desestimar a normativa xurídica? Pois son varios, e van desde conselleiros máis preocupados pola propia carreira política, a outros que non atendían ao feito de que o municipalismo xogaba un papel finalista, até outros aos que se lles encomendou pasar o máis rápido posible de puntillas por esa máquina de fabricar problemas que supón a Lei de dependencia.

E estando de acordo coa creación, evidentemente, dun protocolo que protexa e dea cobertura necesaria e obrigatoria ás traballadoras do SAF, equiparándoas á protección doutras profesións, queremos manifestar que a obriga da Xunta de Galicia é a de financiar a totalidade do SAF, tendo en conta os artigos 27 e 23 do Estatuto de autonomía, nos que se lles encomenda a asistencia social como competencia exclusiva da Xunta de Galicia.

Por outro lado, a Lei 23/2008 atribúelles aos concellos a xestión do servizo, cuestión absolutamente lóxica, porque é a institución máis próxima ao cidadán, pero non o financiamento. De xeito arbitrario, o Goberno galego imponse unha competencia impropia, que non ten recursos para atender e que queda prohibida cando esta imposición da Xunta está a comprometer a facenda municipal, tal como aparece reflectido no artigo 7.4 da Lei de bases do réxime local. Pero non soamente aí está a Xunta a incumprir co que lle é propio. Xa citamos aquí en cada pleno e en cada comisión que Galicia é practicamente a única comunidade que



incumpre o recollido na Lei de dependencia. No artigo 45 da Lei de servizos sociais de Galicia di que será o Goberno da Xunta quen lidere os servizos sociais na súa comunidade e que, para tal fin, deberá realizar un plan estratéxico. E iso dise unha, dúas, tres, catro e cinco veces por sesión, cada vez que toca intervir neste pleno ou nunha comisión 5ª.

Nesta pataca quente na que converteron a dependencia, á Xunta sempre lle esquece que este plan é necesario para afrontar non só a realidade presente, senón tamén a planificación dun futuro que temos á volta da esquina e que no día de hoxe é refén da improvisación e da ocorrencia da última xestión de turno. Botando a vista a atrás, hai un resumo esclarecedor desta situación: traballadoras en risco no seu traballo, traballadoras que ven como se incumpre un convenio colectivo, residencias pechadas por negligencias cos residentes, ausencia de planificación sobre o modelo de residencia e listas de espera para recibir os verdadeiros dereitos da Lei de dependencia, e é a comunidade autónoma que menos informa a poboación sobre os dereitos da Lei de dependencia.

Ante este caos de xestión loxística, a ocorrencia que ten a Xunta de Galicia é cargar sobre os concellos unha obriga impropia até que aguanten, unha fuxida cara adiante, de tal xeito que a través da Fegamp están véndose obrigados a aceptar unhas condicións que non teñen amparo legal, pero non queda outra que coller as decisións impenetrables do Partido Popular.

Así que, ante isto, consideramos que o Parlamento debería instar a Xunta a financiar na súa totalidade o servizo de axuda no fogar, xa que, de acordo coa Lei 27/2023, co Estatuto de autonomía e a asistencia social, é unha competencia —como dicíamos— exclusiva da Xunta de Galicia. E como dicíamos, a Lei 13/2008 atribúelles aos concellos a xestión do servizo, pero non o seu financiamento, polo que o Goberno galego lles está a impor unha competencia impropia sen recursos para atendela. Esta situación está expresamente prohibida cando compromete a facenda municipal —como xa dixemos—, tal como establece o artigo 7.4 da Lei de bases de réxime local.

Nesta falsa veleidade de querer facer fronte ou de querer crer que foron partícipes na construción do estado do benestar, levamos escoitando neste Parlamento o da débeda histórica que a Lei de dependencia produciu nas arcas do Goberno autonómico. ¡Curioso!, porque, como sabemos, os ateigados son os concellos, que non reciben o financiamento que lles corresponde. ¡É curioso! E, aínda así, esta lei sérvelles máis como escusa para o ataque que como oportunidade de mellora para o conxunto da poboación. Teñen un desfasamento entre o seu discurso e a realidade. Iso ten consecuencias directas na vida das persoas, e é aí onde aparece un exercicio de cinismo político.

É salientable ver como os que nunca tiveron no seu ideario a creación deste sistema de autonomía persoal hoxe dan golpes de peito e mesmo se revolven acrecentando problemas, sen querer buscar solucións, e a solución —crean ou non na lei— está en seguir as normas, non en bonificar *a lo loco* a toda a poboación.

A Xunta fala da Lei de dependencia como se fose unha conquista propia, cando é unha lei estatal, froito dun goberno socialista, e Galicia leva anos incumprindo prazos, infrafinanciando servizos e externalizando responsabilidades. Defender unha lei mentres se boicotea



na práctica é cinismo institucional. Así que, seguindo esa idea que propoñen de débeda histórica e que corresponde ao período de goberno de Mariano Rajoy —que tivo o atrevemento de modificar a prestación da lei—, avogamos por presentar un informe no que se detalle con claridade que parte das cantidades que a Xunta achega actualmente ao SAF e das achegas acordadas para o futuro coa Fegamp procede de recursos propios e que parte corresponde aos fondos que se lle transfiren desde o Estado para a dependencia.

Respecto do Consello Galego de Benestar, por suposto que apoiamos a revitalización e o seu uso, toda vez que, goberno tras goberno, o Partido Popular o esnaquizou e o converteu nunha vaga idea e sen cometido. Por certo, o único que poden no día de hoxe exixir, se aínda lles quedan folgos e forzas, é que se cumpra este plan estratéxico e que entremos na modernidade da xestión da Lei da dependencia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para a quenda do Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

ARMANDO OJEA BOUZO: Grazas, presidenta.

Seguimos falando do SAF, da necesidade de financiamento que finalmente asumen os concellos de xeito impropio, como se acaba de dicir.

Pola nosa parte, interpretamos que o Goberno do Estado ten que aportar ese 50 por cento, que se lle está reclamando, e que a Xunta de Galicia tamén ten que aportar integramente o outro 50 por cento, porque o que non pode ser é que se siga descargando nos concellos —a administración máis pobre das tres— ese financiamento e que deixen moitas veces de levar a cabo as súas accións propias. Moitas veces, por dedicar os diñeiros a algo tan impropio como é financiar o SAF, deixan de facer outras cousas ás que os obriga a lei e, ao mellor, incluso nalgún momento os cidadáns poden pedir responsabilidades de diverso tipo por non cumprila.

Nós tamén estimamos insuficiente esa subida que se propón tras o pacto entre a Fegamp e o Partido Popular. A Fegamp ameazou co xulgado, que é o que se está pedindo por non cumprir o Estado coa súa aportación do 50 por cento, e o presidente da Fegamp, ao mellor, sendo pragmático, vendo que a alternativa era a peor —no sentido de que ir á xustiza se prolongaba no tempo e, mentres tanto, os concellos víanse obrigados a facer un esforzo xa inasumible—, pasou por eses 16 euros/hora este ano e por 18 no 2028, que son, a todas luces, insuficientes, e o déficit sempre o acabarán asumindo, en principio, os concellos.

Fálase de que o custo actual é duns 24 ou 25 euros e de que seguramente no 2028 aínda será maior; ou sexa, de que aínda haberá maior desfasamento, aínda que se cheguen a pagar eses 18 euros. Esperemos que no ínterin acaben solucionando a cuestión desde as administracións competentes, como son a Xunta de Galicia e o Estado central, e que os concellos non teñan xa que asumir máis que a propia xestión do servizo nos domicilios.



Fálase da precaria situación das profesionais, porque, como todos sabemos, está moi feminizado o servizo de axuda no fogar, e non soamente feminizado. Vostedes saben que, nunha alta proporción, as mulleres que atenden eses usuarios son tamén inmigrantes, proceden doutros países, e moitas veces as agresións verbais, sexuais e incluso físicas que sofren teñen unha compoñente de racismo e xenofobia. Ese é un feito que nos dan a coñecer todas as persoas que se moven nese mundo, que están pedindo as melloras dese servizo, e iso tampouco pode deixar de terse en conta. Sofren humillacións verbais ou de todo tipo —xa digo, incluso físicas—. Todos temos na memoria o acontecido recentemente no Porriño e noutras situacións. E iso é porque non está o suficientemente ben estruturado o servizo, ata o punto de que moitas veces os familiares —como, por outra parte, din as profesionais— son os responsables da maior proporción das agresións, máis que o usuario mesmo. E non están moi claras, moitas veces, as súas funcións. A familia do usuario pensa que a profesional do SAF ten que asumir funcións que realmente non lle corresponden, como todos vostedes saben, e iso ás veces tamén se traduce nesas situacións nada desexables.

O outro día falabamos, por exemplo, dos casos que pasaron nos centros de Xinzo e de Amoeiro, que dalgunha maneira foron abordados pola Inspección. Pero o que pasa nos domicilios particulares é moito máis complicado, porque un domicilio particular, como todos vostedes saben, pola propia Constitución, é inviolable, salvo casos moi excepcionais nos que intervén o xulgado. Entón, claro, ¿como inspeccionar o que está sucedendo nun domicilio? En última instancia, ao mellor, tamén hai que abordar algún cambio lexislativo, porque esas persoas, desde o momento en que entran no domicilio, están nunha situación na que a Administración non pode, hoxe por hoxe, de calquera maneira, entrar a inspeccionar tanto a calidade do servizo que presta como as posibles accións de humillación, de agresión ou de falta de respecto que poden sufrir alí tamén —no interior dese domicilio—.

Tamén se queixan moitas veces estas profesionais de que non se lles dá a suficiente información —moitas veces incluso por protección de datos— acerca dos usuarios que reclaman os servizos. Nalgúns casos van atender persoas que teñen algún tipo de psicopatoloxías e, neses casos, por protección de datos, non se lles comunica. Polo tanto, non poden abordar, ao mellor, coa debida eficiencia o servizo que tratan de prestar, ao mesmo tempo que non poden poñerse en garda ante posibles situacións problemáticas. É dicir, son cuestións que teñen que ir cambiando e que teñen que abordarse con novas lexislacións, con novos protocolos, etcétera.

Estas persoas que prestan o servizo tamén, en moitos casos, teñen unha dependencia moi grande do escaso salario que reciben e, moitas veces, como se di habitualmente, apechugan co que lles vén encima, porque desde a súa situación persoal a alternativa é incluso peor: perder o traballo, perder a consideración da propia empresa ou situacións problemáticas. Efectivamente, hai que falar cos profesionais do tema, cos afectados, e replantexarse posiblemente toda a cuestión, porque, ao mellor, as agresións ou as humillacións verbais, ou do tipo que sexan, non son máis que a punta do iceberg ou o síntoma doutros moitos males que están por aí pululando e que necesitan ser mellorados.

Loxicamente, o servizo ten que cambiar, adaptarse ao século XXI. E, desde logo, as peticións concretas da subida de financiamento do servizo teñen que estar totalmente asumidas tanto



pola Autonomía como por parte do Estado. Non ten sentido que se estean botando os trastes uns aos outros coma se fosen unha pelota de pimpón. Ás persoas que rexen os concellos dálles igual, están aí de convidados de pedra, e, mentres, tanto a Autonomía como o Estado están botándose as culpas porque o outro non aporta o seu 50 por cento. O terceiro excluído —e aí está— é o que apoquina, cos cartiños escasos que ten, para seguir cumprindo co servizo, pero sen que teña moitas oportunidades de influír, salvo asociándose, como fai, por exemplo, no caso da Fegamp. Eu sempre digo que non debería haber necesidade de que os concellos tivesen que asociarse para reclamar o que deberían ser os dereitos municipais, se é que se lles pode chamar así.

Nada máis e moitas grazas (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para a quenda do Grupo Parlamentario Popular, a señora Arias.

RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Señora Rodil, o BNG con esta iniciativa o que veu facer aquí é poñer unha máscara, aproveitando que estamos no Entroido, porque o que vostede pretende con ela, en realidade, é tapar as súas propias vergoñas respecto das súas actitudes, respecto do financiamento da dependencia e respecto da prestación do servizo de axuda no fogar. Porque o que vostedes pretenden é desviar a atención da increíble actitude do Bloque Nacionalista Galego ao votar en contra do acordo da Fegamp e da Xunta de Galicia (*Aplausos.*) para que se incremente o 50 por cento en tres anos a axuda á dependencia, pasando de 12 a 18 euros; un incremento de 150 millóns de euros por parte da Xunta de Galicia.

Pero é que, miren, señorías, ¿vostedes lembran os orzamentos da Xunta para este ano 2026? Os do Bloque pedían que se incrementase en 15 millóns a partida para o servizo de axuda no fogar, e resulta que agora, que se incrementa en 150 millóns —cando eles pedían 15—, votaron en contra; agora votan en contra. Piden 15 e votan en contra de 150 en tres anos. (*Aplausos.*) O BNG votou en contra dun acordo que beneficia a todos os concellos galegos e, por tanto, a todos os veciños e veciñas de Galicia; un acordo ao que votaron «non» unicamente por cuestións ideolóxicas. Ou, señora Rodil, ¿quéreme dicir vostede que o alcalde nacionalista da Pobra de Brollón vai dicir que non a 232.000 euros a maiores para o servizo de axuda no fogar?, ¿ou que o alcalde de Carballo vai dicir que non a 1,4 millóns de euros?, ¿ou que o alcalde de Mazariños vai dicir que non a 400.000 máis?, ¿ou que o alcalde de Pontevedra vai dicir que non a 2,3 millóns de euros máis para o servizo de axuda no fogar, cando só está atendendo o 25 por cento das persoas que o solicitaron e cando é o concello —ou un dos concellos— de toda España que menos inviste en políticas sociais? ¿Ou vai dicirme vostede que a alcaldesa de Santiago, que criticou este acordo, vai dicir que non a 2,7 millóns de euros a maiores para o servizo de axuda no fogar? Estou expectante por sabelo, e todas as veciñas e veciños de todos os concellos onde goberna o Bloque Nacionalista Galego teñen esa mesma expectación.

Mire, señora Rodil, é que a careta non lla sacou o Partido Popular ao Bloque; a careta sacáronlles os seus propios socios, os do Partido Socialista, cando o señor voceiro da Executiva



do PSdeG, o señor Torrado, en rolda de prensa, dixo: «Este é o acordo que defendía o Bloque Nacionalista Galego ata que se chegou a un acordo».

Mire, señora Rodil, non é unha chantaxe, son 150 millóns de euros para todas as galegas e os galegos que teñen necesidade do servizo de axuda no fogar; un servizo que multiplicamos por 6 desde que goberna o Partido Popular en Galicia e que chega a 23.000 persoas.

E, señora Longueira, non é culpa do Partido Popular que sexa competencia dos concellos a prestación do servizo de axuda no fogar; foron vostedes, no ano 2008, xunto co Bloque Nacionalista Galego, os que aprobaron a lei, que di que así ten que ser. Nós coincidimos en que esa carga é moi pesada para os concellos, e, como sabemos que esa carga é moi pesada, a Xunta de Galicia na anterior lexislatura incrementou un 24 por cento a súa aportación, desde os 9 euros e medio ata os 12, e nesta lexislatura vai incrementar o 50 por cento, 150 millóns de euros. E claro que ten que ser máis, ¡por suposto!, porque o Goberno do Estado ten a obriga de cumprir a súa propia lei socialista. Efectivamente, señora Longueira, ten a obriga de cumprir a súa propia lei e de pagar o 50 por cento que lle corresponde da Lei de dependencia. *(Aplausos.)* Iso será o que exixiremos e iso será o que seguiremos exixindo, porque, efectivamente, os concellos de Galicia necesitan máis cartos para a dependencia e máis cartos para o servizo de axuda no fogar.

Pero vostedes calan; vostedes calan mentres ao País Vasco se lle paga o 50 por cento e a nós se nos reduce do 40 ao 35 por cento. Calan vostedes e calan tamén dende o Bloque Nacionalista Galego. E aínda teñen a cara, señora Longueira, de vir aquí dicir que o seu Goberno de esquerdas é un goberno que está a favor dos dereitos sociais. ¡Por favor! ¿É estar a favor dos dereitos sociais recortarlle os recursos a quen máis os necesita, aos da ELA, aos dependentes..., a todos os que máis o necesitan?

Mire, señora Rodil, ¡tan bravos en Galicia e tan mansos en Madrid! Vostede veu hoxe aquí botar balóns fóra, porque o BNG non ten que ameazar con levar a Sánchez ao xulgado para que pague o 50 por cento da Lei de dependencia. O BNG ten a solución na súa man. ¡Pero se vostedes asinaron dúas veces, no ano 2020 e no ano 2023, un acordo para que Sánchez estea na Moncloa que incluía que se pagase ese 50 por cento da dependencia! ¡Váianse!, ¡díganlle que non a Sánchez!, non busquen desculpas, non tiren balóns fóra dicindo agora que queren ir aos xulgados. Vostedes teñen nas súas mans a solución. ¡Fágano!

Pero é que aínda hai máis. Vostedes nin sequera están en contra de que o Goberno de Sánchez nos prohiba seguir facendo a avaliación da discapacidade e da dependencia nun só trámite, que fixo que os discapacitados, as persoas con discapacidade de Galicia, aforrasen 114 millóns de euros o ano pasado. Por esa razón o PSOE prohibenos que se siga facendo, e a vostedes parécelles fantástico. ¡Se vostedes están aquí para defender os galegos, señorías!, ¡xa se nota! Vostedes están aquí para defender a Sánchez a custa dos galegos e de quen faga falta.

E o da señora Longueira, a verdade, é que non sei como cualificalo. Eu entendo que ten que ser moi complicado ser deputado socialista en calquera parte de España, pero moi especialmente aquí, en Galicia... Bueno, ser deputado, ser alcalde ou mesmo ser afiliado. E o exemplo máis palpable vémosto, precisamente, con este acordo que se aproba na Fegamp para que



todos os concellos de Galicia pasen a percibir de 12 a 18 euros a hora polo servizo de axuda no fogar. Resulta que a cousa é que o presidente da Fegamp, o socialista e alcalde de Vilagarcía, Alberto Varela, asinaba este acordo; un acordo que votaban a favor todos os concellos socialistas de Galicia que están representados na Fegamp. Ao mesmo tempo —xa o dixen—, tamén o voceiro da executiva do PSdeG, o señor Torrado, se mostraba claramente a favor; polo cal deduciamos todos que, efectivamente, o PSOE estaba a favor deste acordo e que era un bo acordo para os concellos do PSOE, do Bloque e do Partido Popular. Pero, ¡ah!, entón, faláron o señor Besteiro e a súa número dous e dixeron que estaban radicalmente en contra. E perdóenme, pero teñen que entenderme, señora Longueira. Os galegos en xeral, e eu en particular, estámonos preguntando agora mesmo: ¿quen fala, en realidade, en nome do PSOE en Galicia?, ¿falan os alcaldes e o presidente da Fegamp?, ¿fala o suposto líder e a súa número dous? ¿En nome de quen fala o señor Besteiro?, ¿en nome propio? En fin..., é un lío que vostedes terán que aclarar, porque o noso, señorías, é seguir traballando para conseguir que as galegas e os galegos teñan cada vez mellores servizos, máis prestacións e para poder satisfacer as necesidades que teñen, mentres o Bloque e o Partido Socialista se dedican a enredar entre eles e a enredar para que Galicia non teña o que merece por darllo ao señor Sánchez.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Turno de peche para a autora da moción, a señora Rodil.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Eu tamén, para que non me esqueza, quero agradecer o apoio a Democracia Ourensana.

Non imos aceptar a emenda que presenta o Partido Socialista. Eu o que lamento, señora Longueira, é que vostedes o que puxeron na emenda non o puxesen no acordo que defendeu a Fegamp sobre o financiamento do sistema do servizo de axuda no fogar e que, en vez de pelexar polo dereito das dependentes galegas, pois fixesen que os concellos deste país se tivesen que someter á chantaxe e á imposición do Partido Popular.

Porque eu, por aclarar tamén un pouco o debate, quero recordar que a Xunta de Galiza non ten que acordar nada coa Fegamp para subir, baixar ou conxelar o sistema de financiamento do servizo de axuda no fogar ou de calquera outro servizo vinculado á dependencia. Por iso é unha chantaxe, por iso é unha imposición o que fixo o Partido Popular, e alá cadaquén —dixémolo desde o BNG desde o primeiro momento— e alá quen quixo someterse a esa chantaxe e levar con el de reféns a todos os concellos deste país.

E a min faime moita graza o que oímos moito estes días no argumentario do Partido Popular. Din que os alcaldes do Bloque Nacionalista van renunciar..., ¿a que, señora Arias? ¿Os cartos son seus?, ¿son do Partido Popular? ¡Os cartos son das galegas e dos galegos! ¿A que van renunciar as alcaldías deste país?, ¿a que queren renunciar? ¡A ter que seguir pagando un servizo de axuda no fogar que non teñen que pagar por lei! (*Aplausos.*) E ese infrafinanciamento, esa falta de recursos económicos, que non poñen nin a Xunta do Partido Popular nin o Go-



berno de España, é o que mantén afogado e quebrado un servizo que é esencial para garantir as condicións de vida e o benestar das galegas e dos galegos. Tamén hai que dicir que cada vez menos, e aí están os datos do Imsero, porque esta situación de quebra práctica do servizo de axuda no fogar o único que fai é que mermen, que mingüen as persoas usuarias deste servizo, e comprobámolo con case 1.700 persoas usuarias menos no pasado ano 2025.

E di que o quere o BNG é desviar a atención... ¡Home!, curiosa forma que temos de desviar a atención sobre esta cuestión cando a traemos a debate. Se se fala do financiamento do servizo de axuda no fogar neste pleno é porque o Bloque Nacionalista Galego defende esta moción —e antes a súa correspondente interpelación—. O que queremos é poñer o foco aí.

Porque claro, eu oíu a señora Arias dicir: «150 millóns de euros en 2028...». Claro, non, pero la realidade, falando a ras de chan... A realidade material é a que viven as persoas usuarias e as traballadoras que sosteñen co seu lombo o servizo de axuda no fogar, que custa de media 24 euros a hora, e vostedes e o Estado van pagar en 2028, dentro de dous anos, como moito, 18 euros a hora que se preste. Señora Arias, iso nin rescata nada nin garante dereitos, iso non blinda o servizo de axuda no fogar. O único que fai é mantelo na quebra práctica na que se atopa.

E logo, ¡home claro!, o papel terma de todo. Vostedes poden poñer aí a cantidade de euros que queiran, porque logo a execución orzamentaria que aparece publicada cada ano, esa liquidación das transferencias finalistas que se lles fan aos concellos publicadas no *Diario Oficial de Galiza*, é ben outra: en 2025, o Goberno do Partido Popular recortoulle 17 millóns de euros ao SAF; en 2024, 18 millóns de euros; e deixaron sen executar, entre 2022 e 2025, señora Arias, 40,5 millóns de euros. E eu preguntome: ¿por que non se puxeron á disposición dos concellos eses recursos económicos? ¿Sabe por que non se executan todas as partidas orzamentarias? Porque a situación de infrafinanciamento na que se atopa o SAF, delegando nos concellos o sostemento económico dun servizo que non teñen que pagar, fai que non se poidan nin sequera prestar as horas que teñen asignadas as corporacións municipais ou as entidades locais, neste caso, que son as que prestan o propio servizo de axuda no fogar.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar, señora Rodil.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: Nós, señora Arias —si, remato presidenta—, imos seguir defendendo o mesmo que leva defendendo o Bloque Nacionalista Galego desde hai anos: que se incremente o prezo da hora, axustándoo ao custo real do servizo, que está hoxe —non en 2028— en 24 euros a hora, e tamén que se garanta o cumprimento do cen por cento do seu financiamento entre a Xunta e o Estado. Xa vemos que o Partido Popular é moi áxil...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: ...para ir á xustiza a negarlles dereitos a nenos migrantes, pero queda de mans cruzadas...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.



OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: ...cando se trata de defender os intereses das persoas dependentes deste país. (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Continuamos coa seguinte moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada María Montserrat Prado Cores, sobre as medidas postas en marcha polo Sergas no marco do Plan galego de saúde invernol 2025-2026

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da súa deputada María Elena Espinosa Mangana, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición.

Na parte resolutiva da iniciativa débense engadir dous novos parágrafos ab initio que terán o seguinte contido:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a presentar o Plan de Inverno 2026-2027, ante este Parlamento antes da súa entrada en vigor.

O Parlamento de Galicia, insta a Xunta de Galicia a presentar ante este Parlamento, no prazo máximo de 3 meses, un informe contrastado por área sanitaria das previsións realizadas pola Consellería de Sanidade respecto do Plan de Inverno 2025-2026 e a realidade que se produciu».)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para a súa defensa, ten a palabra a señora Prado Cores.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: Grazas, presidenta.

Pois seguimos falando de sanidade, ¿non? Hoxe o BNG trae aquí unha moción derivada da interpelación que lle fixemos no anterior pleno ao conselleiro de Sanidade, e non contestou a ningunha das cuestións que lle plantexabamos. Volveu facer escapismo hoxe..., pero hoxe coa gravidade de que el mesmo veu por vontade propia e dixo que era para presentar un plan. Eu non sei se os deputados e deputadas que están aquí foron capaces de albiscar algo parecido a propostas. Bueno, esa é a consideración que lle teñen ao Parlamento galego. E incluso logo, cando dixo que ían presentar medidas, non falou de orzamento, non falou de aumento de persoal..., non dixo absolutamente nada. Bueno, di: anunciamos... Os anuncios son gratis aquí, nesta Cámara, e incluso dixo que había que ter unhas consideracións: primeiro, que hai un aumento da demanda —unha novidade importantísima—, logo, que hai un incremento da carteira de servizos —raqúitica, realmente raqúitica— e que incluso había



un cambio de mentalidade dos profesionais. Claro, cando un escoita iso en boca do conselleiro, pois dirá: ¿pero a que se refire co cambio de mentalidade? Non sei se se refire a que hai profesionais que non están dispostos a traballar 24 horas ao día —supoño que se refire a iso, ¿non?—, que non priman facer caixón e que non priman os ingresos económicos sobre un mínimo de calidade de vida. Supoño que se refire a iso. E, claro, iso parece que lle crea un problema ao Partido Popular. Parece que lle crea un problema que haxa profesionais que queiran ter tempo libre, que queiran ter tempo para dedicarlle á familia, que poidan planificar e que non teñan que estar á disposición as 24 horas do día por se os chaman para: a ver se me fas esta garda que non teño a ningún; a ver se aceptas este contrato dunhas horas... Esa é a consideración que lles ten o Partido Popular aos profesionais.

Con cada nova intervención, con cada nova comparecencia, vese que é evidente que non planificaron, que non quixeron planificar, e que usan a mentira permanente como bandeira. E parécelles un escándalo que en 2018 houbese unha certa conciencia de que había que actuar porque había poucos profesionais, pero non lle parece un escándalo que no 2011 o propio Sergas xa tivese un plan de recursos humanos que quedou aí publicado, no *DOG*; é dicir, non lle parece un escándalo no 2011 e si lle parece no 2018. E podíamos seguir...

A moción do BNG hoxe só pide información. Dígoo por se hai alguén que nos está escoitando e logo, ao escoitar a intervención do Partido Popular, pode parecerlle que votan en contra porque o que pedimos é algo inaceptable. Pero só pedimos información. Hoxe o conselleiro veu dicir que no prazo de seis meses, despois de prometerlo no 2019, van presentar un plan de recursos humanos. E, claro, para presentar un plan de recursos humanos, hai que ter información; ter información é o mínimo. E a información que demandamos hoxe aquí deriva do que pasou de novo este inverno. Chámanlle Plan de inverno ao aumento de casos, fundamentalmente por enfermidades respiratorias —non só, pero fundamentalmente—.

Entón, o que pedimos hoxe é algo, de verdade, increíble: queremos saber cales son as medidas postas en marcha no que anunciaron como Plan galego de saúde invernal 2025-2026, porque o que nos trasladan as xuntas de persoal é que a eles non llelo fixeron chegar. Os profesionais son os encargados de aplicar teoricamente o Plan de inverno, de coñecer as medidas, de coñecer o aumento de persoal e os reforzos; pois aos profesionais non llelo fixeron chegar. Entón, pedimos saber cantas persoas se contrataron, en que categorías, cantas en cada hospital e cantas en atención primaria. Algún destes plans que coñecemos —porque alguén próximo aos equipos directivos nolo fixo chegar— para a atención primaria non contemplaba absolutamente ningún reforzo, e para a hospitalaria, cando a auga lle chegaba á altura do pescozo, pois decidían contratar algún persoal de enfermería; cando xa estaba á altura do queixo, algún TCAE; e ir abrindo as camas... Bueno, así.

Entón, nós queremos saber como se planifica para saber se hai que cambiar as cousas; parécenos do máis razoable. Queremos saber cantos PAC estiveron cos equipos completos, porque a información que temos é que houbo algúns PAC que quedaron en descuberto; é dicir, sen ningún persoal facultativo —podemos falar de Cangas, podemos falar da Guarda...—. Quedaron sen ningún. Entón, gustaríanos saber cal foi a planificación para garantir que isto non pasase, ou se se tomou nota e se vai facer algunha actuación para que non volva pasar.



E queríamos saber a relación da espera media para ser atendidos nos servizos de Urgencias, porque é un dato moi relevante. O que non vale é dicir que se aplica a triaxe —que nos parece moi ben— e que se atenden os casos urxentes ou de emerxencia vital; tamén é importante saber cantas horas están agardando nos servizos de Urgencias as outras persoas que teñen doenzas, porque iso significará que haberá que implementar medidas para que iso non ocorra.

Pois respecto dos tempos de espera agardando nos servizos de Urgencias para ser ingresados, pola información que temos, en hospitais como o Chuac, o CHUS ou o Cunqueiro, hai que dicir que houbo persoas que estiveron días agardando en Urgencias. E eu lémbrolle que os servizos de Urgencias son zonas de paso e que non están preparadas para facer un seguimento, como nas plantas, nin teñen as condicións para facer ese seguimento. Entón, teñen persoas en padiolas, en moitos casos, ou en cadeiras agardando ter unha cama, estar en observación, para logo, no mellor dos casos, poder ter esa cama. Haberá que saber cales son esas medias para poñer medidas en marcha —digo eu—, porque, se non, o resto é o que dixo aquí o conselleiro: bueno, iremos facendo algunha cousa.

Hai unha relación de persoas que tiveron que volver aos servizos de Urgencias unha vez que foron dadas de alta. ¿Por que? Porque, neses plans de urxencias que coñecemos, unha das medidas para ter camas dispoñibles e drenar as persoas de Urgencias é «alixeirar as altas» —textualmente—. E claro, ¿que significa alixeirar as altas? Son altas que non estaban previstas; altas que aínda tiñan pendente facer probas; din: dámoslles a alta e logo xa volverán. ¿Cantas desas persoas volveron aos servizos de Urgencias para volver ser ingresadas e en cantos días? É un dato relevante para ver a calidade que se está prestando.

E respecto do tempo medio en abrir camas, como dixen antes, ¿por que non se teñen, desde o principio do aumento da demanda, todas as camas dispoñibles e o persoal contratado en vez de agardar a que a xente leve días amoreada en Urgencias para ir abrindo unhas poucas, contratar persoas por días e, en canto queda algunha, volver despedilas? A nós parécenos que ese non é o mecanismo. Ou tamén nos parece moi relevante saber cal é o número de doentes que se derivaron a hospitais privados durante a duración dese Plan de inverno. ¿Cantas persoas foron derivadas por falta de recursos na sanidade pública? ¿Son cuestións...? ¿A alguén lle parece...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señora Prado.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: ...que non se pode dar esta información? Se non se quere dar, se nin sequera se vai votar aquí a favor de que a Xunta facilite estes datos, a pregunta é: ¿que teñen que ocultar para que o conxunto dos galegos e das galegas e os profesionais non teñan esta información? Os galegos e galegas queren poder saber en que situación está a sanidade pública. Quen algo oculta, é que non quere que se coñeza a realidade. (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Na quenda do Grupo Parlamentario Socialista, a señora Espinosa.



MARÍA ELENA ESPINOSA MANGANA: Grazas, presidenta.

O domingo día 1 celebrouse unha manifestación en contra da política sanitaria da Xunta de Galicia. A pesar do vento e da choiva, unha vez máis, a praza do Obradoiro encheuse de cidadáns e cidadás que quixeron facer visible o seu malestar e reclamar unha sanidade pública, forte e accesible para todos e para todas. Esta resposta masiva da sociedade galega non é un feito illado nin puntual, senón a consecuencia dun descontento acumulado ao longo do tempo.

Dende o pasado verán un total de 33 plataformas de toda Galicia organizaron concentracións e mobilizacións en defensa da sanidade pública. Estas protestas teñen como eixo común a denuncia do progresivo desmantelamento da atención primaria, o incremento das listas de espera, a manipulación ou falsificación destas, o colapso das Urxencias hospitalarias, o peche de centros de día, maioritariamente no rural, e, en xeral, a grave falta de profesionais sanitarios, especialmente médicos de familia e pediatras.

¿E por que fago esta introdución? Porque falar hoxe dunha moción consecuencia dunha interpelación sobre o Plan de saúde invernol 2025-2026 obríganos a analizar cal é o contexto sanitario no que se produce. E este contexto non é outro que un profundo malestar da poboación galega pola deterioración dunha parte esencial do sistema sanitario público, fundamentalmente no relativo á súa xestión. Non estamos cuestionando a calidade asistencial dos profesionais, que é digna de recoñecemento, senón que o verdadeiro problema é acceder ao sistema. E falar dun plan de saúde invernol implica necesariamente falar da atención primaria, eixo fundamental e principal porta de entrada ao noso sistema sanitario. Non se pode elaborar nin aplicar ningún plan eficaz se ao mesmo tempo non se incrementan os recursos na atención primaria.

Non vou repetir o que dixen anteriormente, na comparecencia que fixo o conselleiro, vou pegar un salto e deixar aparcado o tema das prazas de médicos para centrarme noutras, como poden ser as prazas de enfermería e as doutras especialidades tan necesarias na atención primaria, que non dependen para nada do Goberno de España. Cubríndoas seguramente estaríamos mellorando tamén a nosa atención primaria, porque esta falta de accesibilidade tradúcese en atrasos de semanas, e nalgúns lugares incluso de meses, para pedir unha consulta, que en moitos casos acaba sendo telefónica. Mentres tanto —e estoume situando na época dos virus da gripe e doutras infeccións respiratorias—, estes virus camparon ás súas anchas e afectaron especialmente persoas maiores, nenos e persoas con patoloxías previas.

Volverémolo dicir unha e outra vez, esta barreira de acceso á atención primaria provoca que as persoas enfermas e os seus familiares se vexan obrigados a tomar dúas vías: ou ben acoden á sanidade privada, asumindo un custo que non todo o mundo se pode permitir; ou ben acaban colapsando os servizos de Urxencias hospitalarias, que xa de por si se atopan nunha situación límite. Cómpre deixar claro que as infeccións respiratorias propias do inverno non foron a causa do colapso das urxencias, senón simplemente a pinga que colmou o vaso dun sistema xa saturado e deteriorado previamente.

Na interpelación formulada ao conselleiro preguntábaselle en que consistiu o Plan de saúde invernol; e contou pouco, máis ben se limitou a dicir o que está publicado, e de aí o punto 1 da nosa emenda de engádegas, para que o vindeiro plan sexa presentado neste Parlamento.



Acusábanos daquela o señor conselleiro de que non liamos, de que non nos preocupabamos. Eu quero dicirlle que o noso grupo si leu o documento que está publicado, pero eu diría que é máis ben un protocolo sanitario que foi activado no mes de novembro do ano 2025. Se algo quedou claro é que, á vista do que coñecemos polos medios de comunicación, o plan non funcionou. E falásemos da área sanitaria que falásemos e do medio que publicou as noticias —agás quizais a TVG—, temos que dicir que é responsabilidade da Xunta analizar por que fallou este plan, e de aí o noso punto 2 da emenda de adición.

O noso grupo non ten intención de ser catastrofista nin dramático, pero, á diferenza do conselleiro e do Partido Popular, nós vivimos a realidade cotiá da cidadanía e non vivimos nun mundo idealizado. Resulta especialmente indignante que se lle tenten cargar as responsabilidades do colapso asistencial á folga do Estatuto marco. Vou revisar algún dato: en novembro, non houbo ningún día de folga —e xa tiñamos algo de gripe—; en decembro, houbo catro días, do 9 ao 12; e, en xaneiro, os días 14 e 15. Segundo as propias cifras do Sergas, o seguimento foi moi moderado; por dar algún dato, apenas o 6,35 por cento na atención primaria, na quenda de mañá, sendo aínda menor na quenda da tarde. ¿Como se pode afirmar, entón, que esta foi a causa principal do colapso? Perdoen que me deteña neste punto, pero doe que se empregue calquera desculpa para non asumir responsabilidades.

Resulta chocante que o Partido Popular non teña a valentía de dicir que as peticións de varias asociacións médicas non son competencia do Ministerio —e quería aclarar isto porque sae reiteradamente— e que tampouco teña a valentía de dicir o que significa ter un estatuto propio, porque estou esperando a que tamén teñan o valor de dicilo; pero calan, que é moito máis cómodo.

A realidade é que a falta de médicos en atención primaria, as duras condicións laborais do persoal sanitario e a mala xestión da Xunta nesta materia —tamén nos efectivos de Urxenxias— non soamente son as causas desta situación. O propio conselleiro afirmou literalmente que —abro comiñas— «un sistema sanitario sólido non é o que mete todo no hospital, senón o que resolve moito antes, preto da casa, con profesionais que filtran, diagnostican e resolven só cando é necesario» —e pecho as comiñas—. Compartimos plenamente esta reflexión, pero, para que iso sexa posible, eses profesionais teñen que existir, porque onde non hai persoal non se pode nin filtrar, nin diagnosticar, nin resolver. Como dicimos os gallegos: de onde non hai, non se pode sacar.

Polo tanto, remato xa dicindo que a nosa emenda trata de sumar a eses datos que se plasman na moción do BNG, para que sexa o máis completa posible.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

O señor Ojea renuncia á súa quenda de intervención.

Pásolle, entón, a palabra á voceira do Grupo Parlamentario Popular, á señora Amigo.



MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: Moitas grazas, presidenta.

Bos días de novo a todos.

Señorías, permítanme que empece polo esencial, porque nesta Cámara, aínda que non o pareza, ás veces é necesario volver ao fundamental. As Urgencias son un servizo crítico, sensible e de máxima exixencia. Precisamente por iso non merecen alarmismo nin titulares fáciles, senón rigor, responsabilidade e solucións reais que melloren a atención aos pacientes, algo que á oposición parece non importarlle.

Vostedes con esta moción non achegan ningunha proposta de mellora, senón que se limitan a exixir informes con carácter inmediato e con fins políticos. Parten dun relato de colapso que non se sostén cos datos e, ademais, ignoran deliberadamente tanto a planificación realizada pola Xunta de Galicia como a responsabilidade do Goberno de España na situación actual do sistema sanitario.

Vostedes non falan de reforzos asistenciais concretos, nin de reorganización de circuitos, nin de coordinación cos PAC, nin de prevención, nin da atención á cronicidade nin de criterios clínicos. Non hai nin unha soa medida sanitaria concreta; o que se pide é que se remitan ao Parlamento eses informes con carácter inmediato, como se facer un documento fose unha solución asistencial por si mesma. O que fai o Bloque Nacionalista Galego é o de sempre: usar a sanidade pública como ferramenta de confrontación política, alimentando unha imaxe catastrofista que non se corresponde para nada coa realidade, xerando incertezas e desconfianza na cidadanía. Iso é o que mellor fan, e iso, señorías, non mellora a sanidade pública; todo o contrario.

A súa ideoloxía, señora Prado, ese modelo da UPG que vostedes queren —modelo Venezuela, modelo Cuba, quizais modelo Irán— nós non o queremos e os galegos tampouco o queren, señorías. (*Aplausos.*) Vostedes, señora Prado, non saben xestionar. Tiveron a oportunidade no Bipartito de xestionar pero os galegos falaron claro, señorías, e nunca máis lles deixaron volver.

Pero imos falar dese suposto colapso do que vostedes falan. Pois, miren, colapso implica ruptura do sistema, incapacidade para atender urxente, paralización da atención; e iso, señorías, non aconteceu en Galicia. Cada doente que foi a un servizo de Urgencias, ben sexa de PAC ou ben sexa de urgencias hospitalarias, foi atendido. E vostedes saben que, cando un entra en urgencias, hai unha triaxe que funciona correctamente: aténdese sempre o máis urxente e, o que pode esperar, espera. (*Aplausos.*) E en Galicia ningún doente —repito— quedou sen atender; ningún doente, señorías, quedou sen unha cama. A atención urxente estivo garantida en cada momento. E teño que dicilo con claridade, porque a responsabilidade tamén é, señorías, tranquilizar a poboación, dicir a verdade e non alarmala. Claro que isto, señorías, evidentemente non vai con vostedes, non o teñen no seu catecismo.

Cada inverno prodúcense picos de demanda, especialmente os asociados a infeccións respiratorias, claro que si. Iso é coñecido, previsible e recorrente. E a diferenza entre un sistema que funciona e un que falla é se existe planificación e se existe anticipación, e o



sistema sanitario galego planifica e anticipase. Galicia cada ano activa un plan sanitario de inverno que inclúe reforzos asistenciais, prevención e planificación das camas de continxencia, reorganización de circuitos, coordinación entre a atención primaria, os PAC e os hospitais e campañas de vacinación e de vixilancia epidemiolóxica. E este ano este plan activouse xa no mes de novembro, antes dos picos máis intensos e incluso antes de que o Ministerio reaccionase a nivel estatal. Polo tanto, o debate serio non é se hai días con máis presión asistencial —que si os hai, e iso pode ocorrer—, senón se o sistema está preparado para priorizar esas urxencias que todos os invernos ocorren con seguridade. E a resposta, señorías, é si. O sistema está preparado, si. *(Aplausos.)*

Nas urxencias, como lles dicía antes, existe esa triaxe que está recoñecida internacionalmente e en Galicia funciona, e isto funciona e protexe os pacientes. E cando imos aos datos, señorías, o relato do colapso cae por si só. O conselleiro deulle información no pleno pasado, eu non sei se vostede prestou atención e se entendeu esa información, aí xa non chego. Mire, entre o 1 de decembro do 2025 e o 15 de xaneiro do 2026 atendéronse 150.961 urxencias hospitalarias en Galicia, cifras similares ao inverno anterior. A presión asistencial situouse no 72,1 por cento e a capacidade hospitalaria incrementouse con 7.007 camas dispoñibles. A habilitación de camas adicionais, cando foi preciso, estivo por riba mesmo do ano anterior. E isto son datos, señorías; non son opinións. Isto eu recollino da anterior intervención do conselleiro.

Pero hai algo máis que o Bloque oculta deliberadamente: as urxencias non empezan nin rematan nos hospitais. A primeira liña de atención ao doente é no seu médico de familia, na atención primaria, despois, na atención extrahospitalaria, especialmente nos PAC, que teñen un papel fundamental para evitar que ese doente urxente chegue á saturación hospitalaria. Durante o período de maior presión do Nadal, por exemplo, na área sanitaria de Vigo —que a vostedes tanto lles gusta poñer en evidencia aquí— os PAC atenderon 14.579 urxencias, resolvendo ao redor do 90 por cento. Só o 10 por cento dos pacientes que foron aos PAC acabaron nas urxencias hospitalarias. Esta dinámica repetiuse en todas as áreas hospitalarias. E isto é fundamental porque, se queremos mellorar as urxencias, non podemos falar só do hospital; temos que falar de coordinación, de circuitos asistenciais, de prevención e de planificación.

Pero aquí entra outro aspecto que no BNG tampouco queren poñer no centro: a vacinación e a prevención. Preto de un millón de galegos vacináronse este ano, e iso fixo que se reducisen as complicacións, os ingresos e a presión asistencial. *(Aplausos.)*

E, finalmente, chegamos a un elemento que tanto BNG como o PSOE deciden silenciar: o contexto estatal de conflitividade laboral vinculada á negociación do Estatuto marco que a vostede, señora Espinosa, parece que non lle parece importante. Pois mire, este inverno producíronse paros e folgas que provocaron a suspensión de máis de 80.000 actos asistenciais, señora Espinosa. Vostede dixo que non, que non era importante. E, mire, resulta chamativo que quen presenta esta moción non lle exixa absolutamente nada ao Ministerio. De feito, nin tan sequera foron capaces de votar a favor da iniciativa plenaria na que nós solicitabamos ao Ministerio que dialogase cos médicos; que son parte fundamental os médicos, señoría, no sistema sanitario. Todos son importantes no sistema, pero os médicos os que máis, porque son os que diagnostican.



Mire, a súa estratexia, e falaba tamén a señora Espinosa... Olvidábame da manifestación de Compostela. Eu non sei se vostede coñece —xa se dixo aquí antes— a estratexia esa do BNG de rebentar o sistema sanitario, as asembleas do sindicato da CIG, que chegan a sinalar como obxectivo colapsar as urxencias e a atención primaria aproveitando a tempada de gripe, señora Espinosa. Claro, todos estes son os que despois levan enganados aí ás manifestacións. Mire, é lamentable, lamentable. Vostedes saben e coñecen que a Consellería de Sanidade fai o seu traballo, que planifica, que reorganiza, que reforza e que habilita as camas cando son precisas. E, fronte a iso, a oposición trae unha proposta que só pide informes inmediatos para alimentar o seu relato político...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematando, señora Amigo.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: ...única e exclusivamente.

Remato xa. Como xa imaxinaban, nós imos votar en contra, porque parte dun relato falso de colapso e porque ignora tanto a planificación da Xunta como a responsabilidade do Goberno de España na falta de médicos da que tanto falamos aquí.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Turno de peche para a autora da proposición, señora Prado.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: Grazas, presidenta.

¿Sabe que nos din moitas persoas que seguen as sesións plenarias, ou as comisións ou logo o ven en *streaming*? Pois moitas persoas chaman, mandan mensaxes polas redes sociais e din: «¿como sodes capaces de aguantar un día tras outro tanta mentira?» (Interrupcións.) Claro, algún profesional, ou os miles de galegos e galegas que non tiveron cita en todo o mes de decembro en atención primaria —que a principios de xaneiro había un ou dous ocos ou ningún—, as persoas que ían ter cita mañá e que as chaman dicindo que non porque non hai médico, os profesionais que están ao límite ou os profesionais de urxencias, ¿sabe que din? «Vivimos na trinchera permanente». ¿Que cre vostede que pensarán ao escoitala a vostede?, ¿que pensarán? Que estamos en mans de persoas ás que lles dá igual a realidade. Isto é o trumpismo, a ultradereita; dá igual o que pase que o deles é o relato, o relato da mentira, o relato da mentira permanente. (Aplausos.) Atrévase a ultradereita a dicirlle ao populacho que «o sistema está preparado». Claro, porque as persoas que non son do noso contorno poden esperar días con dor, que non pasa nada, que iso é que o sistema está preparado. Poden agardar horas a ser atendidos en urxencias, logo ser atendidos en corredores sen intimidade, nin as persoas nin os profesionais que os atenden; sen o mínimo de dignidade. Poden agardar horas aí, poden agardar días para ser ingresados, porque a eles parece ser que non lles pasa. Pero *al común de los mortales* iso é que «o sistema está preparado». ¡Home claro! O sistema está preparado. A min que non me toque, nin ao meu contorno, pero, ao resto, «o sistema está preparado».



É así, señora Amigo. Saia á rúa e pregúntenlle a xente. ¿Por que cre vostede que se está mobilizando o país dun lado a outro? ¿Por que cre que se está mobilizando dun lado ao outro? ¿Vostedes cren que cando unha persoa está mal van ter a non sei cantos deputados, non sei cantos conselleiros, non sei cantos presidentes da Xunta chamando para interesarse a ver que tal están? ¿A ver que tal están atendidos? Está claro que non, que non teñen alternativa. E, sobre todo, as persoas máis vulnerables quedan tiradas porque non teñen alternativa nin recursos para pagar a sanidade privada. E a vostedes dálles igual, dálles absolutamente igual. (Aplausos.)

E por iso volvo repetirles: a dignidade dun pobo ao que non lle dá igual non vai aceptar como normal as súas mentiras. Non van aceptar como normal que lles estean roubando continuamente o dereito a unha sanidade pública, digna, de calidade, cando a precisan, non un mes despois, nin un ano despois; cando a precisan. Por iso enchen de dignidade a praza do Obradoiro. E vano seguir facendo, porque un goberno...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: ...mandado polos bancos ou polas multinacionais sempre terá débedas, e cada día máis. E unha sanidade pública mandada polas multinacionais nunca vai atender as doenzas, senón que as vai converter en nicho de negocio. Por iso os galegos e galegas se levantan, para que vostedes actúen. Porque cada persoa que non ten unha cita é nicho de negocio para privada; cada neno ou nena que non ten pediatra é nicho de negocio para a sanidade privada; cada persoa que espera horas no servizo de urxencias é nicho de negocio para a sanidade privada; cada persoa para a que, desde que lle diagnostican unha doenza...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar, señora Prado.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: ... ata que lla resolven pasan meses e anos é nicho de negocio para a sanidade privada. E para iso é para o que actúa o Partido Popular. Tan é así, que hoxe nin sequera se atreven a votar a favor de que teñamos información. Hoxe o BNG só pedía información. Temos feito propostas de todo tipo...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, señora Prado.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES ...sempre co valado do Partido Popular. E nin sequera se atreven a que teñamos información fidedigna. Iso é o nivel no que vostedes teñen a sanidade pública. (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Rematado o debate desta iniciativa, suspendemos a sesión, que será reanudada ás 16.30 horas.

Bo proveito a todos e todas.

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e seis minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): ¿Quen leva do Partido Socialista esta iniciativa? ¿Font? Vale.

Boa tarde.

Reiniciamos a sesión, no apartado de mocións.

Moción do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Iglesias Rey, sobre as características do modelo de financiamento autonómico que propón a Xunta de Galicia para a nosa Comunidade logo dunha eventual aceptación da quitación de débeda pública que ofrece o Goberno central

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): A esta moción —silencio, por favor— preséntouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Noa Olalla Presas Bergantiños, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

Débese substituír o contido do punto 3 da parte resolutiva polo seguinte:

«3. Transmitir ao Goberno do Estado o rexeitamento do arco parlamentario galego á proposta de reforma do sistema de financiamento avanzada por prexudicar intolerablemente os intereses do noso país e empeorar criterios fundamentais para o sostemento dos servizos públicos esenciais como a dispersión ou avellentamento así como demandar unha negociación bilateral na que abordar unha nova proposta que respecte Galiza.»)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para a defensa, ten a palabra a señora Iglesias.

PATRICIA IGLESIAS REY: Grazas, presidenta.

Boas tardes a todos e a todas.

Hoxe non estamos aquí a falar dun asunto técnico nin dun Excel, que tanto lle gusta ao conselleiro de Facenda. Non estamos tampouco ante un trámite parlamentario máis. Estamos a falar dun asunto de país: o sistema de financiamento autonómico; é dicir, de como se financian a nosa sanidade, a educación, a dependencia e os servizos públicos dos que depende a vida da xente. Iso, señorías, neste debate non pode quedar atrapado na confrontación partidista nin no seguidismo vergoñento das consignas de Génova 13. Mentres, temos feitos enriba da mesa.

O primeiro feito é que temos unha proposta seria por parte do Goberno de España. Por primeira vez en máis de trece anos, hai unha proposta real de reforma do sistema de financiamento. Este é un sistema caducado. Como sabedes, leva caducado máis dunha década. É un



sistema que estivo trece anos sen tocarse. Cando o Goberno do PP de M. Rajoy gobernaba o país non se tocou e hoxe, por primeira vez, hai unha proposta formal con cifras, con metodoloxía e cun impacto real para Galicia. En concreto, son 587 millóns de euros máis para o noso país, e isto marca unha diferenza política fundamental.

O segundo feito é que Galicia segue sen proposta galega do sistema de financiamento. Mentres o Goberno de España presenta unha proposta —que, evidentemente, pode ser negociable e mellorable—, o Goberno galego segue sen presentar ningunha alternativa propia por escrito. Non hai unha proposta galega, non hai un modelo galego e non hai cifras propias enriba da mesa. Por non haber, tampouco están redactadas as conclusións da Comisión de estudo sobre o sistema de financiamento autonómico que, creo lembrar, se constituíu alá por novembro de 2021. Seguen sen presentarse e quedaron no tinteiro; evidentemente, porque o PP quixo que fose así. Isto, señorías, é unha anomalía política grave. É unha política de brazos caídos, unha posición moi pouco valente para o país. porque Galicia non pode chegar a unha eventual negociación co Goberno de España sen voz propia. ¡Ou si! Porque a realidade deste sensentido é que a voz galega é calada por outro galego, o señor Feijóo —que é o que lle dá as ordes a Rueda—, e xa se esqueceu de falar o seu propio idioma.

Neste momento do debate vou apelar nesta moción directamente ao voceiro do Partido Popular, o señor Pazos. Dígolle, señor Pazos, que creo que é voceiro dende setembro do 2023, se non me equivoco, e as Socialistas de Galicia cremos que ten vostede unha oportunidade política real e de calado: reabrir e decidir que a bancada do Partido Popular de Galicia reabra esa Comisión de estudos sobre o financiamento autonómico, creada neste Parlamento en novembro do 2021, para poder elaborar unha proposta conxunta e unhas conclusións conxuntas sobre un sistema de financiamento que sexa suficiente para Galicia. Reabrilas, cremos nós, non é un xesto administrativo. Non é un trámite formal. É un xesto político de altura que pode demostrar que sabe facer política de talante, señor Pazos; pode demostrar que sabe construír consenso de país; e pode tamén demostrar que entende que Galicia está por riba das siglas do Partido Popular. Reabra a Comisión de estudo, señor Pazos, e faga política en maiúsculas; non a política da hipérbole e do teatro, que xa sei que niso é todo un as.

Permítame dicirlle algo con franqueza parlamentaria e dende o cariño que sabe que lle teño. *(A deputada Patricia Iglesias Rey ri.)* Dicían que co anterior portavoz do seu grupo era un pouquiño máis doado chegar a acordos de país. Iso non o din os socialistas, dise polos pasillos do Parlamento —non estaba a señora Prado, non, pero o rumor dise polos pasillos do Parlamento—. *(Murmurios.)* Non sei, señor voceiro, se prefire ser un seguidor das formas dese executor *hooligan* sen escrúpulos, que é o señor Tellado, ¡que alaba agora a Vito Quiles, por certo! *(A deputada Patricia Iglesias Rey ri.)* Vito Quiles... *(Murmurios.)* Será que esas formas duras de hipérbole e de teatro son as que se levan agora nas filas do Partido Popular, para abrazarse ben a esa extrema dereita e non confundirse co PP de Galicia. Realmente, é unha boa oportunidade para amosar que no PP de Galicia tamén hai políticos con talante dispostos a chegar a un acordo de país.

Logo está a incoherencia do PP. Cando gobernaban no Goberno de España en 2001, asina Aznar o Pacto de Majestic cos nacionalistas vascos e cos cataláns e nunca —¡nunca!— se falou de romper España. O Estado non se afundi. Pero agora para o PP, cando non go-



berna e cando se presenta unha proposta por parte do Partido Socialista, negociar convértese en traizón. Iso é incoherencia de libro e un cinismo político absoluto. ¿Que contén a proposta? Contén catro cousas que son boas: unha, os 21.000 millóns de euros postos enriba da mesa para o financiamento das comunidades autónomas; dúas, ningunha comunidade autónoma perde recursos, ningunha; tres, redúcense á metade as diferenzas de financiamento por habitante axustado; e catro, refórzase o autogoberno fiscal das comunidades autónomas. Non hai privilexios e non hai concertos para Cataluña. Hai un sistema común multilateral e negociable que responde a criterios de equidade e de solidariedade.

¿Que supón isto para Galicia? Supón 587 millóns de euros máis —poboación axustada, máis do 7,6 por cento superior á real— e un impacto positivo da dispersión territorial e do avellentamento. Hai apenas uns meses, o señor Rueda e tamén o señor conselleiro de Facenda pedían 500 millóns de euros e agora din que non a 587 millóns. ¿Hai marxe de mellora? Si, as socialistas cremos que si, que hai que negociar e que, realmente, hai marxe para mellorar o reforzamento do peso do avellentamento, a dispersión territorial e a entrada á ecuación do Fondo de Compensación Interterritorial... Pero para negociar fan falta dúas cousas, seguramente moi sinxelas pero, á vez, complexas e que exixen altura de miras, que son: un, a proposta propia galega; e, dous, vontade política, da que no día de hoxe, 10 de febreiro de 2026, carece o Partido Popular de Galicia.

Despois está a grande incoherencia de non aceptar a quitación da débeda de 4.000 millóns de euros, que é boa para Galicia, sen matices. ¿Por que é boa? É boa porque mellora a estabilidade financeira. Dicar «non» non é defender Galicia; é obedecer de novo as consignas de Génova 13. Logo, hai outra gran incoherencia: o *dumping* fiscal. Mentres se rexeitan 587 millóns de euros, postos enriba da mesa por parte do Goberno de España e din «non» á quitación de 4.000 millóns de euros, está ese *dumping* fiscal: eses agasallos fiscais selectivos para rendas e patrimonios máis altos que supoñen preto de 800 millóns de euros que non ingresarán nas arcas públicas. Iso si, a Airef tíralle ben das orellas ao Goberno galego, porque di que se vai incumprir a regra de estabilidade financeira non polo lado dos gastos, senón precisamente polo lado dos ingresos propios.

Señorías do PP, reabran esa Comisión de estudos, xa que o BNG se autoexcluíu de negociar esa proposta de país...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señora Iglesias.

PATRICIA IGLESIAS REY: ...porque defende o concerto económico, que é insolidario e, ademais, nefasto para Galicia.

Señorías, Galicia necesita máis e mellor financiamento, sen dúbida. Necesita voz propia, que non ten; necesita política da útil, que eu penso que tampouco se vai demostrar por parte da bancada do Partido Popular; e isto significa non seguir facendo seguidismo de Feijóo. Eu diríalle, señor Pazos, que actúe con intelixencia...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar, señora Iglesias.



PATRICIA IGLESIAS REY: ...liderando ese liderado parlamentario. E, por favor, reabra esa Comisión de estudos para poder chegar a unha proposta de país sobre o sistema de financiamento autonómico.

Nada máis pola miña parte. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

É a quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra a señora Presas.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todas e a todos.

Ao longo do pleno do día de hoxe falamos de atención primaria e de sanidade pública; falamos do servizo de axuda no fogar e dos coidados; e falamos tamén do colapso sanitario e das listas de agarda hospitalarias. Todo isto do que foron falando outros deputados, deputadas e membros do Goberno ao longo do día de hoxe, e que son preocupacións de primeira orde dos galegos e das galegas, ten que ver directamente co debate desta tarde. Este é un debate que, efectivamente, moitas veces pode parecer abstracto, pero que é claramente algo moi aterrado no concreto, na capacidade que ten Galiza de xestionar ou non os servizos públicos esenciais dos que é responsable. Ten que ver tamén co debate do sistema de financiamento ou, mellor dito, co debate de como, clara e evidentemente, o centralismo prexudica Galiza. Prexudica Galiza e as maiorías sociais porque é o centralismo o responsable de décadas dun mal negocio para Galiza, que afecta de forma directa os galegos e as galegas.

Efectivamente, temos un mal Goberno porque prefire, por exemplo, recortar en atención primaria — máis de 1.600 millóns de euros desde o ano 2009 — ou racanear, recentemente, o financiamento do servizo de axuda no fogar, cunha trapallada de proposta que cobre 16 euros para o 2026, cando xa hoxe o gasto medio do servizo está nos 24 euros. Temos un mal Goberno, efectivamente, un Goberno neoliberal que despreza os servizos públicos. Pero temos tamén — iso non exime do debate de fondo — un mal sistema de financiamento. Aí as responsabilidades son compartidas, porque no sistema de financiamento que temos hoxe ten unha enorme responsabilidade o Partido Popular de Galiza por consentilo e asinalo. Pero teñen responsabilidade historicamente, porque é malo este sistema de financiamento, pero tamén os anteriores, tanto o Partido Popular como o Partido Socialista no ámbito do Estado e nas súas sucursais en Galiza, que se limitan a aceptar acriticamente, como vimos hoxe, as propostas cando veñen dun lado ou doutro lado.

Que este sistema é lesivo para Galiza e que non chega para soste os nosos servizos públicos esenciais xa non é algo que diga en soidade, nin moito menos, o nacionalismo galego. Remítome, por exemplo, a ese informe do Consello de Contas, que fixo precisamente por mandato deste Parlamento galego, que cifrou o déficit anual do financiamento do noso país en 1.500 millóns de euros. ¡Son 1.500 millóns de euros, xa sen ter en conta o déficit acumulado ao longo da historia! Logo hai que vir aquí esta tarde e escoitar que temos que darlle grazas a «papá



Estado» porque nos ofrece agora un pouquiño máis de 500 millóns de euros. ¡Pois non! Desde o BNG dicimos que iso é unha oferta de migallas, absolutamente inaceptable para este país. E insistimos: este arco parlamentario debería dicir «non» de forma unánime a unha proposta que é, directamente, un insulto para Galiza. Nós dicímolos moi claro. *(Aplausos.)*

Isto pasa polo egoísmo centralista, mais estamos vendo que pasa tamén polo esforzo duns e doutros de buscar culpables noutros lados. Pode o Partido Socialista vir aquí a esta tribuna intentar convencer, unha e outra vez, a alguén ou convencer por aí os galegos e as galegas —de momento non lles está dando moito resultado— de que o problema aquí é a proposta do BNG. Ou sexa, o problema é que o BNG reclame que Galiza debe xestionar directamente os seus impostos porque iso, seica, é «insolidario». A cuestión é: ¿con quen están a ser insolidarios os demais? ¿Quen paga a solidariedade que teñen as forzas centralistas non se sabe moi ben con quen? Pois, estaa pagando Galiza cun sistema de financiamento que é inxusto para nós e que, desde logo, non debe ser aceptado.

Nós concordamos con algunhas cuestións que hai nesta iniciativa. Nós, por exemplo, señora Iglesias, estamos de acordo en que a Xunta ten que aceptar a quitación da débeda que fixo o Goberno do Estado grazas á presión das forzas soberanistas —tamén do BNG— e estamos de acordo con algunhas cuestións de matiz que vostedes introducen nesta iniciativa. Estamos de acordo con que hai que revisar criterios como a dispersión, o avellentamento etcétera, e en que estaría ben que a Comisión, mais que reactivarse, faga unhas conclusións, e punto. Mais, desde logo, emendamos o punto número 3 para elevar o listón e elevar tamén a ambición, porque nós entendemos que neste momento hai que facer dúas cousas que aínda non se fixeron.

A primeira é instar a Xunta de Galiza e que a Xunta de Galiza acepte rectificar unha estratexia que, moi evidentemente, quedou fracasada. A Xunta negouse a negociar bilateral e directamente co Estado, e o resultado é que quen negociou bilateralmente e defendeu o seu país gaña, e quen non o fixo perde, como é o caso de Galiza. E a segunda é que haxa un pronunciamento unánime e sen fisuras desta Cámara contra a proposta do Goberno do Estado.

E nós dicimos moi claramente —e hai que dicilo— que o señor M. Rajoy, mal, porque en case catro anos non fixo unha proposta, pero que o Partido Socialista botase sete anos —que se di pronto— en presentar unha proposta e traía esta a debate, pois manda truco. Hai que dicilo con todas as letras: vista a proposta, é evidente que é inaceptable para Galiza, que é unha proposta centralista, inconsistente e inxusta que empeora o que xa era malo, que aumenta a discriminación con Galiza e á que, polo tanto, por dignidade, por xustiza, este país, este Parlamento, só pode dicir que non, que non a acepta e que a rexeita.

Nós, unha vez máis, apelamos á responsabilidade de todos os axentes políticos deste país para que así o fagamos, porque hai que recordar que, en primeiro lugar, esta proposta empeora un sistema que xa era malo ao afondar no centralismo e que non supón un só avance en materia de autogoberno: o incremento do 5 por cento do IRPF e do 6,5 do IVE son anecdóticos e non compensan en absoluto o espolio fiscal que hai con este país. Unha vez máis, quero recordar só un dato. Segundo os datos definitivos da liquidación do ano 2022, se o Estado recadou en Galiza por impostos estatais un total de máis de 15.000 millóns de euros, só



recibiu apenas un pouco máis de 10.000. Isto dá un déficit fiscal de máis de 5.000 millóns de euros, e, aínda que restemos o custo dos escasos servizos que o Estado presta neste país, é evidente que a conta segue a favorecer a Galiza e que, polo tanto, está habendo un espolio fiscal e que, se houbese outro sistema, sería positivo para nós.

En segundo lugar, quero recordar que esta proposta empeora tamén unha vez máis este sistema que xa era malo ao empeorar criterios que para Galiza son insuficientes pero importantes, como o avellentamento ou como a dispersión. Non se inclúen outros novos que serían necesarios e, en termos globais, o aumento é mínimo. Galiza só recibiría un 2,8 por cento dun incremento global de 21.000 millóns de euros, fronte a unhas porcentaxes moito maiores doutras comunidades. Insistimos: non se compensa o déficit histórico e non se compensa o que nos custa en Galiza prestar servizos, nin moito menos a débeda histórica.

E, en terceiro lugar, quero recordar tamén que este sistema afonda na opacidade, na falta de transparencia e na discrecionalidade. Xa había bastantes discriminacións, e agora vemos como se afonda no marco do statu quo e como, por riba, se crea un fondo para a crise climática no que Galiza de partida xa vai optar a menos fondos, e sobre o cal, ademais, non se poñen criterios obxectivos enriba da mesa, senón que o criterio vai ser o de poboación axustada. Estamos vendo precisamente nestes meses dos incendios do verán e co que está pasando agora que Galiza si sofre a crise climática. Que llelo digan se non aos gandeiros e gandeiras que están hoxe aínda protestando nas rúas e nas estradas do noso país.

Polo tanto, en resumidas contas, nós insistimos en que hai que elevar o listón e hai que dicir «non» á estratexia da Xunta, si, pero tamén «non» a esta proposta ridícula do Estado.

E hoxe pola mañá, precisamente tamén no pleno, ademais de fálarse dos servizos públicos, falábase aquí de Castelao, e a profesora García Negro recordaba, precisamente, que este Parlamento existe, que nós estamos aquí debatendo porque existiu Castelao. Eu concordo plenamente e véxome na obriga de recordar que Castelao efectivamente foi pai, foi autor intelectual e político da nosa institucionalidade, mais tamén que, nese Estatuto de 1936, Castelao e os homes e mulleres dese momento deixaron escrito iso que hoxe tanto escandaliza uns e outros, iso da necesidade dunha facenda galega.

Como dicíamos hoxe pola mañá, levan 75 anos intentando silenciar o pensamento de Castelao, pero ese pensamento non ten caducidade e, antes que tarde, Galiza terá a chave dos seus cartos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

O voceiro do Grupo Mixto renuncia á súa intervención.

Ten agora a palabra a representante do Grupo Parlamentario Popular, a señora Sanz.

CRISTINA SANZ ARIAS: Moitas grazas, presidenta.



Moi boa tarde, señorías.

Permítanme que comece a miña intervención cunhas palabras de Santiago Lago, un dos maiores expertos en financiamento autonómico deste país, que resumen perfectamente este debate: «Galicia afúndese mentres Cataluña se dispara, e iso non se pode aceptar».

Señora Iglesias, de vostede, que presume de ser unha política independente, agardaba que empezase recoñecendo que o modelo de financiamento proposto polo PSOE para Galicia nos prexudica dobremente. Galicia sae perdendo cunha quitación da débeda trampa na que acabamos debendo máis diñeiro do que se nos perdoa, e Galicia sae perdendo cun modelo de financiamento no que pasaremos de recibir por enriba da media das comunidades a, por primeira vez na historia, situarnos nos últimos postos. Unha postura tan antigalega podería entendela de Besteiro, que é o máximo defensor do sanchismo en Galicia, pero, de verdade, non a esperaba de vostede.

En calquera caso, señorías, hoxe toca falar de financiamento das comunidades autónomas. Repiten o esquema que se utilizou hai un ano coa chamada quitación da débeda. De novo, Sánchez negocia de xeito bilateral con Esquerra Republicana, co único obxectivo de garantir as votacións en Madrid; e isto é moi grave. Estamos ante o interese persoal de Sánchez que, de novo, cede ante a chantaxe dos independentistas. Eles son os que deciden a cantidade de recursos que queren, canta débeda queren que se lles perdoe, e Sánchez sométese, Sánchez acepta cartos a cambio de votos. E, unha vez que a voracidade independentista está satisfeita, o que se intenta é branquealo no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira, nun lugar ao que vostedes chegan coas decisións xa tomadas, buscando facer un paripé.

Pero é que xa mesmo a posta en escena da proposta en tres fases foi un auténtico esperpento. Primeiro, o líder inhabilitado de Esquerra Republicana anuncia o acordo, que afecta todas as comunidades pero está feito exclusivamente á súa medida, exercendo —supoño, non sei— de voceiro do Ministerio de Facenda. Segundo, despois diso, a ministra de Facenda dá unha rolda de prensa —¡que bochorno!— confirmando as palabras ditadas por Junqueras. E terceiro —que debería ser o primeiro—, convócase o Consello de Política Fiscal e Financeira non para negociar, senón para explicar o acordo xa adoptado.

Señora Iglesias, ¿non lle fai reflexionar que, por primeira vez, todas as comunidades autónomas —excepto Cataluña, claro—, independentemente da súa cor política, rexeiten a proposta? Supoño que non todas atenden a chamada de Génova 13, como tanto lles gusta dicir, como dixo hoxe tamén. Non creo que Barbón, Page ou Touriño obedezan as ordes de Feijóo, ¿non lle parece? ¿Non lle lembra isto a ese conto do condutor que vai en dirección prohibida e que pensa que todos os demais están equivocados? Señora Iglesias, mire ao seu redor, porque están sós defendendo o indefendible. (*Aplausos.*)

Con esta proposta, están cambiando solidariedade por ordinalidade e, con esta proposta, as comunidades autónomas máis ricas reciben máis recursos per cápita que as comunidades menos ricas. Unha proposta moi progresista dos socialistas, si, señor. En calquera caso, non esquezamos que estamos no Parlamento de Galicia, e o noso papel como deputados aquí é defender por enriba de todo os intereses das galegas e dos galegos. Estamos ante o sistema



no que Galicia sairía peor financiada que nunca, e voulles explicar por que digo isto en catro puntos.

Primeiro, o novo sistema rebaixa dous criterios con moito peso en Galicia, como son a dispersión e o avellentamento. Vexamos algúns exemplos do maior custo de prestar servizos na nosa comunidade. Por exemplo, a media nacional precisa 57 centros de saúde por cada millón de habitantes, mentres que en Galicia se precisan 147, case o triplo. O mesmo sucede co transporte escolar, coa dependencia ou co gasto en farmacia.

Segundo, non esquezamos que o obxectivo é satisfacer o señor Junqueras. E, ¿como se consegue isto? Pois retorcendo variables e creando dous fondos, dos que —¡oh, sorpresa!— un deles, o fondo sobre o IVE das pemes, outorga cero euros a Galicia, e outro deles, o vencellado ao cambio climático —como se aquí non houbera—, destina dúas terceiras partes ás comunidades mediterráneas. Galicia, señora Iglesias, recibirá pouco máis do 1 por cento destes fondos, ¿que lle parece iso?

Terceiro, propoñen achegar 577 millóns de euros adicionais, que supoñen tan só o 2,8 por cento do total, cando se, por exemplo, utilizásemos o criterio de poboación axustada, recibiríamos un 6,5 por cento. Pero é que, a maiores, parte desta cifra xa está incorporada nos orzamentos actuais da Comunidade Autónoma. En definitiva, o incremento real para Galicia sería de arredor de 400 millóns de euros, e non de arredor dos 537 que vostede mencionou. ¿Están de acordo con isto? Eu sinceramente penso que non, e a mellor mostra témola no seu cambio de relato, porque vostedes empezaron aceptando o acordo sen ningunha fisura —era un acordo marabilloso— e, agora, xa van recuando un pouco e din: aceptemos e negociemos. Pero, ¿negociar o que? Vostedes fixeron primeiro a conta cos independentistas cataláns, e agora o que queda para repartir son migallas.

E o cuarto e último punto de por que este sistema nos prexudica é que Galicia pasaría de estar nunha posición mellor que a media a estar á cola do financiamento por habitante axustado. Señorías, por favor, escoiten estes datos: nunca na historia das autonomías Galicia tivo un financiamento por habitante inferior á media das comunidades. Na actualidade, estamos nun índice dun 103 ou un 104 sobre 100, e con esta oferta que nos dan pasaríamos a estar nun 96 ou 97. Vostedes estannos situando nas últimas posicións.

E claro que o PP ten un modelo. Propoñemos rachar con esta proposta e retomar a negociación entre todos; negociación multilateral, señora Presas; non bilateral —dígoos pola emenda que presentou—. Propoñemos un modelo que protexa a autonomía fiscal das comunidades autónomas, un modelo que non sexa froito da chantaxe, un modelo que atenda o custo real da prestación de servizos públicos que son máis caros en comunidades como Galicia. En definitiva, un modelo que se basee na solidariedade interterritorial que consagra a Constitución española e que permita que cada cidadán reciba un financiamento equivalente independentemente do lugar no que viva. *(Aplausos.)*

E, por se non fose suficiente con este mal negocio, vostedes tamén propoñen nesta moción a quitación da débeda. Señora Iglesias, nós somos un partido serio, rigoroso, que toma decisións baseadas en estudos e análises. E, se as condicións de asunción da débeda —porque



non é quitación; é unha asunción da débeda— non variaron, a nosa posición —como comprenderá— tampouco pode variar. Trátase doutra chantaxe de Junqueras a Sánchez a cambio de votos, que beneficia comunidades irresponsables como Cataluña fronte a comunidades cumpridoras como Galicia. ¿Por que non aplican aquí o principio de ordinalidade, e as comunidades que menos débeda temos, como nós, Galicia, se manteñen como as menos endebedadas unha vez aplicada esa oferta de quitación? Non, aquí non a aplican.

Co BNG —quédame moi pouco tempo— compartimos a oposición frontal a este sistema de financiamento —dato que me complace—, pero non compartimos un dos seus mantras habituais, que é o de dispoñer da chave dos nosos cartos. A súa ansia por poñerlle apelido galego a calquera materia da que traten núbralles a razón ata tal punto que prefiren que Galicia saia perdendo. Señorías, a pesar das extraordinarias cifras e converxencia que ten amosado Galicia nas últimas décadas, Galicia segue sendo na actualidade unha comunidade netamente perceptora, e un sistema de cupo conlevaría que perdésemos recursos. Non é algo que digamos nós; dino os expertos —tamén os que vostedes trouxeron a este Parlamento, todos menos un—. Coinciden en que cun sistema de cupo Galicia perdería recursos. Non se trata de ideoloxía nin de modelo nin de principios; trátase de números e trátase de cartos.

Conclúo xa, señorías. Estamos ante un negocio dobremente ruinoso para Galicia, porque, co sistema de financiamento e coa quitación da débeda, Cataluña obtería un saldo positivo de 4.861 millóns de euros, mentres que Galicia acadaría un saldo negativo de 905 millóns de euros. Estamos ante unha proposta inaceptable e pedimos que se retire, para o cal esperamos contar co apoio de todos os grupos da Cámara, que estamos aquí para defender os galegos e non para defender a supervivencia e a situación desesperada de Sánchez. Remato como comecei, coas palabras do director do Foro Económico de Galicia: Galicia afúndese, mentres Cataluña se dispara, e iso non o podemos aceptar. Por último...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar señora Sanz.

CRISTINA SANZ ARIAS: ...Remato xa, só un apuntamento. Respecto á moción, creo que queda suficientemente acreditado por que imos votar que non: porque estamos aquí para defender os galegos e non a Sánchez. Pero si que pediríamos a votación por puntos, porque si que estamos de acordo co punto catro, de retomar os estudos da Comisión de Financiamento. Entón, pedimos que nos acepten a votación por puntos e, se non nola aceptan, xa lles avanzo que o noso grupo impulsará igualmente esa comisión.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Turno de peche, señora Iglesias.

PATRICIA IGLESIAS REY: Ben, señorías. Despois do debate, queda meridianamente claro que realmente Galicia segue sen proposta propia para o financiamento. Galicia segue sen posición coñecida —non sabemos o que se defende como suficiente— e Galicia segue instalada no «non».



Señora Sanz, non hai concerto económico para Cataluña. ¿Cales son as comunidades autónomas máis beneficiadas da proposta? Pregúntelles tamén a Andalucía, Valencia, Murcia, a ver que pensan. Son comunidades autónomas gobernadas polo PP, señora Sanz. Polo tanto, aí..., xa digo que a Feijóo, ao mellor, si que se lle aveciña marexada, dobre marexada cando realmente haxa que negociar esa proposta.

E, señora Presas, queixábase vostede de que tardase sete anos o Goberno en elevar unha proposta de financiamento para as comunidades autónomas de réxime común. Só se trataba de distribuír máis de cen mil millóns de euros entre as comunidades autónomas para poder financiar os servizos públicos, e en medio dunha pandemia que arrasou este país. Seguro que isto se di con bastante facilidade (*Murmurios.*) nunha xuntanza dun comité central do BNG, pero, ben, nós levamos un pouquiño máis de tempo gobernando, levamos un pouquiño máis de tempo gobernando. Simplemente vou dicir que na liquidación, nas entregas á conta, superouse nos sete últimos anos do Goberno presidido por Pedro Sánchez máis do 38 por cento de subida. A comparativa está aí, os datos están aí.

E apelo e aplaudo o tema de que se reabra a Comisión de Estudo. Noutras comunidades autónomas, en Asturias, sen ir máis lonxe, en xullo de 2025, aprobouse por unanimidade —menos Vox, que, claro, xa non o conto practicamente, digamos, como un partido no sistema democrático— unha proposta do PSOE que tamén aprobou o PP, na que se apoiou un sistema —digamos— de financiamento xusto para a Comunidade Autónoma de Asturias. Tomen ese guante, fagan un pouquiño de política de alturas e negocien con alturas nunha negociación seria.

Dende o PSdeG, témolo claro: máis financiamento e un mellor modelo, que atenda as nosas singularidades, como a dispersión e o avellentamento. Si que hai que elevar o listón, estamos de acordo, pero temos unha proposta enriba da mesa. Negociemos con altura de miras, fagamos unha negociación seria de igual a igual co Goberno de España, porque sempre o digo: ao final, temos singularidades propias que nada teñen que ver con Murcia ou con Valencia; negociemos de igual a igual co Goberno de España. Practiquemos un autogoberno fiscal responsable, señora Sanz —non con baixadas de impostos aos que máis teñen— e a xustiza redistributiva para fortalecer o noso estado de benestar. Podemos aprender leccións da concursante Rosa Rodríguez, de «Pasapalabra», que dixo que estaba encantada de que parte do seu premio fose para o fisco, para a Axencia Tributaria, para devolver todo o que recibiu, sobre todo da educación pública. Iso si que me parece lóxico; (*Murmurios.*) iso chámase xustiza redistributiva.

Non queremos confrontación estéril —evidentemente— nin tampouco propostas de concerto económico, que é onde está pesando máis o dogma do soberanismo independentista do BNG. O concerto económico non é bo para Galicia; (*Murmurios.*) nós recibimos máis do sistema redistributivo.

E xa remato como comecei: queremos máis recursos para os servizos públicos, máis igualdade territorial nun estado federal descentralizado onde Galicia é unha nacionalidade histórica con singularidades propias. Señor Pazos, reabra a Comisión, voten a favor desta moción e fagan política en maiúsculas. Nós seguiremos insistindo neste Parlamento no que queda de período de lexislatura en negociar esa proposta de 587 millóns de euros que propón o Goberno de España para Galicia.



E xa lle dixen que seguramente se Besteiro fose presidente da Xunta de Galicia, outro galo cantaríase e iríanos moitísimo mellor. Ben, ao mellor quere Rueda que o señor Besteiro o acompañe a Madrid (*Risos.*) para negociar o sistema de financiamento. Se é así, e non ten altura de miras e valentía, pois aquí terá tamén a man tendida por parte do Partido Socialista.

Moitas grazas.

O PRESIDENTE: ¿Sobre a emenda?

PATRICIA IGLESIAS REY: Non a aceptamos. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Si, señor Pazos, ¿para que quere a palabra? (*Murmurios.*)

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: Ao amparo do artigo 76 e polo menos por un par de ducias de alusións... (*Risos.*) (*Murmurios.*)

O PRESIDENTE: Ah, non, eu non estaba. ¿Foi? Vale, correcto. Turno.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: Eu primeiro, quero manifestar...

O PRESIDENTE: Déanlle voz ao escano do señor Pazos.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: Eu a verdade é que non son partidario de intervir, e máis cando me representa unha... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O PRESIDENTE: Silencio.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: ...deputada, pero paréceme dun enorme mal gusto que se lle soslaye totalmente no debate magnífico e brillante que mantivo, e pasen todo o debate aludíndome a min e non a quen está debatendo (*Aplausos.*) con vostede. Vostede saberá as razóns que a levan a esa falta de cortesía e, se me permite, a un certo micromachismo. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Pero, en todo caso, como me invita a señora Iglesias facer un exercicio de intelixencia e liderado político, recollo o guante, e, como sinalou a miña compañeira, imos retomar eses traballos da Comisión de Financiamento, entre outras cousas, para que vostede teña a ocasión de coñecer a proposta de financiamento da Xunta, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) que todos os demais coñecemos, por certo —todos os que estivemos nesa comisión—, e que vostede, polo que vexo, non leu. Por certo, era perfectamente compatible co acordo case unánime que se asinou en Asturias, porque tamén asinou unha declaración o presidente asturiano co presidente galego (*Murmurios.*) e uns cantos máis dicindo cales eran as bases que exixiamos para o financiamento do novo sistema de financiamento autonómico.



En todo caso, aínda que me teño por persoa dialogante, (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) vexo que me teñen o mesmo respecto que á miña compañeira, cuestión que lamento profundamente. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Decía que, aínda que me teño por persoa dialogante, eu non aspiro a rivalizar nese ámbito co profesor Puy, pero agardo que, a pesar das miñas limitacións neses ámbitos, sexamos quen de alcanzar o acordo nesa comisión, o cal, a el que o intentou, vostedes lle negaron...

O PRESIDENTE: Grazas.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: ...Aínda que moito me temo que o impedimento para ese acordo nunca foi o...

O PRESIDENTE: Grazas.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: ...profesor Puy nin o vai ser este voceiro. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Hai que insistir: se se alude, hai tres minutos. (*Protestas.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Home non, lean o regulamento! É moito máis fácil non aludir, (*Murmurios.*) hai moitas formas de non mencionar o nome. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Hai que ser —digamos— máis... Eu non sei, non vou dicilo, (*Murmurios.*) pero, se di o nome... Hai outros xeitos de facelo.

En fin, votamos.

Votación das mocións

Comezamos votando a moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista, que non se acepta.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, sobre os compromisos orzamentarios do Goberno galego co desenvolvemento do servizo de axuda no fogar (SAF) e coa implantación do novo protocolo de prevención da violencia nos domicilios onde se presta.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 24; votos en contra, 35; abstencións, 8.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.



O PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Monserrat Prado Cores.

Acéptase como engádegas a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada María Montserrat Prado Cores, sobre as medidas postas en marcha polo Sergas no marco do Plan Galego de Saúde invernal 2025-2026.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 35.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Patricia Iglesias.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego que non se acepta.

¿Si, señora Sanz? *(A deputada Cristina Sanz Arias pronuncia palabras que non se perciben.)*

O PRESIDENTE: ¿Acéptalle a votación por puntos? *(A deputada Patricia Iglesias Rey pronuncia palabras que non se perciben.)*

O PRESIDENTE: Si.

¿Que puntos quere separar? *(A deputada Cristina Sanz Arias pronuncia palabras que non se perciben.)* Déanlle voz ao escano.

CRISTINA SANZ ARIAS: Sería para votar xunto do punto 1 ao 3, e logo o punto 4 por separado.

O PRESIDENTE: Vale, votamos en primeiro lugar, entón, o punto número 4, e os demais, todos seguidos.

Punto número 4.

Votamos.

Votación do punto 4 da Moción do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Iglesias Rey, sobre as características do modelo de financiamento autonómico que propón a Xunta de Galicia para a nosa comunidade logo dunha eventual aceptación da quitación de débeda pública que ofrece o Goberno central.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 68.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o punto 4 desta moción por unanimidade.

O PRESIDENTE: Unha cousa curiosa, isto. *(Risos.) (Murmurios.)* É unha cousa curiosa, si, que, estando 67, aparezan 68. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero non me poñía aquí como me pon sempre: 67 mais 1. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Por iso eu digo que me resultaba curiosa a cousa. En todo caso, quedou aprobado o punto. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Votamos agora o resto dos puntos.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Iglesias Rey, sobre as características do modelo de financiamento autonómico que propón a Xunta de Galicia para a nosa comunidade logo dunha eventual aceptación da quitación de débeda pública que ofrece o Goberno central, agás o punto 4.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 8; votos en contra, 35; abstencións, 25.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos da moción.

Remataron aquí as votacións das mocións.

Continuamos coa orde do día: proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa das deputadas Lara Méndez López e María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha co obxectivo de promover a agricultura e gandaría rexenerativa

O PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada Sonia Vidal Lamas, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Proponse engadir un novo punto na parte resolutiva que pasaría a ser o primeiro, o que implicaría reenumerar os actuais. A redacción da parte resolutiva quedaría do seguinte xeito:



«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Definir previamente, no ámbito das competencias da Xunta de Galiza e coa participación do sector, do CIAM e doutros organismos públicos de investigación, os criterios técnicos, ambientais e produtivos das prácticas agrarias que se pretendan fomentar, garantindo a súa avaliación, seguimento e control, como condición previa á creación de calquera liña específica de axudas ou incentivos públicos.
2. Abrir unha liña de axudas para o fomento deste novo modelo de produción e contribuír así a un cambio de modelo produtivo cara a agrogandería rexenerativa, para os que queren transformar as súas explotacións como os que se inicien no sector primario.
3. Incidir en programas e xornadas formativas para mellora a capacitación do persoal buscando a profesionalidade do sector. E permitir a transferencia do coñecemento sobre as practicas rexenerativas.
4. Fomentar a investigación sobre técnicas rexenerativas e o seu impacto no medio ambiente utilizando os recursos e instrumentos dos que xa dispón a Xunta de Galicia como o CIAM.
5. Potenciar o uso de sementes orgánicas, de maior resistencia e outros insumos necesarios, aproveitando o banco de xermoplasma de Mabegondo.
6. Realizar campañas de difusión e divulgación para aumentar a demanda de produtos de este sistema de produción.»)

O PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Lara Méndez.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Grazas, presidente.

Moi boas tardes, señorías.

O sector primario enfróntase hoxe a retos estruturais de enorme magnitude: o cambio climático, a perda de rendibilidade das explotacións, o despoboamento do rural, a degradación dos solos, a dependencia crecente de insumos externos e unha competencia internacional cada vez máis intensa. Fronte a estes retos non abundan nin parches nin discursos baleiros; cómpre cambiar os modelos produtivos e avanzar cara a un sistema máis sostible, máis resiliente, máis rendible e socialmente tamén moito máis xusto.

E quero comezar deixando claro algo fundamental: os agricultores e as gandeiras galegas son as primeiras interesadas en conservar o territorio, non só porque dependa del o seu sustento económico, senón porque o rural é a súa forma de vida, a súa identidade e tamén o seu futuro. Cómpre un cambio de modelo que, ademais, é necesario, e eu creo que se pode dicir tamén que é inevitable.

Durante anos falouse de agricultura convencional, sostible, e da agricultura ecolóxica, e ambas son necesarias e deben seguir convivindo, pero hoxe sabemos que non son suficientes



para responder aos retos actuais. Por iso emerxe este novo paradigma, que é a agricultura e a gandaría rexenerativa. Falamos dun modelo que pon o foco na saúde do chan, na biodiversidade, no equilibrio dos ecosistemas e na capacidade das explotacións para adaptarse ao cambio climático e mellorar así a súa rendibilidade. Isto é unha cuestión non pasaxeira e non conxuntural, senón que é ciencia, economía agraria e futuro.

E, ¿por que funciona a agrogandaría rexenerativa? Pois podémolo ver tamén desde un punto de vista técnico e científico. Os beneficios están amplamente documentados. Dáse un incremento da materia orgánica do chan: hai estudos da FAO que amosan que aumentar o 1 por cento a materia orgánica mellora de maneira significativa a fertilidade e a capacidade produtiva. Acádase unha maior retención de auga: estes chans moito máis rexenerados poden reter ata un 20 ou 30 por cento máis de auga. Só aumentando entre un 0,1 e un 0,4 por cento de materia orgánica, pódese chegar a retencións do 20 ou o 30 por cento, e isto, evidentemente, reduciría os impactos das secas, pero tamén as choivas intensas, como as que nos está a tocar vivir nos últimos tempos. Beneficiaría tamén unha redución da erosión, pois a cobertura vexetal permanente e a mínima labranza tamén reducen drasticamente a perda de solo fértil. Aumentaría tamén a captura de carbono, pois a agricultura rexenerativa actúa como sumidoiro de carbono, contribuíndo á mitigación do cambio climático —o 1 por cento desa materia orgánica supón a retención de 20 e 30 toneladas de CO₂—. Habería menor dependencia de fertilizantes e pesticidas, ao mellorar a bioloxía do chan, e unha redución tamén do uso de insumos químicos, que é un dos principais custos das explotacións.

Estamos a falar, polo tanto, de solucións baseadas na natureza, avaladas pola comunidade científica internacional, pero isto tamén redunda en beneficios económicos claros para as explotacións. Dende un punto de vista económico, prodúcese unha redución de custos de produción: menos fertilizantes, menos fitosanitarios e menos gasto en alimentación externa no caso da gandaría; melloraría tamén a rendibilidade no medio prazo: as explotacións rexenerativas presentan marxes máis estables e menos exposición á volatilidade dos prezos e dos insumos. Daríase un maior valor engadido ao produto: os consumidores demandan tamén produtos saudables e cada vez máis ligados á orixe e á calidade. A diversificación de ingresos tamén melloraría os circuítos curtos da comercialización, a venda directa e tamén os mercados de proximidade. E iso, evidentemente —todos somos coñecedores diso—, é clave para fixar poboación, atraer xente nova ao sector e garantir así tamén o relevo xeracional.

Pero tamén estamos a falar dese impacto social e territorial. Este modelo tamén ten unha dimensión social, como é a de reforzar o vínculo entre a produción e o territorio, favorecer explotacións familiares fronte a modelos intensivos e deslocalizados, contribuír tamén a manter esas paisaxes vivas, fundamentais para o equilibrio ambiental e para o turismo rural, e mellorar o benestar animal, especialmente na gandaría extensiva rexenerativa. Polo tanto, estamos a falar de cohesión territorial, de igualdade de oportunidades e de dignidade para o rural galego.

Dende o Goberno de España, estase a impulsar con proxectos pilotos, tanto en Galicia como en Cataluña, estes proxectos, con formación e intercambio de coñecemento. Isto demostra dúas cousas: por un lado, que o modelo ten respaldo institucional e técnico, e, por outro, que Galicia non pode limitarse a ser unha mera espectadora. A Xunta ten instrumentos, ten



centros de investigación, ten coñecemento técnico e ten capacidade financeira para liderar este cambio: o CIAM, por exemplo —se non se deixa morrer, como está a acontecer—; o banco de xermoplasma, os servizos de extensión agraria... E, polo tanto, o que hai é falla de vontade política.

E, nun contexto como no que estamos a vivir, onde o prezo dos fertilizantes se multiplicou nos últimos anos e onde os custos de alimentación animal están sometidos á volatilidade dos mercados internacionais, o contexto internacional e o acordo Mercosur é un reto, pero tamén é unha oportunidade. É certo —e xa o temos dito— que este acordo xera preocupación no sector primario, e con razón, pero a resposta non pode ser o inmovilismo. Galicia non pode competir en volume nin en baixos custos coas grandes produtoras de Mercosur, pero si que pode competir noutras moitas opcións, como pode ser a calidade, a sustentabilidade, a trazabilidade, os estándares ambientais e os estándares sociais elevados. Polo tanto, si se pode actuar nese eido. E, evidentemente —xa o temos dito, pero hai que recordalo—, hai que ter unha reciprocidade real dos estándares para que poidan acceder nas mesmas condicións, unha activación rápida das cláusulas de salvagarda e tamén reforzar a demanda interna. E aí a Xunta, evidentemente, ten moito que facer e moito que potenciar fronte á competencia que poida chegar, facendo esa diferenciación de calidade, de orixe, de trazabilidade, de sustentabilidade, de compra pública alimentaria ou de etiquetado claro. Polo tanto —como dicía—, ten moito que dicir e aportar.

A agricultura rexenerativa é tamén unha ferramenta estratéxica para reforzar o noso sector fronte á competencia internacional. Permite diferenciar os nosos produtos, acceder a mercados con maior valor engadido, defender cláusulas espello, exixir reciprocidade —como dicía— ambiental e protexer os nosos produtores fronte ao *dumping* ambiental e social.

E por iso traemos hoxe aquí esta iniciativa onde lle pedimos á Xunta de Galicia establecer esas liñas específicas de axudas para esa transición; acompañar con formación, asesoramento técnico e transferencia de coñecemento; impulsar a investigación aplicada dende centros públicos como o CIAM, en vez de deixalo morrer, como está a acontecer; potenciar o uso de sementes adaptadas resistentes, aproveitando tamén o banco de xermoplasma de Mabegondo, e desenvolver campañas de divulgación para que a cidadanía coñeza e valore estes produtos.

Polo tanto, señorías, estamos falando de chan, estamos falando de auga, estamos falando de biodiversidade, pero tamén falamos de emprego, de rendas agrarias, de futuro do rural e de soberanía alimentaria. É unha oportunidade real, ten todas as condicións Galicia para liderar este cambio e só falta que a Xunta o vexa como unha oportunidade e actúe antes de que sexa demasiado tarde, como acostuma facer a Xunta de Galicia actuando tarde, mal e a rastro.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora Vidal Lamas.



SONIA VIDAL LAMAS: Boa tarde a todas e a todos.

O sector primario galego precisa cambios, precisa apoio público e precisa investigación, porque a realidade é que non hai hoxe ningún subsector do agro e da gandaría que non estea atravesando dificultades serias. Falamos de prezos, falamos de rendas agrarias, falamos de relevo xeracional, falamos de cambio climático, de sanidade vexetal e animal, de dependencia de insumos externos e de perda da base produtiva. Isto é unha evidencia que xa non admite ningunha discusión. Por iso, cando se traen a esta Cámara propostas que falan de mellorar o manexo do solo, de reducir emisións e de aumentar a resiliencia das explotacións, dende o BNG non imos situarnos nunca nun «non» por sistema —como fan crer moitas, e algunhas máis que outras—. Ao contrario, Galiza necesita avanzar cara a modelos produtivos máis sostibles, máis ligados ao territorio e máis xustos para quen produce.

Agora ben, dito isto, tamén queremos ser claros e responsables. Se hai algo que esta iniciativa pon enriba da mesa, aínda que sexa de maneira indirecta, é unha realidade incómoda para o Goberno da Xunta: sen investigación pública forte, sen transferencia real de coñecemento, todo isto queda en declaracións ben intencionadas. E aquí é onde o CIAM, en Mabe-gondo, entra no centro do debate, porque non estamos a falar dun recurso calquera; estamos a falar do principal centro público de investigación agraria do país, clave para a mellora xenética, a adaptación ao cambio climático, a sanidade vexetal e animal e a transferencia do coñecemento ao sector. E a realidade é que o CIAM leva anos sufrindo un proceso continuado de debilitación, de perda de persoal investigador e de falta de estabilidade, o que provoca unha perda de funcionalidade da investigación aplicada ao sector e impón, por tanto, unha distancia cada vez maior coas necesidades reais das explotacións.

Hai unha cuestión de fondo que, dende o Bloque Nacionalista Galego, consideramos clave e que afecta directamente o primeiro punto desta iniciativa. Non se poden crear liñas de axudas públicas para un modelo produtivo que non está definido nin regulado. Hoxe, a chamada agrogandaría rexenerativa non conta cun marco normativo que estableza criterios claros, prácticas obrigatorias, límites ou algún sistema público de control. A nosa emenda de modificación o único que pretende é enriquecer esta iniciativa. Isto non cuestiona o interese de moitas das prácticas que se citan, pero, dende as institucións, temos a obriga de actuar con rigor, porque o diñeiro público debe destinarse a realidades perfectamente definidas e avaliáveis.

Primeiro, hai que poñer os alicerces, que son a definición, a investigación e os criterios técnicos; só despois ten sentido falar de axudas. O PP fala moito de innovación, pero non se innova con discurso; innóvase con investimento público, con persoal cualificado e con planificación no longo prazo. E, mentres o sector primario se mobiliza, mentres hai protestas no campo, mentres se acumulan os problemas, a Xunta segue sen apostar en serio pola investigación agraria pública galega. Isto hai que dicilo aquí e con toda a claridade.

Dende o BNG, defendemos algo moi sinxelo: o coñecemento que se xera con recursos públicos debe estar ao servizo do conxunto do sector e do país, especialmente da agricultura e da gandaría familiar. E isto lévanos directamente ao banco de xermoplasma. Falamos dun patrimonio estratéxico acumulado durante décadas que conserva variedades adaptadas ao noso



territorio, mellora a resiliencia fronte ao cambio climático e é clave para producir alimentos de calidade. Dende o noso punto de vista, non sería acertado restrinxir o uso destas sementes a un único modelo produtivo; ao contrario, deben estar ao servizo da agricultura familiar, da produción agroecolóxica e da produción de proximidade, que son as que xeran o emprego no rural, coidan o territorio e producen alimentos sans e de calidade. Limitar ese uso sería un erro estratéxico.

A este respecto, como proba do desinterese e do desleixo do Goberno do PP na Xunta de Galiza para atender as necesidades da investigación pública agraria, debemos lembrar que as instalacións do banco de xermoplasma do CIAM, inauguradas apresuradamente na campaña das anteriores eleccións autonómicas polo, daquela, conselleiro do Medio Rural, transcorridos case dous anos do evento, son literalmente un cascarón baleiro e inacabado de prefabricados de formigón que non permite albergar nin unha soa das coleccións de sementes do rico patrimonio xenético custodiado nese centro, porque é completamente afuncional para tal cometido. Outra mostra máis da ineficacia na obriga e dilixencia de funcionamento dos recursos públicos por parte dos xestores de Medio Rural e un exemplo de libro que podería raíar na malversación de fondos europeos.

E permítanme introducir aquí un elemento de contexto que é fundamental. Estamos vendo estes días mobilizacións no sector primario contra acordos como o de Mercosur. Escoitamos tanto o Partido Popular como o PSOE falar de cláusulas de salvagarda, de competencia desleal e de produtos que entran sen cumprir os mesmos estándares. E teñen razón nunha cousa: non se pode competir en igualdade cando non se xoga coas mesmas regras. O problema é que estas cláusulas de salvagarda non teñen hoxe nin quen as aplique nin como facerse cumprir. Non está definido quen controla, con que medios nin con que capacidade real de inspección, e todos sabemos que, coas ferramentas actuais, esas salvagardas non son viables na práctica.

Por iso, dende o BNG dicímolo con claridade: a protección ten que estar no inicio, antes de que os produtos entren; non despois, cando o dano xa está feito e cando os prezos e as explotacións xa foron esmagadas. Defender salvagardas sen medios reais para aplicarlas é facer política de xestos mentres se deixa en total abandono o sector primario.

Agora ben, esa mesma lóxica debe aplicarse tamén aquí dentro. Se apostamos por mellores prácticas, por máis exixencias e por modelos máis sostibles, iso ten que ir acompañado de apoio público, de investigacións e de regras claras, porque, se non, penalizamos a quen fai as cousas ben e favorecemos a quen ten máis capacidade económica para adaptarse. Non se pode falar dun futuro do sector primario mentres se desmantela a investigación pública agraria. Non se lle poden pedir esforzos ao sector mentres se lle retiran ferramentas fundamentais. As boas intencións non chegan se non se poñen os medios, os recursos e unha visión clara de país.

Dende o Bloque Nacionalista Galego, imos seguir defendendo unha investigación pública forte, con máis recursos para o CIAM; sementes e coñecemento ao servizo da agricultura familiar galega, e políticas agrarias que non deixen atrás a quen produce e que non xeren máis incerteza. Porque sen investigación, sen investimento e sen sector primario non hai futuro para o rural nin para Galiza.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular. Señor Viso.

MIGUEL ÁNGEL VISO DIÉGUEZ: Grazas, presidente.

Señorías, na política agraria hai unha tentación frecuente, que é pensar que mellorar o modelo é poñerlle un nome novo. Pero o campo non funciona así, a terra non entende de etiquetas; entende de regras, de método e, sobre todo, de seguridade xurídica.

Vostedes hoxe falaron aquí da agrogandería rexenerativa, pero imos empezar a falar do que xa temos. A produción ecolóxica, que é un termo xurídico, está regulada con normativa europea e ten un marco claro, unha certificación oficial, a través do Craega, e unhas exixencias medibles. A chamada agricultura rexenerativa, pola contra, non ten definición xurídica oficial, non conta con selo público obrigatorio e calquera pode empregar o termo sen estar sometido a un sistema de control ou de xénero. Ata aí estamos de acordo ata co BNG. Cando din cousas coherentes, teñen razón.

A PNL fala de chan, de biodiversidade, de resiliencia, como se a clave estivese no obxectivo e non no método, pero o campo non funciona por terminoloxía, funciona por regras, por técnicas, por certificación, por economía e por viabilidade. Por iso, antes de tentar facer política pública con novos modelos, cómpre comprender os que xa existen desde un punto de vista legal e técnico. Cando falamos en Galicia do sistema produtivo, falamos de tres sistemas: da produción convencional, da produción integrada e, como non, da produción ecolóxica; tres marcos perfectamente regulados, controlados e con exixencias concretas. A convencional cumpre unha lexislación xeral. A integrada, como todos sabemos, vai máis alá, axusta a fertilización, os fitosanitarios, e prioriza alternativas biolóxicas. E, tamén, por suposto, está a ecolóxica, que é a máis exixente. Non emprega fertilizantes químicos, limita os fitosanitarios, non usa organismos modificados xeneticamente e obriga, como todos sabemos, a un manexo respectuoso do solo, da auga e da biodiversidade. A denominada agricultura rexenerativa responde a un enfoque centrado na restauración da saúde do solo —como vostede dicía—, no incremento da biodiversidade e na captura de carbono. Pero, señorías, eses son principios que tamén están no corazón da agricultura ecolóxica, pola que a Xunta leva anos facendo unha aposta decidida.

Cando un le a exposición de motivos da PNL, comproba algo máis. Todo o que se lle atribúe á chamada rexenetativa —coidado do chan, aumento de materia orgánica, retención de auga, menor uso de insumos químicos, rotación de cultivos, cubertas vexetais— é exactamente o que exhibe, exige e promove a ecolóxica en boa medida, e tamén en moitos casos a produción integrada moderna. É dicir, estamos ante prácticas xa incorporadas cun sistema e cun marco legal.

Polo tanto, o que vostede propón ten consecuencias políticas importantes. ¿Por que? Porque, cando se crean conceptos sen base normativa, créanse expectativas que logo non se poden



cumprir: axudas sen marco, formacións sen sistema, campañas sen produtos realmente diferenciados e, sobre todo, algo que é a clave de todo isto: o risco de competencia desleal para quen si cumpre cun réxime tan exixente como é o ecolóxico.

A agricultura ecolóxica, señorías, é un sistema completo, con control, con certificación, con exixencias técnicas, e, por suposto, tamén co apoio público. Por iso, cando a PNL fala de pór o foco na saúde do chan —algo que comentaba vostede, señora Méndez—, convén dicir con claridade que ese foco xa existe, que non é unha novidade; é unha obriga real para quen produce en ecolóxico ou mesmo en integrada. Cando falan de reducir os insumos químicos, de mellorar a biodiversidade ou de protexer contornos, non están describindo algo alternativo, están describindo o corazón da política agraria moderna que xa se está a aplicar en Galicia. *(Aplausos.)*

E aquí, señorías, entra o papel da Xunta e da Consellería do Medio Rural. En Galicia, a aposta pola produción ecolóxica non é un slogan nin unha liña estable de traballo a través da cal a Xunta, a Consellería e, por suposto, Agacal precisen dunha iniciativa do Partido Socialista para actuar. ¿Por que? Porque xa impulsa axudas á conversión e ao mantemento de explotacións ecolóxicas, xa apoia a incorporación de novos produtores, xa financia a certificación e, por suposto, xa promove a calidade diferenciada e a transferencia de coñecemento. Agacal está para que os sistemas funcionen; con formación, por suposto, con investigación aplicada, con promoción, con apoio ao réxime de calidade e coa profesionalización do sector, algo que vai no ADN desta consellería.

Segundo os datos do Craega, a superficie con produtos ecolóxicos en Galicia segue medrando ano tras ano —falabámolo o ano pasado neste mesmo Parlamento nun debate no Pleno—, e non é por casualidade, senón polo froito do compromiso dos produtores e polo apoio decidido deste goberno que preside Alfonso Rueda. E isto é importante dicilo. A sustentabilidade, señorías, non se constrúe con modelos sen base legal, *(Aplausos.)* constrúese con sistemas que permitan producir con garantías xurídicas e económicas.

A PNL tamén fala da formación como se fose unha carencia estrutural, e non o é. A Consellería leva anos impulsando capacitación técnica, transferencia de coñecemento, modernización e profesionalización desde a práctica produtiva.

Cando se cita o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, señorías, convén baixar o debate ao terreo da realidade. O CIAM é un instrumento vivo de investigación aplicada e transferencia. Con el trabállase, entre outras cousas, por exemplo, co pastoreo rotacional, coa mínima alteración do solo, coa redución de insumos e coa mellora da fertilidade, que son exactamente as liñas que aquí presentan vostedes como agricultura rexenerativa. Non é desde a teoría, senón desde a práctica. Agacal leva anos orientando o CIAM, a xeración de coñecemento útil para o sector, a súa transferencia real e as explotacións. A investigación non se mide, señorías, polo ruído político, mídese polos sistemas que melloran e polo coñecemento que chega aos profesionais, e o mesmo sucede cos recursos xenéticos e coa diversidade. Galicia non empeza hoxe, leva tempo integrando unha política pública coherente.



Tamén, señorías do PSOE, vostedes falan dun novo modelo produtivo, como se os actuais estivesen alleos á sustentabilidade e cando moitos agricultores e gandeiros da nosa terra xa aplican prácticas de conversión, de conservación do solo, de rotación, de cubertas vexetais e de redución de insumos. E, por suposto, señorías, non o fan por unha etiqueta, fano porque eles saben que nesa boa xestión lles vai o seu futuro, o futuro da súa explotación. *(Aplausos.)*

Señorías, o problema desta PNL non é que fale de sustentabilidade —iso compartímolo todos—, o problema é que presenta como novidade un modelo que carece de marco legal, de certificación pública e obrigatoria e de regras comúns, permitindo calquera uso do termo sen asumir as mesmas exixencias e confundindo sen garantías os consumidores, e iso señorías, é moi perigoso.

Por iso, señorías do PSOE, esta PNL non suma, non porque a intención sexa mala, senón porque o modelo que propoñen carece de base legal, imprescindible para poñer política pública seria. Eu creo que ao Partido Socialista sempre lle pasa o mesmo; traballa con base en slogans, sen dotar de garantías os contidos, e, loxicamente, ao medio rural o que non lle axuda é a propaganda, senón os apoios decididos como os que lidera a Xunta de Galicia da man de profesionais do sector.

E vou rematando. O futuro do rural non se garante inventando etiquetas, senón construíndo sistemas; constrúese con explotacións viables, con formación real, con investigación útil, con axudas ben definidas e cunha folla de ruta clara. A Xunta leva tempo demostrando que a sustentabilidade non é un discurso; é unha política que pisa a terra, e a política que deseñamos, defendemos e aplicamos no Partido Popular, sempre da man dos homes e das mulleres, será a política do noso rural.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Lara Méndez.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Grazas, presidente.

Señora Vidal, eu creo que pouco lle interesa a vostede o tema da agricultura e da ganadería rexenerativa. Veu aquí falar do CIAM, do banco de xermoplasma, cousa que compartimos, e xa os citamos como elementos claves para avanzar. Son cuestións que dende o Grupo Socialista xa temos tratado e debatido en distintas comisións. Na vindeira comisión, ou nunha das próximas comisións, volveremos falar diso, porque levaremos novamente, desde o Grupo Socialista, ese tema para abordar a situación do CIAM, ante a deterioración e o desmantelamento que está a producir o Partido Popular neste centro de investigación. Enchíaselle a boca, señor Viso, hoxe falando do Agacal e do CIAM, que están deixando morrer. Están expulsando o talento, están expulsando os investigadores, e vén hoxe aquí facer gala diso. Podería calar un pouquiño a boca, que creo que quedaría moitísimo mellor.



Pódense facer experiencias piloto. Creo que o que temos que facer aquí tamén é abrir oportunidades, abrir novos escenarios, abrir novos modelos produtivos e non quedar anquilosados no pasado e só naqueles produtos que funcionan —que nós xa llo dicíamos, e recordareillo agora—. Dicía que o Ministerio de Agricultura está a dedicar un investimento de máis de 100.000 euros para estes proxectos piloto de formación e de intercambio de coñecementos, e poderían facerse aquí tamén con financiamento da Xunta de Galicia, que é un pouco o que vimos pedir neste eido.

Porque, señor Viso, vén vostede aquí falar de crear etiquetas. Son os reis das etiquetas; etiquetan absolutamente todo —¡absolutamente todo!—, e podémolo ver no Plan de comercio de 2025-2030, que intenta etiquetar absolutamente todo. Estáballe dicindo, señor Viso —que llo dicía tamén na miña primeira intervención, o que pasa é que, ao mellor, non me escoitou—, que a agricultura convencional sostible e a agricultura ecolóxica son ambas necesarias e deben seguir convivindo. Xa están reguladas e implantadas. Como xa temos iso, ¿non abrimos novas portas? Pois eu acórdome de cando empecei a falar da construción de edificios en madeira, que me poñían —si, si, si, os seus, señor Viso, os seus, os do Partido Popular—..., e agora resulta que a Xunta tamén se suma. O que lle pido é que teñan visión de futuro, que teñan altura de miras, que teñan capacidade de implementar cuestións novas porque, ao final, é volver ao pasado; pero pídolles que teñan esa capacidade, esa visión, e que non se sumen tarde, que é o que suelen facer, sumarse tarde.

Estamos dándolles a oportunidade desde o Partido Socialista de abrir novos campos, porque é unha oportunidade estratéxica para o futuro do sector primario. Trátase dunha resposta técnica, científica e económica ao modelo produtivo, non se trata de mermar nin de quitar o traxe; trátase de complementar o actual modelo produtivo. Aínda que mellorou nos últimos anos —que o ten feito— ese modelo produtivo, ten límites claros fronte ao cambio climático, señor Viso. A perda de fertilidade dos solos, o aumento dos custos dos insumos ou a incerteza dos mercados internacionais son unha ameaza. Polo tanto, todo o que nos poidamos adiantar será bo para o agro e a gandería galega, será bo para o sector primario. A cuestión é: ¿van estar a favor de abrir novas canles, de abrir novos modelos, de ter visión de futuro, de adiantarse ás estratexias, de ir por unha vez por diante?

Mire que xenerosos somos que despois quen o vai executar son vostedes. Nós plantexámonlle aquí para que o aproben, señor Viso, porque, mire, outro dato: o 95 por cento dos alimentos dependen directamente da saúde do solo. Si, e este tipo de modelo melloraría esa saúde do solo; non digo que outros sexan prexudiciais, pero digo que a melloraría. Polo tanto...,

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: ...hai que ter esa capacidade de visión de futuro e apostar realmente por unha agricultura e gandería sostible e, sobre todo, señor Viso, de futuro.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: ¿Acepta a emenda do BNG?



LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Perdón. Non, non, a emenda non se acepta porque entendemos que a desvirtúa.

Grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Rubén Lorenzo Gómez e nove deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que non presente recurso contra determinados preceptos da Lei galega de medidas fiscais e administrativas de 2024 relativos á repotenciación de parques eólicos

O PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista, unha autoemenda de substitución do Grupo Parlamentario Popular e unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Iglesias Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débese substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Defender máis e mellor o autogoberno de Galicia, como nacionalidade histórica que é, dentro dun Estado descentralizado tal e como se configura no bloque de constitucionalidade do Título VIII da Constitución Española e no Estatuto de Autonomía de Galicia.
2. Petición de novas competencias por parte do Goberno galego debe materializarse a través das Conferencias bilaterais de transferencias de competencias, así como mediante un diálogo institucional constante co Goberno de España, como se fixo no Acordo bilateral de maio de 2025 en relación coa Lei 5/2024, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, no que se negociou e acordou máis do 60 % dos artigos cuestionados.
3. Que o Goberno galego debe evitar o uso reiterado das leis de acompañamento dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para modificar múltiples normas sen consenso, sen diálogo cos sectores sociais afectados e furtando o debate parlamentario ordinario que corresponde á tramitación dos proxectos ou proposicións de lei.»

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu deputado e portavoz Alberto Pazos Couñago e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte autoemenda a esta proposición non de lei.



Emenda de substitución.

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que retire, con carácter inmediato, o recurso de inconstitucionalidade contra determinados preceptos da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, en particular, contra aqueles que regulan o plan de axilización da dependencia e da discapacidade e as medidas relativas ao sector eólico en Galicia, en concreto, as referidas á repotenciación dos parques eólicos e á obriga de ofertar e vender en Galicia parte da electricidade xerada en beneficio directo da cidadanía e da industria galegas. Asemade, reclama que se respecte o autogoberno de Galicia que está a verse violentado na súa capacidade lexislativa polas decisións de bloqueo e impugnación promovidas polo Executivo central.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do seu deputado Xosé Manuel Golpe Acuña, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

- 1. Suspender as tramitacións de parques eólicos fora das zonas de desenvolvemento eólico que figuran no vixente plan sectorial eólico de Galiza ata que non sexa avaliado e aprobado o novo plan sectorial eólico que está en tramitación.*
- 2. Axilizar a redacción no novo plan sectorial eólico, tendo en conta a necesaria ampliación da Rede Natura 2000 e a participación social na redacción do mesmo.*
- 3. Modificar o canon eólico co obxectivo de garantir que as modificacións tecnolóxicas non afecten ao recadado no imposto, utilizando como cota tributaria a potencia total de cada parque eólico. Ampliando os destinos posibles dos fondos do Fondo de Compensación Ambiental, permitindo que os concellos poidan dedicar estes recursos a políticas de emprego, apoio á economía circular, desenvolvemento rural, transición enerxética e fortalecemento dos servizos básicos.*
- 4. Promover a participación pública e comunitaria na xestión e aproveitamento dos recursos eólicos, a través da creación dunha empresa pública en materia de enerxía.*
- 5. Recoller os catro preceptos anteriores nunha nova lei do sector eólico que substitúa á actual e que poña no centro a reversión dos beneficios do vento galego, na Galiza.*
- 6. Demandar do goberno do estado as modificacións lexislativas necesarias para poder darlle o meso tratamento ao vento galego, ca a auga dos ríos, mudando o concepto de autorización, por de concesión.»)*



O PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Pazos.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes a todos, señorías.

Galicia está a padecer as consecuencias de que en Moncloa se teña instalado o goberno máis antigalego da historia da nosa democracia. E non é esta unha afirmación baseada no prexuízo ou na mera opinión. Creo firmemente que se sustenta nunha inabarcable, interminable, incabable lista de decisións concretas que amosan, máis aló de calquera dúbida, a realidade desta afirmación. A hostilidade amosada polo actual Executivo cara a esta terra simplemente non ten parangón con ningún outro dos gobernos elixidos en España nos últimos 48 anos de democracia, con absolutamente ningún.

Ao longo do noso autogoberno, téñense producido desencontros entre executivos autonómicos e executivos centrais, diferenzas normais que foron resoltas normalmente a través das normais canles institucionais. Pero, por primeira vez —e isto cómpre subliñalo—, un Goberno, o de Pedro Sánchez, decidiu utilizar unha vara de medir diferente e específica para castigar Galicia. E hoxe vimos denunciar a esta Cámara non unha discrepancia de criterio entre a Xunta de Galicia e o Goberno do Estado, senón un novo episodio do proceso de doma e castración de Galicia deseñado por un goberno incapaz de asumir democraticamente o seu fracaso electoral nesta terra. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Miren, a lista de agravios é tan extensa que non cabería en ningún caso nesta intervención, pero si me van permitir que amose algúns dos que me parecen os exemplos máis sangrantes e que creo que mellor acreditan esa dobre vara de medir.

Miren, ano 2021. O Goberno de Pedro Sánchez amosa a súa desconformidade coa redacción de certos artigos introducidos na reforma da Lei de saúde de Galicia. Estabamos —recordarano— en tempos de pandemia. Eses mesmos artigos, con idéntica redacción, foron copiados e incorporados á Lei de saúde de Baleares, comunidade por aquel entón presidida pola socialista Francina Armengol. Pois, a pesar de ser ambas as normas idénticas, o Goberno Sánchez decidiu impugnar a lei galega ao mesmo tempo que validaba a lei balear. ¿Cal foi o resultado deste desencontro? O Tribunal Constitucional fallou a favor de Galicia.

No ano 2023, o Goberno de España amosa a súa desconformidade coa Lei do litoral de Galicia. Pedro Sánchez e José Ramón Besteiro afirman que Galicia non pode asumir esta competencia por non estar contemplada no ámbito do noso estatuto, do Estatuto de Galicia. Ao mesmo tempo, o Goberno vasco negocia co Estado a cesión da competencia sobre o seu litoral. A redacción do Estatuto vasco é literalmente idéntica á do Estatuto galego. A pesar disto, o Goberno Sánchez decide ceder a competencia ao País Vasco graciosamente e, ao mesmo tempo, impugna a lei galega. ¿Resultado? O Tribunal Constitucional volveu fallar a favor de Galicia.

Señorías, este Parlamento reclamou por unanimidade a cesión e gratuidade da AP-9. O Goberno Sánchez bloqueou primeiro a tramitación desta petición no Congreso para anunciarnos despois que a cesión prometida e a gratuidade eran imposibles. Namentres se nega esta po-



sibilidade de rescate da concesión da AP-9, xa se teñen rescatado distintas concesións de autopistas fóra da Comunidade Autónoma galega.

E, señorías, talvez alguén podería dar unha explicación coherente e razoable de por que o País Vasco xa ten comprometida a achega do 50 por cento para financiar a dependencia, namentres Galicia e as outras comunidades debemos seguir agardando a recibir o que nos corresponde por lei. ¿Alguén pode dar unha explicación de por que Pedro Sánchez maltrata continuamente esta terra? (*Aplausos.*)

Miren, nas últimas semanas, o Goberno Sánchez deu un paso máis na súa estratexia de ataque a Galicia, e fíxoo poñendo en cuestión dúas medidas deseñadas especificamente para mellorar a vida cotiá das galegas e dos galegos. O recurso interposto polo Goberno de España paralizou de facto o plan de choque impulsado pola Xunta de Galicia para reducir a lista de espera en materia de dependencia e paralizou o proceso de modernización e remuda de parques eólicos, que permitiría o abaratamento do prezo da enerxía para empresas e fogares galegos. O Plan de axilización e simplificación da dependencia e a discapacidade da Xunta estaba a ser unha ferramenta de enorme utilidade para reducir os tempos de espera para o recoñecemento da dependencia, e non é unha afirmación de parte, senón avaliada por datos obxectivos: 86.319 expedientes resoltos no 2025, o dobre do ano anterior; 28.737 persoas incorporadas ao sistema de dependencia; 57.582 recoñecementos de discapacidade, e 12.626 persoas con dependencia que viron recoñecida automaticamente a súa discapacidade. Todo isto produciu unha redución dos tempos de espera de dous meses, e isto nun só ano de vixencia dese plan de choque.

En canto á modificación da normativa eólica impulsada polo Goberno de Rueda, esta busca acelerar o proceso de renovación tecnolóxica dos parques que teñen máis de 25 anos, obrigando as eléctricas a adiantar os seus investimentos para mellorar o aproveitamento eólico en beneficio de todos. Esta é unha medida moi criticada polo sector enerxético, que, neste caso, semella ir da man do Goberno de España e do bloque progresista que o sostén. Pero, segundo un informe da Universidade de Vigo, permitiría reducir sensiblemente o número de aeroxeradores —un 79 por cento—, aumentar a produción eléctrica nun 34,5 por cento, reducir o ámbito territorial afectado e priorizar a oferta da enerxía barata á industria e os cidadáns galegos.

Os datos avalan rotundamente as medidas impulsadas polo Goberno de Rueda, e, polo tanto, os galegos deben saber que non se atacan estas medidas porque fracasasen, todo o contrario. Sánchez está tentando paralizalas porque son un rotundo éxito. De feito, son tan exitosas que o propio Goberno de España decidiu incorporar algunha desas medidas á súa propia lexislación. ¿Que a Xunta recoñeceu aos dependentes de grao 3 o 100 por cento da discapacidade? O Goberno de España fixo exactamente o mesmo, pero reducindo ese recoñecemento ao 65 por cento. A min gustárame que dende a bancada socialista se me aclarase a min e, de paso, a todos os galegos, por que mesturar dependencia e discapacidade é unha chapuza cando o fai o Goberno de Galicia e, en cambio, é unha marabillosa idea cando o fai o Goberno de España? Talvez teña sorte agora nas súas intervencións.

Señorías, resulta incomprensible que o Goberno de España cuestione unha normativa que está mellorando obxectivamente a vida dos galegos, pero aínda resulta máis incomprensible



que ese disparate sexa apoiado por grupos con representación nesta Cámara. Tan incomprendible como ter prestado apoio a un financiamento acordado de costas a Galicia, a unha quitación da débeda lesiva para os galegos e a unha interminable lista de etcéteras. Non se pode berrar pedindo máis autogoberno e despois apoiar a quen recorta o noso autogoberno. Non se pode exixir a redución de listas de espera de dependencia e apoiar a quen boicotea as medidas que permiten reducir a lista de espera de dependencia. E non se pode exixir que a sociedade galega obteña beneficios da explotación dos nosos recursos para despois apoiar a quen impide que iso se faga realidade. *(Aplausos.)*

Señorías, ese sería un exercicio de hipocrísia que eu creo que a maioría dos galegos nin poden compartir nin poden entender, e, polo tanto, non deberían de repetir vostedes os erros do pasado. Hoxe teñen unha nova oportunidade, pero tan só dúas alternativas, porque esta iniciativa xa foi votada aquí. Hoxe toca, señorías. Ou se retractan ou se retratan, vostedes saberán.

Pero unha cousa si deberían ter clara: con vostedes ou sen vostedes, nós seguiremos a defender o noso autogoberno, seguiremos a defender as nosas institucións e seguiremos a defender o benestar das galegas e dos galegos. Nós —polo menos nós— non imos traizoar a inmensa confianza que ese pobo depositou en nós. Espero que vostedes tomen nota e fagan exactamente o mesmo. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Iglesias.

PATRICIA IGLESIAS REY: Grazas, presidente.

Señor Pazos, o Congreso está en Madrid. Aquí estamos no Parlamento galego. Dedicou máis de sete minutos a falar de Pedro Sánchez. ¡Menudo respecto institucional ten por este Parlamento!

Hoxe o Partido Popular volve traer a este Pleno unha iniciativa xa debatida en outubro do 2025. Volve traer o mesmo de sempre: ruído no canto de política, confrontación no canto de solucións, e vitimismo para agochar o seu fracaso estrepitoso. Porque, cando o PP fala dun suposto ataque a Galicia, o que realmente está facendo é defender unha lei mal feita para tapar un goberno absolutamente fracasado. A Lei de medidas do 2025 é o mellor exemplo do que non se debe facer: modifica trinta leis pola porta de atrás, sen diálogo, sen consenso, sen participación social. ¡Unha chapuza legal, señor Pazos! E, agora, usan Galicia como campo de batalla contra o Goberno de España non para defendela, senón para agochar un fracaso na política enerxética e para agochar o fracaso na política de dependencia e no modelo de país. E non hai ataque a Galicia, señor Pazos; hai defensa do bloque de constitucionalidade, non sei se sabe o que é.

O PP intenta construír un conflito político inexistente, pero os feitos son claros: antes do recurso, houbo diálogo, houbo comisión bilateral, houbo vontade de acordo e, froito dese diálogo, máis do 60 por cento dos artigos recorridos *(Pronúncianse palabras que non se perci-*



ben.) quedaron resoltos, máis do 60 por cento. Xa cando non quedou outra saída, cando era imprescindible garantir a igualdade de dereitos e o respecto ao marco constitucional, presentouse o recurso. Iso non é confrontar; iso é gobernar con responsabilidade institucional.

O curioso é que agora o PP, que se erixe como defensor en moitas ocasións do Estado de dereito e tamén do bloque de constitucionalidade, cuestiona o Tribunal Constitucional cando non lle gusta o que di. Cuestiona o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a Sección Tercera, cando paraliza os parques eólicos por responsabilidade do Goberno galego e da súa mala xestión; ou chega a cualificar o Tribunal Constitucional de «cancro da democracia», como se fixo nas filas do PP. ¿Iso é respectar o Estado de dereito, señorías? Non, iso realmente é respectar o Estado de dereito segundo conveña, segundo vaia o vento, e usar as institucións cando convén e atacalas cando incomodan, señor Pazos.

O falso galeguismo do PP —iso encántame—. Tras dezasete anos gobernando, a pregunta é moi sinxela: ¿cantas competencias novas pediu Galicia baixo o Goberno do PP, que leva dezasete anos, agás a Lei do litoral? Cero competencias. En cambio, co Goberno presidido por Emilio Pérez Touriño, transferíronse pola vía do diálogo, que é na Comisión Mixta de Transferencias, máis de once competencias para fortalecer o estado de autogoberno. E, ¿que fai mentres tanto o PP de Galicia con esa colaboración institucional? Pois non temos tampouco parangón co que se fai no Goberno galego do PP, confrontando directamente co Goberno de España. ¡Menciónase máis aquí a Pedro Sánchez que o propio presidente Rueda! Plantón no Consello de Política Fiscal e Financeira, plantón á negativa de negociar un bo financiamento para Galicia, plantón no cumio do clima para falar do fondo de cambio climático; plantón á solidariedade na repartición de menores migrantes... E, ben, tamén temos ese recurso de inconstitucionalidade interposto por dez comunidades autónomas gobernadas polo PP en contra da Lei de amnistía. ¡Como ía afectar iso Galicia! Seguidismo vergoñento do PP galego ás ordes de Feijóo.

En canto á política eólica, pasamos do liderado ao fracaso absoluto. En 2009, Galicia era un referente, a primeira potencia. Hoxe, está en quinta posición. Non é casualidade; é consecuencia directa dun modelo absolutamente fracasado de transición enerxética, sen planificación, cun plan sectorial de 1997 totalmente desfasado, con cambios legais improvisados —levamos catorce modificacións da Lei do sector eólico pola lei de acompañamento, pola porta de atrás— e con máis de noventa parques eólicos suspendidos por deficiencias ambientais imputables ao Goberno galego do PP. E, claro, agora toca tapar ese fracaso introducindo pola porta de atrás a repotenciación obrigatoria na Lei de medidas. Digámolo sen rodeos: esa obrigatoriedade é o recoñecemento explícito do fracaso do modelo eólico do Partido Popular. A repotenciación eólica non está parada, señor Pazos; o que falla é o modelo do PP.

E tamén quero desmentir con rotundidade unha falacia, un *fake*, un bulo das declaracións da conselleira de Economía e Industria, que demostra —na miña humilde opinión, claro está— que, para ser a mellor, aínda lle queda un pouquiño de camiño que percorrer. Afirmo que, por culpa do recurso, teremos máis de dous mil muíños máis e a luz máis cara. ¡Falso! Onte Rueda falaba de 572 aeroxeradores e 16 parques. ¡Menudo baile de cifras e menuda falta de rigorosidade! O recurso non paraliza as repotenciacións eólicas en Galicia. É rotunda-



mente falso. De feito, pódese seguir repotenciando parques eólicos desde mañá mesmo, señor voceiro.

O Goberno de España, ademais, aprobou o real decreto que regula as repotenciacións o 5 de novembro de 2025; que aposta pola planificación, aposta polo diálogo e aposta pola economía circular para a industria da reciclaxe das pas. Bueno, pois o Goberno do PP pode aplicar ese real decreto estatal e seguir repotenciando. De feito, a proba de que é un bulo e unha falacia que se paran as repotenciacións eólicas é que en Galicia estanse a repotenciar parques eólicos non baixo o paraugas da Lei de medidas do 2025, senón repotenciacións voluntarias que se están tramitando grazas ás axudas recibidas do IDAE, do Goberno de España: máis de 54 millóns de euros para repotenciar e conseguir o obxectivo de descarbonización.

Non se copiou o Goberno de España, non. Outra falsidade para agochar miserias. Temos que, en relación coa política enerxética, a Xunta impón, improvisa e xera máis conflito e inseguridade xurídica; privatiza os nosos recursos naturais —auga, vento e minas— cunha sociedade híbrida de colaboración público-privada. Tamén seguimos esperando esa comercializadora pública que ía abaratar a luz a todos os galegos. ¿Onde está, señor Pazos? Ou modifica o imposto do canon eólico, realmente, que vai implicar máis potencia e máis beneficios para as de sempre, as empresas eléctricas, e menos ingresos públicos para os concellos rurais que soportan as repotenciacións. De copia nada, señorías; é unha falsidade e un bulo.

Despois falamos da dependencia e a discapacidade; «recortar dereitos para aforrar», ese sería o slogan. A Xunta mestura dependencia e discapacidade como se fosen o mesmo; non, son dereitos diferentes. Aclárollo, señor voceiro: a competencia da lexislación básica en materia de discapacidade é do Goberno de España. ¿Por que? Para garantir a igualdade de dereitos en todo o territorio nacional, un mínimo común normativo. ¿Sabe o que é? Que a comunidade autónoma pode desenvolver a lexislación básica que se enmarca en materia de discapacidade. Son dereitos diferentes, poñemos un exemplo moi sinxelo: unha persoa xorda pode ter recoñecida unha discapacidade e necesita apoios para comunicarse, para estudar ou para traballar; pero non é unha persoa dependente, pode vivir de maneira autónoma, non precisa coidados persoais nin axuda para a vida diaria. Iso deixa claro algo fundamental: a discapacidade garante a inclusión, garante a igualdade; mentres a dependencia, garante os coidados. Son dereitos distintos con finalidades distintas. E mesturalo, como fai o PP, non é simplificar e acurtar prazos; é ocultar o fracaso da política de dependencia do Goberno galego do PP: 349 días de media para a primeira resolución de dependencia, recortes de dereitos, eliminan o informe social das valoracións, precarizan os empregados públicos de servizos sociais, abren a porta ás privatizacións dos trámites... Isto non é eficiencia; isto é desmantelar o sistema público de dependencia para aforrar cartos. Porque dan o bono Coidado de 400 euros...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

PATRICIA IGLESIAS REY: ...que é incompatible con outros recursos da dependencia, como ter dereito a unha praza nunha residencia pública.

O modelo do PSdeG é claro: defendemos a transición ecolóxica, as repotenciacións ordenadas con consenso e servizos públicos fortes, dependencia humana profesional e digna. Porque



governar non é maquillar cifras e difundir bulos de maneira consciente, como fai o PP. Señorías, o recurso de inconstitucionalidade non vai contra Galicia; vai contra unha chapuza legal improvisada e sen consenso. O PP pode berrar, pode vitimizarse. Nós imos seguir defendendo un autogoberno serio...

O PRESIDENTE: Grazas.

PATRICIA IGLESIAS REY: ...e unhas institucións respectadas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Golpe.

JOSÉ MANUEL GOLPE ACUÑA: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Temos hoxe nesta Cámara outra consecuencia, outro exemplo máis dunha estratexia que o Partido Popular leva anos aplicando en materia eólica. Permítanme que me cinga ao aspecto eólico que estamos tratando hoxe, porque así estaba formulada esta iniciativa do Partido Popular no inicio, aínda que logo na súa autoemenda meteron tamén o da discapacidade e a igualdade. Unha estratexia que non é un episodio illado, senón unha forma de gobernar no sector eólico que nos trae hoxe ata aquí. Toda a seguridade e todo o rigor do Partido Popular, tanto no eido lexislativo como no eido formal, reflectido nunha iniciativa. Por certo, que eu creo que é extemporáneo o que estamos debatendo hoxe aquí; (*O deputado José Manuel Golpe Acuña amosa unha captura de pantalla.*) ou, se non, non sei a que obedece este anuncio oficial da páxina web da Xunta onde di que xa se están personando contra a decisión do Goberno de meter no Tribunal Constitucional este asunto da Lei de acompañamento do ano 2025.

Aquí o único que se vén buscar hoxe —como acaba de quedar patente— é ese titular de «que mal nos trata Sánchez». Non imos ser nós quen neguemos o autogoberno. De feito, esa «N» do BNG que aparece nas nosas siglas é «nacionalista». (*Aplausos.*) Non lles vou explicar o que quere dicir nacionalismo; o que si, comínoos a que recollan aquela intervención maxistrál de Olalla Rodil de «Nacionalismo galego para *dummies*», que creo que é moi aproveitábel en calquera momento da historia.

Evidentemente, defendemos o autogoberno. Pero, señor Pazos, ¡ai se vostedes gobernasen! Porque, se falaba das inxerencias do Estado en materia enerxética, hai un marco que non podemos esquecer. Non podemos esquecer que hai unha lei básica do sector eléctrico, que é a Lei 24/2013. Esta lei, impulsada e aprobada polo Goberno do Partido Popular, blindou que toda a instalación eléctrica da xeración dos máis de 50 megavatios fose da competencia exclusiva do Estado. É dicir, foi o Partido Popular quen decidiu que en Galiza non se puidesen tramitar proxectos eólicos de gran tamaño; foi quen recentralizou aínda máis o poder no Estado central e quen puxo ese teito de 50 megavatios que hoxe limita o autogoberno efectivo



O PRESIDENTE: Bo día.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura. Xustifican inasistencia ou delegan o voto, neste caso, don Roberto Rodríguez, don Gonzalo Trenor e don Argimiro Marnotes, e tamén delega o voto dona Alexandra Fernández Gómez, que o fai a través da súa portavoz, dona Ana Pontón Mondelo.

E, sen máis, comezamos co punto primeiro da orde do día.

Elección da valedora do pobo, por proposta da Comisión de Peticións

O PRESIDENTE: Neste sentido, quero comentar que, iniciado o procedemento para a elección da valedora e aprobado pola Comisión de Peticións na sesión do día 23 de xaneiro de 2026, a proposta da candidatura para o cargo de valedora do pobo de dona María Dolores Fernández Galiño foi aprobada nesa comisión. Polo tanto, procede agora a súa elección no plenario. Fárase de acordo coa votación e resultará elixida se obtén 3/5; é dicir, 45 votos sobre a proposta. A expresión do voto efectuarase do seguinte xeito: votos a favor, introducindo a papeleta que contén o nome da candidata; votos en branco, introducindo a papeleta na que non consta ningún nome. Todos os demais consideraríanse votos nulos.

Polo tanto, comezamos xa a votación da candidata proposta pola Comisión de Peticións.

Non sei se repartiron xa todas as papeletas. Imos esperar a que as repartan. *(Pausa.)*

Comezamos. Que o secretario proceda ao chamamento dos deputados e das deputadas.

(O secretario, Julio García Comesaña, comeza o chamamento.) (Pausa.)

O PRESIDENTE: Espera, aínda non lles repartiron as papeletas. *(Pausa.)*

¿Estamos?

O SECRETARIO (Julio García Comesaña): Espere, presidente. *(Pausa.)* Continuemos.

(O secretario, Julio García Comesaña, fai o chamamento, por orde alfabética, dos deputados e das deputadas, que depositan o seu voto na urna; a seguir, fano os deputados membros do Goberno e, finalmente, os membros da Mesa.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Creo que votaron todos.

E tamén creo que me esquecín antes de xustificar unha inasistencia, que é a da señora Rodríguez Dacosta. Teño un comunicado, e esquecinme antes de dicilo. Por tanto, xustifica esa inasistencia.



Imos comprobar.

(Procédese ao escrutinio.) (Pausa.)

O resultado da votación é o seguinte: votos a favor, 61; votos en branco, 9.

Polo tanto, con este resultado, queda designada valedora do pobo dona María Dolores Fernández Galiño.

Noraboa a dona María Dolores Fernández Galiño, que nos acompaña na tribuna. *(Aplausos.)*

Continuamos, polo tanto, coa orde do día. O punto segundo da orde do día é o texto lexislativo.

Toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, sobre o dereito ao coñecemento e á contemplación permanente da multifacética obra de Castelao polo pobo galego

O PRESIDENTE: Para a presentación da proposición de lei, a persoa designada pola comisión promotora é a señora dona María Pilar García Negro, para o cal lle prego que se acerque ata o estrado, que a acompaña a vicepresidenta primeira, e así comezariamos o debate. O turno dela é un turno inicial de quince minutos.

(A vicepresidenta primeira, Elena Candia López, acompaña a María Pilar García Negro ata o estrado.)

Bo día. Cando queira, señora García Negro.

A REPRESENTANTE DA COMISIÓN PROMOTORA DA INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR (María Pilar García Negro): Obrigada, presidente.

Presidente do Parlamento, deputadas e deputados, membros presentes do Goberno galego —ía dicir, mais coido que non vexo a ningún— e público convidado.

Máis unha vez, volve Castelao a esta Cámara lexislativa. Estivo presente en 1986, cando se conmemorou o centenario do seu nacemento e o Goberno do Estado e a Xunta daquela celebraron, cunha magna exposición, esta efeméride. No mesmo ano, a Universidade de Santiago de Compostela organizou un congreso que deu cabida a unha ampla representación do pensamento científico e da investigación sobre o noso ilustre compatriota. No maxistral discurso que inaugurou este congreso, o profesor, historiador e escritor Ricardo Carballo Calero —cuxa biblioteca e legado custodia este Parlamento— definiu Castelao como un auténtico valedor do pobo, antes de que esta institución existise. Despois de analizar o xenio de Castelao nas artes plásticas e na literatura, o ilustre profesor —daquela un dos poucos con vida dos que o trataron e amaron— encarecía como, sen a personalidade de Castelao, mal se podería entender a significación da Galiza contemporánea. En 1999, a Asociación Sociopedagóxica Galega e mais a Universidade da Coruña organizan o primeiro congreso dedicado a conmemorar o 50 aniversario do falecemento de Castelao. Xa no ano 2000 a Xunta, así como outras institucións —como o Concello de Pontevedra, por exemplo—, realizaron tamén senllos congresos a el dedicados; quen lles fala tivo a honrosa oportunidade de participar en todos eles co relatorio correspondente. Xa en



1999, esta Cámara aprobou, por unanimidade, a declaración como ben de interese cultural da obra e legado de Castelao, aínda que a incoación do oportuno expediente demorou até o ano 2011. En 2015 unha iniciativa lexislativa popular, avalada por máis de 11.000 sinaturas, foi defendida no mesmo sentido tamén neste Parlamento.

Señorías, desculpen este esquemático repaso histórico, que —estou certa— todas e todos vostedes terán presente. É soamente o prólogo para lembrar que Castelao, a sombra de Castelao, estivo presente nesta Cámara de representantes do pobo galego desde moito antes. Tal é así que se pode afirmar, sen dúbida ningunha, que este Parlamento existe, e a mesma Xunta existe, grazas a Castelao rescatar *in extremis* o Estatuto galego plebiscitado o 28 de xuño de 1936 e levalo a trámite á sesión de Cortes da República celebrada no mosteiro de Monserrat o 1º de febreiro de 1938.

Castelao conseguiu que aquel Estatuto cobrase natureza parlamentaria e proseguise a súa tramitación. Este foi o aval esencial para que no inicio do actual réxime político a Galiza puidese reivindicar a súa condición histórica de nacionalidade recoñecida e iniciar así o proceso de institucionalización autonómica, que perdura até os nosos días. Castelao é, pois, o autor intelectual e político desta institucionalidade galega.

Señorías, ¿por que presentamos esta ILP sobre o dereito ao coñecemento e á contemplación permanente da multifacética obra de Castelao polo pobo galego? Teño por certo que todas e todos vostedes a leron con toda a atención. Verían que non se trata de contrariar as múltiples iniciativas que coñeceu o ano 2025, declarado oficialmente Ano Castelao, co gallo do 75 aniversario da súa morte. Antes ben, esta iniciativa trata de proseguir o camiño iniciado, dotando dunha maior socialización o uso de todos os dispositivos públicos que o Goberno galego pode e debe usar.

Temos, as galegas e os galegos de hoxe, deputadas e deputados, un grave déficit de coñecemento e aprecio da nosa historia. Realmente, durante séculos o maior dereito que se nos concedeu foi o dereito a ignorármonos. A frase non é miña, claro está; é de Vicente Risco, pertence a un seu libro fundamental: *El problema político de Galicia*, publicado en Madrid en 1930. Esta ILP, avalada por 19.047 sinaturas, quere conxurar este mal fado, isto é, usar de todos os recursos e competencias da Xunta para que a grandeza de Castelao poida ser coñecida, contemplada, lida e apreciada na súa relevancia histórica. Demandamos que esta aplicación complementa e reforce a levada a termo por fundacións, editoras, asociacións culturais, axentes, en fin, públicos e privados, en conxunción de intereses e afáns. De Castelao se trata, Castelao debe ser o elo de unión.

Esta iniciativa lexislativa popular, señorías, cumpre todos os requisitos legais estipulados no regulamento correspondente. A porción do pobo galego que a avala supera con moito o número de apoios exixido. Pero hai algo máis importante aínda: ela —esta ILP— afíliase a un dos principios reitores deste Parlamento, adoito reiterado como necesario: a precisa colaboración institución parlamentaria-sociedade, relación horizontal dunha e doutra, osmose entre ambas.

As entidades galegas de ampla, amplísima participación social e cívica que promoven e apoian esta ILP —da que teño a honra de ser aquí e agora a súa portavoz— pensan que



Castelao non ten, non debe ter data de caducidade; isto é, non debe ser só unha nomenclatura de prestixio utilizada en rituais ou efemérides puntuais. O gran valedor do pobo que Castelao foi; o artista aclamado e amado por tantas xentes traballadoras do seu tempo, mesmo analfabetas; o construtor perseverante do Partido Galeguista; o deputado que levou a súa voz clara e valente ás Cortes da República; o ministro representante da Galiza nun dos gobernos da República no exilio; o galego que non puido volver pisar fisicamente a súa terra por mor da guerra española, mais que teimou en ser e estar sempre en Galiza, ou que, aínda nas condicións máis dificultosas ou extremas, continuou erguendo a bandeira da Galiza, o seu dereito a unha existencia digna, a súa condición de pobo merecente de autogoberno; o que nos deixou un monumento do pensamento e da historia galega como *Sempre en Galiza*; o artista que elaborou miles de pezas nos máis variados formatos artísticos; o escritor de mérito que innovou a prosa narrativa galega. Todo isto, señoras deputadas, señores deputados, merece ser coñecido, contemplado, explicado e valorado debidamente e da forma máis socializada posíbel.

¿A que nos referimos? A que Castelao merece un espazo expositivo monográfico amplo, con representación en antoloxía significativa de toda a súa obra, que abranxe décadas de contexto histórico. A que esta obra se dote dun discurso museístico, informativo e documentado acorde coa súa relevancia. Ninguén discutiría —se me permiten os exemplos— a existencia do Museo Sorolla ou do Museo Lázaro Galdiano, en Madrid; ou da Casa-Museo Unamuno, en Salamanca, onde, por certo, se gardan exemplares lidos e moi anotados da obra de Castelao —ambos coincidiron nas Cortes da República—; ou da Casa-Museo Menéndez Pelayo, en Santander. ¿Como é que os galegos non podemos contar coa posibilidade de coñecermos de forma ampla, documentada e veraz historicamente a maior personalidade que nos deu o século XX? Isto requer, para os efectos prácticos, esta posibilidade de contemplación non só in situ no centro, no museo correspondente, senón a través dunha dixitalización de calidade que permita acceder a toda a súa obra artística.

Precisamos que os nosos estudantes dispoñan do coñecemento adecuado, en todas as etapas educativas, da fecundidade e da función esencial galega da obra de Castelao. Requirimos que a radio e a televisión galegas contribúan con programacións ad hoc a unha difusión constante da súa obra gráfica, literaria e política. Solicitamos a maior colaboración da Xunta con todas aquelas asociacións culturais e pedagóxicas, coas fundacións, cos propietarios privados da obra de Castelao e, por suposto, cos concellos e deputacións provinciais para, ao unísono, levar a cabo este cometido. Así mesmo, solicitamos un contacto continuo cos centros galegos da emigración para cederen pezas tan significativas como *A derradeira lección do mestre* e outros elementos de valor documental, sen que isto vaia en mingua do recoñecemento do valor de conservación de traballos tan valiosos no exilio de Castelao.

Todo isto, señorías, non é utopía. «Utopía» —como sabemos— significa, etimoloxicamente, «o que non ten lugar». Mais todo o que acabamos de denunciar pode e debe ter un lugar na Galiza actual, cos instrumentos e competencias exclusivas en cultura de que dispón a Xunta.

Esta casa, o Parlamento, acaba de declarar o ano 2026 Ano Otero Pedrayo, en recordación do cincuenta aniversario da súa morte, en abril de 1976. Sabía ben este xigante da



literatura e da ciencia que foi Otero do valor inconmensurable da obra e da significación perenne do seu grande amigo e correlixionario Castelao, como sabía outro gran Ramón, Cabanillas, cando escribiu en 1950 á morte de Castelao: «¿De que morte morreu a nosa prenda? / Atravesoume o peito / un dor punxente e esguío de saíeta / e díxenlle a verdade, crú, tinguindo / cunha pinga de sangue cada verba: / ¡Morreu do mal dos bos e xenerosos! / ¡Morreu de amor á terra!».

Señorías, a década entre 1880 e 1890 ben podemos cualificala como unha década prodixiosa na historia da Galiza. Nela naceron, en 1881, Antón Vilar Ponte; en 1884, Vicente Risco e Florentino Cuevillas; en 1886, Castelao; en 1888, Ramón Otero Pedrayo, e, en 1890, Ramón Vilar Ponte. Todos eles, universitarios; todos eles, individuos cultivados e previstos para seren funcionarios ao servizo da ocultación e do menosprezo da Galiza. Mais contrariaron este seu destino previsto, non quixeron ser capataces, senón servidores do pobo ao que se sentiron unidos por sensibilidade, por conciencia galega herdada do século XIX, por compromiso patriótico e político.

Vostedes, representantes do pobo galego, son os seus descendentes e han de escoller entre un ou outro rol. Eu pídolles, en nome da comisión promotora desta iniciativa lexislativa popular, que eleven o prestixio deste Parlamento admitindo a trámite esta iniciativa, que celebra nin máis nin menos que a quen o fixo posible. Será un triunfo non de ningún grupo en particular, porque todos intervirán na elaboración definitiva da Lei, senón da nosa dignidade de galegas e galegos en exercicio.

Moitas grazas pola súa atención. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Rolda dos grupos parlamentarios, por un tempo de dez minutos.

Grupo Parlamentario Mixto. (*O deputado Armando Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.*) Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Longueira.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Con permiso, eu quixera comezar agradecendo á profesora Pilar García Negro o traballo e a implicación á hora de formar parte da plataforma que xera esta ILP. É unha das especialistas máis versada na obra de Castelao e sempre disposta a amosar ese retrato da Galicia que poderíamos ser. E tamén quero agradecer á profesora María Antonia Pérez Rodríguez, amiga, que tan ben mediou para coñecer a obra de Luís Seoane, coa que tiveron a sorte de traballar nos proxectos máis completos sobre os episodios da nosa historia e que hoxe avala co seu coñecemento esta plataforma.



Comezo dicindo que o perigo da historia é, na maior parte das veces, que existe a través de feitos relevantes, de fitos que veñen enfeitados de épica e singularidade. Parece como se, ás veces, entre o descubrimento de América e o da penicilina, non houbera outras circunstancias que conformaron o noso pasado e, mesmo, o noso presente; como se o único coñecemento estivese recollido nas enciclopedias.

En Galicia, curiosamente, unha cultura con historia de trazo fino, estamos faltos de contar a historia en todas as vertentes, tanto os termos xerais como os entresixos da nosa historia. Se eliximos ao chou, calquera que pase pola rúa sabe máis ou menos quen foron os Reis Católicos, pero dubidaría moitísimo queoubesen algo sobre os Irmandiños. E, aínda máis, a nosa historia está fundamentada tanto no que somos no territorio como no que construímos de nós mesmos fóra del, desde os dous millóns que marcharon entre o século XIX e 1960 aos máis de 500.000 que hoxe en día resisten fóra de Galicia. E, ¿cal é a realidade? Que hoxe nin sequera temos un traballo que recolla ese volume da Galicia exterior, a non ser o Arquivo da Emigración do Consello da Cultura Galega.

Sabemos por nós mesmos que é o que nos caracteriza, pero non somos quen de institucionalizar unha traxectoria colectiva que definiu comunidades, afectou familias e condicionou decenios de vida social e económica como é a emigración.

E aí, nesa marea da nosa silenciosa vida convulsa, está Castelao, o persoeiro que o mesmo serve para unha festa patronal, para nomear as medallas que significan non sabemos moi ben o que, ou para celebrar un ano no que arde o noso peito con *Sempre en Galiza*; cando, en realidade, Castelao foi, por poñer, o delegado do Goberno da República no exilio en Arxentina. Representou oficialmente a República en actos públicos, políticos e institucionais; mantivo relacións cos gobernos, partidos e colectividades do exilio, e actuou como voz política da Galicia republicana no exterior. É certo que foi o artista que, coa imaxe do seu cadro *A derradeira lección do mestre*, cubriu os muros da Universidade de Barcelona na Guerra Civil; o que ilustrou tres álbums de guerra, e o que recolleu o noso micromundo en *Cousas da vida*, un retrato cruel, lúcido e profundamente humano da vida cotiá en Galicia.

Pero —coincidencia—, sabendo eses inconvenientes, a política dos anos urxentes converteuno, dun lado e doutro, nun fito, nun personaxe épico do que o máis que se di, en termos xerais, é, dun lado, eses oxímoros recollidos en *Cousas da vida* e, do outro, que é o representante dunha arcadía épica que nunca fomos. E sería un gran beneficio para Galicia, para a microhistoria e a historia da enciclopedia galega, que aprendésemos a través de Castelao unha medida aproximada do que somos. Mirar o pequeno para entender o grande, escoitar as marxes para comprender o centro, facer política desde a xente e non sobre a xente.

Porque a microhistoria, a que defenden historiadores como Carlos Ginzburg, céntrase nas contradicións dos sistemas normativos, amosa a fragmentación e a pluralidade das perspectivas que hai dentro mesmo do que parece uniforme, e desvela que as grandes estruturas non son monolíticas, senón compostas por múltiples prácticas e voces locais.

Castelao é a Galicia contada desde abaixo. No seu traballo en todas as disciplinas fixo algo radicalmente moderno: puxo no centro da historia galega as persoas que nunca estaban no



centro. Isto é exactamente o que despois a historiografía chamaría microhistoria. Non escribiu a historia dos poderosos, non fala dos vencedores nin dos grandes nomes nin das elites; fala de labregos e mariñeiros, mulleres que agardan, nenos descalzos, vellos esquecidos, emigrantes en voltas: a vida cotiá que el coñeceu, o xesto pequeno e a dor silenciosa. Porque o detalle aparentemente menor é o que revela a verdade dun sistema enteiro.

Castelao non é folclore. Un debuxo dun cego ou dun neno famento explica mellor a Galicia que coñeceu que calquera discurso oficial. Desmontou as grandes categorías abstractas para presentar a realidade das persoas; Castelao fai exactamente iso con Galicia. España non é unha abstracción; é unha experiencia concreta. O Estado non é unha idea; é o que chega tarde, mal ou nunca. A patria non é retórica; é a xente que sofre e resiste.

Castelao constrúe a Galicia real: non idealizada, non folclórica, non romántica; é unha Galicia vivida. Levando aínda máis lonxe esa idea: sen esa xente común, non hai Galicia posible. Dignifica o que parecía irrelevante e, ao facelo, convérteo en política. Castelao non busca épica; busca a verdade. Non hai heroísmo grandilocuente; hai inxustiza, hai humor amargo, hai dor contida, hai ironía. Constrúe unha memoria moral; non unha historia triunfal. E iso é profundamente moderno, profundamente democrático e profundamente galego.

E, ¿por que Castelao segue sendo imprescindible hoxe? Porque, nun tempo de discursos baleiros, identidades simplificadas e relatos oficiais que borran as persoas, Castelao lémbra-nos que un país se constrúe desde a vida cotiá; non desde os despachos. E iso conecta directamente coa microhistoria. Mirar o pequeno para entender o grande, escoitar as marxes para comprender o centro e facer política desde a xente; non sobre a xente. Castelao fixo por Galicia o que a microhistoria fixo pola historiografía: devolveulle a palabra aos que nunca a tiveron; contou Galicia non desde o poder, senón desde a vida. E, por iso, segue sendo incómodo, necesario e profundamente actual.

Con esta argumentación, o que propoñemos desde o Partido Socialista é que, de se acadar a resolución desta ILP, deamos as mesmas bases para divulgar Castelao desde esa perspectiva da historiografía moderna, porque son tempos perigosos nos que fai falta que estean aqueles que entenderon o escenario, para poder divulgar o coñecemento.

Comecei agradecendo o traballo de dúas mulleres; unha delas, experta na obra de Castelao en toda a súa dimensión, e a outra, unha investigadora que busca no fundamental para explicar o primeiro plano. E quero terminar traendo aquí o traballo dun artista que esta fin de semana nos situou xeopoliticamente no mundo a través dunha arma de entretemento. Estou a falar de Bad Bunny, ese artista portorriqueño que aproveitou trece minutos diante de cen millóns de persoas para ser o que dan en chamar o novo Gramsci da contemporaneidade. Esa situación —situado na esfera de Gramsci— fíxome pensar nesa similitude que ten Castelao co pensador marxista. O poder non se sostén só coa forza, senón facendo que a súa visión do mundo pareza natural, e é o que el chamou a hexemonía cultural: cando o que manda consegue que a desigualdade pareza normal, que a lingua propia pareza secundaria e que a pobreza pareza inevitable. Castelao fai exactamente iso en Galicia: combate a idea de que Galicia é atrasada por natureza, desmonta a normalización da emigración e denuncia a resignación como trampa política. Onde Gramsci teoriza, Castelao amosa; onde Gramsci escribe conceptos, Castelao debuxa vidas.



Fagamos posible que isto aconteza, non só pola figura do noso ilustre, que ben o merece, senón por nós mesmos, se é que aínda é posible. Atopemos os nosos trece minutos diante do mundo sendo nós mesmos.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Imos saudar os alumnos —o primeiro grupo— do centro María Casares, de Oleiros, que hoxe visitan o Parlamento. Benvidos ao Parlamento, e tamén a todas as persoas que nos acompañan na tribuna do público.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Pontón.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día a todos e a todas.

Quero, en primeiro lugar, enviarlle un saúdo fraterno de benvida a este Parlamento ás persoas que nos acompañan de Oleiros e, moi especialmente, ás persoas e entidades que promoveron esta iniciativa lexislativa popular para a divulgación e o coñecemento da obra de Castelao. Quero darvos as grazas polo voso traballo e polo voso compromiso. Permítanme ademais que lle agradeza moi especialmente a María do Pilar García Negro, exdeputada do BNG neste Parlamento e unha das grandes estudosas, coñecedoras e divulgadoras da obra de Castelao, pola defensa que acaba de facer desta iniciativa. Creo que esa intervención é a mellor mostra de que era a mellor persoa para expresar con rigor, con intelixencia e con paixón o significado de Castelao como unha persoa referencial da nosa nación. (Aplausos.)

Como moi ben expresou aquí quen a defendeu, esta iniciativa lexislativa popular ten un obxectivo moi claro e que, ademais, debería de ser un obxectivo compartido: garantir o dereito ao coñecemento e á contemplación da obra de Castelao. E a pregunta que nos temos que facer é: se Castelao é de todos e de todas, ¿quen pode estar en contra de que se coñeza e se divulgue a súa obra?, ¿quen pode estar en contra de que teñamos todos os medios e os recursos necesarios e mesmo de que garantamos por lei ese coñecemento e esa divulgación dunha figura tan relevante para Galiza como Castelao? Só se me ocorre unha razón para que neste Parlamento, por segunda vez —porque a anterior foi en 2015—, se vete por parte do Partido Popular esta iniciativa lexislativa. Esa razón só pode ser o intento de silenciar a Castelao, que, por certo, é o que levan facendo o franquismo e a dereita desde aquela nefasta consigna da Dirección General de Prensa de xaneiro de 1950, onde se dicía literalmente: «*Habiendo fallecido en Buenos Aires el político republicano y separatista gallego Alfonso Rodríguez Castelao, se advierte lo siguiente: la noticia de su muerte se dará en páginas interiores y a una columna. Caso de insertar fotografía, esta no deberá ser de ningún acto político. Se elogiará únicamente del fallecido sus características de humorista, literato y caricaturista. Se podrá destacar su personalidad política, siempre y cuando se mencione que aquella fue errada y que se espera de la misericordia de Dios el perdón de sus pecados. De su actividad literaria y artística, no se hará mención alguna del libro Siempre en Galiza ni de los álbumes de dibujos de la Guerra Civil*». A conclusión é moi clara:



levan 75 anos intentando silenciar a Castelao, pero non o conseguiron porque os seus ideais e as súas razóns seguen latexando no corazón e na cabeza de miles de galegos e de galegas. *(Aplausos.)*

Hai, polo tanto, moitas razóns para apoiar esta iniciativa lexislativa popular. A primeira e a máis obvia é o propio obxecto da Lei: garantir a difusión e o coñecemento da obra de Castelao. A segunda razón debería de ser unha razón tamén de coherencia cos acordos unánimes aprobados neste propio Parlamento ao longo destes 25 anos.

Ao primeiro deles xa se fixo referencia aquí. Foi no ano 1999, precisamente por instancia de quen hoxe defende esta ILP, e establecíase un mandato moi claro ao Goberno galego para declarar BIC a obra de Castelao e garantir a difusión e a exposición da súa obra. Houbo que agardar ata o ano 2007, cun goberno do BNG na Xunta, para que se iniciase a declaración como BIC da casa familiar de Castelao en Rianxo —por certo, aínda hoxe sen abrir ao público— e para que se levase a cabo unha cuestión importante para logo poder declarar BIC a súa obra, como foi o Catálogo universal de Castelao. Este catálogo rematouse no ano 2010, conta cunhas 4.000 fichas e aínda non é de acceso público; é dicir, quince anos despois de rematarse, o Catálogo universal de Castelao segue secuestrado pola Xunta do PP.

O seguinte acordo unánime tivo lugar no ano 2010, tamén neste Parlamento, nun sentido moi similar. Pedíase naquel momento declarar BIC a obra de Castelao a partir desa catalogación universal realizada, programar unha grande exposición que amosase o conxunto da súa obra, mostrar toda a integridade dos seus fondos, promover o coñecemento da súa obra ou garantir precisamente o acceso á catalogación da obra de Castelao ao conxunto da cidadanía. O certo é que, transcorridos dezaseis anos, a maior parte deses acordos seguen sen cumprirse. É certo que no ano 2011 se logrou que se declarase BIC a obra de Castelao, aínda que dunha maneira singular, porque se fixo con carácter inmaterial. En todo caso, nesa declaración BIC tamén se dicía que había que promover a conservación, investigación e difusión; cuestións que, evidentemente, aínda hoxe seguen pendentes.

Se tivesen o máis mínimo de coherencia, votarían a favor da admisión desta iniciativa lexislativa popular, e eu pídolle ao Partido Popular que rectifique o veto de 2016 e que vote a favor da toma en consideración desta iniciativa. De non facelo, o que nos demostrarán unha vez máis é que, para a dereita, Castelao é unha figura incómoda. É incómodo porque Castelao era un nacionalista dos pés á cabeza, e iso non poderán ocultalo nunca; é incómodo porque Castelao foi un republicano indomable, e iso tampouco poderán silencialo, e é incómodo porque Castelao foi un internacionalista e pacifista de principio a fin, e a súa voz e a súa pluma estarían hoxe en defensa de todos os pobos do mundo que resisten o imperialismo, desde Palestina a Cuba. *(Aplausos.)*

Tras décadas de intentar censuralo, prohibilo e silencialo, é certo que a dereita logo optou por unha fórmula máis sibilina de manipulación: intentar convertelo nun mito, nun símbolo, nunha especie de estandarte neutro desprovisto de ideoloxía. E, por se houbese algunha dúbida de que esa é a intención do Partido Popular, puidemos comprobalo neste ano 2025, onde vimos o desleixo da Xunta con esa celebración e coa súa figura. Foi un ano no que, ademais, o Partido Popular xa nos deixou moi claras cales eran as súas intencións, porque em-



pezamos o Ano Castelao co Partido Popular vetando que este Parlamento o recoñecese como o que foi: o primeiro presidente de Galiza. E, tamén, o PP —niso son coherentes— rematou o ano como o empezou, e falounos dun Castelao fóra de ideoloxías. Eu (*Risos.*) teño que recoñecerlles que o día que escoitei esas declaracións pensei que efectivamente Castelao era un visionario, porque el mesmo lles respondeu a esas afirmacións no ano 1944, cando afirmou: «Ao veren que as miñas razóns avalan a conciencia galega, daquela, exáltase a miña personalidade artística, exaxerándoa, co piadoso fin de desvalorizar a miña ideoloxía política». Unha ideoloxía que ademais deixou plasmada nese manifesto da asemblea das Irmandades da Fala celebrada en Lugo en 1918; un manifesto asinado do seu puño e letra que recollía con total rotundidade: «Tendo Galiza todas as características esenciais de nacionalidade, nós nomeámonos, de hoxe para sempre, nacionalistas galegos».

Como escribiu Eduardo Galeano, «non hai historia muda. Por moito que a queimen, por moito que a rompan, por moito que a mintan, a historia humana négase a calar a boca». Por moito que o mintan, Castelao tamén se nega a calar a boca. E temos que dicir, con toda claridade e rotundidade, que pretender convertelo nunha figura desprovista de ideoloxía e de compromiso político, mesmo intentar utilizalo como ariete para atacar os ideais que el defendeu, non só constitúe unha fraude histórica, senón que é unha falta de respecto e unha aldraxe a Castelao e a toda a súa xeración, que pagou un prezo moi alto, mesmo coa súa vida, por defender a democracia, as liberdades e o dereito dunha Galiza a ser libre do seu destino. E iso, desde o BNG, non llelo imos permitir. (*Aplausos.*)

Remato, presidente. Supoño que escoitaremos hoxe iso de que Castelao é de todos e todas. E nós dicimos que si, que Castelao é de todos e todas as que levan Galiza na cabeza e no corazón; que Castelao é de todos e todas, menos dos fascistas e dos seus herdeiros; que Castelao é de todos e todas, menos dos que atacan o que el máis amou e defendeu, que é Galiza, a súa lingua e a súa xente, e que Castelao é de todos e de todas menos dos que deturpan as súas ideas e o seu legado político.

Señorías, podemos hoxe demostrar que, efectivamente, Castelao é de todos e de todas apoiando unha ILP que só pretende que a súa memoria e o seu exemplo sexan coñecidos polo pobo que tanto amou e polo que sempre loitou. Sempre Castelao. Sempre en Galiza. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, Señora Pomar.

CARMEN MARÍA POMAR TOJO: Moitas grazas, presidente.

Antes que nada, quero pedir desculpas pola miña voz, froito destes tempos chuviosos que temos.

Benvida a rapazada de Oleiros.

Moi bo día, señorías.



Moi bo día, profesora García Negro. Sexan benvidos vostede e os demais membros da comisión promotora desta iniciativa lexislativa popular...

Hei de recoñecer que, para unha parlamentaria muller e que recala na política dende o mundo académico, co firme convencemento de que a política é un dos mellores modos de exercer o servizo público, de rachar teitos de cristal e de pór en valor os ideais nos unha que sempre creu, é toda unha honra que sexa precisamente vostede, señora García Negro, a que presenta hoxe aquí esta iniciativa popular; e que o faga neste estrado, altofalante daquelas mulleres que alá polo ano 1995 viaxaron a Beijing para participar —e, o máis importante, facelo activamente— na Conferencia Mundial sobre as Mulleres, e facelo dende Galicia, por Galicia e para Galicia. Unha conferencia que marcou a Axenda global da igualdade e que abriu as portas ás xeracións posteriores. Agradecidas, pois, ás que subiron naquel voo para levar —e, sobre todo, para traer— aires novos no eido da igualdade. É innegable que o Parlamento de Galicia foi, é e será sempre a súa casa, a de todas.

Permítanme que pase agora a facer unha breve análise da escrita que antecede a esta douta e impecable disertación. Teñen que recoñecer vostedes que posiblemente o propio Castelao non sería quen de referir xuízos de valor tan duros como os que se recollen na exposición de motivos da súa iniciativa. Pois de todas e todos é coñecida a súa teima de xuntar esforzos, de buscar acordos e de aplacar iras baleiras. Lembran aquilo dos patriotas Faraldo e Brañas camiñando con Murguía, Vicetto, López Ferreiro, Pondal... Xuízos que levan a desmerecer todo o que se fixo nas últimas décadas a prol do desagravio perante os feitos naqueles anos máis crueis e lacerantes nos que lles tocou vivir a Castelao e aos seus insignes coetáneos, mais, sobre todo, nos que lles tocou pensar e sentir. Aínda engado: custa entender a dilapidación en forma de sentenzas verbais desta escrita, xustamente cando acabamos de rematar o ano Castelao, ano no que se reforzou —merecente e de recibo— a homenaxe á súa memoria no 75 aniversario do seu pasamento e fíxose a través de máis de oitenta accións de recoñecemento. Así se reflicte no informe que se avaliou o pasado día 27 de xaneiro no Consello da Xunta de Galicia. Un informe no que se dá conta das distintas iniciativas desenvolvidas no ano que rematou, destinadas a recoñecer o legado intelectual, artístico, político e social de Castelao, unindo nesta homenaxe as diversas institucións e a poboación en xeral ao redor da súa figura. Mención especial, agradecida e agarimosa, á Fundación Castelao e ao seu presidente, Miguel Anxo Seixas. Forxa, testemuña e apoio sempre.

Lembremos, así mesmo, que este pasado ano 2025 será xa para sempre o ano no que viu a luz a Fundación Panteón, tralo xermolo que fecundou, precisamente nesta casa da palabra, grazas a un acordo unánime de todos os grupos parlamentarios tralo rexistro que se fixo —tamén por parte de todos eles— dunha proposición de lei que foi votada en sesión plenaria específica do Parlamento de Galicia celebrada o 28 de xullo do 2023, polo procedemento de lectura única. Nesta lei, xa Lei 5/2023, do 4 de agosto, o Parlamento de Galicia distingue o Panteón como un elemento singular da nosa identidade e procede a sentar os principios que regularán a súa xestión, o seu uso e a súa conservación. E, como versa nos anais deste Parlamento, o Panteón de galegas e galegos ilustres, símbolo de identidade do pobo galego e da súa continuidade histórica, é o espazo físico destinado a honrar e perpetuar a memoria das persoas que teñan contribuído significativamente á afirmación da identidade



de Galicia, ao coñecemento desa identidade e á súa defensa, así como ao desenvolvemento do progreso do pobo galego, en particular, e da humanidade en xeral.

Prosigo na miña análise. Señorías, Castelao non dá nome a unhas medallas. Quedarse na literalidade leva sempre a siloxismos perigosos. Chegar a conclusións tan fragmentadas e nesgadas non reflicte a realidade. ¿Que dirán, pois, todas e todos os que tiveron a gran honra de recibila? ¿Acaso o que lle confire a súa valía é o nome ou é o que ese nome representa? Falan asemade de catalogar a obra, como se ningunha dela estivese catalogada—; de facer exposicións da mesma, coma se non estivese exposta en ningures; e de aproximar Castelao ás persoas, como se non acabásemos de pechar unha exitosa exposición na Cidade da Cultura con máis de 40.000 visitantes, en cuxa inauguración —por certo— non estiveron os representantes do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. E acabamos de estrear nos cinemas de toda Galicia e na televisión pública un filme que ten xa 18 nominacións aos Mestre Mateo, sendo a produción máis votada polos académicos.

Plantexan que se adquira o cadro *A derradeira lección do mestre* para que permaneza nalgún espazo fixo. Miren, señorías, teño que dicir que eu tiven a grandísima fortuna de formar parte do Goberno galego cando chegou a Galicia, a esta Galicia, *A derradeira lección do mestre* —obra que, por certo, coñecía do meu paso como alumna polo Instituto Rosalía de Castro, alá pola última metade dos anos 80; grazas aos mestres, precisamente aos meus, aos que me achegaron a Castelao xa daquela—. Pois ben, lembrarei aquel recibimento no álbum de imaxes asociadas á dita etapa da miña vida. Curioso, ¿verdade?, que fose un Goberno Popular o que conseguise a chegada a salvo deste cadro, que transcende o pictórico e incluso o histórico, converténdose nun símbolo emocional da memoria. (*Aplausos.*) Como Popular é tamén o Goberno da Deputación de Pontevedra, que será quen de traer esta obra por segunda vez a esta Galicia, ao museo que leva o nome da cidade; museo que, por certo, acolle con delicado coidado e atención moita da obra de Castelao, algo que debemos en grande medida a don José Filgueira Valverde, que apostou sempre incondicionalmente por ter a obra de Castelao en Pontevedra. O que non entendemos é se queren que se saque a obra que xa está no Museo de Pontevedra e que se traslade a outro lugar. Aínda máis, a cuestión chegaría a plantexarnos se a diáspora non é Galicia, se Bos Aires non é a quinta provincia, como o propio Castelao dicía e sentía no seu ideal. Habería que coñecer se o Centro de Galicia estaría interesado en vender esta obra, símbolo máximo da galegitude, pois, se non fose así, ¿serían vostedes partidarios de expropiala? En canto á obra publicada, preguntámonos tamén se plantexan mercarlle os dereitos de autor á editorial *Galaxia* ou tamén expropialos.

Coa venia da comisión promotora, permítanme que me dirixa agora ás súas señorías do Bloque Nacionalista Galego, en xeral, e á súa portavoz en particular. ¿Non lles semella cando menos tamén curioso escoitar todo o que se escoitou por parte do BNG, cando foron quen de querer apropiarse do ano Castelao, desbotando precisamente un acordo para facer unha declaración institucional conxunta neste Parlamento? Miren, señorías, xa llelo temos dito noutras ocasións: vostedes non queren enxalzar a Castelao; queren politizalo contra o Partido Popular de Galicia. Nós quixemos e queremos formar parte da homenaxe colectiva que lle debemos como pobo; vostedes poñen sempre por riba a confrontación.



Por certo, vostedes sempre utilizan a simboloxía e o legado para o seu propio interese proselitista. Por iso no debate do estado da Autonomía do mes de abril presentaron unha proposta de resolución que buscaba non realzar a figura de Castelao, mais levar ao sistema educativo a «loita polos dereitos nacionais da Galiza». Xa sabemos como adoitan algún dos seus levar a Castelao ás aulas: medio nu, saíndo do armario e cunha estrela vermella tatuada. (Aplausos.)

Por certo, non sabemos se entre os temas que a señora Pontón conversou coa señora Fernández de Kirchner estivo a expropiación da obra de Castelao en Arxentina. Sabemos que a expresidenta arxentina coñece moitas e variadas estratexias de dubidosa reputación.

Miren, señorías, Castelao non pode ser só dos que pensan que Galicia é unha nación soberana e independente. Castelao non cabe nas estreiteces; merece amplitude de miras, respecto colectivo e consenso, fronte á liorta constante que pretenden vostedes. Castelao, non o esquezan, acadou o máis difícil: a unión da diáspora. Deixen de fragmentar Galicia.

Remato xa, presidente, e fágoo —con permiso— apelando a unha reflexión final: ¿coidan as súas señorías e as persoas asinantes da comisión promotora que Castelao, a súa figura, a súa obra e o seu pensamento son susceptibles de reducirse a un marco normativo? A ben seguro que dende a idea de Castelao, patrimonio e sentimento común, este Ano Castelao ha de converterse nun punto de partida para continuar polo camiño da reflexión pausada, o recoñecemento sen paliativos e o enxalzamento de quen foi e será sempre un símbolo indiscutible da nosa identidade.

O Grupo Popular vén demostrando claridade no posicionamento, apoiando a declaración institucional, primeiro, e participando activamente nos actos convocados, despois. Decía don Antonio Fraguas —eu non nacín na modernidade líquida, señora Longueira—, a quen tiveren a sorte de coñecer cando ocupou a cadeira do seu mestre Castelao na Real Academia Galega: «Pasará o tempo, moito tempo, e na casina máis apartada non se esquecerán as *Cousas da vida por Castelao* e prós os artistas e pra todol-os espíritos de fina sensibilidade, Castelao será sempre a luz acesa nos infindos hourizontes. O seu nome vai no encanto das paisaxes da terra e das preocupacións humáns. Cerne de vellas carballeiras, arume de flores nas leiras do val e da montaña, canto de paxariños, estrondo das olas na costa e latexar das escumas brancas da praia, vento que canta nos piñeiros: toda a esencia de Galicia, eso é Castelao». Por iso sobrepasa, señorías, calquera regulación medida, prefixada e calculada contida nunha norma.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica da persoa designada pola comisión promotora desta iniciativa, señora García Negro.

A REPRESENTANTE DA COMISIÓN PROMOTORA (María Pilar García Negro): Obrigada, presidente.



Quero agradecer, en primeiro lugar, as intervencións das portavoces dos tres grupos parlamentares que así o fixeron. Naturalmente estimo en todo o que vale a posición expresada pola portavoz do Grupo Socialista e mais pola portavoz do Bloque Nacionalista Galego. Coido que hai unha base común en que concordamos a comisión promotora, as miles de persoas asinantes desta iniciativa lexislativa popular e eu, como a súa portavoz hoxe: unha base común de acordo en que a cultura galega merece ser unha cultura adulta e moderna. Porque estamos a falar dun clásico contemporáneo como é Castelao, que nos continúa interpelando e, cando falamos de cultura adulta e moderna, referímonos a aquela que se estima a si mesma, que coñece a súa propia historia e, naturalmente, que utiliza todos os medios adecuados ao século XX e non ao século XIII, por exemplo, para poder transmitir a información, o coñecemento e o particular contido que dá sentido e que dá significación a un símbolo.

Naturalmente, agradezo tamén a intervención e a mención da importancia da presenza feminina nesta Cámara, ou noutros lugares de ámbito público, que fixo a portavoz do Partido Popular, a señora Pomar. Mais permítame que aclare algo fundamental: eu non estou aquí para representarme a min mesma, en absoluto. Eu represento un conxunto de entidades de amplísima representación social. Vou citar a Federación de Asociacións Culturais Galiza Cultura e a plataforma cívica cidadá Vía Galega, acompañadas de non menos dunha decena de asociacións, ou dunha central sindical, a CIG, ou de asociacións particulares de escritores, por exemplo.

Ben. Entón, descúlpenme as portavoces do Grupo Socialista e do Bloque Nacionalista Galego se non me estendo, unha vez expresado o agradecemento, no comentario que as súas intervencións, perfectamente preparadas e coa mellor disposición, teñen, porque debo concentrarme, neste tempo pequeno, en responder á portavoz do grupo maioritario, á señora Pomar.

Dáse a circunstancia de que as tres portavoces intervenientes —por esta orde de intervencións: a señora Longueira, a señora Pontón e a señora Pomar— teñen apelidos galegos, galeguísimos. ¿Verdade, estamos de acordo? ¿Como é que non sabemos e que non se propaga que en 1924 —xa que se falou da importancia, señora Pomar, da presenza feminina—, en plena Ditadura de Primo de Rivera, Castelao publica no *Diario Galicia* do 24 de maio unha viñeta con este texto a cargo dunha muller popular: «O meu home vai fóra e eu non terei voto, pero seguirei pagando todol-os trabucos»? ¡É unha denuncia directa do limitadísimo dereito de voto concedido pola Ditadura primoriveirista ás mulleres solteiras e ás viúvas —non ás casadas—! Isto supoño que nos interesará ás mulleres galegas. Supoño que teremos dereito tamén a coñecer *in integrum* toda a obra de Castelao desde os inicios en Rianxo até o seu falecemento forzoso no desterro —como el o chamaba—, no exilio, en Buenos Aires. Entón, teño que interrogarme, señora Pomar. Por certo, aplicou un automatismo que non ten sentido, porque esta iniciativa non é do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego; é unha iniciativa lexislativa popular, feita coa mellor intención, coa mellor vontade e que, convertida en lei, podería moi ben ser modificada e mesmo aqueloutrada polo grupo maioritario presente na ponencia; de maneira que revela unha falta de vontade que entendo que é absolutamente lamentábel, señora Pomar, absolutamente deplorábel.



Lévame isto a preguntar non só a vostede, non só ao Goberno, absolutamente ausente... ¡Trátase de Castelao, fíxense ben, non falabamos aquí de Xan das Bólas! ¡É Castelao! ¿Que máis ten? Non hai ninguén aquí presente, e esa é a súa responsabilidade. Ben, isto lévame a preguntar a este Goberno ausente e a todas e a todos vostedes pola política cultural que defenden. ¿Cal é? ¿Que política cultural é a que queren practicar? ¿A de «Un canto a Galicia, hey», por exemplo? Esa é unha posibilidade, ¿verdade? ¿A de negar que Galiza teña presenza como membro asociado na UNESCO, porque xa estamos representados por España? Pois vounos informar —ou, mellor dito, voules refrescar a memoria—: a Sociedade Estatal de Conmemoracións Culturais, que hoxe se chama Acción Cultural Española, dedicouse, co noso diñeiro —tamén diñeiro de galegas e galegos—, a celebrar o quinto centenario da morte de Isabel a Católica. ¡Hai que ter humor! En fin, así o fixeron. O primeiro centenario da morte de Isabel II; o centenario —naturalmente— do *Quijote*; o quíñentos aniversario da Concordia de Villafáfila; o oitavo centenario do *Mío Cid*; o cincuenta do falecemento de Ortega y Gasset; o cento vinte e cinco do nacemento de Picasso... ¿Seguimos, señora Pomar?

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

A REPRESENTANTE DA COMISIÓN PROMOTORA (María Pilar García Negro): Remato, señor presidente. Desculpe.

¿U-la Galiza? ¿Onde estamos representados? ¿Onde hai, para isto que estamos pagando, unha representación?

Remato —e que non me esqueza—. Señor presidente, un minuto, nada máis. Miren, recoméndolles que, para as próximas medallas Castelao —ou a quen quixeren—, reediten este libriño que amoso, que está editado en 1999. (*A representante da comisión promotora, María Pilar García Negro, amosa un libro.*) Titúlase *Alfonso Rodríguez Castelao. Pequena escolma*. O único verdadeiro é o adxectivo; é pequena, efectivamente. É tan pequena que inclúe dous relatos de *Retrincos*, seis de *Cousas*, *Alba de gloria* e unhas *Cousas da vida*. De *Sempre en Galiza*, absolutamente cero; do álbum *Nós*, cero; doutra moita obra de Castelao, cero. ¿Imaxinan unha antoloxía hoxe, por mínima que sexa, de Cervantes que non inclúa unha liña do *Quijote*? ¿Pero a que estamos, efectivamente, xogando?

O PRESIDENTE: Grazas, señora García Negro.

A REPRESENTANTE DA COMISIÓN PROMOTORA (María Pilar García Negro): Conclúo, señor presidente.

Castelao foi, efectivamente, nacionalista e autodeterminista. Vostedes son autonomistas; usen da súa autonomía, non a convertan en autoanemia.

Moitas grazas. (*Aplausos prolongados.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Pois, rematado o debate, procedemos á votación.



Pechen as portas, por favor.

Votamos.

Votación da proposición de lei

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, sobre o dereito ao coñecemento e a contemplación permanente da multifacética obra de Castelao polo pobo galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración desta proposición de lei.

O PRESIDENTE: Continuamos coa orde do día. Neste caso, xa sería a comparecencia.

Permítanme que antes saúde agora os alumnos do segundo grupo do centro María Casares, de Oleiros, que tamén visitan hoxe o parlamento. Benvidos ao parlamento.

Continuamos coa comparecencia.

Comparecencia do conselleiro de Sanidade, por petición propia, para dar conta das medidas de reforzo para a atención primaria

O PRESIDENTE: Para iso ten a palabra o conselleiro de Sanidade, don Antonio Gómez Caamaño. Cando queira.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Grazas, señor presidente.

Un saúdo aos alumnos.

Señorías, comparezo hoxe ante esta Cámara coa responsabilidade que supón abordar unha cuestión central para o presente e o futuro do noso sistema sanitario público: a situación da atención primaria en Galicia. Fágoo desde o rigor técnico que merece un debate destas características, pero tamén desde a convicción política de que estamos ante un piar esencial do estado de benestar, un ámbito que require estabilidade, planificación, responsabilidade institucional e, sobre todo, altura de miras. A sanidade pública non é un campo para a frivolidade nin para o oportunismo; é un espazo que debe ser tratado con máis sentido de país que sentido de partido.

Cómpre situar o debate no seu contexto real, porque para gobernar e para facer oposición debemos ter presente o escenario no que nos movemos. Como xa sinaléi en reiteradas ocasións, a atención primaria atravesará unha situación difícil en toda España —non só en Galicia— e esa situación está a impactar nos tempos de acceso e na percepción que teñen os pacientes da sanidade pública. Señorías, estamos ante un problema estrutural derivado do déficit de especialistas en Medicina Familiar e Comunitaria e en Pediatría de atención primaria que afecta todas as comunidades, independentemente do partido que se atope no go-



berno. Este feito é obxectivo, é contrastable e é coñecido por todos, aínda que algúns prefiran obviar e confundir intencionadamente a orixe do problema, os responsables directos e as medidas necesarias para afrontalo. Porque a quen lle corresponde poñer solucións é ao Goberno central. Xa en 2018 existía un informe que advertía claramente das consecuencias do envellecemento das plantillas médicas e o elevado número de xubilacións previstas en atención primaria.

Ante este diagnóstico, as comunidades e o Ministerio de Sanidade acordaron impulsar unha serie de medidas prioritarias para corrixir as carencias que se ían producir no sistema sanitario. Porén, esas medidas quedaron en papel mollado coa chegada de Pedro Sánchez ao Goberno. A partir dese momento, e ata o día de hoxe, desapareceu a coordinación real, faltou liderado político e produciuse un evidente deixamento de funcións por parte do Ministerio de Sanidade. Desde 2018 ata hoxe pasaron seis ministros de sanidade, cinco socialistas e un de Sumar, con visos de pasar á historia como a persoa que máis conflitos xerou na profesión médica en España. Nestes case oito anos houbo moito ruído mediático, moitos anuncios e moitas declaracións de intencións, pero nin unha soa medida estrutural de calado que aborde o problema de fondo: a falta de especialistas en atención primaria.

O resultado desta inacción é que os servizos autonómicos de saúde quedamos sos, cunha escasa marxe de actuación e coa responsabilidade exclusiva de garantir a asistencia sanitaria á cidadanía. Non é razoable nin lexítimo que, ante un problema que afecta todo o país, o Goberno da Nación se poña de perfil. Non é normal que o ministerio que ten as competencias en planificación e coordinación ignore os chamamentos reiterados das comunidades autónomas. E non é aceptable que as autonomías teñamos que competir entre nós polos médicos dispoñibles. *(Aplausos.)*

Fronte a esta situación, desde a Xunta de Galicia levamos anos actuando, aínda que vostedes sigan instalados na técnica da negación. Miren, a atención primaria é a porta de entrada da cidadanía ao sistema; é o nivel asistencial máis próximo ás persoas e ao territorio; e é o que garante a continuidade asistencial, a equidade e a cohesión social. Por iso, entendemos que o papel do Goberno da Xunta debe ser blindala, fortalecela e dotala dos recursos necesarios; para iso, necesitamos profesionais e boas condicións laborais. Sabémolo ben; levamos anos traballando con feitos contrastables.

Porque é moi sinxelo acusar de inacción cando non se teñen responsabilidades de goberno, pero tamén creo que é de xustiza recoñecer o traballo feito. Nestes últimos anos, desde a Xunta de Galicia fomos quen de converter Galicia na primeira comunidade en ofrecer prazas fixas a través dun concurso de méritos, sen oposición. Grazas a esa medida extraordinaria, ofertáronse 178 postos para médicos de familia e 60 para pediatras de primaria. Ofertamos tamén contratos de tres anos de duración a todo o persoal MIR. Así, Galicia logrou reter o último ano o 97,5 por cento dos residentes de medicina de familia. Tamén demandamos activamente a creación da especialidade de Urxencias e Emerxencias; algo que, tras moito loitar, logramos. Esta reivindicación non foi só pola importancia dunha formación específica para estes profesionais, senón tamén porque a especialidade de Familia era a vía de acceso para os servizos de Urxencias, reducindo así a ocupación das prazas de atención primaria. En Galicia, comezarán a formarse os seis primeiros especialistas en Medicina de Urxencias



e Emerxencias; este é un paso importante, pero claramente insuficiente para atender as necesidades actuais.

Galicia tamén realizou un esforzo continuado por incrementar a súa capacidade formativa en Medicina Familiar e Comunitaria. Pasamos das 125 prazas MIR que había no ano 2009 ata as 207 da convocatoria actual, ofertando o cen por cento das prazas acreditadas polo Ministerio de Sanidade. É dicir, estamos a formar o máximo número de especialistas que nos permiten os criterios de acreditación vixentes. Durante anos vimos incrementando os recursos destinados á formación, acadando a cifra histórica de 94,2 millóns de euros neste ano, un 11,5 por cento máis que no ano 2025. Ofertamos 1.653 prazas de todas as categorías de Atención Primaria desde o ano 2020; máis de 1.650 prazas que veñen reforzar a atención primaria, o seu carácter multidisciplinario e a atención comunitaria.

Grazas a medidas coma estas, a Atención Primaria galega presenta hoxe o maior índice de estabilidade laboral do Sergas. (*Aplausos.*) A eventualidade no persoal médico sitúase por debaixo do 8 por cento e redúcese ata o 0,7 por cento no caso de Pediatría. Estes datos demostran que a política de recursos humanos deste Goberno está orientada á estabilidade e á calidade asistencial porque este Goberno pensa nos seus profesionais, pero, sobre todo, nos pacientes.

Introducimos melloras nas condicións de traballo e retributivas. No ano 2022, melloramos as condicións para os postos considerados de difícil cobertura; melloramos as condicións das intersubstitucións e da prolongación de xornada; e habilitamos tamén un sistema para a repartición de pacientes no caso de vacante do médico habitual. No ano 2023, actualizamos as retribucións das gardas, incluíndo os MIR; implantamos un complemento de turnicidade na atención primaria para as quendas de tarde e para as deslizantes; tamén establecemos os días 24 e 31 de decembro como días de especial significación para efectos retributivos para o persoal de atención primaria; e tamén introducimos outras medidas, con repercusión directa na asistencia que se presta aos pacientes na atención primaria. Puxemos en marcha os equipos de soporte de atención domiciliaria, os ESAD; son 35 equipos, con setenta profesionais, que reforzan a atención en zonas rurais e illadas, actuando, de maneira proactiva, e complementando o labor dos centros de saúde. Desde o ano 2023, realizaron máis de cento noventa e seis mil consultas en toda Galicia. Dotamos os centros de saúde de novas categorías de profesionais: introducimos 45 nutricionistas no Servizo de Atención Primaria; uns profesionais que están consolidando o seu labor e están traballando de maneira conxunta coas consultas externas hospitalarias de Endocrinoloxía e Nutrición. Neste mes, estamos a poñer en marcha a Rede de psicoloxía clínica en atención primaria, coa contratación de 21 novos psicólogos clínicos, que se sumarán aos 7 xa existentes; unha rede que mellorará a abordaxe dos trastornos mentais comúns e a accesibilidade aos recursos específicos para o tratamento dos problemas da saúde mental, á vez que desenvolverán accións preventivas e de promoción no eido da saúde mental.

Señorías, todo este esforzo organizativo e humano vai acompañado, ademais, dun investimento sostido en infraestruturas. Desde o ano 2009, a Xunta conseguiu 52 novos centros de saúde en toda a comunidade, por un importe superior aos 140 millóns de euros. A maiores, reformamos os centros de saúde que o precisaban, realizando intervencións por valor de



19,2 millóns en 27 centros. Tamén financiamos a reforma de 59 centros de titularidade municipal, con 2,18 millóns de investimento. É dicir, en dezaseis anos, a Xunta dedicou máis de 162 millóns en construír e en reformar 138 centros de saúde en todo o territorio. De xeito paralelo, dotamos os centros de saúde de novo equipamento de alta tecnoloxía que supera os 56 millóns de euros investidos entre os anos 2021 e 2025.

O compromiso da Xunta con este nivel asistencial reflíctese tamén, de maneira clara, nos orzamentos, nos cales, ano tras ano, se van recollendo incrementos e novos créditos que reforzan a atención primaria. Sen ir máis lonxe, neste ano destinamos á atención primaria (*O conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, amosa un gráfico.*) 1.747 millóns de euros, o que representa o 81,57 por cento do orzamento dedicado á sanidade pública, é dicir, a cifra máis alta da historia da nosa comunidade. Trátase dun incremento do 4,75 por cento respecto do exercicio anterior, sendo un 21,6 por cento máis do orzamento que se dedicaba en 2009 á atención primaria.

Señorías, a realidade é que levamos anos incrementando os recursos, mellorando os equipamentos, contratando máis persoal e formando máis profesionais. (*Aplausos.*) Tomamos todas as medidas que as nosas competencias nos permiten, (*Aplausos.*) pois é a nosa responsabilidade reforzar a sanidade pública galega, mellorar a asistencia que lles damos aos pacientes e tamén garantir a cobertura en todo o territorio. Insisto, non sería responsable ocultar a realidade á cal nos enfrontamos: un déficit de médicos de familia e de pediatras de atención primaria. Este é un sistema en que, ademais, a demanda non para de medrar, como consecuencia do aumento da carteira de servizos e do aumento da idade da poboación, cada vez con máis patoloxías crónicas e tamén con máis necesidades de coidados.

Neste contexto, enmárcanse as medidas que presentamos, desde a Consellería, dirixidas a reforzar a atención primaria, co fin de negociar as coas forzas sindicais; unhas propostas que tiñan como orixe a previsión de xubilacións que temos para os vindeiros anos, que deixarán 140 vacantes, xa no ano 2026, e ata 244, en 2029. Esta situación non é unha hipótese teórica, senón unha proxección baseada en datos reais e contrastados. Preocúpanos, e moito, porque detrás de cada cifra hai centros de saúde, hai profesionais e tamén hai cidadáns que precisan de atención sanitaria. Máis alá dos esforzos mantidos no tempo, precisamos dunha reordenación estrutural dos recursos humanos. O Ministerio de Sanidade comprometeuse a establecer uns criterios xerais, pero Galicia non pode quedar parada. Temos a obriga de anticiparnos para manter a asistencia sanitaria nos centros de saúde e nos puntos de atención continuada.

Neste contexto, o pasado 17 de outubro a Consellería de Sanidade propuxo, na Mesa Sectorial, iniciar unha negociación de medidas destinadas a garantir a asistencia sanitaria en atención primaria; era un conxunto de propostas excepcionais e transitorias, abertas ao diálogo, cuxo fin último era asegurar a cobertura asistencial nun contexto —insisto— de déficit de profesionais. Con todo, estas medidas levantaron o receo de varios sindicatos que responderon cunha convocatoria de folga preventiva. Ante esta situación, ¿que fixo o Goberno da Xunta? Puxémonos a negociar porque entendemos que unha folga sanitaria non é nunca unha boa nova, veña de quen veña e vaia contra o goberno que vaia, xa que, quen pagan as consecuencias son os pacientes, os profesionais e o propio sistema sanitario público. (*Aplausos.*)



As negociacións levadas a cabo acabaron cun acordo de desconvocatoria asinado por tres das catro forzas representadas na Mesa Sectorial de Sanidade. Este conta con medidas que estamos desenvolvendo agora nese marco e que pasan por melloras laborais e retributivas e por cambios organizativos, co obxectivo último de fortalecer e de mellorar a asistencia que se presta nos centros de saúde. Como este Goberno cumpre, en xaneiro puxemos en marcha parte das melloras acordadas cos sindicatos: melloramos as condicións económicas do persoal enfermeiro dos PAC, co incremento das retribucións da xornada complementaria; e acordamos que, para o persoal médico dos PAC, a noite do venres para o sábado teña o mesmo tratamento retributivo que a do sábado; do mesmo xeito, incrementamos o complemento de produtividade variable. O acordo incrementa nun 2,5 por cento e ten efectos retroactivos desde o ano 2025. Este complemento levaba moitos anos conxelado. Ademais, para o futuro, e xa desde este ano, incrementarase co aumento xeral das retribucións que establezan as leis de orzamentos. Compensamos tamén os festivos que coincidan en sábado. Desde este ano, aplicaremos ao persoal de atención primaria e tamén hospitalaria, que teña un réxime de xornada semanal de 35 horas os mesmos días de compensación por festividade que coincidan en sábado que se establezan para o persoal da Administración xeral da Comunidade Autónoma.

Señorías, quedan medidas acordadas pendentes de pór en marcha. Estamos avaliando a súa implementación, cun horizonte temporal establecido e cuns obxectivos claros, pero non estamos parados, seguimos traballando. A semana pasada asinamos os acordos de xestión do Servizo Galego de Saúde para este ano; uns acordos cos cales tratamos de reforzar a continuidade asistencial a través dunha coordinación, cada vez máis real e eficaz, entre a atención primaria, a atención hospitalaria e a atención comunitaria, sempre pensando no beneficio do paciente. Tamén nos permitirán potenciar o labor investigador no ámbito da atención comunitaria.

Nese acordo de xestión, fixamos tamén o obxectivo de que, cando menos, o noventa por cento das citas para consultas de Medicina de Familia, Pediatría ou Enfermería se atendan nun tempo inferior a catro días. Estamos traballando intensamente. Esta mesma mañá celébrase unha Mesa Sectorial de Sanidade na cal se informará de como vai o acordo de reversión progresiva da categoría acordada de facultativo especialista de Atención Primaria. Na data de 23 de outubro, había 238 prazas desta categoría FEAP; a comezos de febreiro, xa logramos converter en «médico de familia» 74 desas prazas FEAP. O noso compromiso é que, conforme queden vacantes, ilas reconvertendo na categoría de médico de familia, que é a categoría que queremos fortalecer.

Levamos tamén á Mesa a proposta de voluntariedade para cubrir as gardas, de forma incentivada, nos puntos de atención continuada; reforzaremos tamén a atención primaria a través da Enfermería Especializada, cun concurso específico en Enfermería Familiar e Comunitaria, que deberá rematar este ano; tamén plantexaremos na Mesa Sectorial uns incrementos retributivos na xornada complementaria do persoal de Urgencias Hospitalarias, que tamén será aplicable ao persoal dos PAC. Para todos eles, a noite do venres terá a consideración de prefestivo.

Ademais destas medidas acordadas e da súa aplicación inmediata, temos o deber de acometer unha reforma en profundidade da Atención Primaria; unha reforma que actualice o modelo



de Atención Primaria para adaptalo ás necesidades actuais de asistencia, tendo en conta tanto os pacientes como os profesionais. Comprometémonos cos sindicatos a presentalo nun prazo de seis meses; niso estamos. Hoxe, informaremos os sindicatos da creación de dous grupos de traballo para impulsar a reforma da Atención Primaria: un grupo de traballo de recursos humanos centrado na ordenación do persoal e no seu réxime retributivo, por unha banda; e, por outra banda, un grupo de traballo no ámbito asistencial. Este traballará para adaptar os tempos e o número das consultas dos médicos ás necesidades dunha asistencia máis humanizada e de calidade; tamén abordará programas de prolongacións e de inter-substitucións e traballará na aprobación de creación de prazas de técnico de saúde e de matronas. Estamos tamén convencidos de que a mellora da Atención Primaria pasa, ademais, por reforzar o papel do xefe de servizo dos centros de saúde e por reforzar a propia estrutura de xestión da Primaria nas áreas sanitarias.

Señorías, desde este Goberno seguiremos facendo o que sempre fixemos: traballar pola sanidade pública e cumprir o acordado cos sindicatos. Negociaremos todas as medidas ata onde sexa preciso para garantir a asistencia sanitaria ante —insisto— o déficit acusado de profesionais para mellorar a atención aos pacientes. Nós afrontamos unha folga a nivel galego que conseguimos parar, pero isto só foi posible actuando con responsabilidade e xenerosidade e acordando solucións acordes coas demandas laborais dos profesionais, encamiñadas a garantir a mellor asistencia a todas as galegas e os galegos. Non fixemos nada extraordinario; fixemos o noso traballo consonte a responsabilidade e o papel que temos como responsables políticos. Neste sentido, teño que dicir que as reclamacións que os profesionais fan a nivel estatal son totalmente lexítimas e respectables, pero a ministra debe ser quen de actuar con responsabilidade e de atallar o problema. Non podemos seguir un día máis co Sistema Nacional de Saúde en pé de guerra por culpa do Goberno de España.

Antes de concluír esta intervención, permítanme engadir algunhas reflexións que considero necesarias para comprender, en toda a súa dimensión, o reto que afrontamos como Sistema sanitario público. Falar de atención primaria non é só falar de números, de prazas ou de orzamentos, senón que é falar dun modelo de atención á sociedade, dunha concepción da sanidade e, en última instancia, dun contrato social entre a Administración pública e a cidadanía. A atención primaria é o espazo onde se constrúe a confianza do cidadán no sistema sanitario e onde se resolve a maior parte dos problemas de saúde, onde se realiza a prevención, o seguimento de enfermidades crónicas e o acompañamento ao longo de toda a vida. Por iso, calquera decisión que afecte este nivel asistencial se debe adoptar con prudencia, con base técnica e pensando sempre no interese xeral.

Este Goberno é plenamente consciente do esforzo que están a realizar os profesionais de atención primaria galega. Sabemos que traballan nun contexto complexo marcado pola presión asistencial, pola dispersión territorial e polo impacto das xubilacións. Por iso este Goberno entende que coidar da atención primaria implica tamén coidar dos seus profesionais, recoñecer o seu traballo, escoitar as súas demandas e crear condicións que lles permitan desenvolver a súa actividade con dignidade e con calidade.

Nese sentido quero subliñar que o diálogo non é unha declaración retórica, senón unha práctica real. A Consellería de Sanidade e o conselleiro de Sanidade mantivo e manterá abertas



todas as canles de interlocución cos representantes dos traballadores, cos colexios profesionais e coas sociedades científicas. Estamos convencidos de que só, desde a corresponsabilidade e o entendemento mutuo, se poden construír solucións duradeiras. Tamén é importante apelar á responsabilidade colectiva. Todos os actores implicados debemos actuar con sensatez. A Administración ten a obriga de garantir a asistencia sanitaria. Os representantes dos profesionais teñen o dereito e o deber de defender as condicións laborais e as forzas políticas temos a responsabilidade de non converter este desafío nun campo de confrontación partidista.

Seguiremos reclamando ao Goberno central que asuma as súas competencias e que lidere unha resposta coordinada a un problema que non entende de fronteiras autonómicas; e seguiremos actuando, dentro do marco das nosas competencias, para que ningún galego e ningunha galega quede sen atención sanitaria, porque esa é, en definitiva, a nosa razón de ser como Goberno: garantir dereitos, protexer as persoas e fortalecer os servizos públicos.

A atención primaria é e seguirá sendo unha prioridade estratéxica da Xunta, e así o demostramos cos feitos, cos recursos e coa vontade política.

Moitas grazas pola vosa atención. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Rolda dos distintos grupos parlamentarios.

En primeiro lugar, o representante do Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

ARMANDO OJEA BOUZO: Grazas, presidencia.

Bos días, señorías.

Xa é un lugar común dicir que a atención primaria é a porta de entrada da cidadanía cara á sanidade. Acerca da súa importancia obvia —estimo eu— non vou incidir, porque é, de sobra, coñecida; unha opinión que compartimos.

Sinxelamente vou lembrar as deficiencias neste servizo tan importante, recoñecidas practicamente por todo o mundo e a necesidade de ir, progresivamente, resolvéndoas, ¿non?

A falta de persoal é un problema fundamental no cal hai responsabilidades por parte do Goberno do Estado —é verdade—; igual que o Goberno do Estado ten que escoitar eses profesionais que están protestando pola forma en que se está abordando o tema do Convenio marco, pero ímonos centrar no que son as competencias da Xunta de Galicia.

Os profesionais de atención primaria levan moito tempo dicindo que están sobrecargados de traballo, o cal incide tanto na súa propia saúde —tanto na propia saúde dos profesionais sanitarios— como na saúde dos pacientes, porque se o médico non se atopa nas súas perfectas condicións físicas e psíquicas, loxicamente, a súa calidade como médico, contra a súa vontade,



está, na práctica, reducíndose; entón é fundamental, desde logo, incrementar o persoal para que haxa máis médicos que poidan atender máis pacientes, pero tamén dotalos de mellores recursos. Por exemplo, algo que —teño entendido— sempre están pedindo os profesionais da atención primaria é desburocratizar moitos dos procesos que poderían ser —á parte de simplificar as aplicacións do software e todo iso— delegados noutro tipo de funcionarios, que non teñen porque ter, necesariamente, unha formación médica. Esa é unha cuestión fundamental. Todos se queixan de que perden moito tempo —que podían estar utilizando en atender os pacientes— en cuestións burocráticas que podían ser delegadas. É unha cuestión fundamental. Niso —xa digo— inflúe tanto a simplificación da burocracia como o incremento de medios e de software tecnolóxicos, que tamén poderían ser simplificados.

Outro problema fundamental con que se atopa a cidadanía cando precisa do Servizo de Atención Primaria é o dos tempos de espera. Loxicamente está relacionado coa falta de persoal, pero tamén hai que escoitar os profesionais que din que se pode mellorar a xestión das citas médicas, ¿non? As distintas plataformas de sanitarios que se manifestan neste sentido propoñen algunhas solucións que deberían ser escoitadas.

E está, non soamente o problema da propia atención médica, senón o estado das infraestruturas, ¿non? Os que imos habitualmente á Comisión de Sanidade escoitamos permanentemente queixas procedentes de todos os lugares de Galicia, acerca do estado dos propios centros: de que se hai humidades; de que se falta determinado servizo de calefacción; de que se a accesibilidade non é boa... É dicir, cunhas circunstancias de infraestruturas deficientes, loxicamente, os profesionais tampouco poden facer ben o seu traballo. E aquí vou particularizar nun caso concreto, xa que o tratamos recentemente na Comisión de Sanidade, que é o caso de Leiro; un concello da provincia de Ourense en que o centro de saúde a pesar de estar fisicamente xusto en fronte do Concello e a pesar de ser o alcalde un profesional da sanidade —e de ter certo peso político no seu partido—, leva tempo sen solventarse un problema moi concreto, que é o da cobertura dunha praza de enfermería, debido —polo visto— a un problema de infraestrutura, xa que falta un lugar físico onde ese potencial profesional poida facer o seu traballo. Loxicamente, non é de recibo que isto siga sendo así moito tempo e non é máis que un exemplo concreto dos moitos que tratamos habitualmente na Comisión 5ª, de Sanidade, que proceden —como dixen— de todas as partes de Galicia, aínda que agora mesmo particularízase neste para ilustrar a cuestión.

E incluso a propia ubicación dos centros, sobre todo nas zonas rurais de maior dispersión, como na provincia de Ourense, ás veces, non é a mellor posible. Agora está traballando —polo visto— o Goberno galego nun novo deseño de planta comarcal... ¡Bueno!, non sei se isto chegará a un porto, máis ou menos... pero, ao mellor, polo menos..., no que se refire á ubicación dos centros sanitarios, ás veces, pois si que habería que escoitar os propios pacientes, que se ven obrigados, ás veces, a facer desprazamentos e, ás veces, incluso un pouco absurdos. E todo iso tamén redundaría no incremento das deficiencias dos servizos, ¿non? Non soamente o propio estado das infraestruturas, senón que a propia ubicación debería ser reconsiderada, ¿non?

Piden tamén os profesionais servizos de teleconsulta, que podían, ás veces, facilitar este tema dos desprazamentos, sobre todo en persoas que teñan algún tipo de falta de mobilidade funcional...



E un problema que está de máxima actualidade porque, precisamente, se está tramitando unha lei ao respecto —falamos de que as deficiencias de xestión recaen finalmente nos profesionais, pola súa sobrecarga de traballo, e nos pacientes, pola súa falta de atención na medida desexable—... un caso gravísimo, que é que —digamos— o paciente que se ve mal atendido, ou que se percibe vilipendiado polo servizo, carga todas as culpas contra o profesional e chega ao extremo, moitas veces —demasiadas veces—, da agresión física ou da agresión verbal, ou doutros tipos de agresión. O outro día, un profesional sanitario contábame que tivera que lidar, precisamente, cunha persoa, e víase nunha situación na que se viu en certas dificultades para xestionar. É dicir, que iso é unha cuestión que coñecemos todos os días e debe ser moi preocupante, cando no propio Parlamento estamos agora precisamente falando acerca dunha lei que regule un pouco todo iso. Esas agresións non nacen por xeración espontánea; entendo que nacen porque os pacientes que se ven nalgún momento —pois iso— desatendidos, ou tal, chegan a unha situación emocional en que cargan contra o inocente —matan o mensaxeiro, por utilizar unha expresión tradicional—, cargan as culpas sobre o profesional, que xa bastante fai o que pode e traballa, moitas veces, nunhas condicións laboralmente pouco dignas, por iso falou o conselleiro de que se están mellorando —a ver se é verdade—, que está acordando cos sindicatos novas condicións laborais, a ver se os profesionais se ven atendidos. Especialmente en determinadas especialidades, como na Pediatría, estamos sempre falando da falta de especialidades. Moi interesante —que tamén levamos abordado— é a cuestión das especializacións en Enfermería, en vez de Enfermería xenérica, pois ir progresivamente creando profesionais e servizos especializados. Falabamos recentemente da Enfermería de Urgencia.

Todos estes malestares materialízanse en forma de protestas cidadás, en forma de folgas, en forma de manifestacións que deben ser escoitadas. Moitas veces minimízanse ou fálase de que están politizadas... Eu penso que hai que escoitar, hai que escoitar as plataformas que se manifestan, as moitísimas protestas cidadás en diferentes centros de saúde de toda Galicia e que se seguen manifestando para pedir, ás veces, un profesional, ás veces, un arranxo dunha infraestrutura etcétera, etcétera. A Consellería debe ser sensible a todas esas protestas cidadás que se dan con moitísima frecuencia en todos os puntos do país, e debe escoitar as peticións concretas, porque unha cousa é organizar desde os despachos sen o *feedback* da cidadanía e outra cousa é ir in situ falar coa xente cando está protestando en fronte dun centro de saúde porque pide un pediatra, porque di que non se cobren as vacacións dun médico etcétera.

E volvo repetir que o sentir co Servizo de Atención Primaria é unha cuestión na cal non hai debate político acerca da súa necesidade e da súa mellora; e no que si que pode haber certo debate político é acerca das necesidades orzamentarias. Todos os profesionais coinciden en que a Xunta de Galicia debe incrementar o orzamento neste servizo, retrotraendo doutras moitas partidas —que posiblemente non sexan tan necesarias, eu xa levo dado algunha idea— ou xestionando fondos comunitarios, ou doutro tipo, que poidan axudar nesta cuestión.

E unha cuestión moi importante tamén é a da formación permanente dos profesionais sanitarios, porque sabemos que, á parte de que se innova nesta materia —loxicamente, é nunha das que máis se innova—, iso redunda tamén na calidade asistencial do paciente, na



propia redución das listas de espera, ao mellor, porque o profesional ten maior facilidade para diagnosticar etcétera, etcétera.

E nada máis.

Quero agradecer a presenza do conselleiro e as súas intervencións.

Grazas.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Na quenda do Grupo Parlamentario Socialista, a señora Espinosa.

MARÍA ELENA ESPINOSA MANGANA: Bos días, presidenta.

Bos días, conselleiro.

Bos días a todas e a todos.

Señor conselleiro, se non fose polo tema tan serio que hoxe tratamos e se non fose pola gravidade que atravesa a atención primaria, case darían ganas de comezar cantando aquela canción de Natalia Oreiro, que parte da súa letra di: *«Hay que tener valor, hay que ter coraje, sonríele al dolor y no tengas temor, que la vida es un viaje»*. (Aplausos.) (Murmurios.)

Efectivamente, señor conselleiro, efectivamente, hai que ter valor para comparecer hoxe aquí —que di que vén falar de medidas de reforzo da atención primaria—, cando non trouxo nin a mínima explicación rigorosa sobre a fonda problemática que vive a atención primaria. Hai que ter valor porque o único que fixo vostede aquí foi botar balóns fóra e culpar o Goberno de España, como sempre fai. Hai que ter valor para non dicir a verdade do que está sucedendo coa nosa atención primaria. Señor conselleiro, hai que ter coraxe para vir repetir un discurso que escoitamos día tras día neste Parlamento por parte súa e por parte dos membros do Partido Popular.

Pero é que iso non é o que di a cidadanía. A cidadanía pregúntanos por que seguimos igual en atención primaria, por que non mellora a situación, e pregúntanos incluso ao noso grupo que que facemos aquí neste Parlamento. E nós respondémoslle que facemos todo o que está nas nosas mans, pero sempre chocamos cun muro de formigón, que é a inacción do Goberno da Xunta de Galicia e do Partido Popular.

E tamén ten moita coraxe, señor conselleiro —dígollo de verdade— para vir vender o que efectivamente fixeron, un acordo —nós felicitámoslos no seu día— cos sindicatos, e para volver faltar á verdade con respecto aos acordos que están sucedendo co Goberno de España.

Porque mire —despois xa vou entrar no que vostede dixo—, voulle facer un pouco de teórica, porque un verdadeiro reforzo da atención primaria debería implicar un plan integral, e un plan integral con accións concretas ou estratexias claras —como lle queira chamar— para



fortalecer os centros de saúde e mellorar a súa accesibilidade. E na práctica, e en termos moi sinxelos, debía empezar por falar —e despois xa volvo aquí— de contratar máis médicos e máis persoal sanitario —non falou nin unha palabra diso—; ou ampliar horarios dos centros de saúde, non explotando a xente, por suposto, non cargando máis as culpas encima dos profesionais da sanidade, senón metendo máis xente pero ampliando horarios —non falou para nada diso—; mellorar infraestruturas e equipamentos —diso si que fixo un relatorio ou polo menos dixo as cifras do que levamos investindo—; reducir o que pode ser os tempos de acceder á atención primaria.

Hoxe aquí falou de que estaban intentando para casos graves chegar aos catro días. Eu agora pregúntolle —ben, chamoulle doutra forma exactamente—: ¿por que non aceptaron a nosa iniciativa lexislativa cando trouxemos aquí o das 48 horas? (*Aplausos.*) ¿Por que non o fixeron? Ou ¿por que non foron capaces nin de presentar unha emenda para que transaccionáramos e puidéramos chegar a un acordo e estar hoxe próximos a esas 48 horas? (*Aplausos.*) ¿Por que non o fixeron? Porque non lles interesaba nin o pensan facer.

Tamén nese plan debería falar de programas de prevención e atención comunitaria. Pero diso si que é certo que vostede compareceu outra vez aquí, e diso facemos un apartado e deixámolo aí. ¿De aumentar o financiamento? Tampouco falou. ¿De aumentar o apoio organizativo? Tampouco falou diso, señor conselleiro.

Pero mire, vou entrar un pouquiño a contestarlle temas dos que vostede falou.

Falaba do déficit de especialistas. Estamos fartos, moi fartos, de oír sempre o mesmo e de oír as súas mentiras. Porque lle vou dar datos exactos do mes de agosto do ano 2025. Dos 286 novos adxuntos, 116 son profesionais da Medicina Familiar; 99 están contratados —ou sexa, polo medio do camiño perdemos 17 persoas, que se foron supostamente á privada, pero, ben, xa non imos entrar niso; non son datos públicos, jeh! —; 3 son FEAP; 47, médicos de familia; 5, especialistas de PAC; 41, facultativos de urxencias; e 2, médicos de hospitalización a domicilio, e 1, do 061. É dicir, que do centenar de médicos que teoricamente quixeron vir para a pública no mes de agosto só a metade deses iniciaron a súa traxectoria profesional nun centro de saúde. ¿De quen é a culpa iso? Da Xunta de Galicia, que é a que ten as responsabilidades. (*Aplausos.*) Agora si, a partir de agora algo se lle vai acoutar, porque, efectivamente, 41 foron facultativos de urxencias e eses facultativos agora xa teñen a súa especialidade.

Pero tamén me fai moita graza que diga e presuma de que pediron moitas veces esa especialidade urxente. ¿Quéreme dicir, señor conselleiro, que fixeron vostedes mentres gobernaron? Porque lle recordo que esa especialidade foi aprobada polo Real decreto 610/2024, que foi aprobado polo Goberno socialista e non polo Partido Popular, que tivo moito tempo de facelo. Porque lle recordo que isto foi unha proposición non de lei aprobada no Congreso dos Deputados e consensuada, cando gobernaba Zapatero, entre o Partido Socialista e o Partido Popular, pero chegaron vostedes ao Goberno e esquecéronse de todo.

Tamén lle quero dicir —e vólvolle recordar mil e unha veces—: prazas de formación sanitaria especializada no ano 2017 e 2018, 8.043; ano 2024 e 2025, 11.943, un 48 por cento máis



das que se ofertaban no ano 2018. ¿Quen fixo isto? O Partido Socialista e o Goberno de Pedro Sánchez. ¿Prazas de MIR? Máis do mesmo, e non vou repetir as cifras, que as dixen tantísimas veces.

Pero mire, eu preguntolle unha cousa, para que me conteste na súa réplica: realmente, ¿vostede estaba falando da súa consellaría? Eu creo que non, porque as comunidades autónomas teñen competencias exclusivas en política sanitaria, señor conselleiro. ¿Pero é consciente do que dixó hoxe aquí? ¿Quen contrata? A Xunta de Galicia. ¿Quen diseña o sistema de primaria? A Xunta de Galicia ou as comunidades autónomas —dáme igual, neste caso diríxome á Xunta—. ¿Quen decide os plans funcionais, señor conselleiro? Eu preguntolle. A ver se de verdade algún día fai unha comparecencia neste Parlamento para falar das súas competencias, das súas responsabilidades.

E dígolle algo máis: Galicia ten todas as prazas que necesita, ¡pida máis!, ¡pida máis!, pero o que pasa é que non queren recoñecer —á parte do que dixen aquí, que son datos exactos, do mes de agosto do ano 2025— que, se algún médico falta, é como consecuencia das rebaixas na época de Mariano Rajoy.

Por iso lle digo que hoxe falou vostede de todo menos do que debía. E eu si que lle vou preguntar sobre algún tema que ao mellor si que reforza a atención primaria, e espero que me responda na súa segunda quenda.

Gustárame que me falase de que está pasando coa Estratexia galega de saúde comunitaria en atención primaria, do ano 2023 ao 2027. Porque, dende logo, creo que nós apoiamos esta estratexia, pero a percepción que temos é que non se abordan os problemas estruturais, que non hai investimento suficiente, que hai mobilización e malestar por parte dos médicos, etc., etc.

Pero tamén lle pediría que me falase de como está funcionando a farmacia clínica integrada, que descendera un pouco máis e que falara do servizo especializado de atención domiciliaria, onde hai sindicatos de enfermería que denuncian a falta de información detallada sobre a composición, a dotación e o funcionamento destes equipos, advertíndolle ademais á Xunta de Galicia que carece de concreción operativa e de planificación integral.

E podería seguir con moitas máis cousas, que creo que, si, son pequenas iniciativas que vostedes intentaron pór en marcha, que nós apoiamos, que nos parecen boas ideas, pero que, en definitiva, quedaron en simples anuncios, non foron nunca propostas de gran calado nin axudaron precisamente a aumentar ese fortalecemento da atención primaria.

Pero, como teño que ir rematando, quero insistir en que recorde, cando suba vostede aquí facer a réplica, que as competencias exclusivas en política sanitaria son súas. Quen contrata, quen diseña e quen fai todo é a Xunta de Galicia.

E, por favor, ninguén o cre xa, ninguén o cre, e, sobre todo, non o cre a xente que necesita ir a un médico e que ten que acudir a urxencias porque no seu centro de saúde non o atenden.



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar, señora Espinosa.

MARÍA ELENA ESPINOSA MANGANA: Remato, señora presidenta.

Tampouco o cren aqueles que poden e teñen que pagar un seguro privado ou teñen que acudir á privada. E esa si que é a súa responsabilidade: estar acabando cun gran ben que si que tiñamos, co piar da nosa sanidade; están acabando vostedes con ela, por desidia ou por política —non o sei—, pero acabarán coa primaria, e iso irá sobre as súas costas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: Grazas, presidenta.

Moi bo día.

Vaime permitir, señor conselleiro, que teña o atrevemento de empezar citando Horacio, que no seu refrán «o parto dos montes» dixo aquilo de «pariron os montes e naceu un ridículo rato». E na súa comparecencia de hoxe pois é moi acaído isto: pariron os montes e naceu un ridículo rato.

Ben, señor conselleiro, ¿de verdade que vostede vén hoxe aquí, co título de Plan de mellora da atención primaria, non poñendo absolutamente ningunha medida encima da mesa? Efectivamente, podemos concordar con vostede en que aquí hai un problema estrutural. O que vostede esquece moi a miúdo é que vostede é o conselleiro de Sanidade e ten competencias plenas en materia de sanidade. E vostede sistematicamente, ao igual co resto do Partido Popular, vén permanentemente a esta tribuna devaluar a escasa capacidade de autogoberno que temos en Galiza. *(Aplausos.)* Continuamente, continuamente. Nin sequera ese escaso autogoberno lles vale. *(Aplausos.)* Porque vostedes veñen aquí continuamente dicir que todo o ten que solucionar Madrid, que todo o ten que solucionar o Goberno do Estado. E, claro, ¿quen ten que poñer solucións?

E vostede fixo aquí unha análise que a min me pareceu moi acaída. Dixo que non sei durante cantos anos pasaron non sei cantos ministros de Sanidade, que en Galiza pouco nos importa. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Seis? Paréceme moi ben. Porque as competencias están aquí en Galicia e as competencias que ten o Estado en materia de sanidade son lexislación básica.

E, claro, vostede esqueceuse de dicir que desde que o Partido Popular volveu ao Goberno da Xunta, no ano 2009, pasaron cinco conselleiros, cinco; ningún problema, ningunha medida estrutural; cinco conselleiros, que tamén é un número pouco desdeñable —cinco, dous presentes neste hemiciclo—, e ningunha medida estrutural, absolutamente ningunha medida estrutural.

¿Que anunciou vostede hoxe aquí? Que todos os problemas son de que non hai médicos, que o problema é que non había especialidade de urxencias e entón que todos os que se forman



en medicina de familia van para urxencias. E, entón, ¿por que un goberno que ten competencias non ten programado, planificado, cantos profesionais facían falta para atención primaria e para urxencias? ¿Por que non o planificaron? ¿Por que só planificaban para a atención primaria, non tendo en conta que unha parte deles ían ir para urxencias? Porque non quixeron.

E, ademais, señor conselleiro, vostede sabe que a urxencias pode ir calquera especialidade, calquera, pode ir calquera; poden ir de medicina interna, poden ir de anestesia, pode ir calquera..., de traumatoloxía; hai de todo na porta de urxencias, pode ir calquera. En todo caso, se non planificaron as necesidades para urxencias e atención primaria, a responsabilidade é absolutamente do Partido Popular.

Outra das cousas que dixo é que a estabilidade de médicos en atención primaria é do 8 por cento. Vostede retorce a realidade. Parece que o 92 por cento están fixos. Vostede mete como estabilidade persoal que está contratado ou que está nunha vacante, para intentar confundir e dicir que a maioría están fixos. Cando é mentira, cando a media de profesionais de medicina en Galiza é do 48 por cento, e, por certo, os de enfermería superan o 50 por cento. Desmíntao vostede, presente os datos; teñan a valentía e presenten os datos, que non sexa cuestión de fe. Presenten os datos.

Presentaron vostedes aquí que aos traballadores dos PAC lles van recoñecer pagarlles os festivos. E falou de complementos conxelados. ¡Home!, vostedes conxelaron acordos asinados no ano 2007; no 2010 conxelaron todos os dereitos dos traballadores, (*Aplausos.*) e vostede vén aquí no 2026 presumir de dereitos conxelados. ¡*Hace falta valor!*!, coincido coa señora Espinosa, ¡*hace falta valor!* Conxelaron no 2010 e no 2026 vén presumir de que llelos van recoñecer.

E hai unha cousa á que de verdade no BNG non damos crédito, e é que vostedes trouxeron aquí unha lei que presentaron como pioneira; dicían que se eramos os únicos do Estado, que outros llela estaban copiando, que ía solucionar todos os males e que era un concurso de méritos para estabilizar o persoal. A nós parécenos ben estabilizar o persoal, pero non nos pareceu ben que estabilizasen o persoal con peores condicións que as que tiñan en atención primaria, por iso votamos en contra. Á parte de que a memoria económica dicía que nin un euro máis, co cal non contemplaba aumento de persoal. Deostaron esa posición por activa e por pasiva, e ségueno facendo. Recomendolle á señora Amigo —supoño que será ela a que veña aquí posicionarse— que borre do seu argumentario esta cuestión porque era «*tan buena, tan buena*» esta lei que resulta que agora están rectificando. ¿Que acordaron cos sindicatos para que todas esas prazas por concurso teñan que reconvertelas en prazas de médicos de familia como as que había e, polo tanto, botar abaixo esa lei? Era *tan bueno, tan bueno...*; ou sexa, danlle a razón ao BNG, que dixo que iso non ía solucionar ningún problema, e vostedes agora están rectificando. De feito, dixo que, de 238 prazas que se adxudicaran por este método, 74 xa estaban reconvertidas. É dicir, estanse desmentindo, do cal nos alegramos, porque vostedes só acertan cando rectifican; só acertan cando rectifican e cando son conscientes de que estaban metendo a pata.

E logo, señor conselleiro, volve facer falta valor. Ese rato que pariron os montes a min, dende logo, déixame sen palabras, porque resulta que vostede hoxe di que acaba de anunciar na



Mesa sectorial que se está celebrando a creación de dous grupos de traballo, un para analizar a situación do persoal e outro para a situación asistencial, para analizar a prolongación e a intersubstitución —ou sexa, que o mesmo persoal faga máis traballo—, porque seguen agochando o sector das palabras, e prolongación e intersubstitución o que significan é que cos mesmos profesionais vostedes pretenden cubrir todos os cupos ausentes de profesional e, ademais, a creación de técnicos de saúde.

¿Que significa ser técnico de saúde? Dígoo porque igual era bo que o explicase. ¿Que significa ser técnico de saúde? Son profesionais licenciados en Medicina, sen especialidade de Medicina de Familia. Polo tanto, como no Estado español e en Galiza, para exercer como especialista, fai falta ter a especialidade, vostedes están contratándoos fóra, nunha situación de excepcionalidade, porque, se esa é unha situación de excepcionalidade, vostedes teñen que recoñecer que as súas políticas soamente dan como resultado unha situación permanente de excepcionalidade na atención primaria. (*Aplausos.*)

Mire, a situación de excepcionalidade é tal que os MIR que remataron en 2025 a formación de Medicina Familiar e Comunitaria —voulles dar os datos— en Ourense foron 12. ¿Sabe cantos quedaron?, ¿cantos aceptaron un contrato en atención primaria? Un. Na Coruña, de 22, só aceptaron 8; en Pontevedra, de 11, 6; en Lugo, de 16, 7; e, en Santiago, de 30, 9. Faltan outras áreas das que non damos conseguido os datos, pero só nestas, de 91 profesionais que se formaron en Medicina Familiar e Comunitaria e que podían estar traballando nos centros de saúde, 60 non aceptan un contrato para o que se formaron e, polo tanto, non quedan en atención primaria, co necesario que é. ¿E por que cre vostede que non quedan en atención primaria, señor conselleiro? Porque van para urxencias. E, ¿por que será? ¿Será que en urxencias lles ofrecen unhas condicións e unha estabilidade que, non sendo boas —porque os médicos de urxencias están manifestándose e reclamando máis medios—, non teñen nin comparación co drama que ven cando se forman en atención primaria? ¡Sesenta, señor conselleiro!, ¡sesenta marcharon despavoridos! Isto é consecuencia de que o Partido Popular ten un menosprezo permanente pola atención primaria; é inconmensurable.

E unha proba son estes técnicos de saúde. Os médicos de Medicina Familiar e Comunitaria son especialistas, e resulta que vostedes contratan para exercer en atención primaria —si, si, logo poderíamos traer aquí exemplos de xente que non fai de técnico; cobren cupos, están cubrindo cupos baleiros— médicos sen especialidade porque lles parece que en atención primaria poden traballar. E ¿por que non fan isto mesmo en hospitalaria? ¿Por que non contratan un profesional para exercer de traumatólogo sen a especialidade? ¡Non! ¿Por que non contratan unha persoa sen especialidade para exercer de cardiólogo? ¡Non!, non o fan, señor conselleiro, non o fan; fano en atención primaria porque vostedes consideran que a atención primaria é unha cousa de andar por casa, (*Aplausos.*) é unha cousa de chegar alí e de atender doentes coma se se estivese colocando ladrillos ou apertando tornillos, sen a mínima estabilidade, sen tempo para atendelos e pensando que pode facer ese traballo unha persoa sen especialidade. Iso é o que está facendo o Partido Popular: facer un demérito total da atención primaria, facendo que cada vez a xente, os galegos e galegas, teñan menos crédito na atención primaria e haxa unha deterioración da consideración.

Efectivamente, iso é así, e por iso o pasado 1 de febreiro, señor conselleiro, o Obradoiro se encheu de galegos e galegas nunha mostra de dignidade fronte á indignidade...,



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señora Prado.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: ...nunha mostra dun goberno que ten como traballo fundamental roubarlles un dereito a unha atención sanitaria digna e de calidade, nunha mostra de dignidade dun pobo fronte ás políticas indignas do Goberno do Partido Popular, que día tras día está roubando o dereito a unha atención sanitaria de calidade e en tempo.

E non crea vostede que isto que vou facer hoxe aquí chamándolle Plan de ordenación ou Plan de mellora de atención primaria é algo digno de presentar con tal nome.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Amigo.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: Moitas grazas, presidenta.

Bos días a todos, señorías.

En primeiro lugar, quero agradecerlle ao conselleiro a claridade, o rigor e a exhaustividade dos datos e das liñas de traballo que acaba de trasladar hoxe nesta Cámara.

Unha comparecencia completa, sustentada en feitos contrastables e cunha visión de país sobre a atención primaria é de agradecer nestes tempos de tanto bulo e no contexto que estamos vivindo. Tamén lle digo, señor conselleiro, con total franqueza, que non debemos de esperar recoñecemento por parte dos grupos da oposición, que levan tempo instalados na negación sistemática de todo o que se fai desde os gobernos do Partido Popular de Galicia —xa o viu—. A oposición demostra unha vez máis que ten máis interese no desgaste político que na análise honesta da realidade. E iso reflíctese non só no seu discurso parlamentario, senón tamén nas súas actitudes noutros ámbitos, que todos coñecemos. E, fronte a ese ruído, eu quedo co esencial, cun goberno que traballa, que dá datos, que negocia e que toma decisións pensando nos profesionais e, sobre todo, nos pacientes. E iso, señor conselleiro, é o que importa.

Un debate desta importancia merece rigor, porque estamos falando dun dos piares fundamentais do estado do benestar: o sistema sanitario, a atención primaria; un nivel asistencial esencial, próximo á cidadanía, que require planificación, responsabilidade institucional e sentido do país. Estamos falando do eixe vertebrador do noso sistema sanitario. A oposición confúndese. A sanidade pública non é un espazo para o oportunismo nin para o ruído partidista. A sanidade pública exige altura de miras, especialmente en contextos complexos como os que estamos a vivir. (*Aplausos.*) E para iso, señorías, cómpre situar o debate no seu contexto real.

Todos somos coñecedores de que a atención primaria atravesará unha situación difícil en toda España, non só en Galicia. Estamos ante un problema estrutural, derivado dun déficit grave



de médicos de familia e de pediatras. Isto é coñecido, advertido e documentado desde hai anos e é algo que a oposición sabe pero que oculta.

Señora Espinosa, *¡hace falta valor! Yo me voy a Radio futura*. Fala vostede e afonda na problemática, pero vostede sabe cal é o problema, sábeo. Fala de coraxe, e a señora Prado tamén está aí. Mire, xa comentou o señor conselleiro que no 2018 existían informes que alertaban dese envellecemento das plantillas, das xubilacións masivas que se ían producir. Non foi algo inesperado nin foi algo sobrevido. E ¿que aconteceu desde entón? Que ao chegar o señor Pedro Sánchez á Moncloa agochou ese informe a durmir o sono dos xustos, elaborado no Consello Interterritorial de abril, sendo ministra Dolores Montserrat —aí está o informe—. E, lonxe de liderar unha resposta coordinada, desapareceu da planificación real do sistema. En seis anos pasaron seis ministros de Sanidade. Nós aquí levamos desde o 2009, señora Prado. Do 2009 ao 2026 aínda hai dezasete anos, e estamos cinco contra seis. En todos estes anos, aquí houbo cinco ministros e nos seis anos do señor Pedro Sánchez, seis.

Mire, moito anuncio é o que fan vostedes, moita pose, pero non hai nin unha soa medida estrutural, de calado, para atallar o problema de fondo. E, mal que lles pese, nós imos seguir recordándoo cantas veces sexa necesario. É o Ministerio quen ten as competencias en planificación, en materia de formación MIR. En vez de facilitar que as comunidades autónomas poidamos formar médicos, ¿que fai? Limitase a poñerse de perfil, deixando as comunidades autónomas soas e obrigándoas a competir polos poucos profesionais que hai dispoñibles na sanidade deste país. E isto non é gobernar. Iso, señorías, é deixar caer o sistema nacional de saúde.

E, ¿que fixo Galicia? Galicia, fronte a esta inacción, actuou, e fíxoo de maneira sostida, seria e responsable. E mentres outros negan o problema ou miran cara a outro lado, desde a Xunta lévase anos tomando medidas, dentro do marco das súas competencias, sempre co mesmo obxectivo: garantir a asistencia sanitaria á cidadanía.

Mire, señora Prado, Galicia fai e fixo todo aquilo que o seu autogoberno, dentro das súas competencias, pode facer. Fixemos esa lei para cubrir as prazas de difícil cobertura. Non re-torza a realidade, señora Prado, porque vostede é especialista en facelo; é especialista.

Si, fala das pancartas, de toda esa xente que vai... Vostede e vostedes, os do Bloque Nacionalista Galego e a CIG, son especialistas niso, en levar a xente dun lado para outro, si.

Mire, fomos a primeira comunidade en ofrecer prazas fixas mediante concurso de méritos, ofertando 178 postos de Medicina de Familia e 60 de Pediatría. Tería vostede que preguntarlles que opinan a eses pobos que hoxe teñen médico de familia e pediatra grazas a esta lei. E, ¿que fixeron vostedes? Votar en contra, o que fan sempre.

Mire, señora Espinosa..., falou vostede de Zapatero. *¡Tiene valor!* Mire, ¿sabe o mérito que ten Zapatero? No ano 2010, foi o único que lles baixou o soldo a todos os funcionarios. ¡Vaia! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) No ano 2011, eliminou o cheque bebé e conxelou as pensións. (*Aplausos.*) Señora Espinosa, ¡por dios!, iso é o señor Zapatero. (*Murmurios*)



Fala vostede de que algúns dos médicos que terminan a especialidade neste país van á privada. Afortunadamente non estamos en Cuba, non estamos en Irán; é un país democrático onde unha parte minoritaria dos médicos que acaban a súa formación, como vivimos en democracia, vai á privada. ¡Están vostedes como para falar de privada! No Bipartito, señorías: *(A deputada María Encarnación Amigo Díaz amosa un documento.)* Acordo básico pola saúde na Área Sanitaria de Vigo ¿Quen blindou a privada en Vigo? ¡Vamos! Mire, *hace falta valor*, é verdade que *hace falta valor*.

Mire, o Goberno galego trata ben os seus profesionais, ofrece contratos de tres anos a todos os MIR que rematan a súa formación e logra reter o 97,5 por cento dos residentes no último ano. Falouse moito diso. Mire, Galicia incrementou ao máximo a súa capacidade formativa, *(A deputada María Encarnación Amigo Díaz amosa un gráfico.)* oferta o 100 por cento das prazas. *(Murmurios.)* Todas as prazas que nos permiten formar en Madrid ofértanse, ¡todas!

Señorías, miren, falaron de cifras: 116 médicos de familia remataron no ano 2025; 99 quedaron en Galicia e uns cuantos marcharon, porque, mire, aquí vén xente de Madrid, de Extremadura, de Andalucía..., e moita de esa xente, cando remata, pois, mire, quere volver ao lugar de onde é, e nós non llo podemos... ¡E falan vostedes de Medicina de Urxencias! Pero, ¿por que se vai a xente a urxencias? Porque aínda non temos, aínda non podemos formar... Mire, Galicia liderou que a especialidade de Medicina de Urxencias fose unha realidade. Levamos desde o ano 2022 esperando. Finalmente... *(A deputada María Elena Espinosa Mangana pronuncia palabras que non se perciben.)* O Ministerio, señora Espinosa, que acabo de dicir que é o que ten as competencias para decidilo, o Ministerio... *(A deputada María Elena Espinosa Mangana pronuncia palabras que non se perciben.)* Pero, mire, nós ofertamos sete prazas para formar médicos de familia este ano, unha por área sanitaria. Só nos deixan formar seis o Ministerio; ¡podíanos deixar formar sete!

Miren, señorías, Galicia inviste máis que nunca en formación, 94,2 millóns de euros; ofértanse máis de 1.650 prazas en atención primaria desde 2020; grazas ás políticas do Partido Popular, Galicia ten o maior índice de estabilidade laboral do Sergas e melloráronse as condicións laborais e retributivas. Hoxe o conselleiro falou do modelo asistencial: desa posta en marcha dos equipos de soporte domiciliario, dese orzamento de 1.747 millóns de euros para a atención primaria —un 31,57 por cento máis—. E, cando xurdiron conflitos, que os hai, o Goberno do Partido Popular non botou gasolina, non; o Goberno do Partido Popular negociou, falou cos sindicatos e acadou un acordo maioritario que permitiu desconvocar esa folga, porque, dende o Goberno Rueda, se xestiona, conscientes da realidade. Saben que veñen xubilacións, que hai tensión asistencial e que non hai médicos dispoñibles, e por iso non ocultan a realidade.

Pero, señorías, volvo dicirlles: o Goberno central, o señor Sánchez —que contou co apoio da señora Pontón para a investidura— non axuda, e é o único responsable deste déficit de médicos que hoxe sofre o país. Hai que dicilo alto e claro: ¿quen marca o número de MIR que podemos formar cada ano? O Ministerio. ¿Quen paga os MIR? As comunidades autónomas. ¿Que fai Galicia? Formar o 100 por cento das prazas acreditadas. ¡Vostedes me dirán por que non nos deixan formar máis médicos de familia e máis pediatras! Esa resposta si que non a temos. O que si sabemos é que, cada ano, cando hai ese concurso



MIR e a xente quere formarse, quedan fóra milleiros de licenciados en medicina que poderían formarse pero aos que non se lles dá esa posibilidade de facelo. Esta é a realidade, e imos repetilo aquí cantas veces faga falta, porque, señorías, se ese documento que se firmou en abril do 2018 se fixese efectivo hoxe, xa teríamos dúas promocións de médicos —do 2018 ao 2022, e do 2022...—, porque, ¿canto tarda un médico de familia en formarse? ¿Catro anos? Pois miren vostedes cantos médicos quedaron sen formar polo camiño. Nós, desde logo, imos seguir reclamando ao Ministerio que exerza as súas competencias e que lidere dunha vez unha resposta estatal, que deixe de mirar para outro lado mentres o sistema entra en conflito.

E está visto que os grupos da oposición nesta Cámara son incapaces de situarse do lado dos profesionais e de rexeitar o actual deseño do Estatuto marco, por exemplo, que o Ministerio pretende impoñer e que vai en contra da vontade dos médicos.

E remato xa, conselleiro, agradecéndolle o traballo que fan no día a día para xestionar a sanidade da comunidade. É unha sanidade punteira, non sen problemas, retos e ámbitos para seguir mellorando, pero que vostedes, señor conselleiro, teñen perfectamente diagnosticados, e fan todo o que está dentro das súas competencias —como quedou claro— para solventalos. Do que non podemos sorprendernos é de que a oposición sexa...

O PRESIDENTE: Grazas.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: ...incapaz de recoñecer ese traballo —remato xa—. Cando non hai proxecto nin propostas, só queda a negación permanente e o ruído, mesmo cando o que está en xogo é a sanidade pública.

O PRESIDENTE: Grazas.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Visitan hoxe o Parlamento alumnos da Universidade Tsinghua, que é a primeira universidade de China e a décima no *ranking* de Shanghai. Varios deles saben galego, ou sexa, que non é unha cousa menor. Benvidos ao Parlamento.

Continuamos agora. É o turno de réplica do conselleiro de Sanidade.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Grazas, presidente.

Saúdos aos estudantes da universidade chinesa.

Señor Ojea, moitas grazas polos seus comentarios; algúns deles compártoos plenamente.

Fala de diminuír a burocracia, e niso estamos. Está dixitalizándose todo o que é o sistema da historia clínica electrónica, coa intención, precisamente, de desburocratizar ao máximo a actividade dos profesionais sanitarios, tanto de atención primaria como de atención hospitalaria.



Falou dos tempos de espera, da regulación das citas. Estamos de acordo, temos que mellorar o que é a regulación destas citas, e para iso está o grupo de traballo que tampouco lle gusta á señora Prado. De todas maneiras, teño o dato fresco: en tempos de espera, a Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras é a que ten os mellores tempos de espera na atención primaria de Galicia. O 91 por cento dos cupos teñen unha cita en catro días, o cal está bastante ben.

En canto ás infraestruturas, estamos traballando moito niso, pero tamén hai que lembrar unha cousa: parte do mantemento das infraestruturas non é responsabilidade nosa; é responsabilidade dalgún municipio.

Respecto á teleconsulta, por suposto; temos xa moito traballo feito na área sanitaria de Lugo, e o obxectivo é empezar a estender toda esta consulta a continuación á área de Ourense.

E sobre as agresións aos profesionais sanitarios, por iso interviñemos facendo esa modificación da Lei de saúde de Galicia. O que non comparto é xustificar unha agresión sanitaria por motivo dun enfado. Iso non o podo compartir, (*Aplausos.*) e creo que a maioría dos profesionais sanitarios tampouco o comparte.

En calquera caso, eu vin a esta Cámara coa maior disposición para dar conta das medidas de reforzamento da atención primaria que xa puxemos en marcha, dalgunhas que estamos activando e doutras que adoptaremos nos vindeiros meses. O meu obxectivo é informalos, intentar crear un debate o máis obxectivo posible e escoitar tamén os argumentos que vostedes tiñan que propoñer. Despois de escoitar algunhas intervencións dalgún grupo parlamentario da oposición, debo lamentar que hoxe, unha vez máis, quede demostrado que boa parte de vostedes non queren nin escoitar, nin debater, nin moito menos achegar solucións. Vostedes veñen aquí co catecismo aprendido e cunha decisión tomada de antemán: criticar todo, negar todo e opoñerse a todo, independentemente do que diga o conselleiro de Sanidade nesta tribuna. Iso, señorías, non é facer oposición responsable; iso é facer política de trincheira coa sanidade. Iso é substituír o rigor polo ruído, o dato pola consigna e a responsabilidade pola demagogia.

Resulta francamente decepcionante comprobar como, tras unha exposición longa e fundada sobre a situación real da atención primaria, sobre o contexto estatal do déficit de profesionais, sobre as previsións de xubilacións e sobre as limitacións competenciais das comunidades autónomas —que as temos—, a resposta sexa ignorar deliberadamente todo o explicado como se nada disto existise, como se os datos non contasen, como se mellorar a sanidade pública fose berrar máis alto que os demais ou saír coa pancarta á rúa. Non é serio negar a realidade por sistema. Non é serio facer crer á cidadanía que existen solucións máxicas cando saben perfectamente que non é así. Iso non é defender a sanidade pública; iso é utilizala con fins partidistas.

Falan vostedes de recortes, falan vostedes de abandono e, mesmo, de desmantelamento de atención primaria. Esas afirmacións son falsas e profundamente irresponsables. Son falsas porque os datos dos orzamentos de persoal e de investimento as desmenten con contundencia, e son irresponsables porque xeran unha alarma social innecesaria e deterioran a confianza da cidadanía no sistema sanitario; unha cidadanía que non lles importa.



Resumo da reunión entre representantes das asembleas das áreas e o sindicato CIG-Saúde. Leo literalmente: «*El objetivo fundamental de la huelga que puede ser convocada en febrero consiste en paralizar la atención primaria sin demora, aprovechando la temporada de epidemia de gripes y virus respiratorios, así como el colapso de los servicios de urgencias hospitalarias*». ¿Onde están os pacientes aquí, señora Prado?, (Aplausos.) ¿onde están? Non os vexo por ningún lado. ¿Cren vostedes realmente que é unha actitude responsable cos galegos chamar a mobilizacións que colapsen o sistema sanitario público cando está máis tensionado? ¿Esa é a súa política? Mentres este goberno incrementa recursos, mellora condicións laborais, estabiliza persoal e propón medidas para garantir a asistencia, outros limítanse a falar de recortes e a dicir que todo está absolutamente mal.

E non acepto tampouco que digan vostedes cousas que non son verdade, porque non é posible falar de recortes cando desde o ano 2009 incrementamos en máis dun 50 por cento o orzamento que destinamos á sanidade pública. Non é admisible que vostedes falen de recortes cando neste ano os orzamentos que dedicamos á sanidade pública son os máis altos da historia, 5.671 millóns, supoñendo o 40 por cento das contas da Xunta. E non é admisible que vostedes falen de recortes en atención primaria, cando estamos a dedicar a este nivel asistencial 1.747 millóns de euros, a cifra máis alta da historia e que representa máis dun 31 por cento do orzamento de sanidade. A porcentaxe de gasto en atención primaria é dun 31,57 por cento. Se descontamos a farmacia, que é o que tanto lles gusta a vostedes, atopámonos na mesma proporción que a etapa do Bipartito, un 14,7 por cento.

Tampouco lles tolero que falen vostedes de privatización. Miren, vostedes no ano 2009 incrementaron un 48 por cento a partida destinada a concertos coa sanidade privada, ata superar o 6 por cento do gasto real. ¿Sabe cal é a cifra este ano? Un 4,7 por cento. Cando compramos medicación para pacientes con cancro, ¿estamos privatizando a sanidade? Cando compramos TAC ou resonancias de alta resolución, ¿estamos realmente privatizando a sanidade? Cando a prestación sanitaria na prisión da Lama, dependente do Ministerio do Interior, está subcontratada a unha empresa privada, ¿estase privatizando a sanidade? A vostedes dáselles moi ben criticar, pero cando chega o momento de explicar que farían no noso lugar o silencio é atronador. Nin unha soa proposta concreta, nin unha alternativa viable, nin unha idea que resista o máis mínimo contraste coa realidade.

Falan aquí de prazas de MIR. Parece que non o ten claro. Unha cousa son as prazas acreditadas, responsabilidade das comunidades autónomas, pero quen acredita é o Ministerio de Sanidade. As prazas convocadas ou ofertadas son responsabilidade do Ministerio de Sanidade; o financiamento é competencia das comunidades autónomas. As comunidades autónomas son as que acreditan e financian; polo tanto, son os responsables do aumento do número de prazas MIR dos últimos anos; ¡déixese de historias do Ministerio de Sanidade!

En canto á retención de profesionais que se van a privada..., xa se dixo aquí. ¡E que máis dál, se o problema non é ese. Tamén poden irse a Almería; algúns son de alí, non sei se o sabe.

Non teñen proxecto realmente para a sanidade pública. Teñen mentiras, pancartas e slogans, pero non teñen realmente un modelo, porque facer política sanitaria require coñecer o sistema, asumir límites e tomar decisións. Incluso, o seu permanente «non» xógalles malas



pasadas. Sen ir máis lonxe, unha das medidas máis criticadas nesta Cámara foi o establecemento do concurso de méritos para a cobertura de prazas en primaria. ¿Que fixo o PSOE?, ¿que fixo o BNG? Votar en contra e críticoalo. Pero, miren, dúas comunidades acaban de adoptar esta mesma medida: Castela-A Mancha, gobernada polo PSOE, e Castela e León, onde o PSOE votou a favor dunha lei que incluso levaba a firma de Vox. Xustiza poética.

Pero, ¿non se dan conta de que ata para criticar hai que ser un pouco intelixente? Nós traemos propostas concretas e reais que buscan manter os servizos e melloralos para que os galegos e galegas desfruten dunha sanidade pública de calidade. Vostedes carecen de propostas serias e realistas. ¿Acórdanse deste documento?: (*O conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, amosa un documento.*) «*Propuestas de transformación de la atención primaria en Galicia*». É o informe técnico aprobado por vostedes no ano 2009; exactamente, en febreiro.

En relación cos PAC: «*Los PAC en Galicia prestan una atención de escasa eficiencia, son poco resolutivos y provocan una elevada ocupación de profesionales y un escenario —entre paréntesis— de escasez de los mismos. Se hace necesario realizar una reforma en profundidad que produzca una reducción del actual número de puntos de atención continuada, un menor consumo de profesionales y una mejora de la calidad asistencial*».

Imos á pediatría: «*En pediatría, la situación de falta de pediatras resulta más evidente, y la posibilidad de mantener funcionando un sistema en el que todos los niños de cero a quince años puedan acceder directamente al pediatra, con ratios de 800 niños por pediatra, es actualmente inviable. De esta forma, la solución factible pasaría por el hecho de que una parte de la población pediátrica, definida en función de la disponibilidad de pediatras, no tenga acceso directo al pediatra, sino que la primera atención se realice por su médico de familia o enfermera*». ¡Por dios! (*Aplausos.*)

Falan de que calquera especialidade pode traballar nun servizo de urxencias. Pois non, ¡non! Rehabilitación non traballa en urxencias, fisioterapia non traballa, anatomía patolóxica non traballa en urxencias. Podería seguir, pero non teño tempo. (*Murmurios.*)

Claro, di vostede que só acertamos cando rectificamos. Bueno, é mellor rectificar e acertar que non acertar nunca, porque vostedes nunca rectifican. (*Aplausos.*)

¿Técnicos de saúde? Señora Prado, os técnicos de saúde son para tarefas puramente administrativas, e xa están nos hospitais. Non sei se o sabe, porque vexo que non coñece moi ben o sistema sanitario público galego. Están para realizar tarefas administrativas e para facer o que dixo o señor Ojea: desburocratizar.

E, bueno, xa non imos falar da densidade de conselleiros *versus* ministros por unidade de tempo. (*Risos.*) Eu creo que xa o aclarou a compañeira.

Moi ben, bueno, imos ás mentiras. Tamén se falou aquí de que non temos diálogo, de que non falamos. Iso non é verdade. A Consellería de Sanidade leva meses dialogando cos sindicatos, cos colexios e coas sociedades científicas. Eu persoalmente teño falado con máis de cen médicos de atención primaria de diferentes cores políticas —con máis de cen— na Consellería, no despacho. Así que falar si que falamos. ¿Que pasa? Que recoñecer as cousas obri-



garíalles a cambiar o discurso. E hai quen non está disposto a facelo porque prefire seguir instalado no «non» permanente, no conflito e na descualificación constante.

Na miña primeira intervención, facía un relatorio das principais medidas adoptadas para reforzar a atención primaria. Seguimos traballando. Así o demostra ese acordo de xestión do Servizo Galego de Saúde, con medidas claras para mellorar a atención aos pacientes que acoden aos centros de saúde. Así o demostramos —aínda que non lles guste— con asuntos que levamos hoxe á Mesa Sectorial de Sanidade: reversión progresiva das prazas da categoría de facultativo especialista; proposta de voluntariedade para as coberturas das gardas nos PAC, concurso específico en enfermaría familiar e comunitaria, incrementos retributivos na xornada complementaria do persoal de urxencias hospitalarias. E, por suposto, estamos demostrando, co noso traballo, o prestixio e o esforzo da atención primaria.

Creamos dous grupos de traballo —tampouco entendo porque non lle gusta—: un para recursos humanos e outro para o ámbito asistencial, que é o que se ten que facer realmente no que vai ser a futura estrutura funcional da atención primaria na nosa comunidade autónoma. E tamén estamos comprometidos co reforzamento do papel do xefe de servizos dos centros de saúde, co liderado clínico; e tamén co reforzamento da propia estrutura da atención primaria nas áreas sanitarias, nas xerencias das áreas sanitarias, sabendo que o fin último destas medidas é optimizar a asistencia nos centros de saúde e garantir un modelo de atención de calidade para pacientes e profesionais.

Estamos tratando —insisto— de fortalecer a sanidade pública con diálogo, con negociación e con propostas. Fronte a un Goberno central e unha ministra de sanidade que non escoita, vostedes non alzan a voz. En Galicia, perdéronse pola folga médica contra o Estatuto marco máis de 90.000 cirurxías, probas diagnósticas e consultas. Parece que a vostedes isto non lles preocupa, aplican o xogo de «canto peor, mellor».

Pregúntome como pretenden vostedes que os galegos lles dean a súa confianza cando critican, sen que lles trema a voz, o que é un dos patrimonios máis prezados que teñen os galegos, que é a nosa sanidade pública. O que outros de fóra envexan, vostedes non saben apreciarlo; o que outras comunidades admiran, vostedes desprézano. Falo de comunidades como A Rioxa ou Aragón, gobernadas polo Partido Popular, pero tamén doutras comunidades como o País Vasco e Cataluña —a conselleira de Saúde de Cataluña estivo a semana pasada aquí—. Saben recoñecer os logros e méritos da sanidade pública galega, teñen interese en coñecelos e mesmo buscan fórmulas para replicalos no seu sistema de saúde.

¿Que lle gustou á conselleira de Saúde de Cataluña? Pois un dos calendarios vacinais máis completos do mundo; o cribado neonatal máis completo de España; a historia clínica electrónica; as medidas que estamos tomando para a mellora e modernización da incapacidade temporal; as normativas pioneiras, como a Lei de protección dos menores e prevención das condutas adictivas ou a modificación da Lei de saúde; o proxecto Xenoma Galicia; o Centro de Fabricación de Terapias Avanzadas; o Centro de Protonterapia de Galicia, e as listas de espera tamén —si, tamén—: somos a cuarta comunidade con menos espera para unha cirurxía, e a cuarta comunidade con menos pacientes que agardan máis de seis meses por unha cirurxía. As de Cataluña están moito peor —non sei se o saben, xa llelo digo eu—. Ade-



mais, tamén está o esforzo que facemos en cirurxías de prioridade 1, que superaron as 27.500 en 2025. Lamento que a súa miopía lles impida ver e recoñecer os logros e avances da sanidade galega.

Eu convídoos a que, se de verdade queren ser útiles aos galegos e queren realmente contribuír a mellorar a sanidade e a atención primaria en particular, muden a actitude, abandonen o discurso aprendido, deixen de ignorar a realidade e recoñezan as fortalezas e potencialidades da sanidade pública galega.

Nós seguiremos facendo o que nos corresponde: xestionar e gobernar.

Moitas grazas pola vosa atención. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Visítannos agora alumnos de 4º da ESO e de 1º de bacharelato do centro Poeta Díaz Castro, de Guitiriz. Benvidos ao Parlamento e tamén os seus profesores e acompañantes.

Rolda especial de aclaracións.

Grupo Parlamentario Mixto. Señor Ojea.

ARMANDO OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Efectivamente, unha aclaración. Eu non lembro dicir que xustificaba as agresións aos sanitarios, e, se así se me entendeu, aclaro o tema. Eu o que pretendín dicir é que, cando o sistema presenta esa serie de deficiencias, que, ao final, ten que resolver o profesional sanitario sobrecargado de traballo e nunhas condicións laborais non de todo dignas, isto redonda nunha peor calidade da asistencia ao paciente, e o paciente moitas veces perde o control emocional. Pero ese é un dato empírico, non é que o estea xustificando. Perde o seu autocontrol pola situación na que se encontra, proxecta a súa frustración no sanitario, e pode chegar a agredilo; pero, desde logo, non é xustificable en ningún caso. Entón, aproveito a rolda de aclaracións para aclaralo.

Loxicamente, á parte da xestión puntual dun protocolo ou dunha lei que permita xestionar esas problemáticas situacións, o que hai é que atacar a raíz do problema. Se a sanidade estivese ben xestionada, se o servizo fose impoluto e totalmente satisfactorio para o paciente —salvando casos excepcionalismos, ao mellor, de perda de equilibrio psíquico—, o normal sería que non se desen eses casos. Entón, á parte de promover unha lei que permita establecer uns protocolos e uns mecanismos de defensa e de xestión desas actuacións por parte dos sanitarios, o ideal sería que non se chegasen a dar nunca precisamente porque a xestión sanitaria fose óptima e o servizo ao paciente fose óptimo, de forma que nunca ningún paciente chegase a esa situación de desequilibrio emocional, na que, por un impulso instintivo, o seu cerebro —a parte racional da corteza cerebral— deixase de ter o control e pasase o control ao bulbo raquídeo, ao cerebro reptiliano —como din vostedes—.



Nada máis. Grazas.

Soamente era esa aclaración.

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista. Señora Espinosa.

MARÍA ELENA ESPINOSA MANGANA: Dirixíndome tanto ao señor conselleiro como ao Grupo Popular, e, en concreto, á señora Amigo, quero dicirlles que o noso grupo non fai unha negación sistemática da sanidade, ¡non é certo! Vostede sábeo e vostede compareceu aquí. Falamos, por exemplo, de saúde pública, falamos de cribados e falamos de vacinacións, e non negamos a maior. ¡Cando as cousas se fan mínima, mínima, minimamente ben, recoñecémolo!

Pero estamos falando de atención primaria. A atención primaria está mal e vostedes, a Xunta de Galicia, fan as cousas rematadamente mal. *(Aplausos.)* Polo tanto, non me pida que lle dea xabón cando non son capaces de cumprir. *(Aplausos.)* E dixémolo moitas veces —e díxeno na miña intervención primeira—, porque vostedes teñen as competencias, teñen absolutamente todas... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, voulles aclarar o dos médicos, porque, como non o queren entender, vóullelo aclarar. Vostedes teñen absolutamente todas as competencias, pero, con todo o respecto e con todo o cariño, ¡en atención primaria son uns incompetentes! Esa é a triste realidade.

E, agora, imos co tema dos médicos de novo, porque non hai forma humana. Dáme igual os ministros que pasasen polo Goberno de España; o que lle digo é que dende o ano 2018 se incrementaron as prazas de formación un 48 por cento, ¿si ou non? Entón, ¿quen as tiña baixas?, ¿quen gobernaba antes do ano 2018? Gobernaba o Partido Popular.

Pero descendo a Galicia e a algún dato concreto —non me deu tempo a buscar máis—. No ano 2009, había 125 prazas; en agosto do 2025 —cando eu falei deses datos—, había 286 prazas. É subida, ¿si ou non? Por favor, recoñezan tamén a realidade. Pero é que hai algo máis, e, posiblemente, a señora Amigo non me entendeu. Eu cando falei desa diferenza que había entre os 116 e os 99, dixen que supuxen que irían para a privada, pero dáme igual, non quedaron; o que me preocupa é que non quedaron no sistema público, iso é o que me preocupa. Pero se eu son responsable e estou no caso do conselleiro, cando se me vai o 15 por cento, o primeiro que fago é facer unha análise de por que se van, e, cando só o 50 por cento me queda en atención primaria, fago tamén unha análise de por que se van.

Porque, mire, señor conselleiro, voullo aclarar definitivamente e espero que sexa a última vez que teño que falar disto. Galicia ten habilitadas polo Estado todas as prazas que solicita dende hai anos. ¡Dígame cando solicitou a Xunta algunha praza e non lla concederon! Dígame, por favor, ¡dígame unha! *(Aplausos.)* Non ten máis porque non as solicita. Pero, agora, ¿quérreme contestar na súa resposta por que non o fan?, ¿por que non solicitan máis? ¿Analizan vostedes eses datos que lles dixen eu?, ¿analizan por que a xente se vai a urxencias? Non piden máis prazas porque as políticas da Xunta son cutres e son miserables; por iso non as piden.



Eu pídolles que melloren, que invistan, que avancen, que avancemos xuntos na sanidade e na atención primaria. Porque, para que lle quede claro a todo o mundo, as comunidades autónomas propoñen o número de persoas que queren para a formación. É certo que non o poden decidir unilateralmente, que o teñen que propor, pero contésteme: ¿cantas prazas lles rexeitaron desde que vostedes as pediron?

Pero voulles dar outra pista máis —eu non goberno, non debería dicir isto; pero vóullela dar, xa que vostedes non o fan—: ¿por que non analizan as condicións que teñen dos titores? ¿Ou é que ao mellor non teñen titores suficientes para formar a xente, e aí está? Pero, ben, non me queda moito máis tempo. Si que quero, antes de rematar, dicir dúas cousas.

Primeiro: falei de Zapatero referíndome ao tema de emerxencias, e si quero deixar moi claro neste Parlamento que Zapatero viviu unha das maiores crises económicas que vivimos neste país. E, grazas ás súas medidas (*Murmurios.*) —si, señores do Partido Popular—, protexeuse as persoas, sostívose o emprego e reforzouse o estado de benestar. Gustaríame saber o que sucedería se gobernase daquela o Partido Popular.

E mire, señor conselleiro, (*Aplausos.*) vostede dixo que viñamos aquí cun discurso escrito. Eu non, dígolle que non viña cun discurso escrito, o que viña co seu catecismo escrito era vostede, porque non me respondeu nin a primeira das cousas que lle plantexei, que si estaban vinculadas cun reforzamento da atención primaria. Aínda ten a oportunidade, porque eu non a vou ter.

Nós si escoitamos, e gústanos escoitar as boas noticias, ao mellor a vostedes gústalles máis o lodo, pero olvídense, a nós non; e, sobre todo, se estamos falando de sanidade.

E remato xa co Estatuto marco. O Goberno de España gobernou e firmou cos sindicatos maioritarios deste país. A min gustaríame que tamén leran o que están demandando determinadas asociacións médicas, que nós, por suposto, respectamos, pero o que están reclamando son competencias das comunidades autónomas e non do Goberno de España.

E hai outro tema, que tamén é de ampliación —e remato xa, presidente—, que tamén ten que ver co reforzo da atención primaria e sobre o que non dixo nin unha palabra. Hai uns días o presidente da Xunta falounos das novas prazas de psicoloxía clínica, que si, iso é un reforzo da atención primaria, pero ¿seguimos con débeda das 14 que prometeron no ano 2025, ou dentro destas 21 están as 14 do ano 2025? É unha pregunta moi fácil, que, se quere, me pode contestar.

E, por favor, tamén me gustaría que responda polo menos a unha das preguntas que lle preguntei, porque vostede si sabe quen lle poida informar e polo menos respecte a oposición, porque as miñas preguntas si que ían cara ao reforzo da atención primaria e en ningún momento a unha crítica, porque si as apoiamos no seu momento.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.



Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: Grazas, presidente.

O Partido Popular, como magníficos expoñentes da ultradereita máis ultra —dá igual a realidade, os documentos, os datos— segue co seu argumentario, con aquilo de que a realidade non lle estropee o titular, (*Aplausos.*) que a realidade non lle estropee o titular.

E, mire, eu xa hai moito que dixen aquí neste Parlamento que «dato mata relato», agora xa é *vox populi*. «Dato mata relato», señoras e señores do Partido Popular, señor conselleiro do Partido Popular. E primeiro dato, que vostedes venderon por terra, mar e aire: as prazas estas de difícil cobertura, por concurso, como a solución. E están rectificando; ese é o dato que mata o seu relato. Segundo dato: vostede acaba de dicir que na mesa sectorial acaban de anunciar a constitución de dous grupos de traballo para ver que facer en atención primaria, cando no 2019 o Partido Popular se comprometeu, a cambio de desconvocar unha folga, a elaborar un plan de mellora de atención primaria. Constituíronse non sei cantos grupos de traballo, máis de 200 profesionais traballando neses grupos de traballo. Está a diagnose, está o que facer, e vostedes téñeno metido nun caixón; e hoxe vén aquí anunciar que crea dous grupos de traballo. O dato mata o relato, e o relato é que vostedes non queren facer nada, só veñen aquí anunciar anuncios en diferido que logo non concretan absolutamente en nada; unha auténtica burla aos profesionais e aos traballadores.

O dato é que no ano 2011 elaboraron un plan de ordenación de recursos humanos, no 2011, publicado no 2012, é dicir, hai catorce anos, que dicía que finalizaría a súa vixencia o 31 de decembro do ano 2013; é dicir, está fóra de vixencia un plan de ordenación de recursos humanos hai trece anos. Ese plan de ordenación de recursos humanos, dígoos porque vostedes fan aquí referencia continuamente a que hai un acordo non sei que do ano 2018, do ano 2013, publicado no *DOG*, co cal é lei, e que di que, «dos datos anteriormente expostos, dedúcese un significado envellecemento en termos globais do persoal do Servizo Galego de Saúde, máis acusado no colectivo de persoal licenciado sanitario. A media de idade deste persoal é superior en tres anos á do persoal sanitario, situándose a maioría destes profesionais, o 53,43 por cento, nunha franxa de idade superior aos 50 anos». ¿Que fixo o Partido Popular para garantir a remuda xeracional e, polo tanto, a asistencia sanitaria? Absolutamente nada, trece anos despois. (*Aplausos.*) «Dato mata relato».

Vostedes seguen insistindo en que non lles permiten formar máis profesionais. E a pregunta, que eu tamén tiña para facerlle, é: ¿cantas das prazas que lle solicitan ao Ministerio que cumpren os requisitos son denegadas? Xa llo preguntei máis veces, e nunca contesta, porque sabe que non lle denegan ningunha. «Dato mata relato».

Ningún anuncio para a saúde mental, señor conselleiro, ningún anuncio. O único anuncio contemplado nos orzamentos é que van ter 21 psicólogos en atención primaria. ¿Sabe canto toca por centro de saúde, señor conselleiro? Toca a 1 psicólogo por cada 20 centros de saúde, co cal, ¿cal é o plan para a atención primaria en saúde mental? Un anuncio de hai un ano dun plan de saúde mental do que aínda non sabemos absolutamente nada.



Datos, señores e señoras do Partido Popular, non por casualidade, senón polas medidas tomadas polo Partido Popular. Entre o ano 2009 e 2026 deixaron de investir en atención primaria 1.700 millóns de euros; só con que mantivesen o orzamento do ano 2009, 1.700 millóns de euros. Iso ten consecuencias, e a consecuencia é que Galiza é, pola cola, a segunda do Estado que menos inviste en atención primaria, un 2 por cento menos, só está por detrás Madrid.

Datos do Ministerio: Galiza está por debaixo da media do Estado en especialistas en Medicina Familiar e Comunitaria. A atención primaria conta co menor número de prazas de persoal médico dos últimos quince anos. A media de espera para ser atendidos —barómetro sanitario— por un médico de familia é de oito días e en moitos centros dúas-tres semanas e un mes. O 20 por cento dos doentes que necesitan unha consulta en atención primaria afirma que non a conseguiron, o 38 por cento di que por tal motivo acudiron a urxencias. Hai un aumento continuado das persoas que acoden á sanidade privada; hai un aumento do 166 por cento en contratación de seguros privados. Entre tanto isto acontece, o Partido Popular drena máis e máis recursos cara á sanidade privada. No orzamento deste ano, 2026, 340 millóns, que logo sempre aumentan, mentres lle quitan recursos á sanidade pública.

E por iso, diante desta situación, o Partido Popular e a Xunta de Galicia ten competencias, e, polo tanto, nós emprazámolos desde aquí, primeiro, a que dunha vez por todas, xa non en diferido, presente un plan de ordenación de recursos de atención primaria, que saibamos cal é a situación, cantos profesionais, en que condicións, cantos doentes atenden, cantas horas; ter información, señor conselleiro.

Imos logo traer unha moción pedindo información, e o Partido Popular vai votar en contra nin sequera de ter información de cal é a situación. Esa é a constante e o compromiso do Partido Popular.

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: Que acepten a realidade, que incorporen especialidades imprescindibles en atención primaria. Non temos médicos; temos fisioterapeutas, temos psicólogos, temos logopedas, temos terapeutas ocupacionais; contraten todos eses profesionais para equipos multidisciplinares, coiden o persoal, en vez de expulsalo sistematicamente. O 65 por cento dos profesionais que remataron a formación MIR no ano 2025 non quixeron traballar en atención primaria; o 65 por cento. É un auténtico drama, consecuencia das condicións laborais a que os ten sometidos o Partido Popular. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: E deixen de desprestixiar a atención primaria, que é o auténtico eixo vertebrador, que atende entre o 80 por cento e o 90 por cento dos procesos de saúde dos galegos e das galegas. Deixen de desprestixiala, empezando por que non haxa persoas sen especialidade atendendo en atención primaria, e vostede sabe que é certo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Popular, señora Amigo.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: Moitas grazas, presidente.

Bos días de novo, señorías.

Imos ser claros, contemos a verdade aos galegos. O principal problema do noso sistema sanitario hoxe en Galicia, e no conxunto do Estado, mire, xa non é a xestión autonómica, nin de orzamentos, nin de modelo. O principal problema que temos hoxe é a falta de médicos, fundamentalmente en medicina de familia e en pediatría; ese é o noso problema. E ese déficit ten responsables claros e perfectamente identificables, e non me vou cansar de repetilo.

Dende o ano 2018, o Goberno central, que é o único que ten competencias para planificar os recursos humanos do Sistema nacional de saúde, foi incapaz de adoptar ningunha medida eficaz para corrixir esa situación, que xa se sabía que ía chegar. Señorías, ¿que pedimos nós? ¿Que pediron todas as comunidades autónomas deste país, de distintas cores políticas, non soamente as do Partido Popular? Que se flexibilizasen os requisitos para poder formar máis médicos.

Galicia hoxe conta con máis de 400 centros de saúde; neses centros de saúde, se o Goberno central nos fixese caso e flexibilizase os requisitos para poder formar médicos, formariamos máis médicos, porque formamos o cen por cento dos médicos que nos permiten, o cen por cento. (*Murmurios.*) Si, o cen por cento, si, o cen por cento, señorías, e dende hai anos ademais. E ¿por que van a urxencias os médicos de familia? Un médico ao que lle gusta a especialidade de urxencias a única posibilidade que ten a día de hoxe para ir ás urxencias é facer médico de familia ou facer medicina interna —tamén é verdade—, pero moitos deles decántanse pola medicina de familia e, unha vez que rematan, van a urxencias.

E aquí falábase de que nos dan o cen por cento. Non, mire, señora Espinosa, non vou entrar en máis datos, pero díxenllo na miña primeira intervención: este ano, no que por sorte imos poder formar os primeiros médicos de urxencias, unha reivindicación que naceu desde aquí, pola que nós pelexamos, pedimos 7 prazas, señora Espinosa; déronnos 6; podíamos formar 7, 1 en cada área sanitaria, só nos deron 6. Pregúntelle vostede ao señor Sánchez a ver que pasou.

E fala vostede de Zapatero. Ten valor, ¡eh!, señora Espinosa. (*Aplausos.*) Baixada de soldo aos funcionarios, conxelou no 2010 a todos os funcionarios, está aí a hemeroteca. Conxelou as pensións. A crise, a crise. (*Murmurios.*) A crise foi a que tivo que resolver despois Rajoy, a crise que nos deixou, que non nos rescataron porque veu un goberno serio e responsable. ¡Home!, iso está nas hemerotecas.

Mire, e fálase..., a ver, nestes anos é verdade que, claro, seis ministros en seis anos e algúns meses, estivo desde a señora Moltó ata a señora Mónica García, ningún deles foi capaz de resolver. E comparan aquí con que nos dezasete anos houbese cinco conselleiros. Señora



Prado, cada un deses cinco conselleiros que pasaron polo goberno do PP deixaron a súa pegada, fixéronse cousas, (*Murmurios.*) oxalá o Goberno central fixese o mesmo, porque todos deixaron a súa pegada.

Mire, e hai unha responsabilidade, ademais, estrutural que temos desa falta de médicos á que se está sumando hoxe un conflito laboral de enorme gravidade: esa folga de médicos a nivel estatal, cunha ministra incapaz de negociar —unha ministra que é médico, ademais— e de liderar (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —médico, eu creo no neutro—; incapaz incluso de defender os dereitos dos seus propios compañeiros de profesión, jeh!, mire. E o Partido Socialista galego, fiel ao seu amado líder, o señor Sánchez, e a esa ministra, a esa ministra de Sumar. (*Murmurios.*) E vólvolle dicir: *hace falta valor*, señora Espinosa, (*Aplausos.*) porque ten mérito, jeh!, porque é incomprendible que non sexa capaz de negociar e de defender os seus compañeiros de profesión; unha ministra que ata antonte marchaba coa pancarta diante do Ministerio e que hoxe garda silencio. (*Murmurios.*) ¡E xa está ben!

E o BNG tamén volve quedar ao descuberto. A súa central sindical, a CIG, desmárcase, por primeira vez na historia, dunha folga médica, xusto cando a mobilización é contra o Goberno de Pedro Sánchez. Eu non sei o que lle pasa ao BNG cando se trata de defender os dereitos dos médicos e as reivindicacións. Cando esta folga é contra o señor Sánchez, caladiños, caladiños, e calan tamén cando, como xa se lle dixo aquí, o sindicato CIG Saúde, vencellado ao BNG, deixa por escrito —que llo dixo o conselleiro— que o seu obxectivo é paralizar a atención primaria sen demora, aproveitando a tempada de gripe e o colapso das urxencias hospitalarias. Iso, señorías, non é defender a sanidade pública. É xogar coa saúde e coa vida das persoas, tensionando deliberadamente o sistema. E esa estratexia é tremendamente irresponsable.

Estamos falando dunha oposición que presume de rigor pero que lanza acusacións falsas en sede parlamentaria, como aconteceu coas graves afirmacións que escoitamos aquí no anterior pleno sobre o persoal de dietética do CHUAC, desmentidas publicamente por un sindicato independente, o CSIF, que tivo que saír a defender a profesionalidade dos traballadores fronte a unha manipulación inadmisíble. Aquí está (*A deputada María Encarnación Amigo Díaz amosa un documento.*) o comunicado.

Esa é a súa forma de facer política sanitaria, sen contrastar, sen datos e sen respecto. Son puro bulo, señorías, e, por riba, nin se ruborizan. Á oposición écheselle a boca falando da privada, esquecendo deliberadamente que foron eles —xa llo dixen—...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: ...antes os que blindaron ese concerto en Povisa.

Iso é a súa coherencia, como votar en contra da Lei de prevención de condutas adictivas de menores, sen recoñecer os bos resultados do sistema público galego.

Vostedes no pleno pasado viñan aquí e pedían exemplos. Vostedes, mire, sempre traen exemplos que fan mal da sanidade. Mire, eu tráíolles aquí o exemplo dunha señora que



vive aquí en Galicia, que a súa nai ten un cancro de mama, ¡eh!, e que di a señora: «*Su hermana pequeña reside en Galicia. La experiencia suya no tiene nada que ver con la mía. En el HULA (Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo) la paciente citada realiza la mamografía y tiene una ecografía y sale con la cita de la misma para el año próximo*». (A deputada María Encarnación Amigo Díaz amosa un documento.) «El CHUAC ya es el cuarto hospital de España en volumen de...

O PRESIDENTE: Grazas.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ:...transplantes».

O PRESIDENTE: Grazas.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: Remato xa.

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: «*El Sergas recurrirá a la IA para analizar imágenes en la detección de cáncer de mama*». Estes exemplos non os trae a oposición.

Afortunadamente nós aquí temos un Goberno galego que traballa, que sostén o sistema e que segue garantindo...

O PRESIDENTE: Grazas.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: ...a atención sanitaria.

Todo o demais, señorías, é pura demagogia.

O PRESIDENTE: Grazas.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Peche, conselleiro de Sanidade.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Grazas, presidente.

Imos ver, señor Ojea. Quedou claro o tema das agresións, ¿non?

Imos ver, señora Espinosa, ¿quen define o número de prazas convocadas no MIR? ¿A Xunta de Galicia? ¿O Ministerio de Sanidade? Pregunto... (A deputada María Elena Espinosa Mangana pronuncia palabras que non se perciben.) Non, non. Pregunto: ¿quen o define? ¿Quién lo define? O Ministerio de Sanidade. ¿Quién define el número de plazas acreditadas? ¿Quién define el número de plazas acreditadas? O Ministerio de Sanidade. (A deputada María Elena Espinosa Mangana pronuncia palabras que non se perciben.) Non, non. ¿Quién define los criterios de acreditación de las plazas MIR? ¿Quién decide los criterios de acreditación de las plazas MIR? O Ministerio de Sanidade. ¿Quién define la metodología del sistema MIR?, (A deputada María Elena Espinosa Mangana



pronuncia palabras que non se perciben.) ¿quién lo define?, ¿quién lo define?, ¿quién lo define? O Ministerio de Sanidade. (*Aplausos.*) Non. E agora imos co racional.

Desde aquí pediuse en moitas, moitas ocasións, ¡eh!, os cambios de acreditación para as prazas de Medicina Familiar e Comunitaria, (*Murmurios.*) moitas veces, moitas veces, porque eses criterios de acreditación son un pouco, ben, antigos —por dicilo dalgunha maneira—. Tan antigos que, por exemplo, o CIS, o Centro Integral de Saúde de Lugo, con moitísimos profesionais de altísima capacitación, non puideron formar residentes ao principio, por un tempo, desde que se abriu, así que...

Metodoloxía. ¿Cantas prazas de médico de familia se deixaron de cubrir porque o Ministerio de Sanidade non quixo cambiar o método de elección desas prazas? Centos, centos de prazas. Acreditación e metodoloxía é o que define o acceso realmente á formación sanitaria especializada en España. E pregunta cantas veces non se acreditaron ou non sei que... Mire, aquí acábano de falar. Solicitáronse 7 prazas para urxencias e emerxencias, pero a realidade é que querían pedir o dobre. Ao final chegouse a un acordo co Ministerio de Sanidade para 1 por área sanitaria. Pois non, aínda máis, quitáronnos 1, ¡eh! E todas esas prazas que quedaron sen acreditar, porque nos dixeron que non, ¿esas non contan?, ¿esas non contan? E iso é así.

Psicólogos clínicos. Actualmente hai contratados 28 psicólogos clínicos no Servizo Galego de Saúde. Había 7, e 21 que se contrataron nas últimas semanas, ¡eh!, esa cifra, ¿non? Falan de psicólogos como se falasen de calquera cousa. Imos ver, que quede claro tamén, porque o oio sempre neste Parlamento. Imos ver: un psicólogo, un psicólogo a secas non pode exercer na sanidade pública galega, fai falta unha especialidade. Eu non podo coller un psicólogo e poñelo nun centro de saúde. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, non, é que é así. Non podo, non, non, non existe a categoría, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) non, non, non, é obrigatorio ter a especialidade, é obrigatorio ter un proceso de formación sanitaria especializada. Non, non, é que parece que...

Fala vostede dos técnicos de saúde, que xa lle expliquei que son para tarefas administrativas, e que non sei e non sei canto. Pero ¿para iso é o mesmo?, ¿é o mesmo? (*A deputada María Montserrat Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.*) ¿Que diferenza hai entre...? Claro, as normas son as normas, iso hai que telo en conta, de maneira que...

E, despois, *el dato mata relato*. Imos ver: 1.700.000 euros de recorte. ¡É que nin sequera se miran as cifras! ¿Saben onde están eses 1.700.000 euros de recorte? Aforro, aforro en medicamentos, por utilización de xenéricos. Si, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡ah! porque non o sabe. (*Murmurios.*) Si, si, vexa as contas, é clarísimo. É aforro, non recorte, (*Aplausos.*) a ver se lle queda claro.

Despois, *dato mata relato*, e vénme aquí co barómetro sanitario. ¿Sabe como se fai o barómetro sanitario? ¿Non? Voullo explicar eu: con enquisas, entrevistas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Bah!, claro, é un acto moi, moi, moi obxectivo, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) é moi obxectivo, moi obxectivo, moi obxectivo, moi obxectivo. Ben, *dato mata relato*, si.



Imos ver, se realmente lles interesa o sistema sanitario, non estarían cada sesión facendo un uso partidista da sanidade, como fan sempre, non. Tomarían máis en serio o seu labor de oposición e, en vez de estar sempre detrás da pancarta contra a Xunta, poñeríanse do lado de Galicia para pedir ao Goberno central, ao Goberno de Pedro Sánchez medidas efectivas para parar a folga de médicos contra o Estatuto marco; ou, en vez de inventar recortes —que non existen—, poñeríanse á disposición para sumar e traballar xuntos para afrontar os retos que temos por diante e para mellorar a atención aos pacientes, as condicións dos profesionais e o prestixio da sanidade pública galega, unha sanidade pública galega que, grazas ao esforzo diario do persoal do Servizo Galego de Saúde, está á vangarda en moitas cousas.

Miren, o obxecto da miña comparecencia hoxe aquí non é outro que tratar de expoñer e explicar as medidas que xa activamos dende a Xunta, as que estamos a poñer en marcha e as que temos previsto a curto e medio prazo: blindar a atención primaria, fortalecela e dotala dos recursos necesarios para garantir a mellor asistencia e a mellor atención aos cidadáns. Pero todas as medidas que adoptemos témolas que tomar tendo en conta catro factores fundamentais que condicionan a asistencia sanitaria.

Por unha banda, maior demanda en relación con que a poboación ten maior esperanza de vida, o que leva asociado máis patoloxías crónicas e necesidades de coidados, pero tamén o incremento da carteira de servizos que ofrece o Servizo Galego de Saúde.

Por outro lado, o cambio de mentalidade dos novos profesionais, que teñen outras necesidades e inquiredanzas, ás que necesitamos dar resposta, por exemplo, potenciando a investigación ou favorecendo a conciliación.

Outro condicionante: a falta de profesionais en determinadas especialidades, sobre todo en atención primaria. Non hai médicos de familia nin pediatras para contratar.

E o cuarto condicionante son as folgas médicas contra o Estatuto marco do Goberno central, que implican a suspensión de miles de consultas en atención primaria e que loxicamente impactan no tempo de acceso e condicionan a asistencia aos pacientes. Só as últimas folgas supuxeron a obrigação de suspender máis de 36.300 consultas en primaria.

Fronte a esta situación, ¿cal é a súa actitude? O de sempre: o «non». O «non» porque non, o «non» porque non. Fronte a isto, estamos nós, a Xunta de Galicia, ¿non? Chegamos a un acordo, jeh!, que permitiu a desconvocatoria da folga en primaria, que xa deu os seus froitos e que seguimos desenvolvendo para fortalecer e mellorar a asistencia que se presta nos centros de saúde; por certo, o sindicato nacionalista decidiu quedar fóra do acordo —eles sabrán—. Seguimos negociando na Mesa Sectorial de Sanidade —fíxose hoxe—. Por suposto estamos a traballar na reforma e actualización do modelo de atención primaria, ese plan de recursos *tarará* que dicía vostede; dous grupos de traballo: recursos humanos e ámbito asistencial; hai que ter todo feito nun prazo de seis meses, antes do verán falamos; está facéndose cos sindicatos, con toda a xente, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), está facéndose con toda a xente; xa sei que non lles gusta a vostedes, porque vostedes non están, porque non queren estar en nada, pero ben.



É a vontade política mellorar e reforzar a primaria, e tamén estamos a levar á práctica isto a través dos acordos de xestión do Servizo Galego de Saúde de 2026, fixando obxectivos no tempo de acceso ás consultas de medicina de familia, pediatría e enfermería; potenciando a investigación; fomentando a conciliación e tamén estimulando a integración asistencial entre a atención primaria, atención hospitalaria e atención comunitaria.

Fronte ao alarmismo, as algaradas e as pancartas, esta é a nosa maneira de optimizar a atención primaria e engrandecer a sanidade pública. Coido que os galegos saben diferenciar perfectamente e elixir, por tanto, en consecuencia.

Moitas grazas pola vosa atención. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Continuamos co punto cuarto da orde do día, que son as mocións. Neste caso, é unha moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, sobre os compromisos orzamentarios do Goberno galego co desenvolvemento do servizo de axuda no fogar (SAF) e coa implantación do novo protocolo de prevención da violencia nos domicilios onde se presta

O PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da súa deputada Silvia Longueira Castro, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Financiar na súa totalidade o Servizo de Axuda ao Fogar (SAF), xa que, de acordo co artigo 27.23 do Estatuto de autonomía, a asistencia social é unha competencia exclusiva da Xunta de Galicia. A Lei 13/2008 atribúe aos concellos a xestión do servizo, pero non o seu financiamento, polo que o Goberno galego lles está a impor unha competencia impropia sen recursos para atendela. Esta situación está expresamente prohibida cando compromete a facenda municipal, tal e como establece o artigo 7.4 da Lei de bases do réxime local.

2. Presentar un informe no que se detalle con claridade que parte das cantidades que a Xunta achega actualmente ao SAF —e das achegas acordadas para o futuro coa Fegamp— procede de recursos propios, e que parte corresponde aos fondos que lle transfira Estado para dependencia.»)

O PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra a señora Rodil.



OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Hoxe, efectivamente, desde o BNG traemos esta moción co obxectivo de rescatar o servizo de axuda no fogar da quebra na que se atopa, a través dunha dotación orzamentaria que se achegue ao custo real da prestación do servizo, e, sobre todo, co obxectivo de blindar no presente e tamén, sobre todo, no futuro o servizo de axuda no fogar a través do cumprimento, da exixencia do cumprimento das súas obrigas por parte das dúas administracións responsables do seu financiamento, tal e como di a Lei de promoción da autonomía persoal do sistema da dependencia, de 2006, que son, como saben, ao 50 por cento, a Xunta e o Estado.

E facémolo porque o pacto que asinaron o Partido Popular e o Partido Socialista entre a Xunta e a Fegamp sitúa a achega do Goberno galego e do Goberno do Estado, das dúas administracións en conxunto, en 18 euros a hora en 2028. Falamos sempre desa contía máxima en 2028, 18 euros a hora, 16 euros xa este ano 2026, cando o custo medio real de prestación do servizo de axuda no fogar en Galiza está en 24 euros. Un acordo, un modelo de financiamento do SAF para os próximos anos que desde o BNG rexeitamos desde o primeiro momento porque é —como xa dixemos na interpelación— absolutamente insuficiente, non cobre o custo real da prestación do servizo, que —insisto— é a día de hoxe, en termo medio, 24 euros a hora, e tampouco resolve os problemas que arrastra con carácter estrutural desde hai anos o propio servizo de axuda no fogar, un servizo de atención a máis de 23.000 persoas dependentes en Galiza, que está colapsado, con listas de agarda inadmisibles provocadas, entre outras cuestións, por incrementos de intensidades horarias por parte do Goberno español de maneira unilateral nos últimos anos, sen o acompañamento dos recursos económicos necesarios.

Tal é así que entre 2022 e 2025 —só aténdonos aos datos oficiais que están publicados na web do Imserso— hai 4.080 persoas en Galiza que teñen dereito recoñecido por lei a contar con horas do servizo de axuda no fogar, pero que non están accedendo a elas porque simplemente o servizo é incapaz de incorporar novas persoas usuarias. Como dicíamos na interpelación, todas as cidades —por coller de referencia as sete grandes cidades galegas, só as sete cidades galegas— teñen hoxe máis persoas agardando para acceder ao SAF que usuarias que realmente estean sendo atendidas neste servizo. A proposta de financiamento asinada —xa digo, 16 pírricos euros hoxe, cando a media de custo da hora está en 24; 18 euros en 2028— só vai afondar máis na quebra deste servizo e está moi lonxe de permitir que se poidan garantir os dereitos que teñen as galegas e os galegos no día de hoxe.

Este non é un acordo —dixémolo desde o BNG desde o primeiro momento—; é unha chantaxe, é unha imposición, que o único que vai traer é unha maior asfixia económica aos propios concellos, incrementando as listaxes de agarda e tamén a precariedade que soportan as traballadoras.

Por iso, desde o BNG seguimos defendendo, primeiro, que se cumpra a lei e que calquera incremento que se aplique se axuste ao custo real do servizo. E, insisto, 18 euros dentro de dous anos non se achega nin sequera de lonxe ao que custa de media prestar o SAF hoxe —hoxe, non dentro de dous anos—, agora, en Galiza.



O financiamento entre a Xunta e o Estado —porque eses 18 euros en 2028 son as contías, as achegas orzamentarias das dúas administracións responsables de soste o servizo— non chega nin sequera a cubrir o que custa prestalo, pero tampouco atende as diferenzas que existen en todo o territorio galego á hora de prestar un servizo, que non é igual en días ordinarios, en días laborables, que en días festivos, nin é igual en concellos rurais cunha dispersión poboacional e avellentamento da poboación moito maior que, por exemplo, o que atopamos nas cidades. E, por suposto, esa chantaxe, esa proposta de financiamento que se formulou, tampouco ten en conta a situación en que se atopan xa —como dicía— a maior parte dos concellos galegos, nos que se están dando altas por baixas. Basicamente, tes que esperar a que faleza unha persoa usuaria para que poida acceder unha nova persoa usuaria ao servizo de axuda no fogar.

Como tamén sinalabamos xa na propia interpelación hai quince días, tampouco este financiamento novo, eses 18 euros á hora en 2028, vai permitir acabar coa precariedade laboral que soportan as traballadoras. E lanzabamos unha pregunta: vindo como veu o conselleiro de Emprego responder unha interpelación en materia de dependencia, formulabámoslle á Xunta de Galiza esa pregunta: ¿como se van garantir as medidas tan necesarias, por exemplo, de seguridade das traballadoras do servizo de axuda no fogar con este infrafinanciamento? ¿Quen vai pagar as medidas excepcionais ou complementarias que teñan que artellarse para garantir que as traballadoras do SAF poidan ir aos domicilios das 23.000 persoas que están no día de hoxe atendidas no SAF con condicións de seguridade? Nas propostas que formula a Xunta de Galiza —porque poñer encima do papel é moi fácil, pero, logo, garantir que o que se pon no papel se cumpra xa é cousa ben distinta— fálase, por exemplo, de que vaian dúas traballadoras, dúas auxiliares do servizo de axuda no fogar, a domicilios onde haxa situacións de conflitividade. Eu pregúntome: ¿quen vai pagar ese segundo salario cando agora mesmo nin sequera se poden garantir unhas condicións laborais minimamente dignas para esas traballadoras do SAF, indo unha por casa na inmensa maior parte dos casos?

É evidente —nós tiñámolo claro desde o BNG, e así o dixemos desde o primeiro momento— que ao Goberno do Partido Popular na Xunta non lle preocupaba nin o máis mínimo a situación que viven as traballadoras do servizo de axuda no fogar. E a mellor proba foi que en ningunha das reunións que mantiveron no seo da Fegamp cos concellos e cos representantes do Colexio de Traballo Social estivo nin unha soa persoa da Consellería de Política Social con capacidade de decisión política. Foi Inspección de Servizos Sociais, que, en todo caso, ao único que se remitía era a ter que contrastar con alguén na Consellería para poder tomar decisións.

Pero, peor aínda —porque eu creo que as cousas hai que sinalas tamén no seu contexto—, hai anos que desde o BNG —diciámolo tamén na interpelación—, desde o 2020 e o 2021, levabamos pedindo medidas de seguridade laboral, de seguridade nos domicilios para as traballadoras no fogar, e o Partido Popular votaba en contra, por suposto, a todas elas. Pero é que xa o Consello Galego de Relacións Laborais hai anos emitiu un informe no que sinalaba que a única medida que existía de prevención de riscos laborais dentro dos domicilios onde se presta o servizo de axuda no fogar era ese informe social, que —joh!, casualidade— o Partido Popular suprimiu da lexislación vixente nas últimas reformas que introduciu na Lei de servizos sociais de Galiza a través desa porta de atrás, dese subterfuxio, que é a Lei de



acompañamento. É dicir, que, lonxe de protexer máis as traballadoras auxiliares do servizo de axuda no fogar, o que fixo o Partido Popular coas súas reformas lexislativas foi suprimir a única medida que existía de prevención de riscos laborais, con ese informe social que deixou de ser preceptivo.

Hoxe, señorías, desde o BNG, o que traemos con esta moción son tres propostas claras, factibles e, sobre todo, tres propostas necesarias —xa digo— para garantir un financiamento suficiente do SAF no inmediato e, sobre todo, para blindar a prestación deste servizo tan necesario para atender as persoas dependentes nos seus domicilios no futuro. En primeiro lugar, propomos o mesmo que levamos defendendo por activa e por pasiva nesta Cámara desde o ano 2024: que se ascenda, que se incremente a 17 euros a hora, con carácter retroactivo, xa con cargo ao 1 de xaneiro de 2025, o financiamento do servizo de axuda no fogar, alcanzando os 20 euros a hora en 2027, pero sempre co obxectivo posto en que o Estado e a Xunta cumpran o que a lei lles obriga a cumprir, que é o financiamento a partes iguais do servizo de axuda no fogar.

En segundo lugar, instamos a Xunta a presentar un recurso xudicial para reclamarlle ao Goberno do Estado o que lle debe a este país, ese 50 por cento no financiamento do servizo de axuda no fogar e a metade de todo o financiamento do sistema da dependencia, xunto coa débeda histórica adquirida con este país desde o ano 2006, onde teñen responsabilidades tamén ao 50 por cento o Goberno do Partido Popular con Mariano Rajoy e os sucesivos gobernos do Partido Socialista. E facémolo porque cremos que á Xunta de Galiza, ao Goberno do Partido Popular —ao que lle faltou tempo para presentar recursos de inconstitucionalidade para impedir que nenos e nenas migrantes puidesen ser acollidos en Galiza e puidésemos garantirlles entre todas e todos benestar cando fuxían das guerras, da fame ou da morte—, tan áxiles que estiveron para negar dereitos, sobraralles tempo agora —cremos desde o BNG— para garantir os dereitos das persoas maiores e das dependentes galegas; o mínimo será que, se tanto ruído se fai aquí con esa débeda, se reclame nos xulgados o que lle corresponde por dereito a este país.

E, por último, en terceiro lugar, este é un debate que vai máis alá do financiamento do propio servizo; ten a ver cos dereitos sociais, co benestar da xente deste país. Hai que falar de como debe estar...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señora Rodil.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: ...—remato, presidenta— deseñado, xestionado e estruturado o servizo de axuda no fogar para responder á realidade actual e ás necesidades futuras. Impulsemos, polo tanto, alí onde se prevé na Lei de servizos sociais, que é o Consello Galego de Benestar, un grupo de traballo específico que aborde a necesaria reforma deste servizo co obxectivo de blindalo, de adaptalo ás necesidades presentes e futuras da sociedade galega, sobre todo para que garanta que as persoas dependentes que teñen dereito a el poidan acceder de maneira efectiva a ese servizo.

Máis nada. *(Aplausos.)*



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Hai unha emenda.

Quenda do Grupo Parlamentario Socialista.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidenta.

Bo día de novo.

Desde o Partido Socialista estimamos con agrado varias cuestións que non son menores: a primeira é que unha lei promovida por un goberno socialista no ano 2006, como a Lei de dependencia, ocupe a axenda política dos que nunca a plantexaron nin como posible nin dos que nunca estimaron que fose prioritaria. Para non facernos trampas ao solitario, creo que todos somos conscientes —aqueles que levamos un tempo xa en política— de que os servizos sociais non son un nicho de votos para os partidos, se acaso sérvenlles aquí para un debate a soflama solta. Pero o real é que nos concellos aínda están á espera e, se non chega a ser polo Partido Socialista, non habería nin oficinas municipais de atención á dependencia, nin equipos de inclusión financiados polos propios concellos, nin construción paulatina do terceiro sector, nin plans de erradicación do chabolismo...; e así poderíamos seguir ata chegar á erradicación da pobreza. (*Aplausos.*)

Segundo. Parabéns para os que hoxe teñen interiorizado que a Lei de dependencia é un pilar do estado de benestar. A pesar dos pesares, aínda que a convertesen nunha lei cortocircuitada por ideas felices, a realidade é que os dereitos que recolle a lei aínda perviven como ítems maltratados e amosan que hai camiño por reconstruír e tamén por avanzar. Pero iso hai que facelo atendendo á lei, feito que a chegada do Partido Popular hai dezaseis anos ao Goberno da Xunta desestimou telo en conta. ¿E cales son os motivos de desestimar a normativa xurídica? Pois son varios, e van desde conselleiros máis preocupados pola propia carreira política, a outros que non atendían ao feito de que o municipalismo xogaba un papel finalista, até outros aos que se lles encomendou pasar o máis rápido posible de puntillas por esa máquina de fabricar problemas que supón a Lei de dependencia.

E estando de acordo coa creación, evidentemente, dun protocolo que protexa e dea cobertura necesaria e obrigatoria ás traballadoras do SAF, equiparándoas á protección doutras profesións, queremos manifestar que a obriga da Xunta de Galicia é a de financiar a totalidade do SAF, tendo en conta os artigos 27 e 23 do Estatuto de autonomía, nos que se lles encomenda a asistencia social como competencia exclusiva da Xunta de Galicia.

Por outro lado, a Lei 23/2008 atribúelles aos concellos a xestión do servizo, cuestión absolutamente lóxica, porque é a institución máis próxima ao cidadán, pero non o financiamento. De xeito arbitrario, o Goberno galego imponse unha competencia impropia, que non ten recursos para atender e que queda prohibida cando esta imposición da Xunta está a comprometer a facenda municipal, tal como aparece reflectido no artigo 7.4 da Lei de bases do réxime local. Pero non soamente aí está a Xunta a incumprir co que lle é propio. Xa citamos aquí en cada pleno e en cada comisión que Galicia é practicamente a única comunidade que



incumpre o recollido na Lei de dependencia. No artigo 45 da Lei de servizos sociais de Galicia di que será o Goberno da Xunta quen lidere os servizos sociais na súa comunidade e que, para tal fin, deberá realizar un plan estratéxico. E iso dise unha, dúas, tres, catro e cinco veces por sesión, cada vez que toca intervir neste pleno ou nunha comisión 5ª.

Nesta pataca quente na que converteron a dependencia, á Xunta sempre lle esquece que este plan é necesario para afrontar non só a realidade presente, senón tamén a planificación dun futuro que temos á volta da esquina e que no día de hoxe é refén da improvisación e da ocorrencia da última xestión de turno. Botando a vista a atrás, hai un resumo esclarecedor desta situación: traballadoras en risco no seu traballo, traballadoras que ven como se incumpre un convenio colectivo, residencias pechadas por negligencias cos residentes, ausencia de planificación sobre o modelo de residencia e listas de espera para recibir os verdadeiros dereitos da Lei de dependencia, e é a comunidade autónoma que menos informa a poboación sobre os dereitos da Lei de dependencia.

Ante este caos de xestión loxística, a ocorrencia que ten a Xunta de Galicia é cargar sobre os concellos unha obriga impropia até que aguanten, unha fuxida cara adiante, de tal xeito que a través da Fegamp están véndose obrigados a aceptar unhas condicións que non teñen amparo legal, pero non queda outra que coller as decisións impenetrables do Partido Popular.

Así que, ante isto, consideramos que o Parlamento debería instar a Xunta a financiar na súa totalidade o servizo de axuda no fogar, xa que, de acordo coa Lei 27/2023, co Estatuto de autonomía e a asistencia social, é unha competencia —como dicíamos— exclusiva da Xunta de Galicia. E como dicíamos, a Lei 13/2008 atribúelles aos concellos a xestión do servizo, pero non o seu financiamento, polo que o Goberno galego lles está a impor unha competencia impropia sen recursos para atendela. Esta situación está expresamente prohibida cando compromete a facenda municipal —como xa dixemos—, tal como establece o artigo 7.4 da Lei de bases de réxime local.

Nesta falsa veleidade de querer facer fronte ou de querer crer que foron partícipes na construción do estado do benestar, levamos escoitando neste Parlamento o da débeda histórica que a Lei de dependencia produciu nas arcas do Goberno autonómico. ¡Curioso!, porque, como sabemos, os ateigados son os concellos, que non reciben o financiamento que lles corresponde. ¡É curioso! E, aínda así, esta lei sérvelles máis como escusa para o ataque que como oportunidade de mellora para o conxunto da poboación. Teñen un desfasamento entre o seu discurso e a realidade. Iso ten consecuencias directas na vida das persoas, e é aí onde aparece un exercicio de cinismo político.

É salientable ver como os que nunca tiveron no seu ideario a creación deste sistema de autonomía persoal hoxe dan golpes de peito e mesmo se revolven acrecentando problemas, sen querer buscar solucións, e a solución —crean ou non na lei— está en seguir as normas, non en bonificar *a lo loco* a toda a poboación.

A Xunta fala da Lei de dependencia como se fose unha conquista propia, cando é unha lei estatal, froito dun goberno socialista, e Galicia leva anos incumprindo prazos, infrafinanciando servizos e externalizando responsabilidades. Defender unha lei mentres se boicotea



na práctica é cinismo institucional. Así que, seguindo esa idea que propoñen de débeda histórica e que corresponde ao período de goberno de Mariano Rajoy —que tivo o atrevemento de modificar a prestación da lei—, avogamos por presentar un informe no que se detalle con claridade que parte das cantidades que a Xunta achega actualmente ao SAF e das achegas acordadas para o futuro coa Fegamp procede de recursos propios e que parte corresponde aos fondos que se lle transfiren desde o Estado para a dependencia.

Respecto do Consello Galego de Benestar, por suposto que apoiamos a revitalización e o seu uso, toda vez que, goberno tras goberno, o Partido Popular o esnaquizou e o converteu nunha vaga idea e sen cometido. Por certo, o único que poden no día de hoxe exixir, se aínda lles quedan folgos e forzas, é que se cumpra este plan estratéxico e que entremos na modernidade da xestión da Lei da dependencia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para a quenda do Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

ARMANDO OJEA BOUZO: Grazas, presidenta.

Seguimos falando do SAF, da necesidade de financiamento que finalmente asumen os concellos de xeito impropio, como se acaba de dicir.

Pola nosa parte, interpretamos que o Goberno do Estado ten que aportar ese 50 por cento, que se lle está reclamando, e que a Xunta de Galicia tamén ten que aportar integramente o outro 50 por cento, porque o que non pode ser é que se siga descargando nos concellos —a administración máis pobre das tres— ese financiamento e que deixen moitas veces de levar a cabo as súas accións propias. Moitas veces, por dedicar os diñeiros a algo tan impropio como é financiar o SAF, deixan de facer outras cousas ás que os obriga a lei e, ao mellor, incluso nalgún momento os cidadáns poden pedir responsabilidades de diverso tipo por non cumprila.

Nós tamén estimamos insuficiente esa subida que se propón tras o pacto entre a Fegamp e o Partido Popular. A Fegamp ameazou co xulgado, que é o que se está pedindo por non cumprir o Estado coa súa aportación do 50 por cento, e o presidente da Fegamp, ao mellor, sendo pragmático, vendo que a alternativa era a peor —no sentido de que ir á xustiza se prolongaba no tempo e, mentres tanto, os concellos víanse obrigados a facer un esforzo xa inasumible—, pasou por eses 16 euros/hora este ano e por 18 no 2028, que son, a todas luces, insuficientes, e o déficit sempre o acabarán asumindo, en principio, os concellos.

Fálase de que o custo actual é duns 24 ou 25 euros e de que seguramente no 2028 aínda será maior; ou sexa, de que aínda haberá maior desfasamento, aínda que se cheguen a pagar eses 18 euros. Esperemos que no ínterin acaben solucionando a cuestión desde as administracións competentes, como son a Xunta de Galicia e o Estado central, e que os concellos non teñan xa que asumir máis que a propia xestión do servizo nos domicilios.



Fálase da precaria situación das profesionais, porque, como todos sabemos, está moi feminizado o servizo de axuda no fogar, e non soamente feminizado. Vostedes saben que, nunha alta proporción, as mulleres que atenden eses usuarios son tamén inmigrantes, proceden doutros países, e moitas veces as agresións verbais, sexuais e incluso físicas que sofren teñen unha compoñente de racismo e xenofobia. Ese é un feito que nos dan a coñecer todas as persoas que se moven nese mundo, que están pedindo as melloras dese servizo, e iso tampouco pode deixar de terse en conta. Sofren humillacións verbais ou de todo tipo —xa digo, incluso físicas—. Todos temos na memoria o acontecido recentemente no Porriño e noutras situacións. E iso é porque non está o suficientemente ben estruturado o servizo, ata o punto de que moitas veces os familiares —como, por outra parte, din as profesionais— son os responsables da maior proporción das agresións, máis que o usuario mesmo. E non están moi claras, moitas veces, as súas funcións. A familia do usuario pensa que a profesional do SAF ten que asumir funcións que realmente non lle corresponden, como todos vostedes saben, e iso ás veces tamén se traduce nesas situacións nada desexables.

O outro día falabamos, por exemplo, dos casos que pasaron nos centros de Xinzo e de Amoeiro, que dalgunha maneira foron abordados pola Inspección. Pero o que pasa nos domicilios particulares é moito máis complicado, porque un domicilio particular, como todos vostedes saben, pola propia Constitución, é inviolable, salvo casos moi excepcionais nos que intervén o xulgado. Entón, claro, ¿como inspeccionar o que está sucedendo nun domicilio? En última instancia, ao mellor, tamén hai que abordar algún cambio lexislativo, porque esas persoas, desde o momento en que entran no domicilio, están nunha situación na que a Administración non pode, hoxe por hoxe, de calquera maneira, entrar a inspeccionar tanto a calidade do servizo que presta como as posibles accións de humillación, de agresión ou de falta de respecto que poden sufrir alí tamén —no interior dese domicilio—.

Tamén se queixan moitas veces estas profesionais de que non se lles dá a suficiente información —moitas veces incluso por protección de datos— acerca dos usuarios que reclaman os servizos. Nalgúns casos van atender persoas que teñen algún tipo de psicopatoloxías e, neses casos, por protección de datos, non se lles comunica. Polo tanto, non poden abordar, ao mellor, coa debida eficiencia o servizo que tratan de prestar, ao mesmo tempo que non poden poñerse en garda ante posibles situacións problemáticas. É dicir, son cuestións que teñen que ir cambiando e que teñen que abordarse con novas lexislacións, con novos protocolos, etcétera.

Estas persoas que prestan o servizo tamén, en moitos casos, teñen unha dependencia moi grande do escaso salario que reciben e, moitas veces, como se di habitualmente, apechugan co que lles vén encima, porque desde a súa situación persoal a alternativa é incluso peor: perder o traballo, perder a consideración da propia empresa ou situacións problemáticas. Efectivamente, hai que falar cos profesionais do tema, cos afectados, e replantexarse posiblemente toda a cuestión, porque, ao mellor, as agresións ou as humillacións verbais, ou do tipo que sexan, non son máis que a punta do iceberg ou o síntoma doutros moitos males que están por aí pululando e que necesitan ser mellorados.

Loxicamente, o servizo ten que cambiar, adaptarse ao século XXI. E, desde logo, as peticións concretas da subida de financiamento do servizo teñen que estar totalmente asumidas tanto



pola Autonomía como por parte do Estado. Non ten sentido que se estean botando os trastes uns aos outros coma se fosen unha pelota de pimpón. Ás persoas que rexen os concellos dálles igual, están aí de convidados de pedra, e, mentres, tanto a Autonomía como o Estado están botándose as culpas porque o outro non aporta o seu 50 por cento. O terceiro excluído —e aí está— é o que apoquina, cos cartiños escasos que ten, para seguir cumprindo co servizo, pero sen que teña moitas oportunidades de influír, salvo asociándose, como fai, por exemplo, no caso da Fegamp. Eu sempre digo que non debería haber necesidade de que os concellos tivesen que asociarse para reclamar o que deberían ser os dereitos municipais, se é que se lles pode chamar así.

Nada máis e moitas grazas (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para a quenda do Grupo Parlamentario Popular, a señora Arias.

RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Señora Rodil, o BNG con esta iniciativa o que veu facer aquí é poñer unha máscara, aproveitando que estamos no Entroido, porque o que vostede pretende con ela, en realidade, é tapar as súas propias vergoñas respecto das súas actitudes, respecto do financiamento da dependencia e respecto da prestación do servizo de axuda no fogar. Porque o que vostedes pretenden é desviar a atención da increíble actitude do Bloque Nacionalista Galego ao votar en contra do acordo da Fegamp e da Xunta de Galicia (*Aplausos.*) para que se incremente o 50 por cento en tres anos a axuda á dependencia, pasando de 12 a 18 euros; un incremento de 150 millóns de euros por parte da Xunta de Galicia.

Pero é que, miren, señorías, ¿vostedes lembran os orzamentos da Xunta para este ano 2026? Os do Bloque pedían que se incrementase en 15 millóns a partida para o servizo de axuda no fogar, e resulta que agora, que se incrementa en 150 millóns —cando eles pedían 15—, votaron en contra; agora votan en contra. Piden 15 e votan en contra de 150 en tres anos. (*Aplausos.*) O BNG votou en contra dun acordo que beneficia a todos os concellos galegos e, por tanto, a todos os veciños e veciñas de Galicia; un acordo ao que votaron «non» unicamente por cuestións ideolóxicas. Ou, señora Rodil, ¿quéreme dicir vostede que o alcalde nacionalista da Pobra de Brollón vai dicir que non a 232.000 euros a maiores para o servizo de axuda no fogar?, ¿ou que o alcalde de Carballo vai dicir que non a 1,4 millóns de euros?, ¿ou que o alcalde de Mazariños vai dicir que non a 400.000 máis?, ¿ou que o alcalde de Pontevedra vai dicir que non a 2,3 millóns de euros máis para o servizo de axuda no fogar, cando só está atendendo o 25 por cento das persoas que o solicitaron e cando é o concello —ou un dos concellos— de toda España que menos inviste en políticas sociais? ¿Ou vai dicirme vostede que a alcaldesa de Santiago, que criticou este acordo, vai dicir que non a 2,7 millóns de euros a maiores para o servizo de axuda no fogar? Estou expectante por sabelo, e todas as veciñas e veciños de todos os concellos onde goberna o Bloque Nacionalista Galego teñen esa mesma expectación.

Mire, señora Rodil, é que a careta non lla sacou o Partido Popular ao Bloque; a careta sacáronlles os seus propios socios, os do Partido Socialista, cando o señor voceiro da Executiva



do PSdeG, o señor Torrado, en rolda de prensa, dixo: «Este é o acordo que defendía o Bloque Nacionalista Galego ata que se chegou a un acordo».

Mire, señora Rodil, non é unha chantaxe, son 150 millóns de euros para todas as galegas e os galegos que teñen necesidade do servizo de axuda no fogar; un servizo que multiplicamos por 6 desde que goberna o Partido Popular en Galicia e que chega a 23.000 persoas.

E, señora Longueira, non é culpa do Partido Popular que sexa competencia dos concellos a prestación do servizo de axuda no fogar; foron vostedes, no ano 2008, xunto co Bloque Nacionalista Galego, os que aprobaron a lei, que di que así ten que ser. Nós coincidimos en que esa carga é moi pesada para os concellos, e, como sabemos que esa carga é moi pesada, a Xunta de Galicia na anterior lexislatura incrementou un 24 por cento a súa aportación, desde os 9 euros e medio ata os 12, e nesta lexislatura vai incrementar o 50 por cento, 150 millóns de euros. E claro que ten que ser máis, ¡por suposto!, porque o Goberno do Estado ten a obriga de cumprir a súa propia lei socialista. Efectivamente, señora Longueira, ten a obriga de cumprir a súa propia lei e de pagar o 50 por cento que lle corresponde da Lei de dependencia. *(Aplausos.)* Iso será o que exixiremos e iso será o que seguiremos exixindo, porque, efectivamente, os concellos de Galicia necesitan máis cartos para a dependencia e máis cartos para o servizo de axuda no fogar.

Pero vostedes calan; vostedes calan mentres ao País Vasco se lle paga o 50 por cento e a nós se nos reduce do 40 ao 35 por cento. Calan vostedes e calan tamén dende o Bloque Nacionalista Galego. E aínda teñen a cara, señora Longueira, de vir aquí dicir que o seu Goberno de esquerdas é un goberno que está a favor dos dereitos sociais. ¡Por favor! ¿É estar a favor dos dereitos sociais recortarlle os recursos a quen máis os necesita, aos da ELA, aos dependentes..., a todos os que máis o necesitan?

Mire, señora Rodil, ¡tan bravos en Galicia e tan mansos en Madrid! Vostede veu hoxe aquí botar balóns fóra, porque o BNG non ten que ameazar con levar a Sánchez ao xulgado para que pague o 50 por cento da Lei de dependencia. O BNG ten a solución na súa man. ¡Pero se vostedes asinaron dúas veces, no ano 2020 e no ano 2023, un acordo para que Sánchez estea na Moncloa que incluía que se pagase ese 50 por cento da dependencia! ¡Váianse!, ¡díganlle que non a Sánchez!, non busquen desculpas, non tiren balóns fóra dicindo agora que queren ir aos xulgados. Vostedes teñen nas súas mans a solución. ¡Fágano!

Pero é que aínda hai máis. Vostedes nin sequera están en contra de que o Goberno de Sánchez nos prohiba seguir facendo a avaliación da discapacidade e da dependencia nun só trámite, que fixo que os discapacitados, as persoas con discapacidade de Galicia, aforrasen 114 millóns de euros o ano pasado. Por esa razón o PSOE prohibenos que se siga facendo, e a vostedes parécelles fantástico. ¡Se vostedes están aquí para defender os galegos, señorías!, ¡xa se nota! Vostedes están aquí para defender a Sánchez a custa dos galegos e de quen faga falta.

E o da señora Longueira, a verdade, é que non sei como cualificalo. Eu entendo que ten que ser moi complicado ser deputado socialista en calquera parte de España, pero moi especialmente aquí, en Galicia... Bueno, ser deputado, ser alcalde ou mesmo ser afiliado. E o exemplo máis palpable vémolo, precisamente, con este acordo que se aproba na Fegamp para que



todos os concellos de Galicia pasen a percibir de 12 a 18 euros a hora polo servizo de axuda no fogar. Resulta que a cousa é que o presidente da Fegamp, o socialista e alcalde de Vilagarcía, Alberto Varela, asinaba este acordo; un acordo que votaban a favor todos os concellos socialistas de Galicia que están representados na Fegamp. Ao mesmo tempo —xa o dixen—, tamén o voceiro da executiva do PSdeG, o señor Torrado, se mostraba claramente a favor; polo cal deduciamos todos que, efectivamente, o PSOE estaba a favor deste acordo e que era un bo acordo para os concellos do PSOE, do Bloque e do Partido Popular. Pero, ¡ah!, entón, faláron o señor Besteiro e a súa número dous e dixeron que estaban radicalmente en contra. E perdóenme, pero teñen que entenderme, señora Longueira. Os galegos en xeral, e eu en particular, estámonos preguntando agora mesmo: ¿quen fala, en realidade, en nome do PSOE en Galicia?, ¿falan os alcaldes e o presidente da Fegamp?, ¿fala o suposto líder e a súa número dous? ¿En nome de quen fala o señor Besteiro?, ¿en nome propio? En fin..., é un lío que vostedes terán que aclarar, porque o noso, señorías, é seguir traballando para conseguir que as galegas e os galegos teñan cada vez mellores servizos, máis prestacións e para poder satisfacer as necesidades que teñen, mentres o Bloque e o Partido Socialista se dedican a enredar entre eles e a enredar para que Galicia non teña o que merece por darllo ao señor Sánchez.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Turno de peche para a autora da moción, a señora Rodil.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Eu tamén, para que non me esqueza, quero agradecer o apoio a Democracia Ourensana.

Non imos aceptar a emenda que presenta o Partido Socialista. Eu o que lamento, señora Longueira, é que vostedes o que puxeron na emenda non o puxesen no acordo que defendeu a Fegamp sobre o financiamento do sistema do servizo de axuda no fogar e que, en vez de pelexar polo dereito das dependentes galegas, pois fixesen que os concellos deste país se tivesen que someter á chantaxe e á imposición do Partido Popular.

Porque eu, por aclarar tamén un pouco o debate, quero recordar que a Xunta de Galiza non ten que acordar nada coa Fegamp para subir, baixar ou conxelar o sistema de financiamento do servizo de axuda no fogar ou de calquera outro servizo vinculado á dependencia. Por iso é unha chantaxe, por iso é unha imposición o que fixo o Partido Popular, e alá cadaquén —dixémolo desde o BNG desde o primeiro momento— e alá quen quixo someterse a esa chantaxe e levar con el de reféns a todos os concellos deste país.

E a min faime moita graza o que oímos moito estes días no argumentario do Partido Popular. Din que os alcaldes do Bloque Nacionalista van renunciar..., ¿a que, señora Arias? ¿Os cartos son seus?, ¿son do Partido Popular? ¡Os cartos son das galegas e dos galegos! ¿A que van renunciar as alcaldías deste país?, ¿a que queren renunciar? ¡A ter que seguir pagando un servizo de axuda no fogar que non teñen que pagar por lei! (*Aplausos.*) E ese infrafinanciamento, esa falta de recursos económicos, que non poñen nin a Xunta do Partido Popular nin o Go-



berno de España, é o que mantén afogado e quebrado un servizo que é esencial para garantir as condicións de vida e o benestar das galegas e dos galegos. Tamén hai que dicir que cada vez menos, e aí están os datos do Imsero, porque esta situación de quebra práctica do servizo de axuda no fogar o único que fai é que mermen, que mingüen as persoas usuarias deste servizo, e comprobámolo con case 1.700 persoas usuarias menos no pasado ano 2025.

E di que o quere o BNG é desviar a atención... ¡Home!, curiosa forma que temos de desviar a atención sobre esta cuestión cando a traemos a debate. Se se fala do financiamento do servizo de axuda no fogar neste pleno é porque o Bloque Nacionalista Galego defende esta moción —e antes a súa correspondente interpelación—. O que queremos é poñer o foco aí.

Porque claro, eu oíu a señora Arias dicir: «150 millóns de euros en 2028...». Claro, non, pero la realidade, falando a ras de chan... A realidade material é a que viven as persoas usuarias e as traballadoras que sosteñen co seu lombo o servizo de axuda no fogar, que custa de media 24 euros a hora, e vostedes e o Estado van pagar en 2028, dentro de dous anos, como moito, 18 euros a hora que se preste. Señora Arias, iso nin rescata nada nin garante dereitos, iso non blinda o servizo de axuda no fogar. O único que fai é mantelo na quebra práctica na que se atopa.

E logo, ¡home claro!, o papel terma de todo. Vostedes poden poñer aí a cantidade de euros que queiran, porque logo a execución orzamentaria que aparece publicada cada ano, esa liquidación das transferencias finalistas que se lles fan aos concellos publicadas no *Diario Oficial de Galiza*, é ben outra: en 2025, o Goberno do Partido Popular recortoulle 17 millóns de euros ao SAF; en 2024, 18 millóns de euros; e deixaron sen executar, entre 2022 e 2025, señora Arias, 40,5 millóns de euros. E eu preguntome: ¿por que non se puxeron á disposición dos concellos eses recursos económicos? ¿Sabe por que non se executan todas as partidas orzamentarias? Porque a situación de infrafinanciamento na que se atopa o SAF, delegando nos concellos o sostemento económico dun servizo que non teñen que pagar, fai que non se poidan nin sequera prestar as horas que teñen asignadas as corporacións municipais ou as entidades locais, neste caso, que son as que prestan o propio servizo de axuda no fogar.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar, señora Rodil.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: Nós, señora Arias —si, remato presidenta—, imos seguir defendendo o mesmo que leva defendendo o Bloque Nacionalista Galego desde hai anos: que se incremente o prezo da hora, axustándoo ao custo real do servizo, que está hoxe —non en 2028— en 24 euros a hora, e tamén que se garanta o cumprimento do cen por cento do seu financiamento entre a Xunta e o Estado. Xa vemos que o Partido Popular é moi áxil...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: ...para ir á xustiza a negarlles dereitos a nenos migrantes, pero queda de mans cruzadas...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.



OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: ...cando se trata de defender os intereses das persoas dependentes deste país. (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Continuamos coa seguinte moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada María Montserrat Prado Cores, sobre as medidas postas en marcha polo Sergas no marco do Plan galego de saúde invernol 2025-2026

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da súa deputada María Elena Espinosa Mangana, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición.

Na parte resolutiva da iniciativa débense engadir dous novos parágrafos ab initio que terán o seguinte contido:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a presentar o Plan de Inverno 2026-2027, ante este Parlamento antes da súa entrada en vigor.

O Parlamento de Galicia, insta a Xunta de Galicia a presentar ante este Parlamento, no prazo máximo de 3 meses, un informe contrastado por área sanitaria das previsións realizadas pola Consellería de Sanidade respecto do Plan de Inverno 2025-2026 e a realidade que se produciu».)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para a súa defensa, ten a palabra a señora Prado Cores.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: Grazas, presidenta.

Pois seguimos falando de sanidade, ¿non? Hoxe o BNG trae aquí unha moción derivada da interpelación que lle fixemos no anterior pleno ao conselleiro de Sanidade, e non contestou a ningunha das cuestións que lle plantexabamos. Volveu facer escapismo hoxe..., pero hoxe coa gravidade de que el mesmo veu por vontade propia e dixo que era para presentar un plan. Eu non sei se os deputados e deputadas que están aquí foron capaces de albiscar algo parecido a propostas. Bueno, esa é a consideración que lle teñen ao Parlamento galego. E incluso logo, cando dixo que ían presentar medidas, non falou de orzamento, non falou de aumento de persoal..., non dixo absolutamente nada. Bueno, di: anunciamos... Os anuncios son gratis aquí, nesta Cámara, e incluso dixo que había que ter unhas consideracións: primeiro, que hai un aumento da demanda —unha novidade importantísima—, logo, que hai un incremento da carteira de servizos —raqúitica, realmente raqúitica— e que incluso había



un cambio de mentalidade dos profesionais. Claro, cando un escoita iso en boca do conselleiro, pois dirá: ¿pero a que se refire co cambio de mentalidade? Non sei se se refire a que hai profesionais que non están dispostos a traballar 24 horas ao día —supoño que se refire a iso, ¿non?—, que non priman facer caixón e que non priman os ingresos económicos sobre un mínimo de calidade de vida. Supoño que se refire a iso. E, claro, iso parece que lle crea un problema ao Partido Popular. Parece que lle crea un problema que haxa profesionais que queiran ter tempo libre, que queiran ter tempo para dedicarlle á familia, que poidan planificar e que non teñan que estar á disposición as 24 horas do día por se os chaman para: a ver se me fas esta garda que non teño a ningún; a ver se aceptas este contrato dunhas horas... Esa é a consideración que lles ten o Partido Popular aos profesionais.

Con cada nova intervención, con cada nova comparecencia, vese que é evidente que non planificaron, que non quixeron planificar, e que usan a mentira permanente como bandeira. E parécelles un escándalo que en 2018 houbese unha certa conciencia de que había que actuar porque había poucos profesionais, pero non lle parece un escándalo que no 2011 o propio Sergas xa tivese un plan de recursos humanos que quedou aí publicado, no *DOG*; é dicir, non lle parece un escándalo no 2011 e si lle parece no 2018. E podíamos seguir...

A moción do BNG hoxe só pide información. Dígoos por se hai alguén que nos está escoitando e logo, ao escoitar a intervención do Partido Popular, pode parecerlle que votan en contra porque o que pedimos é algo inaceptable. Pero só pedimos información. Hoxe o conselleiro veu dicir que no prazo de seis meses, despois de prometerlo no 2019, van presentar un plan de recursos humanos. E, claro, para presentar un plan de recursos humanos, hai que ter información; ter información é o mínimo. E a información que demandamos hoxe aquí deriva do que pasou de novo este inverno. Chámanlle Plan de inverno ao aumento de casos, fundamentalmente por enfermidades respiratorias —non só, pero fundamentalmente—.

Entón, o que pedimos hoxe é algo, de verdade, increíble: queremos saber cales son as medidas postas en marcha no que anunciaron como Plan galego de saúde invernal 2025-2026, porque o que nos trasladan as xuntas de persoal é que a eles non llelo fixeron chegar. Os profesionais son os encargados de aplicar teoricamente o Plan de inverno, de coñecer as medidas, de coñecer o aumento de persoal e os reforzos; pois aos profesionais non llelo fixeron chegar. Entón, pedimos saber cantas persoas se contrataron, en que categorías, cantas en cada hospital e cantas en atención primaria. Algún destes plans que coñecemos —porque alguén próximo aos equipos directivos nolo fixo chegar— para a atención primaria non contemplaba absolutamente ningún reforzo, e para a hospitalaria, cando a auga lle chegaba á altura do pescozo, pois decidían contratar algún persoal de enfermería; cando xa estaba á altura do queixo, algún TCAE; e ir abrindo as camas... Bueno, así.

Entón, nós queremos saber como se planifica para saber se hai que cambiar as cousas; parécenos do máis razoable. Queremos saber cantos PAC estiveron cos equipos completos, porque a información que temos é que houbo algúns PAC que quedaron en descuberto; é dicir, sen ningún persoal facultativo —podemos falar de Cangas, podemos falar da Guarda...—. Quedaron sen ningún. Entón, gustaríanos saber cal foi a planificación para garantir que isto non pasase, ou se se tomou nota e se vai facer algunha actuación para que non volva pasar.



E queríamos saber a relación da espera media para ser atendidos nos servizos de Urgencias, porque é un dato moi relevante. O que non vale é dicir que se aplica a triaxe —que nos parece moi ben— e que se atenden os casos urxentes ou de emerxencia vital; tamén é importante saber cantas horas están agardando nos servizos de Urgencias as outras persoas que teñen doenzas, porque iso significará que haberá que implementar medidas para que iso non ocorra.

Pois respecto dos tempos de espera agardando nos servizos de Urgencias para ser ingresados, pola información que temos, en hospitais como o Chuac, o CHUS ou o Cunqueiro, hai que dicir que houbo persoas que estiveron días agardando en Urgencias. E eu lémbrolle que os servizos de Urgencias son zonas de paso e que non están preparadas para facer un seguimento, como nas plantas, nin teñen as condicións para facer ese seguimento. Entón, teñen persoas en padiolas, en moitos casos, ou en cadeiras agardando ter unha cama, estar en observación, para logo, no mellor dos casos, poder ter esa cama. Haberá que saber cales son esas medias para poñer medidas en marcha —digo eu—, porque, se non, o resto é o que dixo aquí o conselleiro: bueno, iremos facendo algunha cousa.

Hai unha relación de persoas que tiveron que volver aos servizos de Urgencias unha vez que foron dadas de alta. ¿Por que? Porque, neses plans de urxencias que coñecemos, unha das medidas para ter camas dispoñibles e drenar as persoas de Urgencias é «alixeirar as altas» —textualmente—. E claro, ¿que significa alixeirar as altas? Son altas que non estaban previstas; altas que aínda tiñan pendente facer probas; din: dámoslles a alta e logo xa volverán. ¿Cantas desas persoas volveron aos servizos de Urgencias para volver ser ingresadas e en cantos días? É un dato relevante para ver a calidade que se está prestando.

E respecto do tempo medio en abrir camas, como dixen antes, ¿por que non se teñen, desde o principio do aumento da demanda, todas as camas dispoñibles e o persoal contratado en vez de agardar a que a xente leve días amoreada en Urgencias para ir abrindo unhas poucas, contratar persoas por días e, en canto queda algunha, volver despedilas? A nós parécenos que ese non é o mecanismo. Ou tamén nos parece moi relevante saber cal é o número de doentes que se derivaron a hospitais privados durante a duración dese Plan de inverno. ¿Cantas persoas foron derivadas por falta de recursos na sanidade pública? ¿Son cuestións...? ¿A alguén lle parece...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señora Prado.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: ...que non se pode dar esta información? Se non se quere dar, se nin sequera se vai votar aquí a favor de que a Xunta facilite estes datos, a pregunta é: ¿que teñen que ocultar para que o conxunto dos galegos e das galegas e os profesionais non teñan esta información? Os galegos e galegas queren poder saber en que situación está a sanidade pública. Quen algo oculta, é que non quere que se coñeza a realidade. (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Na quenda do Grupo Parlamentario Socialista, a señora Espinosa.



MARÍA ELENA ESPINOSA MANGANA: Grazas, presidenta.

O domingo día 1 celebrouse unha manifestación en contra da política sanitaria da Xunta de Galicia. A pesar do vento e da choiva, unha vez máis, a praza do Obradoiro encheuse de cidadáns e cidadás que quixeron facer visible o seu malestar e reclamar unha sanidade pública, forte e accesible para todos e para todas. Esta resposta masiva da sociedade galega non é un feito illado nin puntual, senón a consecuencia dun descontento acumulado ao longo do tempo.

Dende o pasado verán un total de 33 plataformas de toda Galicia organizaron concentracións e mobilizacións en defensa da sanidade pública. Estas protestas teñen como eixo común a denuncia do progresivo desmantelamento da atención primaria, o incremento das listas de espera, a manipulación ou falsificación destas, o colapso das Urgencias hospitalarias, o peche de centros de día, maioritariamente no rural, e, en xeral, a grave falta de profesionais sanitarios, especialmente médicos de familia e pediatras.

¿E por que fago esta introdución? Porque falar hoxe dunha moción consecuencia dunha interpelación sobre o Plan de saúde invernol 2025-2026 obríganos a analizar cal é o contexto sanitario no que se produce. E este contexto non é outro que un profundo malestar da poboación galega pola deterioración dunha parte esencial do sistema sanitario público, fundamentalmente no relativo á súa xestión. Non estamos cuestionando a calidade asistencial dos profesionais, que é digna de recoñecemento, senón que o verdadeiro problema é acceder ao sistema. E falar dun plan de saúde invernol implica necesariamente falar da atención primaria, eixo fundamental e principal porta de entrada ao noso sistema sanitario. Non se pode elaborar nin aplicar ningún plan eficaz se ao mesmo tempo non se incrementan os recursos na atención primaria.

Non vou repetir o que dixen anteriormente, na comparecencia que fixo o conselleiro, vou pegar un salto e deixar aparcado o tema das prazas de médicos para centrarme noutras, como poden ser as prazas de enfermería e as doutras especialidades tan necesarias na atención primaria, que non dependen para nada do Goberno de España. Cubríndoas seguramente estaríamos mellorando tamén a nosa atención primaria, porque esta falta de accesibilidade tradúcese en atrasos de semanas, e nalgúns lugares incluso de meses, para pedir unha consulta, que en moitos casos acaba sendo telefónica. Mentres tanto —e estoume situando na época dos virus da gripe e doutras infeccións respiratorias—, estes virus camparon ás súas anchas e afectaron especialmente persoas maiores, nenos e persoas con patoloxías previas.

Volverémolo dicir unha e outra vez, esta barreira de acceso á atención primaria provoca que as persoas enfermas e os seus familiares se vexan obrigados a tomar dúas vías: ou ben acoden á sanidade privada, asumindo un custo que non todo o mundo se pode permitir; ou ben acaban colapsando os servizos de Urgencias hospitalarias, que xa de por si se atopan nunha situación límite. Cómpre deixar claro que as infeccións respiratorias propias do inverno non foron a causa do colapso das urxencias, senón simplemente a pinga que colmou o vaso dun sistema xa saturado e deteriorado previamente.

Na interpelación formulada ao conselleiro preguntábaselle en que consistiu o Plan de saúde invernol; e contou pouco, máis ben se limitou a dicir o que está publicado, e de aí o punto 1 da nosa emenda de engádegas, para que o vindeiro plan sexa presentado neste Parlamento.



Acusábanos daquela o señor conselleiro de que non liamos, de que non nos preocupabamos. Eu quero dicirlle que o noso grupo si leu o documento que está publicado, pero eu diría que é máis ben un protocolo sanitario que foi activado no mes de novembro do ano 2025. Se algo quedou claro é que, á vista do que coñecemos polos medios de comunicación, o plan non funcionou. E falásemos da área sanitaria que falásemos e do medio que publicou as noticias —agás quizais a TVG—, temos que dicir que é responsabilidade da Xunta analizar por que fallou este plan, e de aí o noso punto 2 da emenda de adición.

O noso grupo non ten intención de ser catastrofista nin dramático, pero, á diferenza do conselleiro e do Partido Popular, nós vivimos a realidade cotiá da cidadanía e non vivimos nun mundo idealizado. Resulta especialmente indignante que se lle tenten cargar as responsabilidades do colapso asistencial á folga do Estatuto marco. Vou revisar algún dato: en novembro, non houbo ningún día de folga —e xa tiñamos algo de gripe—; en decembro, houbo catro días, do 9 ao 12; e, en xaneiro, os días 14 e 15. Segundo as propias cifras do Sergas, o seguimento foi moi moderado; por dar algún dato, apenas o 6,35 por cento na atención primaria, na quenda de mañá, sendo aínda menor na quenda da tarde. ¿Como se pode afirmar, entón, que esta foi a causa principal do colapso? Perdoen que me deteña neste punto, pero doe que se empregue calquera desculpa para non asumir responsabilidades.

Resulta chocante que o Partido Popular non teña a valentía de dicir que as peticións de varias asociacións médicas non son competencia do Ministerio —e quería aclarar isto porque sae reiteradamente— e que tampouco teña a valentía de dicir o que significa ter un estatuto propio, porque estou esperando a que tamén teñan o valor de dicilo; pero calan, que é moito máis cómodo.

A realidade é que a falta de médicos en atención primaria, as duras condicións laborais do persoal sanitario e a mala xestión da Xunta nesta materia —tamén nos efectivos de Urxencias— non soamente son as causas desta situación. O propio conselleiro afirmou literalmente que —abro comiñas— «un sistema sanitario sólido non é o que mete todo no hospital, senón o que resolve moito antes, preto da casa, con profesionais que filtran, diagnostican e resolven só cando é necesario» —e pecho as comiñas—. Compartimos plenamente esta reflexión, pero, para que iso sexa posible, eses profesionais teñen que existir, porque onde non hai persoal non se pode nin filtrar, nin diagnosticar, nin resolver. Como dicimos os gallegos: de onde non hai, non se pode sacar.

Polo tanto, remato xa dicindo que a nosa emenda trata de sumar a eses datos que se plasman na moción do BNG, para que sexa o máis completa posible.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

O señor Ojea renuncia á súa quenda de intervención.

Pásolle, entón, a palabra á voceira do Grupo Parlamentario Popular, á señora Amigo.



MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: Moitas grazas, presidenta.

Bos días de novo a todos.

Señorías, permítanme que empece polo esencial, porque nesta Cámara, aínda que non o pareza, ás veces é necesario volver ao fundamental. As Urgencias son un servizo crítico, sensible e de máxima exixencia. Precisamente por iso non merecen alarmismo nin titulares fáciles, senón rigor, responsabilidade e solucións reais que melloren a atención aos pacientes, algo que á oposición parece non importarlle.

Vostedes con esta moción non achegan ningunha proposta de mellora, senón que se limitan a exixir informes con carácter inmediato e con fins políticos. Parten dun relato de colapso que non se sostén cos datos e, ademais, ignoran deliberadamente tanto a planificación realizada pola Xunta de Galicia como a responsabilidade do Goberno de España na situación actual do sistema sanitario.

Vostedes non falan de reforzos asistenciais concretos, nin de reorganización de circuitos, nin de coordinación cos PAC, nin de prevención, nin da atención á cronicidade nin de criterios clínicos. Non hai nin unha soa medida sanitaria concreta; o que se pide é que se remitan ao Parlamento eses informes con carácter inmediato, como se facer un documento fose unha solución asistencial por si mesma. O que fai o Bloque Nacionalista Galego é o de sempre: usar a sanidade pública como ferramenta de confrontación política, alimentando unha imaxe catastrofista que non se corresponde para nada coa realidade, xerando incertezas e desconfianza na cidadanía. Iso é o que mellor fan, e iso, señorías, non mellora a sanidade pública; todo o contrario.

A súa ideoloxía, señora Prado, ese modelo da UPG que vostedes queren —modelo Venezuela, modelo Cuba, quizais modelo Irán— nós non o queremos e os galegos tampouco o queren, señorías. (*Aplausos.*) Vostedes, señora Prado, non saben xestionar. Tiveron a oportunidade no Bipartito de xestionar pero os galegos falaron claro, señorías, e nunca máis lles deixaron volver.

Pero imos falar dese suposto colapso do que vostedes falan. Pois, miren, colapso implica ruptura do sistema, incapacidade para atender urxente, paralización da atención; e iso, señorías, non aconteceu en Galicia. Cada doente que foi a un servizo de Urgencias, ben sexa de PAC ou ben sexa de urgencias hospitalarias, foi atendido. E vostedes saben que, cando un entra en urgencias, hai unha triaxe que funciona correctamente: aténdese sempre o máis urxente e, o que pode esperar, espera. (*Aplausos.*) E en Galicia ningún doente —repito— quedou sen atender; ningún doente, señorías, quedou sen unha cama. A atención urxente estivo garantida en cada momento. E teño que dicilo con claridade, porque a responsabilidade tamén é, señorías, tranquilizar a poboación, dicir a verdade e non alarmala. Claro que isto, señorías, evidentemente non vai con vostedes, non o teñen no seu catecismo.

Cada inverno prodúcense picos de demanda, especialmente os asociados a infeccións respiratorias, claro que si. Iso é coñecido, previsible e recorrente. E a diferenza entre un sistema que funciona e un que falla é se existe planificación e se existe anticipación, e o



sistema sanitario galego planifica e anticipase. Galicia cada ano activa un plan sanitario de inverno que inclúe reforzos asistenciais, prevención e planificación das camas de continxencia, reorganización de circuitos, coordinación entre a atención primaria, os PAC e os hospitais e campañas de vacinación e de vixilancia epidemiolóxica. E este ano este plan activouse xa no mes de novembro, antes dos picos máis intensos e incluso antes de que o Ministerio reaccionase a nivel estatal. Polo tanto, o debate serio non é se hai días con máis presión asistencial —que si os hai, e iso pode ocorrer—, senón se o sistema está preparado para priorizar esas urxencias que todos os invernos ocorren con seguridade. E a resposta, señorías, é si. O sistema está preparado, si. *(Aplausos.)*

Nas urxencias, como lles dicía antes, existe esa triaxe que está recoñecida internacionalmente e en Galicia funciona, e isto funciona e protexe os pacientes. E cando imos aos datos, señorías, o relato do colapso cae por si só. O conselleiro deulle información no pleno pasado, eu non sei se vostede prestou atención e se entendeu esa información, aí xa non chego. Mire, entre o 1 de decembro do 2025 e o 15 de xaneiro do 2026 atendéronse 150.961 urxencias hospitalarias en Galicia, cifras similares ao inverno anterior. A presión asistencial situouse no 72,1 por cento e a capacidade hospitalaria incrementouse con 7.007 camas dispoñibles. A habilitación de camas adicionais, cando foi preciso, estivo por riba mesmo do ano anterior. E isto son datos, señorías; non son opinións. Isto eu recollino da anterior intervención do conselleiro.

Pero hai algo máis que o Bloque oculta deliberadamente: as urxencias non empezan nin rematan nos hospitais. A primeira liña de atención ao doente é no seu médico de familia, na atención primaria, despois, na atención extrahospitalaria, especialmente nos PAC, que teñen un papel fundamental para evitar que ese doente urxente chegue á saturación hospitalaria. Durante o período de maior presión do Nadal, por exemplo, na área sanitaria de Vigo —que a vostedes tanto lles gusta poñer en evidencia aquí— os PAC atenderon 14.579 urxencias, resolvendo ao redor do 90 por cento. Só o 10 por cento dos pacientes que foron aos PAC acabaron nas urxencias hospitalarias. Esta dinámica repetiuse en todas as áreas hospitalarias. E isto é fundamental porque, se queremos mellorar as urxencias, non podemos falar só do hospital; temos que falar de coordinación, de circuitos asistenciais, de prevención e de planificación.

Pero aquí entra outro aspecto que no BNG tampouco queren poñer no centro: a vacinación e a prevención. Preto de un millón de galegos vacináronse este ano, e iso fixo que se reducisen as complicacións, os ingresos e a presión asistencial. *(Aplausos.)*

E, finalmente, chegamos a un elemento que tanto BNG como o PSOE deciden silenciar: o contexto estatal de conflitividade laboral vinculada á negociación do Estatuto marco que a vostede, señora Espinosa, parece que non lle parece importante. Pois mire, este inverno producíronse paros e folgas que provocaron a suspensión de máis de 80.000 actos asistenciais, señora Espinosa. Vostede dixo que non, que non era importante. E, mire, resulta chamativo que quen presenta esta moción non lle exixa absolutamente nada ao Ministerio. De feito, nin tan sequera foron capaces de votar a favor da iniciativa plenaria na que nós solicitabamos ao Ministerio que dialogase cos médicos; que son parte fundamental os médicos, señoría, no sistema sanitario. Todos son importantes no sistema, pero os médicos os que máis, porque son os que diagnostican.



Mire, a súa estratexia, e falaba tamén a señora Espinosa... Olvidábame da manifestación de Compostela. Eu non sei se vostede coñece —xa se dixo aquí antes— a estratexia esa do BNG de rebentar o sistema sanitario, as asembleas do sindicato da CIG, que chegan a sinalar como obxectivo colapsar as urxencias e a atención primaria aproveitando a tempada de gripe, señora Espinosa. Claro, todos estes son os que despois levan enganados aí ás manifestacións. Mire, é lamentable, lamentable. Vostedes saben e coñecen que a Consellería de Sanidade fai o seu traballo, que planifica, que reorganiza, que reforza e que habilita as camas cando son precisas. E, fronte a iso, a oposición trae unha proposta que só pide informes inmediatos para alimentar o seu relato político...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematando, señora Amigo.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: ...única e exclusivamente.

Remato xa. Como xa imaxinaban, nós imos votar en contra, porque parte dun relato falso de colapso e porque ignora tanto a planificación da Xunta como a responsabilidade do Goberno de España na falta de médicos da que tanto falamos aquí.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Turno de peche para a autora da proposición, señora Prado.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: Grazas, presidenta.

¿Sabe que nos din moitas persoas que seguen as sesións plenarias, ou as comisións ou logo o ven en *streaming*? Pois moitas persoas chaman, mandan mensaxes polas redes sociais e din: «¿como sodes capaces de aguantar un día tras outro tanta mentira?» (Interrupcións.) Claro, algún profesional, ou os miles de galegos e galegas que non tiveron cita en todo o mes de decembro en atención primaria —que a principios de xaneiro había un ou dous ocos ou ningún—, as persoas que ían ter cita mañá e que as chaman dicindo que non porque non hai médico, os profesionais que están ao límite ou os profesionais de urxencias, ¿sabe que din? «Vivimos na trincheira permanente». ¿Que cre vostede que pensarán ao escoitala a vostede?, ¿que pensarán? Que estamos en mans de persoas ás que lles dá igual a realidade. Isto é o trumpismo, a ultradereita; dá igual o que pase que o deles é o relato, o relato da mentira, o relato da mentira permanente. (Aplausos.) Atrévase a ultradereita a dicirlle ao populacho que «o sistema está preparado». Claro, porque as persoas que non son do noso contorno poden esperar días con dor, que non pasa nada, que iso é que o sistema está preparado. Poden agardar horas a ser atendidos en urxencias, logo ser atendidos en corredores sen intimidade, nin as persoas nin os profesionais que os atenden; sen o mínimo de dignidade. Poden agardar horas aí, poden agardar días para ser ingresados, porque a eles parece ser que non lles pasa. Pero *al común de los mortales* iso é que «o sistema está preparado». ¡Home claro! O sistema está preparado. A min que non me toque, nin ao meu contorno, pero, ao resto, «o sistema está preparado».



É así, señora Amigo. Saia á rúa e pregúntenlle a xente. ¿Por que cre vostede que se está mobilizando o país dun lado a outro? ¿Por que cre que se está mobilizando dun lado ao outro? ¿Vostedes cren que cando unha persoa está mal van ter a non sei cantos deputados, non sei cantos conselleiros, non sei cantos presidentes da Xunta chamando para interesarse a ver que tal están? ¿A ver que tal están atendidos? Está claro que non, que non teñen alternativa. E, sobre todo, as persoas máis vulnerables quedan tiradas porque non teñen alternativa nin recursos para pagar a sanidade privada. E a vostedes dálles igual, dálles absolutamente igual. (Aplausos.)

E por iso volvo repetirles: a dignidade dun pobo ao que non lle dá igual non vai aceptar como normal as súas mentiras. Non van aceptar como normal que lles estean roubando continuamente o dereito a unha sanidade pública, digna, de calidade, cando a precisan, non un mes despois, nin un ano despois; cando a precisan. Por iso enchen de dignidade a praza do Obradoiro. E vano seguir facendo, porque un goberno...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: ...mandado polos bancos ou polas multinacionais sempre terá débedas, e cada día máis. E unha sanidade pública mandada polas multinacionais nunca vai atender as doenzas, senón que as vai converter en nicho de negocio. Por iso os galegos e galegas se levantan, para que vostedes actúen. Porque cada persoa que non ten unha cita é nicho de negocio para privada; cada neno ou nena que non ten pediatra é nicho de negocio para a sanidade privada; cada persoa que espera horas no servizo de urxencias é nicho de negocio para a sanidade privada; cada persoa para a que, desde que lle diagnostican unha doenza...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar, señora Prado.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: ... ata que lla resolven pasan meses e anos é nicho de negocio para a sanidade privada. E para iso é para o que actúa o Partido Popular. Tan é así, que hoxe nin sequera se atreven a votar a favor de que teñamos información. Hoxe o BNG só pedía información. Temos feito propostas de todo tipo...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, señora Prado.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES ...sempre co valado do Partido Popular. E nin sequera se atreven a que teñamos información fidedigna. Iso é o nivel no que vostedes teñen a sanidade pública. (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Rematado o debate desta iniciativa, suspendemos a sesión, que será reanudada ás 16.30 horas.

Bo proveito a todos e todas.

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e seis minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): ¿Quen leva do Partido Socialista esta iniciativa? ¿Font? Vale.

Boa tarde.

Reiniciamos a sesión, no apartado de mocións.

Moción do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Iglesias Rey, sobre as características do modelo de financiamento autonómico que propón a Xunta de Galicia para a nosa Comunidade logo dunha eventual aceptación da quitación de débeda pública que ofrece o Goberno central

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): A esta moción —silencio, por favor— preséntouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Noa Olalla Presas Bergantiños, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

Débese substituír o contido do punto 3 da parte resolutiva polo seguinte:

«3. Transmitir ao Goberno do Estado o rexeitamento do arco parlamentario galego á proposta de reforma do sistema de financiamento avanzada por prexudicar intolerablemente os intereses do noso país e empeorar criterios fundamentais para o sostemento dos servizos públicos esenciais como a dispersión ou avellentamento así como demandar unha negociación bilateral na que abordar unha nova proposta que respecte Galiza.»)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para a defensa, ten a palabra a señora Iglesias.

PATRICIA IGLESIAS REY: Grazas, presidenta.

Boas tardes a todos e a todas.

Hoxe non estamos aquí a falar dun asunto técnico nin dun Excel, que tanto lle gusta ao conselleiro de Facenda. Non estamos tampouco ante un trámite parlamentario máis. Estamos a falar dun asunto de país: o sistema de financiamento autonómico; é dicir, de como se financian a nosa sanidade, a educación, a dependencia e os servizos públicos dos que depende a vida da xente. Iso, señorías, neste debate non pode quedar atrapado na confrontación partidista nin no seguidismo vergoñento das consignas de Génova 13. Mentres, temos feitos enriba da mesa.

O primeiro feito é que temos unha proposta seria por parte do Goberno de España. Por primeira vez en máis de trece anos, hai unha proposta real de reforma do sistema de financiamento. Este é un sistema caducado. Como sabedes, leva caducado máis dunha década. É un



sistema que estivo trece anos sen tocarse. Cando o Goberno do PP de M. Rajoy gobernaba o país non se tocou e hoxe, por primeira vez, hai unha proposta formal con cifras, con metodoloxía e cun impacto real para Galicia. En concreto, son 587 millóns de euros máis para o noso país, e isto marca unha diferenza política fundamental.

O segundo feito é que Galicia segue sen proposta galega do sistema de financiamento. Mentres o Goberno de España presenta unha proposta —que, evidentemente, pode ser negociable e mellorable—, o Goberno galego segue sen presentar ningunha alternativa propia por escrito. Non hai unha proposta galega, non hai un modelo galego e non hai cifras propias enriba da mesa. Por non haber, tampouco están redactadas as conclusións da Comisión de estudo sobre o sistema de financiamento autonómico que, creo lembrar, se constituíu alá por novembro de 2021. Seguen sen presentarse e quedaron no tinteiro; evidentemente, porque o PP quixo que fose así. Isto, señorías, é unha anomalía política grave. É unha política de brazos caídos, unha posición moi pouco valente para o país. porque Galicia non pode chegar a unha eventual negociación co Goberno de España sen voz propia. ¡Ou si! Porque a realidade deste sensentido é que a voz galega é calada por outro galego, o señor Feijóo —que é o que lle dá as ordes a Rueda—, e xa se esqueceu de falar o seu propio idioma.

Neste momento do debate vou apelar nesta moción directamente ao voceiro do Partido Popular, o señor Pazos. Dígolle, señor Pazos, que creo que é voceiro dende setembro do 2023, se non me equivoco, e as Socialistas de Galicia cremos que ten vostede unha oportunidade política real e de calado: reabrir e decidir que a bancada do Partido Popular de Galicia reabra esa Comisión de estudos sobre o financiamento autonómico, creada neste Parlamento en novembro do 2021, para poder elaborar unha proposta conxunta e unhas conclusións conxuntas sobre un sistema de financiamento que sexa suficiente para Galicia. Reabrilas, cremos nós, non é un xesto administrativo. Non é un trámite formal. É un xesto político de altura que pode demostrar que sabe facer política de talante, señor Pazos; pode demostrar que sabe construír consenso de país; e pode tamén demostrar que entende que Galicia está por riba das siglas do Partido Popular. Reabra a Comisión de estudo, señor Pazos, e faga política en maiúsculas; non a política da hipérbole e do teatro, que xa sei que niso é todo un as.

Permítame dicirlle algo con franqueza parlamentaria e dende o cariño que sabe que lle teño. *(A deputada Patricia Iglesias Rey ri.)* Dicían que co anterior portavoz do seu grupo era un pouquiño máis doado chegar a acordos de país. Iso non o din os socialistas, dise polos pasillos do Parlamento —non estaba a señora Prado, non, pero o rumor dise polos pasillos do Parlamento—. *(Murmurios.)* Non sei, señor voceiro, se prefire ser un seguidor das formas dese executor *hooligan* sen escrúpulos, que é o señor Tellado, ¡que alaba agora a Vito Quiles, por certo! *(A deputada Patricia Iglesias Rey ri.)* Vito Quiles... *(Murmurios.)* Será que esas formas duras de hipérbole e de teatro son as que se levan agora nas filas do Partido Popular, para abrazarse ben a esa extrema dereita e non confundirse co PP de Galicia. Realmente, é unha boa oportunidade para amosar que no PP de Galicia tamén hai políticos con talante dispostos a chegar a un acordo de país.

Logo está a incoherencia do PP. Cando gobernaban no Goberno de España en 2001, asina Aznar o Pacto de Majestic cos nacionalistas vascos e cos cataláns e nunca —¡nunca!— se falou de romper España. O Estado non se afundi. Pero agora para o PP, cando non go-



berna e cando se presenta unha proposta por parte do Partido Socialista, negociar convértese en traizón. Iso é incoherencia de libro e un cinismo político absoluto. ¿Que contén a proposta? Contén catro cousas que son boas: unha, os 21.000 millóns de euros postos enriba da mesa para o financiamento das comunidades autónomas; dúas, ningunha comunidade autónoma perde recursos, ningunha; tres, redúcense á metade as diferenzas de financiamento por habitante axustado; e catro, refórzase o autogoberno fiscal das comunidades autónomas. Non hai privilexios e non hai concertos para Cataluña. Hai un sistema común multilateral e negociable que responde a criterios de equidade e de solidariedade.

¿Que supón isto para Galicia? Supón 587 millóns de euros máis —poboación axustada, máis do 7,6 por cento superior á real— e un impacto positivo da dispersión territorial e do avellentamento. Hai apenas uns meses, o señor Rueda e tamén o señor conselleiro de Facenda pedían 500 millóns de euros e agora din que non a 587 millóns. ¿Hai marxe de mellora? Si, as socialistas cremos que si, que hai que negociar e que, realmente, hai marxe para mellorar o reforzamento do peso do avellentamento, a dispersión territorial e a entrada á ecuación do Fondo de Compensación Interterritorial... Pero para negociar fan falta dúas cousas, seguramente moi sinxelas pero, á vez, complexas e que exixen altura de miras, que son: un, a proposta propia galega; e, dous, vontade política, da que no día de hoxe, 10 de febreiro de 2026, carece o Partido Popular de Galicia.

Despois está a grande incoherencia de non aceptar a quitación da débeda de 4.000 millóns de euros, que é boa para Galicia, sen matices. ¿Por que é boa? É boa porque mellora a estabilidade financeira. Dicar «non» non é defender Galicia; é obedecer de novo as consignas de Génova 13. Logo, hai outra gran incoherencia: o *dumping* fiscal. Mentres se rexeitan 587 millóns de euros, postos enriba da mesa por parte do Goberno de España e din «non» á quitación de 4.000 millóns de euros, está ese *dumping* fiscal: eses agasallos fiscais selectivos para rendas e patrimonios máis altos que supoñen preto de 800 millóns de euros que non ingresarán nas arcas públicas. Iso si, a Airef tíralle ben das orellas ao Goberno galego, porque di que se vai incumprir a regra de estabilidade financeira non polo lado dos gastos, senón precisamente polo lado dos ingresos propios.

Señorías do PP, reabran esa Comisión de estudos, xa que o BNG se autoexcluíu de negociar esa proposta de país...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señora Iglesias.

PATRICIA IGLESIAS REY: ...porque defende o concerto económico, que é insolidario e, ademais, nefasto para Galicia.

Señorías, Galicia necesita máis e mellor financiamento, sen dúbida. Necesita voz propia, que non ten; necesita política da útil, que eu penso que tampouco se vai demostrar por parte da bancada do Partido Popular; e isto significa non seguir facendo seguidismo de Feijóo. Eu diríalle, señor Pazos, que actúe con intelixencia...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar, señora Iglesias.



PATRICIA IGLESIAS REY: ...liderando ese liderado parlamentario. E, por favor, reabra esa Comisión de estudos para poder chegar a unha proposta de país sobre o sistema de financiamento autonómico.

Nada máis pola miña parte. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

É a quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra a señora Presas.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todas e a todos.

Ao longo do pleno do día de hoxe falamos de atención primaria e de sanidade pública; falamos do servizo de axuda no fogar e dos coidados; e falamos tamén do colapso sanitario e das listas de agarda hospitalarias. Todo isto do que foron falando outros deputados, deputadas e membros do Goberno ao longo do día de hoxe, e que son preocupacións de primeira orde dos galegos e das galegas, ten que ver directamente co debate desta tarde. Este é un debate que, efectivamente, moitas veces pode parecer abstracto, pero que é claramente algo moi aterrado no concreto, na capacidade que ten Galiza de xestionar ou non os servizos públicos esenciais dos que é responsable. Ten que ver tamén co debate do sistema de financiamento ou, mellor dito, co debate de como, clara e evidentemente, o centralismo prexudica Galiza. Prexudica Galiza e as maiorías sociais porque é o centralismo o responsable de décadas dun mal negocio para Galiza, que afecta de forma directa os galegos e as galegas.

Efectivamente, temos un mal Goberno porque prefire, por exemplo, recortar en atención primaria — máis de 1.600 millóns de euros desde o ano 2009 — ou racanear, recentemente, o financiamento do servizo de axuda no fogar, cunha trapallada de proposta que cobre 16 euros para o 2026, cando xa hoxe o gasto medio do servizo está nos 24 euros. Temos un mal Goberno, efectivamente, un Goberno neoliberal que despreza os servizos públicos. Pero temos tamén — iso non exime do debate de fondo — un mal sistema de financiamento. Aí as responsabilidades son compartidas, porque no sistema de financiamento que temos hoxe ten unha enorme responsabilidade o Partido Popular de Galiza por consentilo e asinalo. Pero teñen responsabilidade historicamente, porque é malo este sistema de financiamento, pero tamén os anteriores, tanto o Partido Popular como o Partido Socialista no ámbito do Estado e nas súas sucursais en Galiza, que se limitan a aceptar acriticamente, como vimos hoxe, as propostas cando veñen dun lado ou doutro lado.

Que este sistema é lesivo para Galiza e que non chega para soste os nosos servizos públicos esenciais xa non é algo que diga en soidade, nin moito menos, o nacionalismo galego. Remítome, por exemplo, a ese informe do Consello de Contas, que fixo precisamente por mandato deste Parlamento galego, que cifrou o déficit anual do financiamento do noso país en 1.500 millóns de euros. ¡Son 1.500 millóns de euros, xa sen ter en conta o déficit acumulado ao longo da historia! Logo hai que vir aquí esta tarde e escoitar que temos que darlle grazas a «papá



Estado» porque nos ofrece agora un pouquiño máis de 500 millóns de euros. ¡Pois non! Desde o BNG dicimos que iso é unha oferta de migallas, absolutamente inaceptable para este país. E insistimos: este arco parlamentario debería dicir «non» de forma unánime a unha proposta que é, directamente, un insulto para Galiza. Nós dicímolos moi claro. *(Aplausos.)*

Isto pasa polo egoísmo centralista, mais estamos vendo que pasa tamén polo esforzo duns e doutros de buscar culpables noutros lados. Pode o Partido Socialista vir aquí a esta tribuna intentar convencer, unha e outra vez, a alguén ou convencer por aí os galegos e as galegas —de momento non lles está dando moito resultado— de que o problema aquí é a proposta do BNG. Ou sexa, o problema é que o BNG reclame que Galiza debe xestionar directamente os seus impostos porque iso, seica, é «insolidario». A cuestión é: ¿con quen están a ser insolidarios os demais? ¿Quen paga a solidariedade que teñen as forzas centralistas non se sabe moi ben con quen? Pois, estaa pagando Galiza cun sistema de financiamento que é inxusto para nós e que, desde logo, non debe ser aceptado.

Nós concordamos con algunhas cuestións que hai nesta iniciativa. Nós, por exemplo, señora Iglesias, estamos de acordo en que a Xunta ten que aceptar a quitación da débeda que fixo o Goberno do Estado grazas á presión das forzas soberanistas —tamén do BNG— e estamos de acordo con algunhas cuestións de matiz que vostedes introducen nesta iniciativa. Estamos de acordo con que hai que revisar criterios como a dispersión, o avellentamento etcétera, e en que estaría ben que a Comisión, mais que reactivarse, faga unhas conclusións, e punto. Mais, desde logo, emendamos o punto número 3 para elevar o listón e elevar tamén a ambición, porque nós entendemos que neste momento hai que facer dúas cousas que aínda non se fixeron.

A primeira é instar a Xunta de Galiza e que a Xunta de Galiza acepte rectificar unha estratexia que, moi evidentemente, quedou fracasada. A Xunta negouse a negociar bilateral e directamente co Estado, e o resultado é que quen negociou bilateralmente e defendeu o seu país gaña, e quen non o fixo perde, como é o caso de Galiza. E a segunda é que haxa un pronunciamento unánime e sen fisuras desta Cámara contra a proposta do Goberno do Estado.

E nós dicimos moi claramente —e hai que dicilo— que o señor M. Rajoy, mal, porque en case catro anos non fixo unha proposta, pero que o Partido Socialista botase sete anos —que se di pronto— en presentar unha proposta e traía esta a debate, pois manda truco. Hai que dicilo con todas as letras: vista a proposta, é evidente que é inaceptable para Galiza, que é unha proposta centralista, inconsistente e inxusta que empeora o que xa era malo, que aumenta a discriminación con Galiza e á que, polo tanto, por dignidade, por xustiza, este país, este Parlamento, só pode dicir que non, que non a acepta e que a rexeita.

Nós, unha vez máis, apelamos á responsabilidade de todos os axentes políticos deste país para que así o fagamos, porque hai que recordar que, en primeiro lugar, esta proposta empeora un sistema que xa era malo ao afondar no centralismo e que non supón un só avance en materia de autogoberno: o incremento do 5 por cento do IRPF e do 6,5 do IVE son anecdóticos e non compensan en absoluto o espolio fiscal que hai con este país. Unha vez máis, quero recordar só un dato. Segundo os datos definitivos da liquidación do ano 2022, se o Estado recadou en Galiza por impostos estatais un total de máis de 15.000 millóns de euros, só



recibiu apenas un pouco máis de 10.000. Isto dá un déficit fiscal de máis de 5.000 millóns de euros, e, aínda que restemos o custo dos escasos servizos que o Estado presta neste país, é evidente que a conta segue a favorecer a Galiza e que, polo tanto, está habendo un espolio fiscal e que, se houbese outro sistema, sería positivo para nós.

En segundo lugar, quero recordar que esta proposta empeora tamén unha vez máis este sistema que xa era malo ao empeorar criterios que para Galiza son insuficientes pero importantes, como o avellentamento ou como a dispersión. Non se inclúen outros novos que serían necesarios e, en termos globais, o aumento é mínimo. Galiza só recibiría un 2,8 por cento dun incremento global de 21.000 millóns de euros, fronte a unhas porcentaxes moito maiores doutras comunidades. Insistimos: non se compensa o déficit histórico e non se compensa o que nos custa en Galiza prestar servizos, nin moito menos a débeda histórica.

E, en terceiro lugar, quero recordar tamén que este sistema afonda na opacidade, na falta de transparencia e na discrecionalidade. Xa había bastantes discriminacións, e agora vemos como se afonda no marco do statu quo e como, por riba, se crea un fondo para a crise climática no que Galiza de partida xa vai optar a menos fondos, e sobre o cal, ademais, non se poñen criterios obxectivos enriba da mesa, senón que o criterio vai ser o de poboación axustada. Estamos vendo precisamente nestes meses dos incendios do verán e co que está pasando agora que Galiza si sofre a crise climática. Que llelo digan se non aos gandeiros e gandeiras que están hoxe aínda protestando nas rúas e nas estradas do noso país.

Polo tanto, en resumidas contas, nós insistimos en que hai que elevar o listón e hai que dicir «non» á estratexia da Xunta, si, pero tamén «non» a esta proposta ridícula do Estado.

E hoxe pola mañá, precisamente tamén no pleno, ademais de fálarse dos servizos públicos, falábase aquí de Castelao, e a profesora García Negro recordaba, precisamente, que este Parlamento existe, que nós estamos aquí debatendo porque existiu Castelao. Eu concordo plenamente e véxome na obriga de recordar que Castelao efectivamente foi pai, foi autor intelectual e político da nosa institucionalidade, mais tamén que, nese Estatuto de 1936, Castelao e os homes e mulleres dese momento deixaron escrito iso que hoxe tanto escandaliza uns e outros, iso da necesidade dunha facenda galega.

Como dicíamos hoxe pola mañá, levan 75 anos intentando silenciar o pensamento de Castelao, pero ese pensamento non ten caducidade e, antes que tarde, Galiza terá a chave dos seus cartos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

O voceiro do Grupo Mixto renuncia á súa intervención.

Ten agora a palabra a representante do Grupo Parlamentario Popular, a señora Sanz.

CRISTINA SANZ ARIAS: Moitas grazas, presidenta.



Moi boa tarde, señorías.

Permítanme que comece a miña intervención cunhas palabras de Santiago Lago, un dos maiores expertos en financiamento autonómico deste país, que resumen perfectamente este debate: «Galicia afúndese mentres Cataluña se dispara, e iso non se pode aceptar».

Señora Iglesias, de vostede, que presume de ser unha política independente, agardaba que empezase recoñecendo que o modelo de financiamento proposto polo PSOE para Galicia nos prexudica dobremente. Galicia sae perdendo cunha quitación da débeda trampa na que acabamos debendo máis diñeiro do que se nos perdoa, e Galicia sae perdendo cun modelo de financiamento no que pasaremos de recibir por enriba da media das comunidades a, por primeira vez na historia, situarnos nos últimos postos. Unha postura tan antigalega podería entendela de Besteiro, que é o máximo defensor do sanchismo en Galicia, pero, de verdade, non a esperaba de vostede.

En calquera caso, señorías, hoxe toca falar de financiamento das comunidades autónomas. Repiten o esquema que se utilizou hai un ano coa chamada quitación da débeda. De novo, Sánchez negocia de xeito bilateral con Esquerra Republicana, co único obxectivo de garantir as votacións en Madrid; e isto é moi grave. Estamos ante o interese persoal de Sánchez que, de novo, cede ante a chantaxe dos independentistas. Eles son os que deciden a cantidade de recursos que queren, canta débeda queren que se lles perdoe, e Sánchez sométese, Sánchez acepta cartos a cambio de votos. E, unha vez que a voracidade independentista está satisfeita, o que se intenta é branquealo no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira, nun lugar ao que vostedes chegan coas decisións xa tomadas, buscando facer un paripé.

Pero é que xa mesmo a posta en escena da proposta en tres fases foi un auténtico esperpento. Primeiro, o líder inhabilitado de Esquerra Republicana anuncia o acordo, que afecta todas as comunidades pero está feito exclusivamente á súa medida, exercendo —supoño, non sei— de voceiro do Ministerio de Facenda. Segundo, despois diso, a ministra de Facenda dá unha rolda de prensa —¡que bochorno!— confirmando as palabras ditadas por Junqueras. E terceiro —que debería ser o primeiro—, convócase o Consello de Política Fiscal e Financeira non para negociar, senón para explicar o acordo xa adoptado.

Señora Iglesias, ¿non lle fai reflexionar que, por primeira vez, todas as comunidades autónomas —excepto Cataluña, claro—, independentemente da súa cor política, rexeiten a proposta? Supoño que non todas atenden a chamada de Génova 13, como tanto lles gusta dicir, como dixo hoxe tamén. Non creo que Barbón, Page ou Touriño obedezan as ordes de Feijóo, ¿non lle parece? ¿Non lle lembra isto a ese conto do condutor que vai en dirección prohibida e que pensa que todos os demais están equivocados? Señora Iglesias, mire ao seu redor, porque están sós defendendo o indefendible. (*Aplausos.*)

Con esta proposta, están cambiando solidariedade por ordinalidade e, con esta proposta, as comunidades autónomas máis ricas reciben máis recursos per cápita que as comunidades menos ricas. Unha proposta moi progresista dos socialistas, si, señor. En calquera caso, non esquezamos que estamos no Parlamento de Galicia, e o noso papel como deputados aquí é defender por enriba de todo os intereses das galegas e dos galegos. Estamos ante o sistema



no que Galicia sairía peor financiada que nunca, e voulles explicar por que digo isto en catro puntos.

Primeiro, o novo sistema rebaixa dous criterios con moito peso en Galicia, como son a dispersión e o avellentamento. Vexamos algúns exemplos do maior custo de prestar servizos na nosa comunidade. Por exemplo, a media nacional precisa 57 centros de saúde por cada millón de habitantes, mentres que en Galicia se precisan 147, case o triplo. O mesmo sucede co transporte escolar, coa dependencia ou co gasto en farmacia.

Segundo, non esquezamos que o obxectivo é satisfacer o señor Junqueras. E, ¿como se consegue isto? Pois retorcendo variables e creando dous fondos, dos que —¡oh, sorpresa!— un deles, o fondo sobre o IVE das pemes, outorga cero euros a Galicia, e outro deles, o vencellado ao cambio climático —como se aquí non houbese—, destina dúas terceiras partes ás comunidades mediterráneas. Galicia, señora Iglesias, recibirá pouco máis do 1 por cento destes fondos, ¿que lle parece iso?

Terceiro, propoñen achegar 577 millóns de euros adicionais, que supoñen tan só o 2,8 por cento do total, cando se, por exemplo, utilizásemos o criterio de poboación axustada, recibiríamos un 6,5 por cento. Pero é que, a maiores, parte desta cifra xa está incorporada nos orzamentos actuais da Comunidade Autónoma. En definitiva, o incremento real para Galicia sería de arredor de 400 millóns de euros, e non de arredor dos 537 que vostede mencionou. ¿Están de acordo con isto? Eu sinceramente penso que non, e a mellor mostra témola no seu cambio de relato, porque vostedes empezaron aceptando o acordo sen ningunha fisura —era un acordo marabilloso— e, agora, xa van recuando un pouco e din: aceptemos e negociemos. Pero, ¿negociar o que? Vostedes fixeron primeiro a conta cos independentistas cataláns, e agora o que queda para repartir son migallas.

E o cuarto e último punto de por que este sistema nos prexudica é que Galicia pasaría de estar nunha posición mellor que a media a estar á cola do financiamento por habitante axustado. Señorías, por favor, escoiten estes datos: nunca na historia das autonomías Galicia tivo un financiamento por habitante inferior á media das comunidades. Na actualidade, estamos nun índice dun 103 ou un 104 sobre 100, e con esta oferta que nos dan pasaríamos a estar nun 96 ou 97. Vostedes estannos situando nas últimas posicións.

E claro que o PP ten un modelo. Propoñemos rachar con esta proposta e retomar a negociación entre todos; negociación multilateral, señora Presas; non bilateral —dígoos pola emenda que presentou—. Propoñemos un modelo que protexa a autonomía fiscal das comunidades autónomas, un modelo que non sexa froito da chantaxe, un modelo que atenda o custo real da prestación de servizos públicos que son máis caros en comunidades como Galicia. En definitiva, un modelo que se basee na solidariedade interterritorial que consagra a Constitución española e que permita que cada cidadán reciba un financiamento equivalente independentemente do lugar no que viva. *(Aplausos.)*

E, por se non fose suficiente con este mal negocio, vostedes tamén propoñen nesta moción a quitación da débeda. Señora Iglesias, nós somos un partido serio, rigoroso, que toma decisións baseadas en estudos e análises. E, se as condicións de asunción da débeda —porque



non é quitación; é unha asunción da débeda— non variaron, a nosa posición —como comprenderá— tampouco pode variar. Trátase doutra chantaxe de Junqueras a Sánchez a cambio de votos, que beneficia comunidades irresponsables como Cataluña fronte a comunidades cumpridoras como Galicia. ¿Por que non aplican aquí o principio de ordinalidade, e as comunidades que menos débeda temos, como nós, Galicia, se manteñen como as menos endebedadas unha vez aplicada esa oferta de quitación? Non, aquí non a aplican.

Co BNG —quédame moi pouco tempo— compartimos a oposición frontal a este sistema de financiamento —dato que me complace—, pero non compartimos un dos seus mantras habituais, que é o de dispoñer da chave dos nosos cartos. A súa ansia por poñerlle apelido galego a calquera materia da que traten núbralles a razón ata tal punto que prefiren que Galicia saia perdendo. Señorías, a pesar das extraordinarias cifras e converxencia que ten amosado Galicia nas últimas décadas, Galicia segue sendo na actualidade unha comunidade netamente perceptora, e un sistema de cupo conlevaría que perdésemos recursos. Non é algo que digamos nós; dino os expertos —tamén os que vostedes trouxeron a este Parlamento, todos menos un—. Coinciden en que cun sistema de cupo Galicia perdería recursos. Non se trata de ideoloxía nin de modelo nin de principios; trátase de números e trátase de cartos.

Conclúo xa, señorías. Estamos ante un negocio dobremente ruinoso para Galicia, porque, co sistema de financiamento e coa quitación da débeda, Cataluña obtería un saldo positivo de 4.861 millóns de euros, mentres que Galicia acadaría un saldo negativo de 905 millóns de euros. Estamos ante unha proposta inaceptable e pedimos que se retire, para o cal esperamos contar co apoio de todos os grupos da Cámara, que estamos aquí para defender os galegos e non para defender a supervivencia e a situación desesperada de Sánchez. Remato como comecei, coas palabras do director do Foro Económico de Galicia: Galicia afúndese, mentres Cataluña se dispara, e iso non o podemos aceptar. Por último...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar señora Sanz.

CRISTINA SANZ ARIAS: ...Remato xa, só un apuntamento. Respecto á moción, creo que queda suficientemente acreditado por que imos votar que non: porque estamos aquí para defender os galegos e non a Sánchez. Pero si que pediríamos a votación por puntos, porque si que estamos de acordo co punto catro, de retomar os estudos da Comisión de Financiamento. Entón, pedimos que nos acepten a votación por puntos e, se non nola aceptan, xa lles avanzo que o noso grupo impulsará igualmente esa comisión.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Turno de peche, señora Iglesias.

PATRICIA IGLESIAS REY: Ben, señorías. Despois do debate, queda meridianamente claro que realmente Galicia segue sen proposta propia para o financiamento. Galicia segue sen posición coñecida —non sabemos o que se defende como suficiente— e Galicia segue instalada no «non».



Señora Sanz, non hai concerto económico para Cataluña. ¿Cales son as comunidades autónomas máis beneficiadas da proposta? Pregúntelles tamén a Andalucía, Valencia, Murcia, a ver que pensan. Son comunidades autónomas gobernadas polo PP, señora Sanz. Polo tanto, aí..., xa digo que a Feijóo, ao mellor, si que se lle aveciña marexada, dobre marexada cando realmente haxa que negociar esa proposta.

E, señora Presas, queixábase vostede de que tardase sete anos o Goberno en elevar unha proposta de financiamento para as comunidades autónomas de réxime común. Só se trataba de distribuír máis de cen mil millóns de euros entre as comunidades autónomas para poder financiar os servizos públicos, e en medio dunha pandemia que arrasou este país. Seguro que isto se di con bastante facilidade (*Murmurios.*) nunha xuntanza dun comité central do BNG, pero, ben, nós levamos un pouquiño máis de tempo gobernando, levamos un pouquiño máis de tempo gobernando. Simplemente vou dicir que na liquidación, nas entregas á conta, superouse nos sete últimos anos do Goberno presidido por Pedro Sánchez máis do 38 por cento de subida. A comparativa está aí, os datos están aí.

E apelo e aplaudo o tema de que se reabra a Comisión de Estudo. Noutras comunidades autónomas, en Asturias, sen ir máis lonxe, en xullo de 2025, aprobouse por unanimidade —menos Vox, que, claro, xa non o conto practicamente, digamos, como un partido no sistema democrático— unha proposta do PSOE que tamén aprobou o PP, na que se apoiou un sistema —digamos— de financiamento xusto para a Comunidade Autónoma de Asturias. Tomen ese guante, fagan un pouquiño de política de alturas e negocien con alturas nunha negociación seria.

Dende o PSdeG, témolo claro: máis financiamento e un mellor modelo, que atenda as nosas singularidades, como a dispersión e o avellentamento. Si que hai que elevar o listón, estamos de acordo, pero temos unha proposta enriba da mesa. Negociemos con altura de miras, fagamos unha negociación seria de igual a igual co Goberno de España, porque sempre o digo: ao final, temos singularidades propias que nada teñen que ver con Murcia ou con Valencia; negociemos de igual a igual co Goberno de España. Practiquemos un autogoberno fiscal responsable, señora Sanz —non con baixadas de impostos aos que máis teñen— e a xustiza redistributiva para fortalecer o noso estado de benestar. Podemos aprender leccións da concursante Rosa Rodríguez, de «Pasapalabra», que dixo que estaba encantada de que parte do seu premio fose para o fisco, para a Axencia Tributaria, para devolver todo o que recibiu, sobre todo da educación pública. Iso si que me parece lóxico; (*Murmurios.*) iso chámase xustiza redistributiva.

Non queremos confrontación estéril —evidentemente— nin tampouco propostas de concerto económico, que é onde está pesando máis o dogma do soberanismo independentista do BNG. O concerto económico non é bo para Galicia; (*Murmurios.*) nós recibimos máis do sistema redistributivo.

E xa remato como comecei: queremos máis recursos para os servizos públicos, máis igualdade territorial nun estado federal descentralizado onde Galicia é unha nacionalidade histórica con singularidades propias. Señor Pazos, reabra a Comisión, voten a favor desta moción e fagan política en maiúsculas. Nós seguiremos insistindo neste Parlamento no que queda de período de lexislatura en negociar esa proposta de 587 millóns de euros que propón o Goberno de España para Galicia.



E xa lle dixen que seguramente se Besteiro fose presidente da Xunta de Galicia, outro galo cantaría e iríanos moitísimo mellor. Ben, ao mellor quere Rueda que o señor Besteiro o acompañe a Madrid (*Risos.*) para negociar o sistema de financiamento. Se é así, e non ten altura de miras e valentía, pois aquí terá tamén a man tendida por parte do Partido Socialista.

Moitas grazas.

O PRESIDENTE: ¿Sobre a emenda?

PATRICIA IGLESIAS REY: Non a aceptamos. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Si, señor Pazos, ¿para que quere a palabra? (*Murmurios.*)

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: Ao amparo do artigo 76 e polo menos por un par de ducias de alusións... (*Risos.*) (*Murmurios.*)

O PRESIDENTE: Ah, non, eu non estaba. ¿Foi? Vale, correcto. Turno.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: Eu primeiro, quero manifestar...

O PRESIDENTE: Déanlle voz ao escano do señor Pazos.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: Eu a verdade é que non son partidario de intervir, e máis cando me representa unha... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O PRESIDENTE: Silencio.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: ...deputada, pero paréceme dun enorme mal gusto que se lle soslaye totalmente no debate magnífico e brillante que mantivo, e pasen todo o debate aludíndome a min e non a quen está debatendo (*Aplausos.*) con vostede. Vostede saberá as razóns que a levan a esa falta de cortesía e, se me permite, a un certo micromachismo. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Pero, en todo caso, como me invita a señora Iglesias facer un exercicio de intelixencia e liderado político, recollo o guante, e, como sinalou a miña compañeira, imos retomar eses traballos da Comisión de Financiamento, entre outras cousas, para que vostede teña a ocasión de coñecer a proposta de financiamento da Xunta, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) que todos os demais coñecemos, por certo —todos os que estivemos nesa comisión—, e que vostede, polo que vexo, non leu. Por certo, era perfectamente compatible co acordo case unánime que se asinou en Asturias, porque tamén asinou unha declaración o presidente asturiano co presidente galego (*Murmurios.*) e uns cantos máis dicindo cales eran as bases que exixiamos para o financiamento do novo sistema de financiamento autonómico.



En todo caso, aínda que me teño por persoa dialogante, (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) vexo que me teñen o mesmo respecto que á miña compañeira, cuestión que lamento profundamente. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Decía que, aínda que me teño por persoa dialogante, eu non aspiro a rivalizar nese ámbito co profesor Puy, pero agardo que, a pesar das miñas limitacións neses ámbitos, sexamos quen de alcanzar o acordo nesa comisión, o cal, a el que o intentou, vostedes lle negaron...

O PRESIDENTE: Grazas.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: ...Aínda que moito me temo que o impedimento para ese acordo nunca foi o...

O PRESIDENTE: Grazas.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: ...profesor Puy nin o vai ser este voceiro. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Hai que insistir: se se alude, hai tres minutos. (*Protestas.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Home non, lean o regulamento! É moito máis fácil non aludir, (*Murmurios.*) hai moitas formas de non mencionar o nome. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Hai que ser —digamos— máis... Eu non sei, non vou dicilo, (*Murmurios.*) pero, se di o nome... Hai outros xeitos de facelo.

En fin, votamos.

Votación das mocións

Comezamos votando a moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista, que non se acepta.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, sobre os compromisos orzamentarios do Goberno galego co desenvolvemento do servizo de axuda no fogar (SAF) e coa implantación do novo protocolo de prevención da violencia nos domicilios onde se presta.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 24; votos en contra, 35; abstencións, 8.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.



O PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Monserrat Prado Cores.

Acéptase como engádega a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada María Montserrat Prado Cores, sobre as medidas postas en marcha polo Sergas no marco do Plan Galego de Saúde invernal 2025-2026.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 35.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Patricia Iglesias.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego que non se acepta.

¿Si, señora Sanz? *(A deputada Cristina Sanz Arias pronuncia palabras que non se perciben.)*

O PRESIDENTE: ¿Acéptalle a votación por puntos? *(A deputada Patricia Iglesias Rey pronuncia palabras que non se perciben.)*

O PRESIDENTE: Si.

¿Que puntos quere separar? *(A deputada Cristina Sanz Arias pronuncia palabras que non se perciben.)* Déanlle voz ao escano.

CRISTINA SANZ ARIAS: Sería para votar xunto do punto 1 ao 3, e logo o punto 4 por separado.

O PRESIDENTE: Vale, votamos en primeiro lugar, entón, o punto número 4, e os demais, todos seguidos.

Punto número 4.

Votamos.

Votación do punto 4 da Moción do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Iglesias Rey, sobre as características do modelo de financiamento autonómico que propón a Xunta de Galicia para a nosa comunidade logo dunha eventual aceptación da quitación de débeda pública que ofrece o Goberno central.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 68.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o punto 4 desta moción por unanimidade.

O PRESIDENTE: Unha cousa curiosa, isto. *(Risos.) (Murmurios.)* É unha cousa curiosa, si, que, estando 67, aparezan 68. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero non me poñía aquí como me pon sempre: 67 mais 1. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Por iso eu digo que me resultaba curiosa a cousa. En todo caso, quedou aprobado o punto. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Votamos agora o resto dos puntos.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Iglesias Rey, sobre as características do modelo de financiamento autonómico que propón a Xunta de Galicia para a nosa comunidade logo dunha eventual aceptación da quitación de débeda pública que ofrece o Goberno central, agás o punto 4.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 8; votos en contra, 35; abstencións, 25.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos da moción.

Remataron aquí as votacións das mocións.

Continuamos coa orde do día: proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa das deputadas Lara Méndez López e María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha co obxectivo de promover a agricultura e ganderaría rexenerativa

O PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada Sonia Vidal Lamas, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Proponse engadir un novo punto na parte resolutiva que pasaría a ser o primeiro, o que implicaría reenumerar os actuais. A redacción da parte resolutiva quedaría do seguinte xeito:



«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Definir previamente, no ámbito das competencias da Xunta de Galiza e coa participación do sector, do CIAM e doutros organismos públicos de investigación, os criterios técnicos, ambientais e produtivos das prácticas agrarias que se pretendan fomentar, garantindo a súa avaliación, seguimento e control, como condición previa á creación de calquera liña específica de axudas ou incentivos públicos.
2. Abrir unha liña de axudas para o fomento deste novo modelo de produción e contribuír así a un cambio de modelo produtivo cara a agrogandería rexenerativa, para os que queren transformar as súas explotacións como os que se inicien no sector primario.
3. Incidir en programas e xornadas formativas para mellora a capacitación do persoal buscando a profesionalidade do sector. E permitir a transferencia do coñecemento sobre as practicas rexenerativas.
4. Fomentar a investigación sobre técnicas rexenerativas e o seu impacto no medio ambiente utilizando os recursos e instrumentos dos que xa dispón a Xunta de Galicia como o CIAM.
5. Potenciar o uso de sementes orgánicas, de maior resistencia e outros insumos necesarios, aproveitando o banco de xermoplasma de Mabegondo.
6. Realizar campañas de difusión e divulgación para aumentar a demanda de produtos de este sistema de produción.»)

O PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Lara Méndez.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Grazas, presidente.

Moi boas tardes, señorías.

O sector primario enfróntase hoxe a retos estruturais de enorme magnitude: o cambio climático, a perda de rendibilidade das explotacións, o despoboamento do rural, a degradación dos solos, a dependencia crecente de insumos externos e unha competencia internacional cada vez máis intensa. Fronte a estes retos non abundan nin parches nin discursos baleiros; cómpre cambiar os modelos produtivos e avanzar cara a un sistema máis sostible, máis resiliente, máis rendible e socialmente tamén moito máis xusto.

E quero comezar deixando claro algo fundamental: os agricultores e as gandeiras galegas son as primeiras interesadas en conservar o territorio, non só porque dependa del o seu sustento económico, senón porque o rural é a súa forma de vida, a súa identidade e tamén o seu futuro. Cómpre un cambio de modelo que, ademais, é necesario, e eu creo que se pode dicir tamén que é inevitable.

Durante anos falouse de agricultura convencional, sostible, e da agricultura ecolóxica, e ambas son necesarias e deben seguir convivindo, pero hoxe sabemos que non son suficientes



para responder aos retos actuais. Por iso emerxe este novo paradigma, que é a agricultura e a gandaría rexenerativa. Falamos dun modelo que pon o foco na saúde do chan, na biodiversidade, no equilibrio dos ecosistemas e na capacidade das explotacións para adaptarse ao cambio climático e mellorar así a súa rendibilidade. Isto é unha cuestión non pasaxeira e non conxuntural, senón que é ciencia, economía agraria e futuro.

E, ¿por que funciona a agrogandaría rexenerativa? Pois podémolo ver tamén desde un punto de vista técnico e científico. Os beneficios están amplamente documentados. Dáse un incremento da materia orgánica do chan: hai estudos da FAO que amosan que aumentar o 1 por cento a materia orgánica mellora de maneira significativa a fertilidade e a capacidade produtiva. Acádase unha maior retención de auga: estes chans moito máis rexenerados poden reter ata un 20 ou 30 por cento máis de auga. Só aumentando entre un 0,1 e un 0,4 por cento de materia orgánica, pódese chegar a retencións do 20 ou o 30 por cento, e isto, evidentemente, reduciría os impactos das secas, pero tamén as choivas intensas, como as que nos está a tocar vivir nos últimos tempos. Beneficiaría tamén unha redución da erosión, pois a cobertura vexetal permanente e a mínima labranza tamén reducen drasticamente a perda de solo fértil. Aumentaría tamén a captura de carbono, pois a agricultura rexenerativa actúa como sumidoiro de carbono, contribuíndo á mitigación do cambio climático —o 1 por cento desa materia orgánica supón a retención de 20 e 30 toneladas de CO₂—. Habería menor dependencia de fertilizantes e pesticidas, ao mellorar a bioloxía do chan, e unha redución tamén do uso de insumos químicos, que é un dos principais custos das explotacións.

Estamos a falar, polo tanto, de solucións baseadas na natureza, avaladas pola comunidade científica internacional, pero isto tamén redunda en beneficios económicos claros para as explotacións. Dende un punto de vista económico, prodúcese unha redución de custos de produción: menos fertilizantes, menos fitosanitarios e menos gasto en alimentación externa no caso da gandaría; melloraría tamén a rendibilidade no medio prazo: as explotacións rexenerativas presentan marxes máis estables e menos exposición á volatilidade dos prezos e dos insumos. Daríase un maior valor engadido ao produto: os consumidores demandan tamén produtos saudables e cada vez máis ligados á orixe e á calidade. A diversificación de ingresos tamén melloraría os circuítos curtos da comercialización, a venda directa e tamén os mercados de proximidade. E iso, evidentemente —todos somos coñecedores diso—, é clave para fixar poboación, atraer xente nova ao sector e garantir así tamén o relevo xeracional.

Pero tamén estamos a falar dese impacto social e territorial. Este modelo tamén ten unha dimensión social, como é a de reforzar o vínculo entre a produción e o territorio, favorecer explotacións familiares fronte a modelos intensivos e deslocalizados, contribuír tamén a manter esas paisaxes vivas, fundamentais para o equilibrio ambiental e para o turismo rural, e mellorar o benestar animal, especialmente na gandaría extensiva rexenerativa. Polo tanto, estamos a falar de cohesión territorial, de igualdade de oportunidades e de dignidade para o rural galego.

Dende o Goberno de España, estase a impulsar con proxectos pilotos, tanto en Galicia como en Cataluña, estes proxectos, con formación e intercambio de coñecemento. Isto demostra dúas cousas: por un lado, que o modelo ten respaldo institucional e técnico, e, por outro, que Galicia non pode limitarse a ser unha mera espectadora. A Xunta ten instrumentos, ten



centros de investigación, ten coñecemento técnico e ten capacidade financeira para liderar este cambio: o CIAM, por exemplo —se non se deixa morrer, como está a acontecer—; o banco de xermoplasma, os servizos de extensión agraria... E, polo tanto, o que hai é falla de vontade política.

E, nun contexto como no que estamos a vivir, onde o prezo dos fertilizantes se multiplicou nos últimos anos e onde os custos de alimentación animal están sometidos á volatilidade dos mercados internacionais, o contexto internacional e o acordo Mercosur é un reto, pero tamén é unha oportunidade. É certo —e xa o temos dito— que este acordo xera preocupación no sector primario, e con razón, pero a resposta non pode ser o inmovilismo. Galicia non pode competir en volume nin en baixos custos coas grandes produtoras de Mercosur, pero si que pode competir noutras moitas opcións, como pode ser a calidade, a sustentabilidade, a trazabilidade, os estándares ambientais e os estándares sociais elevados. Polo tanto, si se pode actuar nese eido. E, evidentemente —xa o temos dito, pero hai que recordalo—, hai que ter unha reciprocidade real dos estándares para que poidan acceder nas mesmas condicións, unha activación rápida das cláusulas de salvagarda e tamén reforzar a demanda interna. E aí a Xunta, evidentemente, ten moito que facer e moito que potenciar fronte á competencia que poida chegar, facendo esa diferenciación de calidade, de orixe, de trazabilidade, de sustentabilidade, de compra pública alimentaria ou de etiquetado claro. Polo tanto —como dicía—, ten moito que dicir e aportar.

A agricultura rexenerativa é tamén unha ferramenta estratéxica para reforzar o noso sector fronte á competencia internacional. Permite diferenciar os nosos produtos, acceder a mercados con maior valor engadido, defender cláusulas espello, exixir reciprocidade —como dicía— ambiental e protexer os nosos produtores fronte ao *dumping* ambiental e social.

E por iso traemos hoxe aquí esta iniciativa onde lle pedimos á Xunta de Galicia establecer esas liñas específicas de axudas para esa transición; acompañar con formación, asesoramento técnico e transferencia de coñecemento; impulsar a investigación aplicada dende centros públicos como o CIAM, en vez de deixalo morrer, como está a acontecer; potenciar o uso de sementes adaptadas resistentes, aproveitando tamén o banco de xermoplasma de Mabegondo, e desenvolver campañas de divulgación para que a cidadanía coñeza e valore estes produtos.

Polo tanto, señorías, estamos falando de chan, estamos falando de auga, estamos falando de biodiversidade, pero tamén falamos de emprego, de rendas agrarias, de futuro do rural e de soberanía alimentaria. É unha oportunidade real, ten todas as condicións Galicia para liderar este cambio e só falta que a Xunta o vexa como unha oportunidade e actúe antes de que sexa demasiado tarde, como acostuma facer a Xunta de Galicia actuando tarde, mal e a rastro.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora Vidal Lamas.



SONIA VIDAL LAMAS: Boa tarde a todas e a todos.

O sector primario galego precisa cambios, precisa apoio público e precisa investigación, porque a realidade é que non hai hoxe ningún subsector do agro e da gandaría que non estea atravesando dificultades serias. Falamos de prezos, falamos de rendas agrarias, falamos de relevo xeracional, falamos de cambio climático, de sanidade vexetal e animal, de dependencia de insumos externos e de perda da base produtiva. Isto é unha evidencia que xa non admite ningunha discusión. Por iso, cando se traen a esta Cámara propostas que falan de mellorar o manexo do solo, de reducir emisións e de aumentar a resiliencia das explotacións, dende o BNG non imos situarnos nunca nun «non» por sistema —como fan crer moitas, e algunhas máis que outras—. Ao contrario, Galiza necesita avanzar cara a modelos produtivos máis sostibles, máis ligados ao territorio e máis xustos para quen produce.

Agora ben, dito isto, tamén queremos ser claros e responsables. Se hai algo que esta iniciativa pon enriba da mesa, aínda que sexa de maneira indirecta, é unha realidade incómoda para o Goberno da Xunta: sen investigación pública forte, sen transferencia real de coñecemento, todo isto queda en declaracións ben intencionadas. E aquí é onde o CIAM, en Mabe-gondo, entra no centro do debate, porque non estamos a falar dun recurso calquera; estamos a falar do principal centro público de investigación agraria do país, clave para a mellora xenética, a adaptación ao cambio climático, a sanidade vexetal e animal e a transferencia do coñecemento ao sector. E a realidade é que o CIAM leva anos sufrindo un proceso continuado de debilitación, de perda de persoal investigador e de falta de estabilidade, o que provoca unha perda de funcionalidade da investigación aplicada ao sector e impón, por tanto, unha distancia cada vez maior coas necesidades reais das explotacións.

Hai unha cuestión de fondo que, dende o Bloque Nacionalista Galego, consideramos clave e que afecta directamente o primeiro punto desta iniciativa. Non se poden crear liñas de axudas públicas para un modelo produtivo que non está definido nin regulado. Hoxe, a chamada agrogandaría rexenerativa non conta cun marco normativo que estableza criterios claros, prácticas obrigatorias, límites ou algún sistema público de control. A nosa emenda de modificación o único que pretende é enriquecer esta iniciativa. Isto non cuestiona o interese de moitas das prácticas que se citan, pero, dende as institucións, temos a obriga de actuar con rigor, porque o diñeiro público debe destinarse a realidades perfectamente definidas e avaliáveis.

Primeiro, hai que poñer os alicerces, que son a definición, a investigación e os criterios técnicos; só despois ten sentido falar de axudas. O PP fala moito de innovación, pero non se innova con discurso; innóvase con investimento público, con persoal cualificado e con planificación no longo prazo. E, mentres o sector primario se mobiliza, mentres hai protestas no campo, mentres se acumulan os problemas, a Xunta segue sen apostar en serio pola investigación agraria pública galega. Isto hai que dicilo aquí e con toda a claridade.

Dende o BNG, defendemos algo moi sinxelo: o coñecemento que se xera con recursos públicos debe estar ao servizo do conxunto do sector e do país, especialmente da agricultura e da gandaría familiar. E isto lévanos directamente ao banco de xermoplasma. Falamos dun patrimonio estratéxico acumulado durante décadas que conserva variedades adaptadas ao noso



territorio, mellora a resiliencia fronte ao cambio climático e é clave para producir alimentos de calidade. Dende o noso punto de vista, non sería acertado restrinxir o uso destas sementes a un único modelo produtivo; ao contrario, deben estar ao servizo da agricultura familiar, da produción agroecolóxica e da produción de proximidade, que son as que xeran o emprego no rural, coidan o territorio e producen alimentos sans e de calidade. Limitar ese uso sería un erro estratéxico.

A este respecto, como proba do desinterese e do desleixo do Goberno do PP na Xunta de Galiza para atender as necesidades da investigación pública agraria, debemos lembrar que as instalacións do banco de xermoplasma do CIAM, inauguradas apresuradamente na campaña das anteriores eleccións autonómicas polo, daquela, conselleiro do Medio Rural, transcorridos case dous anos do evento, son literalmente un cascarón baleiro e inacabado de prefabricados de formigón que non permite albergar nin unha soa das coleccións de sementes do rico patrimonio xenético custodiado nese centro, porque é completamente afuncional para tal cometido. Outra mostra máis da ineficacia na obriga e dilixencia de funcionamento dos recursos públicos por parte dos xestores de Medio Rural e un exemplo de libro que podería raiair na malversación de fondos europeos.

E permítanme introducir aquí un elemento de contexto que é fundamental. Estamos vendo estes días mobilizacións no sector primario contra acordos como o de Mercosur. Escoitamos tanto o Partido Popular como o PSOE falar de cláusulas de salvagarda, de competencia desleal e de produtos que entran sen cumprir os mesmos estándares. E teñen razón nunha cousa: non se pode competir en igualdade cando non se xoga coas mesmas regras. O problema é que estas cláusulas de salvagarda non teñen hoxe nin quen as aplique nin como facerse cumprir. Non está definido quen controla, con que medios nin con que capacidade real de inspección, e todos sabemos que, coas ferramentas actuais, esas salvagardas non son viables na práctica.

Por iso, dende o BNG dicímolo con claridade: a protección ten que estar no inicio, antes de que os produtos entren; non despois, cando o dano xa está feito e cando os prezos e as explotacións xa foron esmagadas. Defender salvagardas sen medios reais para aplicarlas é facer política de xestos mentres se deixa en total abandono o sector primario.

Agora ben, esa mesma lóxica debe aplicarse tamén aquí dentro. Se apostamos por mellores prácticas, por máis exixencias e por modelos máis sostibles, iso ten que ir acompañado de apoio público, de investigacións e de regras claras, porque, se non, penalizamos a quen fai as cousas ben e favorecemos a quen ten máis capacidade económica para adaptarse. Non se pode falar dun futuro do sector primario mentres se desmantela a investigación pública agraria. Non se lle poden pedir esforzos ao sector mentres se lle retiran ferramentas fundamentais. As boas intencións non chegan se non se poñen os medios, os recursos e unha visión clara de país.

Dende o Bloque Nacionalista Galego, imos seguir defendendo unha investigación pública forte, con máis recursos para o CIAM; sementes e coñecemento ao servizo da agricultura familiar galega, e políticas agrarias que non deixen atrás a quen produce e que non xeren máis incerteza. Porque sen investigación, sen investimento e sen sector primario non hai futuro para o rural nin para Galiza.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular. Señor Viso.

MIGUEL ÁNGEL VISO DIÉGUEZ: Grazas, presidente.

Señorías, na política agraria hai unha tentación frecuente, que é pensar que mellorar o modelo é poñerlle un nome novo. Pero o campo non funciona así, a terra non entende de etiquetas; entende de regras, de método e, sobre todo, de seguridade xurídica.

Vostedes hoxe falaron aquí da agrogandería rexenerativa, pero imos empezar a falar do que xa temos. A produción ecolóxica, que é un termo xurídico, está regulada con normativa europea e ten un marco claro, unha certificación oficial, a través do Craega, e unhas exixencias medibles. A chamada agricultura rexenerativa, pola contra, non ten definición xurídica oficial, non conta con selo público obrigatorio e calquera pode empregar o termo sen estar sometido a un sistema de control ou de xénero. Ata aí estamos de acordo ata co BNG. Cando din cousas coherentes, teñen razón.

A PNL fala de chan, de biodiversidade, de resiliencia, como se a clave estivese no obxectivo e non no método, pero o campo non funciona por terminoloxía, funciona por regras, por técnicas, por certificación, por economía e por viabilidade. Por iso, antes de tentar facer política pública con novos modelos, cómpre comprender os que xa existen desde un punto de vista legal e técnico. Cando falamos en Galicia do sistema produtivo, falamos de tres sistemas: da produción convencional, da produción integrada e, como non, da produción ecolóxica; tres marcos perfectamente regulados, controlados e con exixencias concretas. A convencional cumpre unha lexislación xeral. A integrada, como todos sabemos, vai máis alá, axusta a fertilización, os fitosanitarios, e prioriza alternativas biolóxicas. E, tamén, por suposto, está a ecolóxica, que é a máis exixente. Non emprega fertilizantes químicos, limita os fitosanitarios, non usa organismos modificados xeneticamente e obriga, como todos sabemos, a un manexo respectuoso do solo, da auga e da biodiversidade. A denominada agricultura rexenerativa responde a un enfoque centrado na restauración da saúde do solo —como vostede dicía—, no incremento da biodiversidade e na captura de carbono. Pero, señorías, eses son principios que tamén están no corazón da agricultura ecolóxica, pola que a Xunta leva anos facendo unha aposta decidida.

Cando un le a exposición de motivos da PNL, comproba algo máis. Todo o que se lle atribúe á chamada rexenetativa —coidado do chan, aumento de materia orgánica, retención de auga, menor uso de insumos químicos, rotación de cultivos, cubertas vexetais— é exactamente o que exhibe, exige e promove a ecolóxica en boa medida, e tamén en moitos casos a produción integrada moderna. É dicir, estamos ante prácticas xa incorporadas cun sistema e cun marco legal.

Polo tanto, o que vostede propón ten consecuencias políticas importantes. ¿Por que? Porque, cando se crean conceptos sen base normativa, créanse expectativas que logo non se poden



cumprir: axudas sen marco, formacións sen sistema, campañas sen produtos realmente diferenciados e, sobre todo, algo que é a clave de todo isto: o risco de competencia desleal para quen si cumpre cun réxime tan exixente como é o ecolóxico.

A agricultura ecolóxica, señorías, é un sistema completo, con control, con certificación, con exixencias técnicas, e, por suposto, tamén co apoio público. Por iso, cando a PNL fala de pór o foco na saúde do chan —algo que comentaba vostede, señora Méndez—, convén dicir con claridade que ese foco xa existe, que non é unha novidade; é unha obriga real para quen produce en ecolóxico ou mesmo en integrada. Cando falan de reducir os insumos químicos, de mellorar a biodiversidade ou de protexer contornos, non están describindo algo alternativo, están describindo o corazón da política agraria moderna que xa se está a aplicar en Galicia. *(Aplausos.)*

E aquí, señorías, entra o papel da Xunta e da Consellería do Medio Rural. En Galicia, a aposta pola produción ecolóxica non é un slogan nin unha liña estable de traballo a través da cal a Xunta, a Consellería e, por suposto, Agacal precisen dunha iniciativa do Partido Socialista para actuar. ¿Por que? Porque xa impulsa axudas á conversión e ao mantemento de explotacións ecolóxicas, xa apoia a incorporación de novos produtores, xa financia a certificación e, por suposto, xa promove a calidade diferenciada e a transferencia de coñecemento. Agacal está para que os sistemas funcionen; con formación, por suposto, con investigación aplicada, con promoción, con apoio ao réxime de calidade e coa profesionalización do sector, algo que vai no ADN desta consellería.

Segundo os datos do Craega, a superficie con produtos ecolóxicos en Galicia segue medrando ano tras ano —falabámolo o ano pasado neste mesmo Parlamento nun debate no Pleno—, e non é por casualidade, senón polo froito do compromiso dos produtores e polo apoio decidido deste goberno que preside Alfonso Rueda. E isto é importante dicilo. A sustentabilidade, señorías, non se constrúe con modelos sen base legal, *(Aplausos.)* constrúese con sistemas que permitan producir con garantías xurídicas e económicas.

A PNL tamén fala da formación como se fose unha carencia estrutural, e non o é. A Consellería leva anos impulsando capacitación técnica, transferencia de coñecemento, modernización e profesionalización desde a práctica produtiva.

Cando se cita o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, señorías, convén baixar o debate ao terreo da realidade. O CIAM é un instrumento vivo de investigación aplicada e transferencia. Con el trabállase, entre outras cousas, por exemplo, co pastoreo rotacional, coa mínima alteración do solo, coa redución de insumos e coa mellora da fertilidade, que son exactamente as liñas que aquí presentan vostedes como agricultura rexenerativa. Non é desde a teoría, senón desde a práctica. Agacal leva anos orientando o CIAM, a xeración de coñecemento útil para o sector, a súa transferencia real e as explotacións. A investigación non se mide, señorías, polo ruído político, mídese polos sistemas que melloran e polo coñecemento que chega aos profesionais, e o mesmo sucede cos recursos xenéticos e coa diversidade. Galicia non empeza hoxe, leva tempo integrando unha política pública coherente.



Tamén, señorías do PSOE, vostedes falan dun novo modelo produtivo, como se os actuais estivesen alleos á sustentabilidade e cando moitos agricultores e gandeiros da nosa terra xa aplican prácticas de conversión, de conservación do solo, de rotación, de cubertas vexetais e de redución de insumos. E, por suposto, señorías, non o fan por unha etiqueta, fano porque eles saben que nesa boa xestión lles vai o seu futuro, o futuro da súa explotación. *(Aplausos.)*

Señorías, o problema desta PNL non é que fale de sustentabilidade —iso compartímolo todos—, o problema é que presenta como novidade un modelo que carece de marco legal, de certificación pública e obrigatoria e de regras comúns, permitindo calquera uso do termo sen asumir as mesmas exixencias e confundindo sen garantías os consumidores, e iso señorías, é moi perigoso.

Por iso, señorías do PSOE, esta PNL non suma, non porque a intención sexa mala, senón porque o modelo que propoñen carece de base legal, imprescindible para poñer política pública seria. Eu creo que ao Partido Socialista sempre lle pasa o mesmo; traballa con base en slogans, sen dotar de garantías os contidos, e, loxicamente, ao medio rural o que non lle axuda é a propaganda, senón os apoios decididos como os que lidera a Xunta de Galicia da man de profesionais do sector.

E vou rematando. O futuro do rural non se garante inventando etiquetas, senón construíndo sistemas; constrúese con explotacións viables, con formación real, con investigación útil, con axudas ben definidas e cunha folla de ruta clara. A Xunta leva tempo demostrando que a sustentabilidade non é un discurso; é unha política que pisa a terra, e a política que deseñamos, defendemos e aplicamos no Partido Popular, sempre da man dos homes e das mulleres, será a política do noso rural.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Lara Méndez.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Grazas, presidente.

Señora Vidal, eu creo que pouco lle interesa a vostede o tema da agricultura e da ganadería rexenerativa. Veu aquí falar do CIAM, do banco de xermoplasma, cousa que compartimos, e xa os citamos como elementos claves para avanzar. Son cuestións que dende o Grupo Socialista xa temos tratado e debatido en distintas comisións. Na vindeira comisión, ou nunha das próximas comisións, volveremos falar diso, porque levaremos novamente, desde o Grupo Socialista, ese tema para abordar a situación do CIAM, ante a deterioración e o desmantelamento que está a producir o Partido Popular neste centro de investigación. Enchíaselle a boca, señor Viso, hoxe falando do Agacal e do CIAM, que están deixando morrer. Están expulsando o talento, están expulsando os investigadores, e vén hoxe aquí facer gala diso. Podería calar un pouquiño a boca, que creo que quedaría moitísimo mellor.



Pódense facer experiencias piloto. Creo que o que temos que facer aquí tamén é abrir oportunidades, abrir novos escenarios, abrir novos modelos produtivos e non quedar anquilosados no pasado e só naqueles produtos que funcionan —que nós xa llo dicíamos, e recordareillo agora—. Dicía que o Ministerio de Agricultura está a dedicar un investimento de máis de 100.000 euros para estes proxectos piloto de formación e de intercambio de coñecementos, e poderían facerse aquí tamén con financiamento da Xunta de Galicia, que é un pouco o que vimos pedir neste eido.

Porque, señor Viso, vén vostede aquí falar de crear etiquetas. Son os reis das etiquetas; etiquetan absolutamente todo —¡absolutamente todo!—, e podémolo ver no Plan de comercio de 2025-2030, que intenta etiquetar absolutamente todo. Estáballe dicindo, señor Viso —que llo dicía tamén na miña primeira intervención, o que pasa é que, ao mellor, non me escoitou—, que a agricultura convencional sostible e a agricultura ecolóxica son ambas necesarias e deben seguir convivindo. Xa están reguladas e implantadas. Como xa temos iso, ¿non abrimos novas portas? Pois eu acórdome de cando empecei a falar da construción de edificios en madeira, que me poñían —si, si, si, os seus, señor Viso, os seus, os do Partido Popular—..., e agora resulta que a Xunta tamén se suma. O que lle pido é que teñan visión de futuro, que teñan altura de miras, que teñan capacidade de implementar cuestións novas porque, ao final, é volver ao pasado; pero pídolles que teñan esa capacidade, esa visión, e que non se sumen tarde, que é o que suelen facer, sumarse tarde.

Estamos dándolles a oportunidade desde o Partido Socialista de abrir novos campos, porque é unha oportunidade estratéxica para o futuro do sector primario. Trátase dunha resposta técnica, científica e económica ao modelo produtivo, non se trata de mermar nin de quitar o traxe; trátase de complementar o actual modelo produtivo. Aínda que mellorou nos últimos anos —que o ten feito— ese modelo produtivo, ten límites claros fronte ao cambio climático, señor Viso. A perda de fertilidade dos solos, o aumento dos custos dos insumos ou a incerteza dos mercados internacionais son unha ameaza. Polo tanto, todo o que nos poidamos adiantar será bo para o agro e a gandería galega, será bo para o sector primario. A cuestión é: ¿van estar a favor de abrir novas canles, de abrir novos modelos, de ter visión de futuro, de adiantarse ás estratexias, de ir por unha vez por diante?

Mire que xenerosos somos que despois quen o vai executar son vostedes. Nós plantexámonlle aquí para que o aproben, señor Viso, porque, mire, outro dato: o 95 por cento dos alimentos dependen directamente da saúde do solo. Si, e este tipo de modelo melloraría esa saúde do solo; non digo que outros sexan prexudiciais, pero digo que a melloraría. Polo tanto...,

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: ...hai que ter esa capacidade de visión de futuro e apostar realmente por unha agricultura e gandería sostible e, sobre todo, señor Viso, de futuro.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: ¿Acepta a emenda do BNG?



LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Perdón. Non, non, a emenda non se acepta porque entendemos que a desvirtúa.

Grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Rubén Lorenzo Gómez e nove deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que non presente recurso contra determinados preceptos da Lei galega de medidas fiscais e administrativas de 2024 relativos á repotenciación de parques eólicos

O PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista, unha autoemenda de substitución do Grupo Parlamentario Popular e unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Iglesias Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débese substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Defender máis e mellor o autogoberno de Galicia, como nacionalidade histórica que é, dentro dun Estado descentralizado tal e como se configura no bloque de constitucionalidade do Título VIII da Constitución Española e no Estatuto de Autonomía de Galicia.
2. Petición de novas competencias por parte do Goberno galego debe materializarse a través das Conferencias bilaterais de transferencias de competencias, así como mediante un diálogo institucional constante co Goberno de España, como se fixo no Acordo bilateral de maio de 2025 en relación coa Lei 5/2024, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, no que se negociou e acordou máis do 60 % dos artigos cuestionados.
3. Que o Goberno galego debe evitar o uso reiterado das leis de acompañamento dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para modificar múltiples normas sen consenso, sen diálogo cos sectores sociais afectados e furtando o debate parlamentario ordinario que corresponde á tramitación dos proxectos ou proposicións de lei.»

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu deputado e portavoz Alberto Pazos Couñago e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte autoemenda a esta proposición non de lei.



Emenda de substitución.

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que retire, con carácter inmediato, o recurso de inconstitucionalidade contra determinados preceptos da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, en particular, contra aqueles que regulan o plan de axilización da dependencia e da discapacidade e as medidas relativas ao sector eólico en Galicia, en concreto, as referidas á repotenciación dos parques eólicos e á obriga de ofertar e vender en Galicia parte da electricidade xerada en beneficio directo da cidadanía e da industria galegas. Asemade, reclama que se respecte o autogoberno de Galicia que está a verse violentado na súa capacidade lexislativa polas decisións de bloqueo e impugnación promovidas polo Executivo central.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do seu deputado Xosé Manuel Golpe Acuña, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

- 1. Suspender as tramitacións de parques eólicos fora das zonas de desenvolvemento eólico que figuran no vixente plan sectorial eólico de Galiza ata que non sexa avaliado e aprobado o novo plan sectorial eólico que está en tramitación.*
- 2. Axilizar a redacción no novo plan sectorial eólico, tendo en conta a necesaria ampliación da Rede Natura 2000 e a participación social na redacción do mesmo.*
- 3. Modificar o canon eólico co obxectivo de garantir que as modificacións tecnolóxicas non afecten ao recadado no imposto, utilizando como cota tributaria a potencia total de cada parque eólico. Ampliando os destinos posibles dos fondos do Fondo de Compensación Ambiental, permitindo que os concellos poidan dedicar estes recursos a políticas de emprego, apoio á economía circular, desenvolvemento rural, transición enerxética e fortalecemento dos servizos básicos.*
- 4. Promover a participación pública e comunitaria na xestión e aproveitamento dos recursos eólicos, a través da creación dunha empresa pública en materia de enerxía.*
- 5. Recoller os catro preceptos anteriores nunha nova lei do sector eólico que substitúa á actual e que poña no centro a reversión dos beneficios do vento galego, na Galiza.*
- 6. Demandar do goberno do estado as modificacións lexislativas necesarias para poder darlle o meso tratamento ao vento galego, ca a auga dos ríos, mudando o concepto de autorización, por de concesión.»)*



O PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Pazos.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes a todos, señorías.

Galicia está a padecer as consecuencias de que en Moncloa se teña instalado o goberno máis antigalego da historia da nosa democracia. E non é esta unha afirmación baseada no prexuízo ou na mera opinión. Creo firmemente que se sustenta nunha inabarcable, interminable, incabable lista de decisións concretas que amosan, máis aló de calquera dúbida, a realidade desta afirmación. A hostilidade amosada polo actual Executivo cara a esta terra simplemente non ten parangón con ningún outro dos gobernos elixidos en España nos últimos 48 anos de democracia, con absolutamente ningún.

Ao longo do noso autogoberno, téñense producido desencontros entre executivos autonómicos e executivos centrais, diferenzas normais que foron resoltas normalmente a través das normais canles institucionais. Pero, por primeira vez —e isto cómpre subliñalo—, un Goberno, o de Pedro Sánchez, decidiu utilizar unha vara de medir diferente e específica para castigar Galicia. E hoxe vimos denunciar a esta Cámara non unha discrepancia de criterio entre a Xunta de Galicia e o Goberno do Estado, senón un novo episodio do proceso de doma e castración de Galicia deseñado por un goberno incapaz de asumir democraticamente o seu fracaso electoral nesta terra. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Miren, a lista de agravios é tan extensa que non cabería en ningún caso nesta intervención, pero si me van permitir que amose algúns dos que me parecen os exemplos máis sangrantes e que creo que mellor acreditan esa dobre vara de medir.

Miren, ano 2021. O Goberno de Pedro Sánchez amosa a súa desconformidade coa redacción de certos artigos introducidos na reforma da Lei de saúde de Galicia. Estabamos —recordarano— en tempos de pandemia. Eses mesmos artigos, con idéntica redacción, foron copiados e incorporados á Lei de saúde de Baleares, comunidade por aquel entón presidida pola socialista Francina Armengol. Pois, a pesar de ser ambas as normas idénticas, o Goberno Sánchez decidiu impugnar a lei galega ao mesmo tempo que validaba a lei balear. ¿Cal foi o resultado deste desencontro? O Tribunal Constitucional fallou a favor de Galicia.

No ano 2023, o Goberno de España amosa a súa desconformidade coa Lei do litoral de Galicia. Pedro Sánchez e José Ramón Besteiro afirman que Galicia non pode asumir esta competencia por non estar contemplada no ámbito do noso estatuto, do Estatuto de Galicia. Ao mesmo tempo, o Goberno vasco negocia co Estado a cesión da competencia sobre o seu litoral. A redacción do Estatuto vasco é literalmente idéntica á do Estatuto galego. A pesar disto, o Goberno Sánchez decide ceder a competencia ao País Vasco graciosamente e, ao mesmo tempo, impugna a lei galega. ¿Resultado? O Tribunal Constitucional volveu fallar a favor de Galicia.

Señorías, este Parlamento reclamou por unanimidade a cesión e gratuidade da AP-9. O Goberno Sánchez bloqueou primeiro a tramitación desta petición no Congreso para anunciarnos despois que a cesión prometida e a gratuidade eran imposibles. Namentres se nega esta po-



sibilidade de rescate da concesión da AP-9, xa se teñen rescatado distintas concesións de autopistas fóra da Comunidade Autónoma galega.

E, señorías, talvez alguén podería dar unha explicación coherente e razoable de por que o País Vasco xa ten comprometida a achega do 50 por cento para financiar a dependencia, namentres Galicia e as outras comunidades debemos seguir agardando a recibir o que nos corresponde por lei. ¿Alguén pode dar unha explicación de por que Pedro Sánchez maltrata continuamente esta terra? (*Aplausos.*)

Miren, nas últimas semanas, o Goberno Sánchez deu un paso máis na súa estratexia de ataque a Galicia, e fíxoo poñendo en cuestión dúas medidas deseñadas especificamente para mellorar a vida cotiá das galegas e dos galegos. O recurso interposto polo Goberno de España paralizou de facto o plan de choque impulsado pola Xunta de Galicia para reducir a lista de espera en materia de dependencia e paralizou o proceso de modernización e remuda de parques eólicos, que permitiría o abaratamento do prezo da enerxía para empresas e fogares galegos. O Plan de axilización e simplificación da dependencia e a discapacidade da Xunta estaba a ser unha ferramenta de enorme utilidade para reducir os tempos de espera para o recoñecemento da dependencia, e non é unha afirmación de parte, senón avaliada por datos obxectivos: 86.319 expedientes resoltos no 2025, o dobre do ano anterior; 28.737 persoas incorporadas ao sistema de dependencia; 57.582 recoñecementos de discapacidade, e 12.626 persoas con dependencia que viron recoñecida automaticamente a súa discapacidade. Todo isto produciu unha redución dos tempos de espera de dous meses, e isto nun só ano de vixencia dese plan de choque.

En canto á modificación da normativa eólica impulsada polo Goberno de Rueda, esta busca acelerar o proceso de renovación tecnolóxica dos parques que teñen máis de 25 anos, obrigando as eléctricas a adiantar os seus investimentos para mellorar o aproveitamento eólico en beneficio de todos. Esta é unha medida moi criticada polo sector enerxético, que, neste caso, semella ir da man do Goberno de España e do bloque progresista que o sostén. Pero, segundo un informe da Universidade de Vigo, permitiría reducir sensiblemente o número de aeroxeradores —un 79 por cento—, aumentar a produción eléctrica nun 34,5 por cento, reducir o ámbito territorial afectado e priorizar a oferta da enerxía barata á industria e os cidadáns galegos.

Os datos avalan rotundamente as medidas impulsadas polo Goberno de Rueda, e, polo tanto, os galegos deben saber que non se atacan estas medidas porque fracasasen, todo o contrario. Sánchez está tentando paralizalas porque son un rotundo éxito. De feito, son tan exitosas que o propio Goberno de España decidiu incorporar algunha desas medidas á súa propia lexislación. ¿Que a Xunta recoñeceu aos dependentes de grao 3 o 100 por cento da discapacidade? O Goberno de España fixo exactamente o mesmo, pero reducindo ese recoñecemento ao 65 por cento. A min gustárame que dende a bancada socialista se me aclarase a min e, de paso, a todos os galegos, por que mesturar dependencia e discapacidade é unha chapuza cando o fai o Goberno de Galicia e, en cambio, é unha marabillosa idea cando o fai o Goberno de España? Talvez teña sorte agora nas súas intervencións.

Señorías, resulta incomprensible que o Goberno de España cuestione unha normativa que está mellorando obxectivamente a vida dos galegos, pero aínda resulta máis incomprensible



que ese disparate sexa apoiado por grupos con representación nesta Cámara. Tan incomprendible como ter prestado apoio a un financiamento acordado de costas a Galicia, a unha quitación da débeda lesiva para os galegos e a unha interminable lista de etcéteras. Non se pode berrar pedindo máis autogoberno e despois apoiar a quen recorta o noso autogoberno. Non se pode exixir a redución de listas de espera de dependencia e apoiar a quen boicotea as medidas que permiten reducir a lista de espera de dependencia. E non se pode exixir que a sociedade galega obteña beneficios da explotación dos nosos recursos para despois apoiar a quen impide que iso se faga realidade. *(Aplausos.)*

Señorías, ese sería un exercicio de hipocrísia que eu creo que a maioría dos galegos nin poden compartir nin poden entender, e, polo tanto, non deberían de repetir vostedes os erros do pasado. Hoxe teñen unha nova oportunidade, pero tan só dúas alternativas, porque esta iniciativa xa foi votada aquí. Hoxe toca, señorías. Ou se retractan ou se retratan, vostedes saberán.

Pero unha cousa si deberían ter clara: con vostedes ou sen vostedes, nós seguiremos a defender o noso autogoberno, seguiremos a defender as nosas institucións e seguiremos a defender o benestar das galegas e dos galegos. Nós —polo menos nós— non imos traizoar a inmensa confianza que ese pobo depositou en nós. Espero que vostedes tomen nota e fagan exactamente o mesmo. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Iglesias.

PATRICIA IGLESIAS REY: Grazas, presidente.

Señor Pazos, o Congreso está en Madrid. Aquí estamos no Parlamento galego. Dedicou máis de sete minutos a falar de Pedro Sánchez. ¡Menudo respecto institucional ten por este Parlamento!

Hoxe o Partido Popular volve traer a este Pleno unha iniciativa xa debatida en outubro do 2025. Volve traer o mesmo de sempre: ruído no canto de política, confrontación no canto de solucións, e vitimismo para agochar o seu fracaso estrepitoso. Porque, cando o PP fala dun suposto ataque a Galicia, o que realmente está facendo é defender unha lei mal feita para tapar un goberno absolutamente fracasado. A Lei de medidas do 2025 é o mellor exemplo do que non se debe facer: modifica trinta leis pola porta de atrás, sen diálogo, sen consenso, sen participación social. ¡Unha chapuza legal, señor Pazos! E, agora, usan Galicia como campo de batalla contra o Goberno de España non para defendela, senón para agochar un fracaso na política enerxética e para agochar o fracaso na política de dependencia e no modelo de país. E non hai ataque a Galicia, señor Pazos; hai defensa do bloque de constitucionalidade, non sei se sabe o que é.

O PP intenta construír un conflito político inexistente, pero os feitos son claros: antes do recurso, houbo diálogo, houbo comisión bilateral, houbo vontade de acordo e, froito dese diálogo, máis do 60 por cento dos artigos recorridos *(Pronúncianse palabras que non se perci-*



ben.) quedaron resoltos, máis do 60 por cento. Xa cando non quedou outra saída, cando era imprescindible garantir a igualdade de dereitos e o respecto ao marco constitucional, presentouse o recurso. Iso non é confrontar; iso é gobernar con responsabilidade institucional.

O curioso é que agora o PP, que se erixe como defensor en moitas ocasións do Estado de dereito e tamén do bloque de constitucionalidade, cuestiona o Tribunal Constitucional cando non lle gusta o que di. Cuestiona o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a Sección Tercera, cando paraliza os parques eólicos por responsabilidade do Goberno galego e da súa mala xestión; ou chega a cualificar o Tribunal Constitucional de «cancro da democracia», como se fixo nas filas do PP. ¿Iso é respectar o Estado de dereito, señorías? Non, iso realmente é respectar o Estado de dereito segundo conveña, segundo vaia o vento, e usar as institucións cando convén e atacalas cando incomodan, señor Pazos.

O falso galeguismo do PP —iso encántame—. Tras dezasete anos gobernando, a pregunta é moi sinxela: ¿cantas competencias novas pediu Galicia baixo o Goberno do PP, que leva dezasete anos, agás a Lei do litoral? Cero competencias. En cambio, co Goberno presidido por Emilio Pérez Touriño, transferíronse pola vía do diálogo, que é na Comisión Mixta de Transferencias, máis de once competencias para fortalecer o estado de autogoberno. E, ¿que fai mentres tanto o PP de Galicia con esa colaboración institucional? Pois non temos tampouco parangón co que se fai no Goberno galego do PP, confrontando directamente co Goberno de España. ¡Menciónase máis aquí a Pedro Sánchez que o propio presidente Rueda! Plantón no Consello de Política Fiscal e Financeira, plantón á negativa de negociar un bo financiamento para Galicia, plantón no cumio do clima para falar do fondo de cambio climático; plantón á solidariedade na repartición de menores migrantes... E, ben, tamén temos ese recurso de inconstitucionalidade interposto por dez comunidades autónomas gobernadas polo PP en contra da Lei de amnistía. ¡Como ía afectar iso Galicia! Seguidismo vergoñento do PP galego ás ordes de Feijóo.

En canto á política eólica, pasamos do liderado ao fracaso absoluto. En 2009, Galicia era un referente, a primeira potencia. Hoxe, está en quinta posición. Non é casualidade; é consecuencia directa dun modelo absolutamente fracasado de transición enerxética, sen planificación, cun plan sectorial de 1997 totalmente desfasado, con cambios legais improvisados —levamos catorce modificacións da Lei do sector eólico pola lei de acompañamento, pola porta de atrás— e con máis de noventa parques eólicos suspendidos por deficiencias ambientais imputables ao Goberno galego do PP. E, claro, agora toca tapar ese fracaso introducindo pola porta de atrás a repotenciación obrigatoria na Lei de medidas. Digámolo sen rodeos: esa obrigatoriedade é o recoñecemento explícito do fracaso do modelo eólico do Partido Popular. A repotenciación eólica non está parada, señor Pazos; o que falla é o modelo do PP.

E tamén quero desmentir con rotundidade unha falacia, un *fake*, un bulo das declaracións da conselleira de Economía e Industria, que demostra —na miña humilde opinión, claro está— que, para ser a mellor, aínda lle queda un pouquiño de camiño que percorrer. Afirmo que, por culpa do recurso, teremos máis de dous mil muíños máis e a luz máis cara. ¡Falso! Onte Rueda falaba de 572 aeroxeradores e 16 parques. ¡Menudo baile de cifras e menuda falta de rigorosidade! O recurso non paraliza as repotenciacións eólicas en Galicia. É rotunda-



mente falso. De feito, pódese seguir repotenciando parques eólicos desde mañá mesmo, señor voceiro.

O Goberno de España, ademais, aprobou o real decreto que regula as repotenciacións o 5 de novembro de 2025; que aposta pola planificación, aposta polo diálogo e aposta pola economía circular para a industria da reciclaxe das pas. Bueno, pois o Goberno do PP pode aplicar ese real decreto estatal e seguir repotenciando. De feito, a proba de que é un bulo e unha falacia que se paran as repotenciacións eólicas é que en Galicia estanse a repotenciar parques eólicos non baixo o paraugas da Lei de medidas do 2025, senón repotenciacións voluntarias que se están tramitando grazas ás axudas recibidas do IDAE, do Goberno de España: máis de 54 millóns de euros para repotenciar e conseguir o obxectivo de descarbonización.

Non se copiou o Goberno de España, non. Outra falsidade para agochar miserias. Temos que, en relación coa política enerxética, a Xunta impón, improvisa e xera máis conflito e inseguridade xurídica; privatiza os nosos recursos naturais —auga, vento e minas— cunha sociedade híbrida de colaboración público-privada. Tamén seguimos esperando esa comercializadora pública que ía abaratar a luz a todos os galegos. ¿Onde está, señor Pazos? Ou modifica o imposto do canon eólico, realmente, que vai implicar máis potencia e máis beneficios para as de sempre, as empresas eléctricas, e menos ingresos públicos para os concellos rurais que soportan as repotenciacións. De copia nada, señorías; é unha falsidade e un bulo.

Despois falamos da dependencia e a discapacidade; «recortar dereitos para aforrar», ese sería o slogan. A Xunta mestura dependencia e discapacidade como se fosen o mesmo; non, son dereitos diferentes. Aclárollo, señor voceiro: a competencia da lexislación básica en materia de discapacidade é do Goberno de España. ¿Por que? Para garantir a igualdade de dereitos en todo o territorio nacional, un mínimo común normativo. ¿Sabe o que é? Que a comunidade autónoma pode desenvolver a lexislación básica que se enmarca en materia de discapacidade. Son dereitos diferentes, poñemos un exemplo moi sinxelo: unha persoa xorda pode ter recoñecida unha discapacidade e necesita apoios para comunicarse, para estudar ou para traballar; pero non é unha persoa dependente, pode vivir de maneira autónoma, non precisa coidados persoais nin axuda para a vida diaria. Iso deixa claro algo fundamental: a discapacidade garante a inclusión, garante a igualdade; mentres a dependencia, garante os coidados. Son dereitos distintos con finalidades distintas. E mesturalo, como fai o PP, non é simplificar e acurtar prazos; é ocultar o fracaso da política de dependencia do Goberno galego do PP: 349 días de media para a primeira resolución de dependencia, recortes de dereitos, eliminan o informe social das valoracións, precarizan os empregados públicos de servizos sociais, abren a porta ás privatizacións dos trámites... Isto non é eficiencia; isto é desmantelar o sistema público de dependencia para aforrar cartos. Porque dan o bono Coidado de 400 euros...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

PATRICIA IGLESIAS REY: ...que é incompatible con outros recursos da dependencia, como ter dereito a unha praza nunha residencia pública.

O modelo do PSdeG é claro: defendemos a transición ecolóxica, as repotenciacións ordenadas con consenso e servizos públicos fortes, dependencia humana profesional e digna. Porque



gobernar non é maquillar cifras e difundir bulos de maneira consciente, como fai o PP. Señorías, o recurso de inconstitucionalidade non vai contra Galicia; vai contra unha chapuza legal improvisada e sen consenso. O PP pode berrar, pode vitimizarse. Nós imos seguir defendendo un autogoberno serio...

O PRESIDENTE: Grazas.

PATRICIA IGLESIAS REY: ...e unhas institucións respectadas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Golpe.

JOSÉ MANUEL GOLPE ACUÑA: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Temos hoxe nesta Cámara outra consecuencia, outro exemplo máis dunha estratexia que o Partido Popular leva anos aplicando en materia eólica. Permítanme que me cinga ao aspecto eólico que estamos tratando hoxe, porque así estaba formulada esta iniciativa do Partido Popular no inicio, aínda que logo na súa autoemenda meteron tamén o da discapacidade e a igualdade. Unha estratexia que non é un episodio illado, senón unha forma de gobernar no sector eólico que nos trae hoxe ata aquí. Toda a seguridade e todo o rigor do Partido Popular, tanto no eido lexislativo como no eido formal, reflectido nunha iniciativa. Por certo, que eu creo que é extemporáneo o que estamos debatendo hoxe aquí; (*O deputado José Manuel Golpe Acuña amosa unha captura de pantalla.*) ou, se non, non sei a que obedece este anuncio oficial da páxina web da Xunta onde di que xa se están personando contra a decisión do Goberno de meter no Tribunal Constitucional este asunto da Lei de acompañamento do ano 2025.

Aquí o único que se vén buscar hoxe —como acaba de quedar patente— é ese titular de «que mal nos trata Sánchez». Non imos ser nós quen neguemos o autogoberno. De feito, esa «N» do BNG que aparece nas nosas siglas é «nacionalista». (*Aplausos.*) Non lles vou explicar o que quere dicir nacionalismo; o que si, comínoos a que recollan aquela intervención maxistratral de Olalla Rodil de «Nacionalismo galego para *dummies*», que creo que é moi aproveitable en calquera momento da historia.

Evidentemente, defendemos o autogoberno. Pero, señor Pazos, jai se vostedes gobernasen! Porque, se falaba das inxerencias do Estado en materia enerxética, hai un marco que non podemos esquecer. Non podemos esquecer que hai unha lei básica do sector eléctrico, que é a Lei 24/2013. Esta lei, impulsada e aprobada polo Goberno do Partido Popular, blindou que toda a instalación eléctrica da xeración dos máis de 50 megavatios fose da competencia exclusiva do Estado. É dicir, foi o Partido Popular quen decidiu que en Galiza non se puidesen tramitar proxectos eólicos de gran tamaño; foi quen recentralizou aínda máis o poder no Estado central e quen puxo ese teito de 50 megavatios que hoxe limita o autogoberno efectivo



neste ámbito. Se hoxe hai un marco estatal que condiciona fortemente o que podemos facer dende Galiza en boa medida é porque o Partido Popular en Madrid quixo ese modelo. Foron vostedes e ninguén máis os que propiciaron esta situación, e fixérono cun presidente do Estado galego. ¡Manda truco! O burro falando de orellas.

Por certo, esa mesma lei foi a que provocou que no ano 2020 as galegas e os galegos pagásemos a factura da luz máis gravosa de todo o Estado pola aplicación do artigo 16 desde a propia Lei 24/2013. Dáse o paradoxo dun país excedente en enerxía eléctrica que conta hoxe en día con case 300.000 persoas en vulnerabilidade enerxética e que tivo que pagar a luz máis cara do Estado grazas á tradición lexislativa do Partido Popular en Madrid. E agora pretenden vir aquí e facerse as vítimas, cando foron vostedes quen lle puxeron o cadeado á capacidade de decisión galega do sector eléctrico. Esa é a súa coherencia, señorías do Partido Popular.

No plano galego, o patrón repítese: en lugar de planificar con visión de país, de dotarnos dunha lei e dun programa específico sólido, o Partido Popular vai actuando a chimpos, a base de retoques, de parches; sempre ao ditado do oligopolio enerxético. Durante anos autorizáronse parques eólicos nun marco normativo feble, segundo a planificación sectorial que integrase xeración e rede; sen avaliar ben os efectos acumulativos, sen ordenar o territorio con rigor e sen garantir a participación social nin beneficios locais reais. E o resultado vémolos hoxe nos autos de sentenzas dos tribunais: 93 proxectos paralizados provocados por esta situación, un escenario de incerteza onde hai entre 2,5 e 3 xigavattios de potencia paralizada conxelados nos xulgados. E esta situación non é consecuencia dunha decisión caprichosa dun xuíz, nin unha conspiración abstracta contra a Galiza; é un reflexo dunha política pública mal feita, cunha Administración que avanzou proxectos e avaliacións que non soportan a mínima exixencia xurídica e ambiental. E non lles boten a culpa aos técnicos, non se escuden vostedes nos técnicos; os técnicos avalían o que a norma di e vostedes son os que fan a norma e vostedes son os que aprobou a norma.

E, no medio desta crise, en lugar de promover unha reforma integral seria da Lei do sector eólico ou do Plan eólico, o que fai a Xunta é introducir cambios en sucesivas leis de medidas fiscais e administrativas pola vía do acompañamento a toda présa cada mes de decembro. Isto xa é un clásico, como aquel anuncio de turrón, de «*vuelve a casa por Navidad*». Pois, coa mesma cadencia, cada Nadal van caendo sucesivas reformas do sector eólico. Nesta ocasión estamos debatendo as modificacións que afectan a Lei de acompañamento do ano 2025, pero a de 2026 tampouco queda atrás. O feito de facer compatible a instalación de eólicos de 200 metros de altura coas directrices da paisaxe de Galiza non pode quedar como unha simple anécdota. Isto é outro parche máis, outro mensaxe máis cara ao lobby eléctrico, que dende aquí se vai movendo a norma en función das necesidades de cada momento. E, outra vez máis, o resultado segue sendo o mesmo: inseguridade xurídica e choque cos tribunais.

Hai outro exemplo recente desta forma de facer que afecta directamente o territorio: a modificación do canon eólico que entrou en vigor o pasado 1 de xaneiro. Xa o trouxemos a este mesmo Parlamento na anterior sesión, hai quince días, onde puxemos de relevo que, aló onde se reduza o número de máquinas, mantendo ou incrementando a potencia, vai haber unha redución do canon eólico dun setenta por cento. Póñense vostedes a capa verde do *greenwas-*



hing, aireando a repotenciación como o grande adaíl da ecoloxía, pero a Administración local perde capacidade económica coas súas medidas. Ao mesmo tempo, nós poñemos en valor o que fixo o noso compañeiro en Muras, ese concello de 600 habitantes, que foi quen de arrincar un acordo con Iberdrola para poñer os beneficios do vento do seu concello a carón da veciñanza, a través de bonificacións da factura da luz e outros mecanismos de retorno. E non me podo conter en lembrarlles que, xusto nese mesmo debate, o portavoz de enerxía do Partido Popular nesta mesma tribuna puxo en valor ou gabouse dese parque eólico Arno, que se aco-llía á Lei de beneficios do territorio, que ía deixar non sei cantos beneficios nos concellos por onde pasaba... Pero ao día seguinte, 24 horas despois, nos medios de comunicación estaba o alcalde da Pastoriza dicindo que el diso non sabía nada e que el quería para o seu concello o mesmo que tiña Muras. *(Aplausos.)* ¡Son vostedes malos ata para os seus! O sinal político é moi claro: quen manda aquí é o oligopolio, o dos concellos é o de menos. *(Aplausos.)*

Tampouco me vou resistir a lembrarlles algo que tamén dixo agora a señora Iglesias: ese chiringuito —que xa lle podemos chamar «chiringuito» a Recursos de Galicia— que só nos enteramos a través da nota de prensa do que fan e deixan de facer ou das intencións que teñen e que agora se dedica a comprar activos eólicos amortizados, que o podemos cualificar tamén como «chatarra eólica». E aquela comercializadora que aquí mesmo se gabou a conselleira de que nos ía baixar a factura a todas as galegas e aos galegos, que non está. ¿Onde está esa comercializadora revolucionaria? ¿Existe? ¿Opera?

Fronte a este modelo do Partido Popular, o BNG ten claro cal debe ser o camiño. Defendemos un modelo eólico baseado na intervención pública, na planificación ao longo prazo e na xeración do valor engadido para Galiza. Iso significa unha lei específica de ordenación eólica debatida con luz e taquígrafos, e non pola porta de atrás a través de leis de acompañamento; participación pública directa en proxectos estratéxicos; un sistema de beneficios territoriais robusto, que vaia máis alá das migallas que agora quedan do canon eólico. Podemos coller, por exemplo, Muras, non pasa nada por iso, pero pódese incluso estender e mellorar. E unha aposta decidida por desenvolver un sector eólico propio dende a industria, con servizos avanzados e cunha cadea de valor cun I+D+i dende o deseño de novos equipos ata a desutilización, operación e mantemento, almacenamento e integración das renovábeis no sistema. E todo iso, si, con seguridade xurídica, con boa técnica lexislativa, sen regalar recursos xudiciais en bandexa, sen construír monstros normativos que logo os tribunais teñen que desmontar.

Esta iniciativa que hoxe trae o Partido Popular non resolve nada, porque non afronta as causas profundas da parálise, porque é unha peza máis na estratexia. Como dixen antes, non é máis que buscar ese titular de que «*que malo es Pedro Sánchez, mira que mal nos trata*», dito expresamente polo portavoz do Partido Popular. Se queren falar en serio de ordenación eólica, deixen de usar leis de acompañamento; se vostedes queren falar en serio de beneficios sociais, rectifiquen o canon eólico e deixen de castigar os concellos que soportan as repotenciacións. Se queren falar en serio de participación pública, abandonen os chiringuitos como Recursos de Galiza de compra de chatarra eólica e aposten por unha intervención directa da Xunta nos proxectos.

O BNG está disposto a traballar nun modelo eólico galego, público e democrático, socialmente xusto e tecnoloxicamente avanzado. O que non imos facer é avalar máis par-



ches que nos conducen unha e outra vez ao mesmo sitio: á inseguridade xurídica, ao conflito e á parálise.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Pazos.

JOSÉ ALBERTO PAZOS CUÑAGO: Señorías, a verdade é que escoitei con moita atención as súas intervencións, como me gustaría poder dicir que fixeron vostedes o mesmo coa miña.

Porque non, señor Iglesias, eu non botei aquí sete minutos falando de Pedro Sánchez. Igual botei sete minutos falando dos agravios a Galicia nos cales incorreu o señor Sánchez. (*Aplausos.*) ¡Iso si, iso si!, pero non confunda, non confunda. De todo o que eu falei de Pedro Sánchez, ¡todo! foi directamente relacionado con esta terra e co maltrato que nos están infrinxindo.

A min hai unha cousa que non me acaba de quedar clara do seu posicionamento. A lei é moi mala e, se é tan mala, ¿por que a copian? É que non o explicaron. Non se pode mesturar discapacidade e dependencia, pero vostedes recoñecen automaticamente o 65 por cento de dependencia co recoñecemento da discapacidade... ¿Como se come isto?

Mire, agora, o que non podo admitir é que fale vostede de calidade lexislativa —¡vostede non!— e que vostede veña criticar o uso aquí que facemos da Lei de acompañamento. É certo que o Partido Socialista no Estado non presenta a Lei de acompañamento, entre outras cousas porque ¡levan tres anos sen presentar a Lei de orzamentos!, pero é que fale de calidade orzamentaria o partido que aprobou 168 reais decretos lei desde que chegou ao Goberno —récor total—, pois é unha especie de broma.

¡E non!, quérolle aclarar tamén que non criticamos o Tribunal Constitucional; o que criticamos é que vostedes teñan colonizado o Tribunal Constitucional, nomeando persoas con carné político do Partido Socialista Obreiro Español, ministros e membros do gabinete do propio goberno para que, efectivamente, introduzan un claro nesgo socialista no Tribunal Constitucional, que debería ser de todos. Isto é o que fan en, absolutamente, todas as institucións, señoría.

Mire, falou do bloque de constitucionalidade. ¡Home, eu, en fin!..., na miña condición de letrado creo que algo sei, pero igual me pode ilustrar vostede. Mire, ¿como é de inconstitucional esta lei que recorreron?: ¿é tan inconstitucional como aquela amnistía sobre a cal dicían vostedes que non cabía na Constitución?; ou ¿é tan inconstitucional como a cesión da xestión de parte da caixa da Seguridade Social sobre a que dicían vostedes que non cabía na Constitución?; ou ¿igual como a cesión de Rodalies que fixeron a Cataluña sobre a cal dicían vostedes que non cabía na Constitución?; ou ¿talvez como a cesión da competencia de inmigración, que non cabía na Constitución, pero que agora están negociando cos seus socios de Junts? Outra vez, tan inconstitucional como non presentar a Lei de orzamentos durante tres



anos consecutivos, contravindo directamente o mandato constitucional. *(Aplausos.)* Vostedes confunden a Constitución coa lei do embudo; je non é! E o peor é que a Galicia sempre lle toca a parte estreita, señoría.

Mire, señor Golpe, eu laméntoo moito, ¿eh?, pero non sei se o «N», de «Nacionalista», é do «BNG» ou de «Negacionista» porque entendo que van votar, unha vez máis, que non. Pregúntese vostede que pasaría se gobernase o PP. Pois non sei: verémolo cando governe...; jé que gobernan os seus socios e gobernan con vostedes!, e o que estamos sufrindo se está sufrindo coa aquiescencia do BNG.

¡Por certo!, o Goberno do PP, de Mariano Rajoy, tiña un criterio. Vostede pode compartilo ou non, pero tiña un criterio; e ese criterio era para toda España, que non é o que está acontecendo... En todo caso, creo que non se enterou ou non prestou atención á miña intervención porque, neste caso, quen coinciden plenamente na defensa dos intereses, diso que vostede chama «o oligopolio», é o BNG e o Partido Socialista. O oligopolio está batendo palmas polo recurso que interpuxo o señor Sánchez en contra do criterio da Xunta, que está defendendo os intereses dos galegos. Polo tanto, ¡home!, imos ser un pouco serios.

Evidentemente, nós imos seguir desenvolvendo a planificación eólica con seriedade e progresivamente; o da maxia deixámolo para vostedes. Como están vostedes con esta teima de protexer o territorio, eu creo que hai datos que hai que dar porque igual a xente queda con dúbidas. Miren, falan vostedes de protexer o territorio e de que non abran parques en Rede Natura. En quince anos, o Goberno que sustenta este grupo parlamentario, ¿sabe cantos parques abriu en Rede Natura? ¡Ningún! *(Murmurios.)* ¡Bueno, home!, xa sei que lles parecen poucos. *(O deputado José Alberto Pazos Couñago sinala para a bancada da oposición.)* Evidentemente vostedes en catro anos de goberno do Bipartito abriron *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡cinco parques eólicos *(Aplausos.)* *(O deputado José Alberto Pazos Couñago representa o número 5 coa man.)* en Rede Natura! *(Aplausos.)* — ¡cinco! —.

¡Non, non, non...! Pasaban por alí, ¡claro! É que vostedes no Goberno non gobernan, pasan por alí! *(Murmurios.)*

Mire, en todo caso, eu, efectivamente...,

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: ...estou aquí para defender a postura do Goberno e da mellor conselleira de Industria que xamais tivo Galicia..., *(Murmurios.)* ¡que non o dixen eu, que non o dixen eu!; iso díxoo un presidente provincial dun partido —que non era o meu— que se parece bastante a ese no cal vostede, ata onde sei, non milita.

Entón, eu agradecería que, no futuro, este tipo de coitas, se lles doen ese tipo de afirmacións, ¡home! pois o sustenten ou o solventen vostedes nas interioridades das súas sedes porque, facelo aquí, en fin...,

O PRESIDENTE: ¿Sobre as emendas?



JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: ...creo que é unha evidencia de que vostede se equivocou de ventanilla.

O PRESIDENTE: Non acepta as emendas, ¿ou si?

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: Evidentemente, imos manter íntegra...

O PRESIDENTE: Non, non as acepta, vale.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: ...a nosa emenda e a nosa proposta...

O PRESIDENTE: Grazas, grazas...

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: ...para que teñan as súas señorías ocasión de pronunciarse.

O PRESIDENTE: Moi ben, grazas.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: Máis nada. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Seguimos.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Raquel Arias Rodríguez e oito deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa aplicación e a dotación orzamentaria da Lei ELA

O PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da súa deputada Silvia Longueira Castro, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Dotar de persoal técnico para que axilice o recoñecemento do novo grao de dependencia extrema, Grao III+ para percibir as prestacións económicas e as axudas que derivan do real decreto lei de novembro de 2025 no que o Goberno de España destinou 500 millóns de euros para reforzar o sistema da dependencia.

2. Que demande ao Goberno de España a blindaxe anual de fondos finalistas para aos afectados da ELA de xeito que vexan cubertos as súas necesidades de coidados e acompañamento.



3. *Que forme, de xeito inmediato, ao persoal asistente aos enfermos de ELA para que poidan ser efectivos os coidados na contorna familiar.*

4. *Que faga efectivo que os familiares coidadores de enfermos de ELA manteñan a base de cotización da súa anterior ocupación e sexan colectivo de atención laboral prioritaria, tal e como recolle o Real decreto lei de 2025.*

5. *Que a prestación concedida sexa de carácter retroactivo coa fin de sufragar os custos iniciais do inicio da enfermidade.»)*

O PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Arias.

RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Hai exactamente oito meses, o pasado 10 de xuño, pediamos neste Parlamento que o Estado cumprise a Lei ELA, aprobada por unanimidade en outubro do ano 2024. Daquela, Susi Seoane, presidenta da Asociación Galega de Enfermos de ELA, a Agaela, que nos acompañaba neste hemiciclo, xunto con outros enfermos e familiares, pasábame unha nota para que, no seu nome, a lese perante vostedes.

Hoxe repito parte das súas palabras, que se manteñen en plena actualidade. Decía: «Os enfermos de toda España estamos a agardar, sen tempo que perder, a implementación completa e urxente da Lei ELA, que, coa aprobación unánime no Congreso dos Deputados o 30 de outubro de 2024, parecía anunciar o principio da fin da nosa angustia, co financiamento prometido, cos recursos necesarios e cos procedementos áxiles e imprescindibles para os enfermos de ELA». E remataba: «Escoiten a nosa voz; fágano antes de que para un só enfermo máis sexa demasiado tarde». Susi deixounos hai apenas dúas semanas, o pasado 28 de xaneiro, sen ver cumprido o seu soño.

E eu sei que todo o hemiciclo —todo— ten para ela palabras de sentimento, de agarimo, de recoñecemento e de admiración pola súa loita serea pero imparable, contundente pero afaible, incluso alegre mentres o seu corpo se apagaba. (*Aplausos.*) A súa loita —digo— foi para que se avance na investigación sobre a ELA e para que, mentres, os enfermos poidan ser coidados e vivir e morrer con dignidade.

Ese mesmo afecto a Susi ten que ser tamén un compromiso firme coa súa loita e con todos e cada un dos preto de catro mil cincocentos enfermos, anónimos ou coñecidos, para que todas as medidas incluídas na Lei ELA, aprobada hai dezaseis meses, cheguen xa e cheguen a todos e cada un dos doentes e das súas familias, porque, para quen conviven con esta enfermidade o tempo non é un concepto abstracto, é urxente e é limitado.

E así o entende a Xunta de Galicia, que foi a continúa sendo pioneira en axudas a dereitos para os enfermos de ELA. Ningunha comunidade —ningunha comunidade— ten capacidade para afrontar en solitario a atención que estes enfermos e as súas familias precisan; por iso pedimos, unha vez máis, que o Goberno estatal cumpra a Lei ELA. (*Aplausos.*)



Polo que respecta a Galicia, esta —xa o dicía— foi a primeira comunidade dende que, hai xa catro anos, se dese unha axuda directa anual de 12.000 euros a todos os enfermos diagnosticados de ELA ou dos seus fenotipos, cun orzamento de 3 millóns de euros para atender os arredor de douscentos afectados; son 12.000 euros, que non resolven as moitas necesidades que teñen no seu día a día, pero que son un apoio importante porque lles permiten comprar produtos de primeira necesidade, material ortopédico, facer obras de adaptación etcétera. E logo da escoita dos afectados, na Lei de acompañamento dos orzamentos deste ano 2026, a Xunta recolleu a exención fiscal destas axudas para que todo poida ser utilizado.

Xa fomos pioneiros en 2018 ao crear o Proceso asistencial integrado de esclerose lateral amiotrófica. Ao amparo deste procedemento de actuación, buscou axilizar a atención establecendo vías rápidas, a nivel sanitario, para axilizar o diagnóstico e, a nivel social, para a tramitación da dependencia e da discapacidade. Aos pacientes con ELA en Galicia recoñécenos o grao máximo de dependencia de forma automática.

Pero —como dicía— as axudas que precisan os enfermos de ELA e as súas familias non se poden abarcar dende unha comunidade unicamente porque é unha enfermidade de evolución moi rápida, o nivel de dependencia é moi alto e a atención de 24 horas e todos os servizos, adaptacións de mobiliario ou ventilación que precisan teñen uns custos elevadísimos. As axudas para a ELA non son un luxo, son esenciais para que os enfermos e as súas familias sobreviván con dignidade; por iso resulta indignante a insensibilidade dun Goberno, en Madrid, que, primeiro, tardou tres anos en tramitar a lei que, finalmente, aprobou o 10 de outubro de 2024 por unanimidade no Congreso e o día 1 de novembro entrou en vigor, sen financiamento e sen mecanismos de aplicación, isto é, o que vén sendo unha burla para os doentes.

En xuño do ano 2025, o Goberno lanzou un plan de choque de 10 millóns de euros, pero o Ministerio de Sanidade, que aportaría os cartos, e o de Dereitos Sociais, que aplicaría as medidas, non se puxeron de acordo, e os cartos e, polo tanto, os servizos, non chegaron nunca aos enfermos. O 19 de novembro de 2025, o Congreso convalidou o Real decreto que desenvolve a Lei ELA e que aporta 500 millóns de euros; pero, unha vez máis, Sánchez fixo trampas, e eses 500 millóns non son fondos exclusivos para os enfermos de ELA, senón que se inclúen no Sistema de dependencia e contemplan que o Estado financie as medidas co cincuenta por cento e as comunidades co outro cincuenta. Proponse, ademais, crear o Grao III+, que implica que os doentes teñan que someterse a unha nova valoración e que as achegas se concedan aos doentes na fase máis avanzada da enfermidade, discriminando o resto dos afectados. As achegas son así, tan restritivas, que só chegan ao cinco por cento dos doentes.

Todo iso demostra unha falta de sensibilidade arrepiante por parte do Goberno, dun goberno que se definía como o máis social da historia. Os pacientes de ELA e as súas familias non buscan ser heroes, non buscan aplausos de afouteza, senón que buscan recoñecemento da situación, buscan garantía do dereito a recibir coidados e buscan asegurar a inclusión social.

Por iso, con esta iniciativa pedimos que o Goberno español asine unha dotación específica para facer efectivos, de maneira inmediata, os dereitos recoñecidos pola lei e que a aplicación desta lei teña carácter retroactivo dende a súa entrada en vigor. Porque, señorías, ¿de que



serve aprobar unha lei, se non se dota de orzamentos?; ¿de que serve recoñecer dereitos que non se financian?; ¿de que serve a unanimidade no Congreso, se o Goberno non pon os cartos necesarios?

Señorías, unha lei sen orzamentos non é unha lei, é unha ficción política, é propaganda e é unha burla.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Longueira.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Non é a primeira vez que neste Pleno —nin neste Pleno nin na Comisión 5ª— facemos un recoñecemento, un recoñecemento de verdade, ao bo facer do director xeral de Maiores, que é o señor Antón Acevedo, e á determinación persoal que o levou a realizar unha liña prioritaria para os afectados da ELA en Galicia. Recoñecémolo —como dicía— en varias ocasións, sabendo tamén que este tipo de proezas da Administración acontecen porque hai persoas que se involucran de xeito directo sobre un tema, e isto foi o que fixo o señor Acevedo: involucrarse directamente neste tema. Por suposto, estamos moi agradecidos polo seu traballo. É un técnico exemplar dentro da Consellería, así que eu xa lles dixen algunha vez máis que, inclusive, se vostedes lle encargan un plan estratéxico, estou segura de que este home llelo fai, que llelo fai á medida e que o fai con toda a positividade, con toda a profesionalidade que o caracteriza.

Entón, diciamos que na última comparecencia que tivemos aquí xa se falou de Susi, e tamén queremos mandar desde o PSdeG todo o noso agarimo á familia e aos que a acompañaban naquel momento.

Na última vez que estiveron aquí os enfermos de ELA, eu creo que fomos claros e honestos, porque isto non é un tema baladí, por suposto, nin é un tema onde un pode xogar coa sensibilidade humana. Son seres humanos que teñen unha enfermidade cruel e a vida contada, así que incluso hoxe me parece que estamos —se me permiten— xogando con esa sensibilidade, porque todos sabemos que estes temas, cando afectan dunha maneira tan directa, poden ter o apoio e a resolución de todos os que estamos aquí, pero non é necesario facer esta exhibición pública —eu creo— do mal ou ben que o está facendo o Goberno de España, porque eu recoñezo e recoñecín que, se ben é certo que o Partido Socialista lle deu para adiante a esta lei e acadou unha unanimidade no Congreso dos Deputados, o certo é que esta non está á altura. Díxeno naquel momento e vóltoo dicir hoxe, así que, dentro disto, non van encontrar ningunha renuncia por parte do PSdeG con respecto a esta lei. Pero tamén volto dicir: puxo no mapa o que lles preocupa a boa parte dunha xente..., familiares, pacientes que están cos días contados e coa vida contada.



Dicía que fomos honestos, e seguímolo sendo, en recoñecer que a situación da ELA, malia a Lei, que foi levada —como dicía— ao Parlamento polo Partido Socialista e aprobada por unanimidade, non avanza todo o rápido que quixeríamos, porque a política tamén ten isto, frustracións. E eu creo que vostedes sábeno moi ben ademais. Aínda que conseguimos que este ano estes 500 millóns vaian moito máis alá da dependencia —saben vostedes perfectamente que van en boa medida a paliar especificamente os enfermos da ELA— sabemos que non é suficiente, e, a pesar disto, queremos insistir en que desde Galicia, por suposto, o noso portavoz, José Ramón Gómez Besteiro, está absolutamente comprometido con reclamar en Madrid as veces que faga falta o financiamento suficiente para que os pacientes e as familias teñan o apoio nese tránsito que é cruel, no acto de tránsito cruel que supón a enfermidade. (Aplausos.)

Dito isto, o PSOE, o Partido Socialista, ¿promoveu a Lei ELA? Si, promoveu a Lei ELA. ¿Precisamos seguir exixindo ao Goberno de España, a Pedro Sánchez, máis cartos e dereitos? Si, precisamos seguir exixindo. E, aquí, preguntamos outra cousa: ¿temos a necesidade de contar en Galicia cun goberno como o do Partido Popular que usa estas cuestións para facer política? Eu creo que non, eu creo que non. E vostedes tiveron na man, polo menos, unha pequena parte para paliar este problema —polo menos, unha pequena parte— cando rexeitaron a quitación da débeda, por exemplo. ¿Por que non se pensou nisto, sabendo que —sendo honestos— o Goberno de España non dá chegado aquí?, ¿por que non se pensou nisto? ¿Por que non falaram con nós, con todos, e fixemos unha fronte común fronte a isto? ¿Por que é necesario traer isto hoxe aquí cando saben perfectamente que nos terían ao seu lado e nos teñen ao seu lado para pelexar polo que é de recibo, de lei e de xustiza para estas persoas que teñen a vida contada?

Entón, eu pregúntome se esta honestidade que temos á hora de dicir que non estamos á altura politicamente con respecto á Lei ELA a teñen vostedes para non manipular, sabendo que poden acadar os cartos doutro lado para facer posible este tránsito cruel desta enfermidade. ¿Son vostedes honestos co que traen hoxe aquí? Porque eu creo que non o son, eu creo que non o son. E poño por diante que Galicia foi a primeira... Iso que vostedes din de que somos pioneiros..., pois home, ¡neste caso é verdade! Foron vostedes os primeiros en ter unha liña exclusiva para paliar e para axudar estes enfermos grazas a ese bo xestor que teñen na Consellería de Política Social. Pero vanme permitir: todo isto acaban de botalo pola borda cando tratan de facer disto política de segunda. Porque non hai máis que o que eu lles poida traer aquí; non hai máis que o esforzo que estamos facendo para que se nos escoite, non desde Galicia, senón desde outras comunidades autónomas, para que poidamos seguir con esta lei aos máximos posibles, non aos mínimos. Pero —volto dicir— son vostedes perfectamente coñecedores de que a política tamén ten un halo de frustración, e, cando isto acontece, hai que ser honestos e non tratar de envolver a situación en algo que todos, da man, puidemos resolver doutro xeito.

E, por tal motivo, fixemos unha serie de emendas onde tratamos de aclarar non só que estamos para blindar esas achegas que teñen que vir dunha forma evidentemente urxente e *per se* para toda a vida con respecto aos enfermos de ELA, senón tamén todo aquilo que atinxe as familias, como son os trámites —que hai que aceleralos— ou como é a formación dos sanitarios que teñen que coidar as persoas con ELA, que saben vostedes perfectamente que



son persoal sanitario ou sociosanitario que ten que ter unha formación específica. Todo isto é o que poñemos aquí nestas emendas, para tratar de acadar entre todos o máximo posible dentro das circunstancias que temos. E volto repetir: coa honestidade do PSdeG enriba da mesa recoñecendo que chegamos tarde e que chegamos como podemos, pero non á altura das circunstancias, con esta lei.

E, entón, eu querría que —polo menos, neste sentido— puidésemos ter este acordo; deixar aquí esta cuestión e traballala no sentido en que hai que traballala, porque eu non me atrevo a dicir que sexa unha cuestión de Estado; é unha cuestión de persoas, e entendo que a altura política dos que estamos aquí tería que ser moito máis alta que a de vir a un pleno recordar ou dicir intimidades ou dicir outro tipo de cuestións que —volto repetir— son a frustración política de non poder estar á altura das circunstancias ás que nos leva a Lei ELA.

Polo demais, tamén quixera recordarlle unha cousa, señora Arias, porque non tiven a oportunidade de rematar antes co tema da Fegamp e do SAF, con todas as contías que se fan de axuda do SAF. Vostede falou aquí naquel momento de que o señor Torrado fixera unha serie de intervencións sobre o BNG, pero o que non dixo foi as intervencións que fixo sobre o Partido Popular. O que dixo, efectivamente —e vostede aquí non o recolleu—, foi que a Xunta recoñeceu unha evidencia: que levaba anos quitándolles aos concellos o que era deles. Así que, agora que xa o recoñeceron, recoñezan non só os 17 euros que van saír a partir de agora; retrotraian eses dezasete euros, igual que exixen que o Estado teña que retrotraer o resto.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Carreira.

IRIA CARREIRA PAZOS: Grazas, presidente.

Moi boa tarde.

Non é a primeira vez que debatemos neste Parlamento sobre a ELA, sobre a esclerose lateral amiotrófica, unha enfermidade dura e cruel sen posibilidade de curación actualmente e que é a enfermidade neurodexenerativa máis común despois do alzhéimer e o párkinson, pero que, por mor da súa elevada mortalidade, non ten un número de persoas afectadas tan elevado. É unha enfermidade tan prevalente que cada día se diagnostican tres novos casos no Estado. É unha enfermidade cun curso agresivo e no que o 90 por cento das pacientes non ten unha causa coñecida nin tampouco un factor de risco claro, salvo a idade e certas alteracións xenéticas que están descritas.

A idade, precisamente, é a que permite estimar que, dado o envellecemento da poboación, as cifras de persoas afectadas pola ELA se van incrementar nos vindeiros anos de xeito notorio. É dicir, se hoxe temos xa un reto importante, este reto vaise agrandar máis de cara ao futuro, e a atención ás persoas afectadas pola ELA ten que contemplar todas as vertentes. Ten que levar consigo unha aposta clara pola investigación para avanzar no coñecemento



das causas da enfermidade, na súa prevención e tamén no seu tratamento, e para mellorar a supervivencia e a calidade de vida das pacientes. Ten que traer consigo un sistema sanitario forte, multidisciplinar, que poida dar resposta a todas as necesidades destas pacientes, porque non só falamos dunha grave afectación muscular, senón tamén de que é unha enfermidade que leva consigo asociadas alteracións cognitivas, emocionais ou condutuais presentes en máis da metade dos casos. E ten que supor tamén un sistema de coidados e de atención á dependencia que garanta a mellor calidade posible, a maior independencia e os mellores coidados unha vez que estas persoas precisan asistencia.

A investigación é chave para, como primeiro paso, lograr cronificar esta enfermidade, garantindo a calidade de vida das pacientes, e camiñar cara a terapias que a poidan chegar a erradicar; unha investigación como a que abriu un horizonte esperanzador no ano pasado cando se aprobou un novo tratamento por parte do Ministerio de Sanidade que axuda a preservar a función neuronal e a ralentizar a progresión da enfermidade en certas pacientes. E, neste senso, para garantir os dereitos destas pacientes, a aprobación da Lei ELA foi un fito significativo, mais, como todas as leis, esta lei ten que deixar de ser unha enumeración de propósitos, unha declaración de intencións, e ten que materializarse en medidas concretas e nun orzamento que lle dea resposta ás necesidades da poboación.

Desde o BNG, imos apoiar que o Goberno central poña enriba da mesa o financiamento que lle corresponde en calquera cuestión, comezando por demandar un cambio no sistema de financiamento que lle permita a Galiza ter a chave dos seus cartos e a capacidade de desenvolver o seu autogoberno, mais tamén cuestións concretas, como sucede no caso da dependencia.

Desde o BNG, levamos tempo denunciando que o Goberno estatal tiña que financiar o 50 por cento da Lei da dependencia, como lle corresponde; demandámolo cando gobernaba un tal M. Rajoy e demandámolo agora. E reiterouno a señora Rodil esta mañá a pesar de que vostedes, despois, as señorías do Partido Popular, votaron en contra desa demanda. E xa llelo temos dito noutras ocasións: nós valoramos positivamente as axudas de 12.000 euros que a Xunta de Galiza puxo en marcha para enfrontar o diagnóstico das pacientes con ELA, e valoramos positivamente o Real decreto 11/2025 e a súa aprobación unánime. Valoramos esa aprobación dunhas axudas de 10.000 euros mensuais para o apoio en cuestións tan básicas e esenciais como poderen alimentarse, mais tamén noutras cuestións esenciais como a rehabilitación e a fisioterapia, tanto en centros sanitarios como no domicilio. A fisioterapia é unha especialidade sanitaria fundamental para todas estas pacientes e absolutamente minoritaria no noso sistema sanitario público. Estas axudas económicas —todas estas—, tanto do Goberno galego como do Goberno central, valorámolas positivamente mais non son suficientes, porque necesitamos seguir fortalecendo os sistemas públicos: o sistema sanitario público, a investigación pública e o sistema público de coidados.

Volvo poñer enriba da mesa unha cuestión que xa temos remarcado en máis ocasións e que figura recollida na propia Lei de dependencia: a priorización de acceso a uns servizos profesionalizados fronte a bonos e axudas económicas, co obxectivo de garantir uns mellores coidados e un mellor benestar. Estes servizos de coidados deben de ser públicos e non anteponer o balance económico dunha empresa ao benestar e á vida de todas estas persoas, e



deben garantir a seguridade, as condicións laborais e os salarios dignos para todas as traballadoras. As axudas están ben, pero non poden substituír os servizos públicos, que teñen que dar resposta; axudas que despois se mostran cativas —por exemplo, no caso das emprendidas por parte da Xunta de Galiza— e que non permiten compatibilizar, precisamente, coa contratación dun servizo tan necesario como é o servizo de axuda no fogar. Sabemos que hai xente que queda fóra. Porque, ademais, o que non precisa, sen lugar a ningunha dúbida, ningunha persoa con ELA —nin tampouco con ningún tipo de dependencia— é ter que poñerse a buscar centros e servizos privados que lle presten a asistencia que debería ter garantida xa por parte do sistema público.

Desde o BNG imos defender sempre que se garantan os dereitos das pacientes con ELA e con enfermidades neurolóxicas irreversibles e os das súas familias, que se priorice a súa calidade de vida e, sobre todo, que se faga de xeito áxil e respondendo ás súas necesidades, porque se algo demostrou esta lei é a inhumanidade dun sistema que non é quen de ser útil para as persoas que máis o precisan, por mantelas atrapadas nun bucle burocrático infinito.

E non quero rematar esta intervención sen lembrar a figura de Susi Seoane e de todas as persoas con ELA, sobre todo de todas as que xa non están, que emprenderon unha loita incansable polos seus dereitos. Vai todo o recoñecemento e todo o agradecemento a todas elas, nomeadamente a Susi, por non se renderen, por non baixar os brazos e por seguir adiante para conquistar algo tan importante como que a lexislación recolla o que recolle no día de hoxe no caso da Lei ELA.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Arias.

RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señora Longueira, é unha pena que o PSOE tampouco estea á altura en algo tan grave como é na aportación de axudas aos enfermos da ELA; unha pena! (*Aplausos.*)

E, mire, si, si facemos política, porque facer política, señora Longueira, é buscar solucións aos problemas que teñen os cidadáns. ¿Que veu vostede hoxe defender aquí?, ¿que? Veu defender o indefendible e dicir non sei que, sen aportar absolutamente nada.

Mire, a súa emenda paréceme absolutamente improcedente, por ser suave, porque ¿que pretende vostede?, ¿eximir tamén o Goberno central das responsabilidades que ten con respecto ao cumprimento dunha lei aprobada? ¿É iso o que pretende? ¿Ou pretende saír de aquí dicindo que a Xunta non quere colaborar e que só o fai a título persoal? Porque, mire, se é iso o que pretende, fallou porque os enfermos de ELA e as súas familias saben que a Xunta é pioneira nas axudas á ELA. Galicia foi a primeira comunidade en dar axudas directas. Xa dixen que tamén agora mesmo están exentas fiscalmente e que dende o ano 2018 hai vías rápidas.



Claro que a Xunta está disposta a seguir axudando e a colaborar con todas as administracións, claro que si, pero é que, mire, hoxe non falamos diso. Hoxe falamos de que o Goberno de Sánchez tardou tres anos en tramitar unha lei, e aos afectados non lles quedaba tempo. Finalmente, esa lei aprobouse hai dezaseis meses, segue sen cartos e hoxe segue chegando só ao 5 por cento dos afectados. *(Aplausos.)* É diso do que estamos falando.

Porque, señorías, cumprir unha lei non é unha opción, non é unha cuestión ideolóxica, é unha obriga legal; e sobre todo para os enfermos de ELA é unha obriga moral, é unha cuestión de xustiza e é unha cuestión de humanidade, porque cada atraso ten consecuencias reais para persoas concretas, para fogares que viven cada día coa urxencia que impón esta enfermidade. Cada día de atraso, señora Longueira, ten nome e apelidos e tamén ten familias detrás que se desgastan e se resisten porque non poden máis.

Por iso, señora Longueira, doe ver como o Goberno de Sánchez —que se dicía o máis social da historia— se converte nun goberno cruel e insensible cos dereitos dos dependentes, das persoas con discapacidade e das persoas con enfermidades, que necesitan urxentemente a súa axuda; doe moito, señorías. Doe ver o que fan coa dependencia, o que fan recorrendo ese decreto, que é un avance para que a xente poida ter antes a dependencia e poida ter os servizos, e doe tamén que o Bloque vaia acompañando cada vez que o PSOE de Sánchez nos fai dano a Galicia e aos galegos e nos discrimina.

Miren, señorías, eu hoxe pídolles a todos os deputados, a todos, responsabilidade e compromiso, non só votando aquí a favor desta iniciativa, senón exixindo en Madrid, porque, cando falamos da Lei ELA, non falamos de futuro, falamos de presente, dun presente urxente.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa do deputado Aitor Bouza Manso e da deputada Silvia Longueira Castro, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que realice unha avaliación urxente da dotación actual de profesorado de pedagogía terapéutica (PT) e audición e linguaxe (AL) e dos coidadores e coidadoras nos centros educativos públicos

O PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Bouza.

AITOR BOUZA MANSO: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Hoxe non quería comezar a miña intervención sen condenar o absoluto ataque, a absoluta agresión homófoba que houbo nestes días; *(O deputado Aitor Bouza Manso mostra unha fotografía.)* unha imaxe que demostra algo que está a pasar na propia sociedade que vivimos e



que pasa cando se incentiva o odio, a intolerancia. Polo tanto, hoxe quería comezar a miña intervención condenando este brutal ataque polo simple feito de que un home lle mostre amor a outro home, neste caso, nun campo de fútbol. (*Aplausos*.) Polo tanto, vaia dende aquí o recoñecemento a toda ese traballo que se fai por parte dos colectivos e tamén da sociedade na reivindicación dunha sociedade igualitaria.

E hoxe, xustamente con isto, demóstrase algo importante: a importancia que ten a educación en valores, a educación inclusiva. Pero tamén me gustaría, antes de entrar en materia, facer unha apreciación respecto da educación en igualdade. Hoxe pola mañá falouse neste Parlamento dunha cuestión que a min non me parece menor e que si quero valorar, porque vai ao fío do que estamos hoxe falando. Falábase do termo médico para referirse ás mulleres. Eu, a verdade é que, como non sei do tema, acudín a quen si sabe do tema, que é a Real Academia Galega, e de repente puxen «médica», e di: «substantivo feminino; persoa que rematou a carreira de medicina e obtivo o título correspondente». Polo tanto, pídolles, señorías do PP, que repitan comigo que a ministra de Sanidade é médica, porque a educación en valores é moi importante. Vostede pode ser o que queira, pero realmente non faltemos ao importantísimo avance. Despois éncheselles a boca falando de igualdade ou de feminismo, pero tampouco é igualdade nin feminismo invisibilizar as mulleres, porque realmente o único neutro que houbo foi realmente esa falta de compromiso coa igualdade. E, por iso, a educación inclusiva da que hoxe falamos, esa educación en valores e tamén esa educación en igualdade, é tan importante.

Dicía que, por desgraza, estamos de novo a falar dunha cuestión que non é nova, dunha cuestión que xa trouxemos a este Parlamento dende o inicio do curso escolar, porque cinco meses despois, dende ese inicio, dende esa comparecencia do conselleiro —que dixo neste Parlamento que eran cuestións puntuais, que a falta de profesorado para atender as necesidades educativas era unha cuestión puntual—, temos que volver aquí, a este Parlamento, a esta tribuna, para reiterar o mesmo; temos que volver solicitar algo que xa debería facer a propia Xunta de Galicia. E, á parte —dígoo—, temos que solicitar algo que xa debería facer a Xunta de Galicia por propia lóxica, que é a avaliación urxente da dotación actual de profesorado de pedagogía terapéutica e de audición e linguaxe. ¿De verdade que é tanto o que pedimos, facer unha avaliación para poder corrixir todas esas eivas?

Pero todo ese traballo que a Xunta de Galicia non fixo, si o fixo a comunidade educativa, si o fixeron as ANPA de Galicia. Polo tanto, hoxe estamos aquí reivindicando algo que están a pedir as familias, que necesitan realmente que a Xunta de Galicia faga o seu traballo. E hoxe traemos aquí a reivindicación de tantos homes e mulleres que se manifestan día si e día tamén como pais e nais porque os seus fillos necesitan ter un profesor ou profesora que atenda as súas necesidades.

Temos un listado que podería completarse absolutamente con moitísimos centros máis, estou seguro, pero cinco meses despois de iniciar o curso escolar vemos que temos aquí máis de 50 centros educativos que seguen reclamando o seu profesorado de necesidades educativas. Podería lelos todos —a intervención completa sería a lectura de todos eles—, pero vou facer mención dalgúns deles: CEIP da Gándara, de Monforte; Menéndez Pelayo, de Lugo; Ricardo Gasset, do Incio; A Ponte, de Lugo; Casás, de Lugo; Luís Pimentel, de Lugo; Covas,



de Viveiro; Outeiro das Penas; Santa Mariña, de Redondela; San Pedro de Cesantes; Igrexa de Chapela; Curros Enríquez; Atalaya e Fóra, de Fisterra; Brigantium, de Betanzos; O Facho, de Muxía; Areouta, de Sardiñeiro; Xaviña, de Camariñas; Labarta Pose, de Zas; o CPI de Zas; o CEIP Praia de Quenxe, de Corcubión; o IES Lamas de Castelo, de Carnota; o CEIP Virxe da Barca; A Carballeira, do CRA de Ponte da Pedra; [...] de Mazaricos; O Rabecho, do Pindo; CEIP Francisco Vales Villamartín; CPI Pecalama, en Tordoia; CPI de Vedra; CEIP A Igrexa-Calo, de Teo; CEIP Monte dos Postes, en Santiago; CEIP Ana María Diéguez de Asados; CEIP Raíña Fabiola; Colexio Marquesa do Pazo da Mercé; Antonio Branco, en Covelo; A Lagoa, en Salvaterra e Campolongo, en Pontevedra... E así poderíamos seguir nun senfín de peticións.

Pero hoxe, xa que as nosas palabras non serven e as reivindicacións da comunidade educativa tampouco, vanme permitir que lle poña voz a unha reivindicación que fixo un alumno, un rapaz novo, hai escasos días, hai escasas semanas, nun medio de comunicación. (O deputado Aitor Bouza Manso mostra un documento cunha imaxe.) Este rapaz é Manuel Dorado González, e di: *«Cada persona es como es, hai quien nace más alto o más bajo, más gordito o más flaco. Yo siempre voy a ser así, siempre voy a tener Asperger. Me pasé muchos años sintiéndome mal por como era. No me gustaba mi persona, no me gustaba ser autista, pensaba que era algo malo. Me cuestioné durante muchos años pensando en la putada que era tener Asperger, pero llegó un punto en el que entendí que no tenía que ser como los demás. He querido cambiar, eliminar muchas cosas, lloré mucho y me sentí muy mal. Y, claro, ¿como para no tener ansiedad? Por mi, porque pasé muchos años odiándome. Tardé mucho en salir del armario del autismo, estuve muchos años yendo a terapias por situaciones que me agobiaban, cuando los que deberían pasar por ahí eran los que me estaban vacilando. Me di cuenta de que lo que tendría que cambiar es el mundo, no yo. No te voy a mentir: si todos son círculos, yo quería ser un círculo, pero a lo mejor es más bonito y destacar siendo un cuadrado, siendo diferente.»* E remataba: *«La gente suele pensar que estamos mejor solos, y eso no puede estar más lejos de la realidad. Creer que estamos mejor solos en nuestra habitación, aislados, es un error, yo hay veces que sufro por eso»*. (Aplausos.)

¿De verdade que queremos que todos estes rapaces e rapazas que teñen algún tipo de necesidade estean absolutamente illados? Eu estou convencido de que ningunha señoría dos que estamos neste hemicycle quere iso. Polo tanto, o que temos que facer é dotar dos medios, dos recursos humanos e materiais, para que todas estas persoas poidan ter realmente unha educación inclusiva integrada, unha educación de calidade para todos e para todas. escoitémos a eles. Se non lles serve o que di a comunidade educativa, se non lles di nada o que din todos eses pais e nais e as concentracións que fan, se non lles vale o que dicimos dende a oposición, polo menos escoiten todos eses nenos e nenas, que realmente necesitan todo ese profesorado. Escóitenos, porque cando se aprobe esta iniciativa hoxe aquí para avaliar as necesidades, non será en beneficio da oposición deste Parlamento; será en beneficio de todo ese alumnado, que necesita que os seus valores —realmente, os de cada un de nós— se poidan ver plasmados na educación de calidade que, polo menos nós, si defendemos. Por iso traemos de novo esta iniciativa aquí —e traerémola as veces que faga falta— para que todo o alumnado que necesita un profesorado que atenda as súas necesidades o teña. Iso é o que hoxe reivindicamos aquí.

Grazas. (Aplausos.)



O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Fernández Davila.

MARÍA CRISTINA FERNÁNDEZ DAVILA: Grazas.

«A escola é como un hospital que cura os sans e rexeita os enfermos e enfermas» é unha frase de Lorenzo Milani, escritor e educador italiano que foi autor de numerosos textos críticos contra a escola do seu tempo, a mediados do século XX. Case cen anos despois, a situación mudou, certamente, pero non o que cabía esperar, tras acordos e normativas aprobados a nivel internacional, estatal e galego. A escola actual intenta ser máis amable e inclusiva, pero hai quen pensa que iso é excesivo e pretende voltar ao pasado.

Hoxe en día o rexeitamento aos nenos e nenas con necesidades educativas é menor —certo—, pero existe unha lexislación sólida para que tamén exista unha total inclusión. Entón, ¿por que esta non é unha realidade? Segundo a Convención dos dereitos das nenas e nenos, debe haber unha escola gratuíta e universal para todas e para todos. A escola nace, pois, para ofrecer igualdade de oportunidades e desenvolver a personalidade das nenas e dos nenos, as súas aptitudes e capacidades. Esta debe ser, entón, a definición da Educación —con maiúscula—, que involucra a familia e tamén a escola.

Fronte a esta teoría, que é defendida polos profesionais do ensino, atopámonos coa crúa realidade de impoñer coñecementos e de traballar en programas que non se axustan aos intereses nin á curiosidade do alumnado. Estes programas non se poden personalizar e aínda menos adaptar ás nenas, nenos e adolescentes con diversidade ou necesidades educativas. Nos últimos dezasete anos o Partido Popular na Xunta de Galiza encargouse de tomar dúas decisións que explican a nefasta situación na que se atopa actualmente o alumnado con diversidade. A primeira sería reducir o cadro de persoal docente galego con base en non substituír as xubilacións que se ían producindo e, ademais, non convocar as prazas vacantes con procedementos selectivos. A segunda sería non cumprir a normativa vixente de diversidade, obviando os informes médicos e de Orientación do alumnado con necesidades educativas; é dicir, non cubrindo as prazas que estes nenos e nenas necesitaban.

Malia isto, o PP, o partido da propaganda da Xunta de Galiza, gábase de ter a porcentaxe máis alta do Estado con respecto á inclusión. Esta afirmación só é entendible se a Consellería se adica a contar as cadeiras ocupadas nos centros ordinarios con alumnado con diversidade que non está a recibir os apoios e os reforzos que precisa; tan só están aparcados nun espazo que si debiera ser inclusivo.

Para o Partido Popular, o ensino tan só é unha cuestión numérica de gasto, de referirse a cadros de persoal ou a catálogos —cando así lle interesa— e de aforrar investimentos no ensino público todo o posible ata chegar a esquilar recursos deste alumnado que máis o precisa. Por moito que vostedes, señorías do Partido Popular, intenten xustificar esta situación, a realidade é teimuda e empéñase en demostrar que estas nenas e estes nenos e adolescentes máis vulnerables están sendo desposados dos seus dereitos, como do dereito a



unha atención de calidade personalizada para poder avanzar ao mesmo ritmo que o resto dos compañeiros e compañeiras da súa aula.

E dígolles que a realidade é teimuda porque non hai un só día en que non haxa denuncias nos xornais nas que as ANPA, as direccións dos centros e o profesorado demanden os recursos que necesitan e que lles están sendo denegados desde as direccións territoriais e a mesma consellería. Podemos ver titulares desta mesma fin de semana: «En pé de guerra polos recortes de profesorado no CEP Campolongo. Educación responde que o colexio ten a dotación de docentes que necesita para os seus 429 nenos matriculados» —seguro que aquí non fala dos nenos con necesidades—. «A FANPA e o BNG piden máis recursos para atender a diversidade nas aulas» —isto refírese a todas as ANPA de centros educativos da provincia de Pontevedra—. «Encerro no CRA Ponte da Pedra: acto reivindicativo para exixir a Educación que atenda as demandas de mellora que levan pedindo desde comezos de curso» —e un exemplo é o do CEIP Monte dos Postes, aquí, en Santiago, que participou nestes peches organizados—. Mesmo a Confederación Anpas Galegas, á que se refería o portavoz do Partido Socialista, enviou á Consellería unha listaxe de todos os centros nos que a eles lles consta que as súas reclamacións foron públicas, pero, ben, isto simplemente é a punta do iceberg. ¿Que pasa?, ¿non imos contabilizar todos aqueles centros educativos que levan reclamando eses efectivos que tanta falta lles fan desde principios de curso —levan cinco meses con esas reclamacións e non saíron nos medios de comunicación—?

Agora escúdanse vostedes en que todo o profesorado debe ocuparse da atención destes nenos e nenas con diversidade. Agora todos os profesores deben facelo. ¿É que agora este alumnado pode atenderse de calquera xeito, como se fosen mobles? ¿Non fan falta especialistas con formación debida, cos recursos axeitados e con vocación do seu coidado e impulso? Seguro que o señor conselleiro de Educación non vai ao médico de cabeceira nin acode ao hospital ou á consulta do endócrino cando lle doe intensamente unha moa, pero seguro tamén que saca a carteira do seu peto e vai a un dentista. Este alumnado con necesidades educativas e as súas familias non teñen a oportunidade de poder acceder a centros privados por varios motivos: primeiro, porque o sector privado non quere este tipo de alumnado —que dá máis traballo e non compensa, claro, e tamén, igual, polo custo que lles vai ocasionar ás súas familias, non o poden asumir—, e, segundo, porque os recursos están na pública, ¡claro!, se o Partido Popular na Xunta non está empeñado en suprimir as especialistas e as coidadoras necesarias para que estas cativas e rapazas poidan avanzar.

Quero ler un comentario dunha nai sobre a escolarización da súa filla, que este ano cambiou de etapa e está matriculada en primeiro da ESO: «En infantil e primaria, a miña filla tiña os seus informes médicos e de Orientación do CEIP onde estivo nestas etapas. A súa situación non mudou en todo este tempo. Máis ben, se mudou, foi a peor, e, polo tanto, as implicadas sabían perfectamente que ía necesitar dunha atención preferente e dunha coidadora todos os anos. Non entendo por que, en canto presentei a solicitude para reservar praza no centro de secundaria, todo foron excusas e problemas para derivar en non conceder os recursos que levaba nove anos usando». Non llos concederon... ¿Así que unha alumna TEA deixa de selo cando cambia de etapa? ¿Por cambiar de curso vai deixar de precisar atención específica? Non, para nada. É algo que a este Goberno do Partido Popular non lle entra na cabeza; haberá que preguntarse por que. Todas as profesionais do ensino recoñecen o avance tan importante



a nivel persoal e educativo que se produce naquel alumnado que pode dispoñer dos especialistas en Pedagogía Terapéutica ou Audición e Linguaxe e dos seus informes, pero, grazas ás políticas empregadas pola Xunta de Galiza, iso acontece cada vez menos. Están vostedes a negarlle a este alumnado uns recursos, e isto lévao á frustración, ao desánimo e, por último, ao abandono escolar temperán.

O Partido Popular na Xunta de Galiza leva nin máis nin menos que dezasete anos decidindo non asignar máis recursos ao ensino público e deixando atrás moito alumnado con nomes e apelidos e informes para dotalo dos apoios e reforzos precisos. Pero, iso si, non reducen o investimento en centros privados, que xa non teñen razón de ser en moitos concellos por existir oferta suficiente no ensino público. Como sempre, o Partido Popular ponse ao carón do sector privado e do negocio mentres publicita a inclusión e a excelencia; son especialistas en mentir, en enganar e en desviar a atención para ocultar as súas mañas.

Así que o BNG hoxe vai apoiar a proposta do Partido Socialista, pero insta este Goberno do Partido Popular na Xunta a que envíe de inmediato os efectivos solicitados polos centros, cubra con urxencia todas as vacantes de docentes especialistas e coidadores de xeito estable mediante procesos selectivos e faga públicos os datos dos cadros de persoal, catálogos e matrículas do alumnado con necesidades educativas en todos os centros escolares para non ter así que falar de todas esas mobilizacións que a Xunta de Galiza está a obrigar a facer ao profesorado e ás familias para non seguir perdendo dereitos.

Grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Santamaría González.

RAÚL SANTAMARÍA GONZÁLEZ: Grazas, presidente.

Señorías, dous meses e sete días. Esa é exactamente a cantidade de tempo que tardou o Partido Socialista en volver traer a esta Cámara unha iniciativa idéntica e que xa foi debatida no pleno do 3 de decembro. Como digo, hai dous meses e sete días.

Señorías do Partido Socialista, sabemos que o traballo constante e rigoroso non é, precisamente, a súa marca da casa. Sabemos tamén onde teñen posta, en realidade, a súa atención ultimamente, como pode ser no que poidan dicir exmembros do seu partido dende o cárcere, en intentar defenderse de graves acusacións de acosos sexuais ou laborais, en asinar pactos vergoñentos como o da Deputación de Lugo, en enganar os pensionistas ou en lamentarse, elección tras elección, dos resultados nefastos dun partido que perde cada vez máis confianza da xente. (Aplausos.) Por respecto a esta Cámara, ás institucións e, sobre todo, aos seus propios votantes, pídolles que tomen en serio o seu labor e deixen de xogar cun asunto tan importante como é o ensino e a educación galegos.

Miren, eu son unha persoa nova e aínda creo no valor de dar un voto de confianza. Quero pensar que isto non é só falta de traballo, senón que quizais é falta de ideas. Así que, con



espírito construtivo —créanme—, permítanme botarlles unha man. Poden coller unha folla ou un caderno, como lles digo aos meus alumnos, e poden tomar nota: a liberalización da AP-9, promesa do señor Besteiro, aínda a estamos esperando; na situación precaria e indigna do noso sistema ferroviario, temos que escoitar o ministro de Transportes dicir que estamos no mellor momento do sistema ferroviario —é dicir, o ben que o fai e o bo que é el persoalmente—; ou a urxente necesidade de formar máis médicos de atención primaria. Señor Bouza, xa que a vostede tanto lle gusta gravar vídeos e sacar fotos nas portas dos hospitais, eu espero con ansia esa foto na porta da ministra de Sanidade. (*Aplausos.*)

Podería continuar, pero, para comezar, vexo que non tomaron nota —non sei se é que todo foi moi rápido; se queren, podo ir un pouquiño máis lento—, pero creo que chega, e agora tócalles a vostedes facer os deberes. Espero sinceramente que nos vindeiros plenos volvan aquí con propostas de verdade e co traballo feito.

Xa que volven traer esta iniciativa, aínda que xa llelo expuxo a miña compañeira Cecilia —por certo, non puido ser máis clara—, vou intentalo eu, a ver se desta vez o queren entender. Non podemos apoiar unha iniciativa que está cargada de manipulacións e mentiras. Din que os centros galegos superan as *ratios*. Señor Bouza, dicir isto é ter a cara moi dura, porque vostede sabe de sobra que as *ratios* están reguladas por lei. Non só iso; non é que non se superen as *ratios* en Galicia, senón que Galicia, de xeito voluntario, as reduce ata os 20 alumnos. (*Aplausos.*) Temos as mellores *ratios* alumno-profesor de España, o número de prazas ofertado é moi superior á demanda existente e cada ano séguense convocando novas prazas de profesorado, a pesar de que o número de alumnos e alumnas é menor.

Din tamén que temos PT e AL claramente insuficientes, pero hai cinco mil profesionais adicados á atención á diversidade, o dobre que cando gobernaban vostedes —o Bipartito, tanto o BNG como o Partido Socialista—. ¿Que hai máis necesidades? Por suposto, pero aí están os datos; duplicouse o número. Ademais, ante esta próxima convocatoria de oposicións, eu, cando saíron estas noticias nas últimas semanas, dixen: bueno, retirarán a moción, xa que a presentaron hai dous meses, e sobre todo cos anuncios que hai. Anunciou o conselleiro de Educación a nova convocatoria de prazas para as oposicións, e a segunda área con máis prazas é a atención á diversidade. Claro, esa é a aposta da Xunta de Galicia pola atención á diversidade. E, como saben —si, señoría do BNG—, a atención á diversidade non é cousa só dos PT e dos AL, senón que é cousa de todo o profesorado. E hoxe podemos dicir que temos máis docentes ca nunca, a pesar de ter 20.000 alumnos menos. (*Aplausos.*)

Din tamén que a inclusión non é real. Outra falsidade máis á que nos ten acostumados o señor Bouza. Dicir frases como estas, que parece que soan ben ou que apoian o estudantado, non serven de nada se non existe rigor cos datos. Unha cousa é facer políticas educativas e outra moi distinta —e permítame que lle diga, lamentable— é facer política coa educación, e máis aínda nun ámbito tan importante como é a inclusión.

Para o Partido Popular e para a Xunta de Galicia, a inclusión si é unha prioridade. Non é casualidade que sexamos a comunidade máis inclusiva de España, co 93,3 por cento —ese dato que tanto lle doe—, pero é o dato real, mentres que a media española é do 85,2 por cento. Aquí xa sei que vostede di —e tamén o dixo agora a voceira do BNG— que iso non demostra



nada máis que que o alumnado pois está nas aulas, non que está atendido. Pero a realidade é que si o está.

E iso, ¿grazas a que é posible? É grazas ao número de docentes que hai no sistema educativo galego; grazas tamén ás políticas pioneiras da Xunta, como a ponderación por dous ou por tres segundo as necesidades do alumnado — cousa que non pasa noutra comunidade de España —; e tampouco é casualidade a gran capacidade de detección do noso sistema educativo, no que acadamos o 5 por cento fronte ao 3,6 por cento estatal; nin é casualidade que teñamos un das maiores *ratios* de alumnos por profesor nos centros de educación especial: 3,3, fronte a 5,2 estatal.

Outra falacia que reitera o PSOE, e que por iso non deixa de ser falsa, é que a Xunta de Galicia non actualiza os catálogos. Como xa se apuntou en diversas ocasións, os catálogos foron feitos polo BNG e polo Partido Socialista no Bipartito cando había máis alumnos e había menos profesores. Claro, quero dicir, aínda así — para ver se o PSOE se entera dunha vez —, pois que hoxe temos preto de 700 profesionais de PT e AL por riba do catálogo. Hoxe non hai unha soa medida concreta con rigor por parte do Goberno central en materia educativa. Todas as que están en marcha son postas pola Xunta de Galicia e polos gobernos autonómicos.

E, por parte do BNG, ¿que vou dicir? Miren, señorías do BNG, eu sei que lles dá a risa cando lles dicimos que son os do «non» ou que están á orde da UPG, pero é que a realidade é esa. Tanto o BNG como a CIG están baixo o mesmo mando. Acordos asinados con todos os sindicatos para reducir as *ratios*, iso si, salvo a CIG. Acábase de asinar un acordo con todos os sindicatos para reducir as horas lectivas de mestres de bacharelato. ¿Quen non estaba na firma? A CIG. E seguen co mantra da privatización, cando foi o Goberno do Bipartito o que acadou máis concertos coa ensinanza privada. (*Aplausos.*) Claro, é que chegan aquí, queren enganar todos os pais, as nais, o alumnado, pero xa non os cre ninguén; por iso vostedes están aí sentados e nós estamos aquí. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Esa é a diferenza. (*Aplausos.*)

E para finalizar, señorías, ante as súas mentiras, ante o lugar no que poñen a educación galega e ante o pouco que a defenden, como deputado do Partido Popular, como galego, pero sobre todo como mestre, teño que dicir, alto e claro, que estou orgulloso do noso sistema educativo, gratuito dende os cero anos ata a universidade; orgulloso dos nosos docentes; orgulloso do noso alumnado; e, si, orgulloso das políticas educativas que fai a Xunta de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Bouza.

AITOR BOUZA MANSO: Mire, señor Santamaría, de mestre a mestre... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Gústalles? Alégrome. Agora, a ver se se subscriben tamén vostedes ao



meu canal, como o señor Santamaría, para ver os vídeos e a ver se así polo menos a Xunta de Galicia comeza a facer algo polos dereitos da cidadanía.

Alégrome moito de que vexa todos os vídeos reivindicativos, pero alégrome moito máis de que hoxe veña aquí falar do traballo parlamentario do Grupo Socialista. ¿Sabe por que me alegre? Porque que vostede veña aquí dicir e criticar a falta de traballo dun grupo parlamentario, cando vostede no que leva de lexislatura leva vinte iniciativas presentadas, a verdade é que ten tela, *(Aplausos.)* señor Santamaría. Non veña aquí dar leccións unha persoa que durante todo este tempo, dous anos, leva vinte iniciativas. Pero, señor Santamaría, para criticar o traballo do resto, hai que mirar o seu, hai que mirarse ao espello. Non pode vir aquí dicir esas cousas cando, ademais, os propios argumentos que se están aquí a reivindicar xa foron rebatidos, manidos.

E, á parte, ¿que é o que lle parece a vostede mal? ¿Que pidamos unha avaliación? ¿Que pidamos máis profesorado? Pero, ¿parécelle mal iso? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡É que non entendo que é o que lle parece mal ao Partido Popular! ¿Que lle parece? ¿Que debatamos, porque traemos a iniciativa, que o pidamos, que reivindicemos o que piden as familias?

Eu tamén estou moi orgulloso de todo o profesorado que fai o seu traballo en Galicia. Do que non estou orgulloso é de todas as trabas que pon a Xunta de Galicia a todo ese profesorado que realmente non pode facer o seu traballo en condicións; a todo ese alumnado que non ten o profesorado que precisa, porque o 93 por cento é de inclusión, non de integración. Anote, como vostede dicía, anote a diferenza; inclusión, integración. Repítollo: inclusión, integración. *(Aplausos.)* Precisamos integrar todo o alumnado, non só incluílo, non só levar un alumno con necesidades a un centro educativo. O que necesitamos é que se sinta integrado, que poida sentir que realmente segue a docencia e que ademais o resto de compañeiros e compañeiras o poidan acompañar. Iso é integración, señor Santamaría.

Tome nota tamén do propio concepto. Creo que xa o dixemos moitas ocasións, pero, como realmente vostede aquí non presentou ningunha iniciativa en materia educativa, aínda que moito orgullo ten da educación, hoxe podemos debater desta cuestión, porque o Partido Socialista o trouxo a debate. Si, dous meses despois, e farémolo a semana que vén, e a seguinte máis. ¿Por que? Porque estamos ao carón de todas esas persoas que si precisan, si precisan das políticas públicas, porque non poden pagar un servizo privado. Esa é a diferenza entre o que vostedes están defendendo e o que nós defendemos: que cada alumno e cada alumna que precise da educación pública realmente poida ter en condicións de calidade. Esa é a diferenza.

E mire, para rematar, voulle dicir unha cousa... *(O deputado Aitor Bouza Manso diríxese ao presidente.)* Señor presidente, eu de verdade que lle agradecería que, xa que eu mantiven o silencio, as señorías do PP, polo menos, me deixen rematar a miña intervención sen ter que estar permanentemente escoitando as propias intervencións, porque despois interpelamos e aínda lle dará o turno de tres minutos.

Ben, remato. Dicía que vostede falaba de anuncios. *(Murmurios.)* Para anuncios os que fixo *(O deputado Aitor Bouza Manso amosa un documento.)* o señor Rueda. ¿Onde están as desgra-



vacións para todo o material escolar? Agora a Xunta de Galicia rectifica, agora a Xunta de Galicia rectifica, pero non nos vale con que o señor Rueda no día de onte diga: pois si, equivocámonos, imos intentar ver como facemos para todas esas familias ás que se lles prometeu a desgravación de material escolar. Diso vostede hoxe non dixo nada. ¿Está orgulloso desa medida do Partido Popular, que se lles ocultase a todas as familias que non podían pagar en efectivo e que agora non van poder facer esa desgravación fiscal? ¿Que ten vostede que dicir a iso? A día de hoxe, o señor Rueda o que ten que facer é menos anuncios e máis compromisos (*O deputado Aitor Bouza Manso amosa un documento.*) con todas esas familias, que o que necesitan é que as políticas públicas sexan reais e non soamente un anuncio dun día do debate do estado da Autonomía ou dunha rolda de prensa despois dun Consello da Xunta.

Grazas, presidente. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Pouco ruído había, ¡eh! Eu escoitei pouco ruído, pero, ben, ao mellor é problema de oído tamén. (*Murmurios.*)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa dos deputados Iago Suárez Fernández e Ramón Tomás Fernández Alfonso, sobre a planificación que debe desenvolver a Xunta de Galicia antes da fin do actual período de sesións destinada a combater a emigración xuvenil

O PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición, ten a palabra o señor Iago Suárez.

IAGO SUÁREZ FERNÁNDEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi boa tarde.

Como xa estamos acabando esta sesión plenaria neste día, martes, e xa estamos a altas horas da tarde, gustaríame comezar unha intervención sobre un tema tremendamente importante, como é o da emigración xuvenil e da emigración en termos xerais, pois dunha maneira un pouco máis amena do que se adoita facer neste Parlamento, contándolles unha historia familiar, da cal eu, como persoa e como mozo, pois me sinto moi orgulloso.

(*O deputado Iago Suárez Fernández amosa unha fotografía.*) Esta persoa que lles mostro aquí é Benjamín Fernández Quintela, unha persoa nacida en Lulás no ano 1920, no concello de Carballedo, na comarca de Chantada. Entre outras cuestións, esta persoa era o meu avó. Benjamín Fernández Quintela, a pesar de non ser el unha persoa que foi emigrante —non foi emigrante na súa vida e non sufriu el mesmo as consecuencias da emigración—, si que a sufriu a nivel familiar, como practicamente calquera outra familia deste país. Sufriuno con esta persoa, (*O deputado Iago Suárez Fernández amosa unha fotografía.*) María Quintela Rodríguez, a súa nai, a miña bisavoa, que, xa de adulta e con oito fillos, tivo que verse forzada a emigrar, a deixar a súa terra, o seu país, a súa familia e os seus oito fillos para viaxar facer



unha nova vida a Bos Aires, á Arxentina, onde tivo que buscar como puido a vida de nodriza para intentar mandar algo de diñeiro para a casa, cando na miña familia pois estabamos bastante endebedados pola compra dunha propiedade, concretamente dun muíño, para poder saír adiante.

A súa idea era traballar de nodriza en Bos Aires, para o cal fai falta amamantar outros nenos e nenas. Colleu un barco alá por aquela época, con todo o que aquilo supuña: deixar atrás toda unha vida, todo unha familia e os fillos... Embarcouse cara a Bos Aires e, ao final, o barco retrasouse un mes máis do que tiña que tardar e acabou chegando sen leite a Bos Aires, de tal maneira que non puido traballar do que ela pensaba. Ao pouco tempo, enfermou e caeu na morte. Acabou morrendo alá en Bos Aires, nunca regresando á súa terra natal.

Desde aquel entón, o meu avó, Benjamín, só tiña unha cousa na cabeza, que era poder volver a Bos Aires, poder ir a Bos Aires poñerlle unhas flores na tumba á súa defunta nai, que nunca máis puidera ir. O maior desgusto da súa vida foi cando chegou a Bos Aires, chegou á Arxentina, e, despois de preguntar en varios lugares, acabou vendo e acabou descubriendo que a súa nai, por falta de medios, non puidera ser enterrada de maneira digna e que fora enterrada nunha fosa común, de tal maneira que meu avó nunca lle puido poñer unhas flores á súa defunta nai.

Esta historia que lles conto, señorías, ten unha peculiaridade: é a da miña familia, e esta historia da miña familia, por desgraza, non é nada peculiar nin única, nin especial. É unha historia como centos de miles de historias de familias deste país; a historia triste deste país, a historia de Galiza.

Por iso, desde o BNG nós volvemos traer aquí esta reivindicación, para que nunca máis, nunca máis, un mozo, unha moza, un galego, unha galega teña que facer as maletas e marchar deste país contra a súa vontade. (*Aplausos.*)

Unha historia que as nosas avoas e avós tanto loitaron por mudar para que as xeracións posteriores puidesen vivir mellor, quedar aquí, construír unha vida, ter un traballo digno, comprar unha vivenda..., en fin, todos eses soños tan difíciles de conquistar. ¿Que pensarían persoas como o meu avó se puidesen ver que as galegas e galegos seguen emigrando en pleno 2026? Non obstante, si que hai unha cousa que mudou desde entón: agora xa non é só que a xente emigre, que tamén, senón que boa parte da emigración se ceba especialmente con persoas cun alto nivel formativo, a diferenza do que acontecía hai anos.

Segundo o artigo *Emigración e fuga de cerebros en Galicia*, publicado por José Blanco e Miguel González, investigadores da Universidade de Santiago de Compostela, Galiza é un dos territorios máis afectados pola fuga de persoas con alto nivel formativo; é dicir, estamos exportando persoal cualificado, formado nas universidades públicas galegas, con diñeiro público galego, que son obrigados a desenvolver a súa vida laboral fóra de Galiza; o mellor que este país produce, o seu capital humano, especialmente capital humano mozo, ao cal as administracións non lle ofrecen alternativas para poderen construír a súa vida no seu propio país.



Segundo a Universidade de Vigo, Galicia gasta —e atención a este dato— entre 178 e 311 millóns de euros anuais en formar estudantado universitario nas universidades públicas que acaba emigrando, polo menos entre 178 e 311 millóns de euros anuais. Os números totais, publicados polo INE —que non é sospeitoso de ser unha organización nacionalista galega—, meten medo.

Desde a volta do Partido Popular á Xunta de Galiza no ano 2009, e ata 2024, último ano con datos recompilados, 487.297 persoas emigraron; é dicir, case medio millón de galegas e galegos que se viron forzados a emigrar desde a volta do Partido Popular á presidencia da Xunta de Galicia, 38 por cento das cales eran persoas menores de 35 anos de idade, con todos os problemas socioeconómicos e demográficos que isto ten, por suposto.

Evidentemente, ¿por que será? Se non tes un traballo digno ou non podes comprar unha casa, marchas; así de simple. Falouse de sanidade aquí antes. ¿Cantos profesionais sanitarios marchan traballar fóra? Non o sabemos, porque se negan a dar os datos desde o Partido Popular. Os datos que si sabemos indican que as persoas de entre 16 e 34 anos representaban en 2024 o 18 por cento da poboación galega. Non obstante, significaban o 37 por cento total dos desempregados. Desta forma, a finais de 2024, sumaban 41.100 parados, do total de 109.400. É dicir, os datos evidencian que a mocidade é unha das grandes prexudicadas da xestión das diferentes crises que se foron concatenando desde o 2008.

Neste sentido, un relatorio publicado en 2021 polo Consello Económico e Social de Galiza co título de «Informe sobre a empregabilidade da mocidade en Galiza» advertía de que, mentres o número de persoas asalariadas de 30 ou máis anos apenas variou de 2008 ao 2011 —de feito incrementouse—, neste curto período se prescindiu de unha de cada tres persoas traballadores asalariados de 16 a 29 anos. Outro relatorio publicado en 2021 polo Consello da Xuventude do Estado incidía nesta idea, afirmando que a mocidade galega nacida nos anos 2000 —a xeración Z— e a nacida na década de 1990 —xa a *millennial*— foron as xeracións que menor crecemento económico viviron durante a súa mocidade.

A diferenza salarial entre a mocidade galega e a media estatal sitúase na lóxica da sobreexplotación. Desta forma, a retribución media anual da poboación menor de 26 anos en 2024 na Galiza era de 8.649 euros —ollo a este dato—, mais esta contía situábase no Estado en 12.607 euros, unha fenda salarial enorme que representaba unha cantidade moi superior. Porén, estas cifras non rexistran un carácter conxuntural, non son froito dunha situación concreta, senón que se repiten de forma permanente en todo o ciclo histórico.

Todo isto, señorías, evidentemente, ten as súas consecuencias, e así o indica o profesor da Universidade de Santiago de Compostela Isidro Dubert, no seu artigo «Agoiros e agoireiros da morte de Galicia». As implicacións gravísimas que ten a emigración son moito máis graves que as do avellentamento. A marcha da mocidade constitúe unha notable perda demográfica para un país no que as actuais xeracións de xente nova son moi pequenas por causa do impacto combinado das diferentes emigracións ao longo dos anos.

Señorías, ¿canta xente viviría hoxe por hoxe en Galiza de non ser pola emigración? Pois o Instituto Nacional de Estatística fixo unha estimación. Galicia contaría con máis de 3,2 mi-



llóns de persoas de non ser pola emigración rexistrada desde o ano 2009, cando o PP recuperou o Goberno galego. As consecuencias da emigración xuvenil son devastadoras. Todo isto, señorías, nun país rico, tremendamente rico, cun potencial envexábel; nun país que exporta materias primas, enerxía eléctrica, produtos de primeira calidade dos nosos sectores agrogandeiro, pesqueiro, marisqueiro; un país que, a pesar de o ter todo para triunfar, exporta tamén a súa propia xente. Igual ten algo que ver que aquí se cobren os salarios máis baixos do Estado, que se cobren as pensións máis baixas do Estado ou que, a pesar de producirmos nós a luz para que en Madrid se poidan dar unha ducha quente, paguemos nós a luz máis cara de todo o Estado español. Xente empobrecida, emigrante, nun país que o ten todo para ser unha potencia.

Remato, señorías, poñéndolle un halo de esperanza. Isto pódese mudar, efectivamente, pero, para iso, hai que ter políticas interdepartamentais e integrais da Xunta de Galiza que, por agora, non vemos que sexan prioritarias para o Goberno galego. Está demostrado —así o din os datos do INE— que as súas políticas empurran a mocidade galega a marchar. Rectifiquen canto antes, porque a nosa xuventude non merece menos e porque vostedes, señorías do Partido Popular, lamentablemente, só acertan cando rectifican.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Longueira.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

A radiografía do espectro demográfico dunha sociedade revela a miúdo as características que a definen como colectivo nun tempo e nun espazo determinado. No caso da sociedade galega, esta análise vén ofrecendo dende hai anos un diagnóstico uniforme, reiterado e amplamente contrastado. Galicia é unha sociedade cunha poboación dispersa e claramente avellentada.

E, nun Estado que medra en poboación de maneira sostida, a nosa comunidade autónoma apenas consegue manter o número de habitantes arredor dos 2.700.000. Este aparente equilibrio, que podería inducir a un certo optimismo, agocha en realidade unha situación profundamente preocupante.

Galicia mantén a súa poboación grazas —como pasa en toda Europa— á crecente chegada de persoas nadas no estranxeiro, que representan xa arredor do 6,9 por cento do total, con preto de 188.000 persoas rexistradas; unha achega imprescindible pero que apenas logra compensar o saldo vexetativo claramente negativo da poboación nacida en Galicia, que diminuíu en arredor de 9.000 persoas só no ano 2025. Se a esa caída dos nacementos sumamos a saída continuada da xente moza, o diagnóstico é evidente: estamos ante unha sociedade cada vez máis carente da franxa de poboación chamada a soste-lo seu desenvolvemento económico, social e produtivo; unha debilidade estrutural que condena Galicia ao esmorecemento e ao declive progresivo se non se actúa con decisión.



Esta realidade empeza a reflectirse con claridade nun ámbito estratéxico como é o universitario. As universidades galegas, consideradas no seu conxunto, pasaron en apenas vinte anos de contar con 95.000 estudantes a ter pouco máis de 65.000, e, segundo a actual pirámide de poboación, en apenas dous anos iniciárase unha caída aínda máis acusada do número de mozos e mozas en idade de acceder aos estudos universitarios.

Por outra banda, a mocidade galega enfróntase a un escenario cada vez máis hostil para poder construír un proxecto de vida no seu propio país. Os prezos do alugueiro disparados, a vivenda inaccesible, o emprego precario e os salarios baixos conforman o que se coñece como un cóctel perfecto, que empurra miles de mozos e mozas a marchar fóra de Galicia.

Os datos son claros e non admiten interpretacións interesadas. No ano 2024, máis de 36.700 persoas abandonaron Galicia, a cifra máis alta do que vai de século, e case o 38 por cento desas persoas eran menores de 35 anos. E, se ampliamos o foco temporal desde o ano 2009, case medio millón de galegas e galegos emigraron. Isto non responde a unha elección libre na súa maioría, senón a unha emigración forzada pola falta de oportunidades. E aquí a responsabilidade política é evidente, porque quen ten as competencias en políticas activas de emprego, en vivenda e en planificación económica e territorial é a Xunta de Galicia, e o balance da súa actuación é claramente negativo.

Segundo o último estudo de UGT Galicia, Galicia está entre as comunidades con peor situación laboral para a mocidade. Temos unha das taxas de actividade xuvenil máis baixas do Estado: apenas un 47 por cento fronte a unha media estatal do 53 por cento, e estamos moi lonxe de comunidades como Cataluña, que supera o 62 por cento. Hai en Galicia algo máis de 325.000 mozos e mozas entre 16 e 29 anos, pero só 128.000 están ocupados. E isto, señorías, non é porque a mocidade non queira traballar nin porque lle falte información; é porque o mercado laboral galego non ofrece empregos estables nin salarios dignos. A precariedade cébase especialmente coa xente nova: un de cada catro mozos traballa a tempo parcial, e máis da metade desa parcialidade é involuntaria.

Se falamos de salarios, a situación é directamente escandalosa. A fenda salarial dos mozos galegos entre 25 e 34 anos supera o 20 por cento respecto ao conxunto da poboación galega e tamén é un 14 por cento inferior á dos mozos da mesma idade no resto do Estado. Falamos de persoas novas que non chegan aos 19.500 euros anuais de media, e o salario medio supera os 24.000. Con estes ingresos, señorías, non se pode vivir, non se pode emancipar un mozo, nin se pode formar unha familia.

E aquí aparece con toda a súa crueza o principal factor da expulsión da mocidade galega: a vivenda. Os datos son demoledores: o 84 por cento dos menores de 30 anos segue vivindo cos seus pais; o alugueiro pode absorber entre o 60 por cento e o 70 por cento do salario xuvenil, e nas cidades galegas é practicamente imposible atopar unha vivenda por menos de 600 euros ao mes tras as subas de prezos superiores ao 12 por cento anual. ¿E que fai a Xunta de Galicia fronte a isto? Pois mirar para outro lado e limitarse a bonos puntuais, medidas propagandísticas e anuncios sen impacto real, mentres renuncia a intervir no mercado, a aumentar o parque público de vivenda e a mobilizar a vivenda baleira.



A mocidade galega non precisa parches nin titulares; precisa, evidentemente, políticas estruturais. E por iso, desde o noso grupo, levamos tempo reclamando un plan integral de emprego xuvenil baseado nunha diagnose real do mercado laboral mozo, algo que a Xunta segue sen facer. Non se pode gobernar a golpe de programas deslavazados sen avaliación nin coordinación entre consellerías, porque as consecuencias desta inacción son gravísimas.

Xa no ano 2020, o Foro Económico de Galicia advertía de que a fuga de talento lle custa a Galicia ao redor de 300 millóns de euros ao ano. Pero non só iso; estimaban tamén que este proceso migratorio provoca 1.500 nacementos menos cada ano, o que supón un 10 por cento menos dos nacementos anuais en Galicia. Este fenómeno ten tamén un impacto directo no tecido empresarial, porque son os mozos con maior nivel formativo os que teñen máis predisposición a emprender, a innovar e a crear a actividade económica. E, mentres moitas empresas din ter dificultades para atopar man de obra cualificada, Galicia continúa perdendo capital humano formado aquí.

Os datos de emigración de universitarios son especialmente elocuentes. En 2023, marcharon de Galicia máis do dobre de titulados universitarios dos que chegaron con contrato de traballo: máis de 7.600 persoas formadas no noso sistema educativo tiveron que buscar oportunidades fóra, fronte a apenas 3.500 que viñeron. E logo sorpréndese de que falte talento, de que faltan emprendedores ou de que a economía galega non dea o salto que precisa. E non, isto non se resolve atacando o salario mínimo nin opoñéndose á redución da xornada laboral. Cada vez que sobre o SMI, ao Partido Popular dálle urticaria, pero a realidade é que, grazas ás reformas laborais do Goberno de España, mellorou de forma notable a contratación indefinida entre a mocidade, pasando de cifras residuais a cifras superiores ao 30 por cento.

O que demostran todos estes datos é claro: as políticas da Xunta en materia de emprego, vivenda e mocidade foron claramente insuficientes e non conseguiron frear nin a precariedade nin a emigración xuvenil. Reter talento é cuestión de dereitos, salarios dignos, vivenda accesible e expectativas reais de futuro, porque a mocidade galega non pide privilexios; pide oportunidades para quedar.

E, por todo iso, imos aprobar esta PNP, que esperemos que nalgún momento das nosas vidas teña efecto e sexa positiva para todos nós.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Grueira.

NICOLE GRUEIRA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señorías, ¿vostedes saben en que día estamos hoxe?, ¿saben que hora é? Porque me deu a impresión de que alguén estaba falando de décadas do pasado e que non era consciente de que estabamos na Galicia de 2026. Pero mire, son case as oito da tarde do 10 de febreiro do ano 2026, e marco a data porque escoitando esta iniciativa —como xa dixeran— parecía que



estaban falando máis ben ancorados no pasado, e non no pasado recente, non; exactamente, quizais, podería ser no 2007, un ano no que Galicia perdía poboación nova, no que marchaban máis mozos dos que viñan e no que se batía o récord histórico de saída de xente nova neste país: (*A deputada Nicole Grueira Fernández amosa un documento.*) máis de 74.000 galegos, grazas ás políticas do Bipartito, (*Aplausos.*) porque aí, no 2007, gobernaba o seu partido, señor Suárez. Por iso me resulta tamén un pouco curioso que veña vostede aquí dar leccións non sei moi ben de que, porque vostede representa un Bloque Nacionalista Galego que, cando tivo a oportunidade de gobernar, non deixou un bo legado.

Esta iniciativa —como xa dixen— non fala da Galicia do 2026; fala dunha Galicia que non existe máis que no discurso ancorado do Bloque Nacionalista Galego; un discurso negro, un discurso interesado e un discurso escuro, construído con base na pancarta, no ruído e no catastrofismo. Co cambio do Bipartito ao Partido Popular —porque así o decidiron a maioría dos galegos—, Galicia avanzou, e é hoxe un país máis atractivo para vivir, traballar e emprender. Por tanto, señorías, non poden vir aquí faltar á verdade.

Miren, vostedes apelan moito a Castelao, e creo que deben facerlle caso a Castelao. Vostedes tamén saben que Castelao era un home profundamente católico e saben que os bos católicos non menten. Polo tanto, señor Suárez, (*Aplausos.*) non veña aquí mentir, porque mentir é pecado. Non pode vir aquí dicir...

...non pode vir aquí dicir que marcha máis xente nova da que vén, porque non é verdade. Claro que hai xente que marcha, e poden marchar porque, ao mellor, queren coñecer outras culturas, aprender outros idiomas, ampliar formación, adquirir outro tipo de experiencia laboral ou vital fóra de Galicia e fóra de España. E isto non se pode criminalizar nin ver como algo negativo; iso é normal e iso vai dentro da liberdade de cada mozo e moza que elixe libremente o seu futuro. E tamén hai a realidade de que moita da xente que marchou volve ou de moita xente que vén por primeira vez. O importante é que Galicia ten que medrar, e niso está traballando o Goberno de Alfonso Rueda, que está poñendo todos os medios e todos os recursos necesarios para que aquelas persoas que veñan teñan as oportunidades e para que aquelas persoas que queiran quedar teñan as oportunidades. (*Aplausos.*)

E voulle poñer numerosos exemplos de medidas que están a funcionar e están a dar resultados positivos, como esa estratexia Galicia Retorna; o programa Retorna, Cualifica, Emprego; o programa Galicia Emprega Mozos, ou as bolsas de excelencia no exterior.

Se falamos de vivenda, tamén o Goberno galego sabe que a vivenda é un problema para moitos mozos e mozas e, polo tanto, está a traballar nese sentido, impulsando medidas importantes que van facilitar a emancipación da xuventude, como, por exemplo, o bono Emancípate. Digo isto porque, a partir deste venres, os mozos galegos van poder solicitar unha medida pioneira e tan fundamental como é este bono, que lles vai axudar a cubrir eses primeiros gastos de emancipación. Tamén, a educación galega —creo que o deixou bastante claro o meu compañeiro Santamaría— é gratuíta dende que inicias ata que acabas a universidade.

Estas medidas son o reflexo do compromiso real do Goberno galego coa xuventude. Son oportunidades para mozos e mozas e, sobre todo, son políticas útiles que dan resultados po-



sitivos. E voulle dar datos que non son inventados e que tampouco collín do CIS de Tezanos, porque vostede parece que si que acudiu ao CIS de Tezanos para traer estes datos totalmente falsos. (*Aplausos.*) Son cifras, as que lle vou relatar, que acreditan o Instituto Galego de Estatística e o INE e que evidencian que no 2024 o saldo migratorio de Galicia foi claramente positivo. Explícolle.

Mire, en primeiro lugar, preto de 8.500 galegos retornaron dende o exterior. Marcharon 16.460, si, pero viñeron tamén 44.190 persoas que procedían tamén do exterior. Polo tanto, atopámonos —se facemos ben as contas— cun saldo migratorio positivo. Se falamos de mobilidade entre comunidades tamén o resultado é positivo: marcharon menos das que chegaron, e, polo tanto, o saldo é positivo. En definitiva, 67.000 persoas escolleron Galicia para vivir e para desenvolver aquí o seu proxecto vital. Polo tanto, estes datos que lle acabo de relatar —e son datos reais— desmenten o discurso que acaba de relatar aquí mesmo.

Son cifras que non son casualidade dun ano concreto,. Dende que goberna o Partido Popular, dende 2009, chegaron a Galicia máis de 160.000 persoas, deixando e poñendo en lugar un saldo migratorio positivo. Este é o resultado de políticas públicas serias, de políticas públicas planificadas e sostidas no tempo (*Aplausos.*) que permiten que Galicia supere os 2,7 millóns de habitantes. Son cifras que eu sei que ao BNG non lle gustan e que pretende ocultar, pero a realidade é a que podedes ver.

E, xa que estamos falando de mocidade, de problemas da mocidade, a min gustaríame saber que opina o Bloque Nacionalista Galego (*A deputada Nicole Grueira Fernández amosa un documento.*) de que «la OCDE alerta de que la vida de los jóvenes en España es peor que en la Unión Europea». ¿Que opina disto, señor Suárez? Porque isto si que é un problema, e é por culpa do Goberno de Pedro Sánchez, o goberno que vostedes apoian incondicionalmente en Madrid. Ademais, (*A deputada Nicole Grueira Fernández amosa un documento.*) voulle relatar máis noticias aquí: «Una generación atrapada en la precariedad: 2,5 millones de jóvenes españoles sufren pobreza o exclusión». Este é o resultado do Goberno que vostedes apoian, (*Aplausos.*) porque en Madrid non din absolutamente nada, pero en Galicia non se cansan de facer ruído. Está claro que o BNG, se ten que escoller entre Galicia e Pedro Sánchez, todos sabemos a quen escolle: a Pedro Sánchez. E, logo, tamén sabemos que vén aquí dar leccións do que hai que facer.

Mire, señor Suárez, permítanme un breve consello: menos pancartas e menos empapelar calles ou espazos públicos, e máis responsabilidade. Menos relatos falsos para matar datos verdadeiros, e menos ruído, e máis coherencia.

E, xa que estou falando aquí de pancartas, tamén quero aproveitar para ver se vostede na súa quenda, na súa segunda quenda, pode condenar os actos vandálicos que sufriron as sedes do Partido Popular e tamén o acto vandálico que sufriu o meu compañeiro de Novas Xeracións na súa empresa privada, porque lle empapelaron a súa academia, onde traballa. (*Aplausos.*) Se vostede cre nunha política respectuosa, democrática e legal, sexa valente, suba a este escano e condene eses actos vandálicos.

E, xa para ir rematando, quero deixar claro unha cousa e desmentir o mantra co que sempre está o BNG. Galicia non expulsa a súa xuventude; Galicia coida e goberna o seu futuro. Esa



é a senda na que estamos traballando o Partido Popular, e imos seguir traballando, por moito que a vostedes lles pese.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Suárez.

IAGO SUÁREZ FERNÁNDEZ: Moitas grazas, presidente.

Imos ver. Díxome a señor Grueira que eu estou ancorado no pasado por contar unha historia familiar, entendo, ¿non? *(Murmurios.)* Ah, estou ancorado no pasado polos datos, ¿non? Estou ancorado no pasado, dixo a señora Grueira, e, inmediatamente, falou do Bipartito, ¡cando ela practicamente nin nacera! *(Aplausos.)* ¿E iso non é estar ancorado no pasado? Estamos ancorados no pasado os demais, claro. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, os datos. *(Aplausos.)* ¡Pero se falou de datos do Bipartito! ¿E iso non é estar ancorado no pasado? Pero se pasou no 2006, no 2009..., que eu estaba vendo Son Gokū e estaba tomando Cola Cao. ¿E iso non son datos do pasado? Home, por favor, señores, eu non.... *(Protestas.)* Eh, ¡silencio, por favor, por favor! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Hai que escoitar, hai que escoitar a xente cun pouco de respecto, cun pouco de respecto...

O PRESIDENTE: Tranquilos.

IAGO SUÁREZ FERNÁNDEZ: ¡Pero imos ver! Estean en silencio e escoiten as intervencións dos demais. Aínda por riba, póñense nas patas de atrás. *(Risos.)* *(Protestas.)* ¡É que isto é increíble, isto é impresionante!

O PRESIDENTE: Calma, estamos rematando, por favor.

IAGO SUÁREZ FERNÁNDEZ: Os católicos non interrompen. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O PRESIDENTE: ¡Veña, silencio, por favor! Un pouco de respecto a quen está no uso da palabra. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Silencio. Veña, adiante.

IAGO SUÁREZ FERNÁNDEZ: Non lles gusta respectar a quen está no uso da palabra, presidente, ese é o problema. Ás veces, non o respectan nin a vostede, incluso, así que imaxínese.

O PRESIDENTE: Bueno, non se preocupe por min; preocúpese por vostede. *(Risos.)* Por min no se preocupe, diso xa me encargo eu. Vostede vaia ao seu. *(Balbordo.)*

IAGO SUÁREZ FERNÁNDEZ: Deféndase, deféndase.

O PRESIDENTE: ¡Exactamente! Ti non te preocupes do meu, vai ao teu.



IAGO SUÁREZ FERNÁNDEZ: Vostede é o presidente desta institución; moi honrosa institución esta. (*Balbordo.*)

O PRESIDENTE: Vale, vale; veña.

IAGO SUÁREZ FERNÁNDEZ: Non coñezo eu os datos de mentiras ditas por católicos. Igual, o señor Ferro pódenos mostrar algo de luz a respecto de se os católicos menten ou non; eu creo que hai máis dun católico que si que mente.

En fin, señora Grueira, ¿vostede como cre que lle podemos poñer freo a isto? Porque está claro que vostede recoñeceu que os galegos e galegas, especialmente os mozos, emigran. Si que é certo que segue emigrando a xente nun país rico. Entón, ¿como cre que lle podemos poñer solución a isto? ¿A golpe de bonos?, ¿ou a golpe de políticas integrais interdepartamentais que realmente visen mellorar a situación?

¡Despois dime que recollín datos do CIS de Tezanos! Non, señora. Collín datos do INE, que son dúas institucións diferentes. Díxome que eran datos falsos, e son os datos do INE. Como se o INE fose, ¡non sei!, un instituto nacionalista galego. Para nada. Son datos do INE que din que, dende o 2009 ao ano 2024, que é o último ano con datos recompilados, medio millón de galegas e galegos emigraron deste país, medio millón. Entón, non sei, se a vostedes lles cae mal Tezanos... A min tampouco é que me caia particularmente ben, porque non o coñezo, pero os datos son do INE, do Instituto Nacional de Estadística, que non é sospeitoso de ser un contubernio nacionalista e social-comunista galego, para nada. Entón, en fin, non sei, verá vostede o que di.

E, despois, falou —como non— vostede da estratexia Galicia Retorna. Vostedes din constantemente que, grazas a esa estratexia, volveron a Galicia 50.000 persoas que emigraran. Eu non sei de onde sacan vostedes ese dato, porque ese dato, a todas luces, é inventado. Non se basea en ningunha fonte fidedigna; polo menos, non se coñece ningunha fonte. Voulles ler rapidamente algunhas das medidas concretas que aparecen nese plan: continuar facilitando información —esa é unha medida concreta do plan, ollo—; facilitar o coñecemento da realidade galega; informar as futuras persoas retornadas galegas das medidas concretas desta estratexia. Esas son as medidas concretas recollidas nese plan, que, dende logo, se ve claramente o mal que funciona para as galegas e galegos.

E, xa para finalizar, señor presidente, pídeme vostede que condene actos vandálicos e demais. En fin, señor Grueira, unha por outra. Propóñolle un trato: condenamos actos vandálicos se vostedes condenan os actos vandálicos de certas deputadas deste Parlamento en Cangas e en Moaña que tildaron de fascistas e de antidemocráticos os gobernos democraticamente elixidos de Cangas e de Moaña. ¡Iso si que é vandalismo! Montar o pifostio que montaron na Mancomunidad de concellos do Morrazo. ¡Iso si que é vandalismo e non o que vostedes din! (*Aplausos.*)

Así que, señorías...,

O PRESIDENTE: Grazas.



IAGO SUÁREZ FERNÁNDEZ: ...de novo, déixense de actos vandálicos verdadeiros, rectifiquen nas súas políticas para a mocidade e cambien a súa actitude, porque así non imos a ningún lado. (*Aplausos.*)


O PRESIDENTE: Grazas.

Suspendemos a sesión ata mañá ás 10 da mañá.

Boa noite xa.

Suspéndese a sesión ás sete e cincuenta e sete minutos do serán.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

